

Lingua e Idade

III Xornadas sobre Lingua e Usos

Edición a cargo de Iván Méndez López e Amelia Sánchez Pérez,
do Servizo de Normalización Lingüística da UDC

A Coruña 2007

Servizo de Normalización Lingüística
Servizo de Publicacións

Universidade da Coruña

Lingua e Idade. III Xornadas sobre Lingua e Usos
Edición a cargo de Iván Méndez López, Amelia Sánchez Pérez.
A Coruña, 2007
Universidade da Coruña
Servizo de Normalización Lingüística, Servizo de Publicacións
Entidades colaboradoras: Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia; Deputación da Coruña
Cursos_Congresos_Simposios, nº. 86

184 páxinas.
17 x 24 cm.
Índice: páxinas 5-6

ISBN: 978-84-9749-236-2
Depósito legal: C 667 - 2007

Materia: 80: Lingüística, Filoloxía. 806.99: Lingua galega

Edición:

Méndez López, Iván
Sánchez Pérez, Amelia
Servizo de Normalización Lingüística, Servizo de Publicacións,
<http://www.udc.es/publicaciones>
<http://www.udc.es/snl>

©Universidade da Coruña

Distribución:

Galicia: CONSORCIO EDITORIAL GALEGO. Estrada da Estación 70-A,
36818, A Portela. Redondela (Pontevedra). Tel. 986 405 051.
Fax: 986 404 935. Correo electrónico: pedimentos@coegal.com

España: BREOGÁN. C/ Lanuza, 11. 28022, Madrid. Tel. 91 725 90 72.
Fax: 91 713 06 31. Correo electrónico: webmaster@breogan.org.
Web: <http://www.breogan.org>

Deseño da cuberta: Julia Núñez Calo
Imprime: Lugami Artes Gráficas

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso previo e por escrito das persoas titulares do copyright.

Índice

Limiar dos editores	7
Presentación da vicerreitora de Organización Académica	9
Presentación do director do Servizo de Normalización Lingüística	11
<i>IDADE E COMPORTAMENTOS (SOCIO)LINGÜÍSTICOS NA GALICIA ACTUAL.</i> ANXO LORENZO SUÁREZ	13
<i>A LINGUA GALEGA NAS ETAPAS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.</i> BIEITO SILVA VALDIVIA	41
<i>A LINGUA NOS DIFERENTES NIVEIS EDUCATIVOS. O ENSINO SECUNDA- RIO.</i> XOÁN COSTA CASAS	53
<i>A LINGUA NOS DIFERENTES NIVEIS EDUCATIVOS. O ENSINO UNIVERSI- TARIO.</i> GORETTI SANMARTÍN REI	61
<i>IDADE, LINGUA E DESIGUALDADES SOCIAIS.</i> BERNARDO MAÍZ BAR	67
<i>ALGUNHAS REFLEXIÓNS SOBRE O VARIACIONISMO LINGÜÍSTICO XERACIONAL NO GALEGO.</i> XOSÉ MANUEL SÁNCHEZ REI	97
<i>PARA RECUPERARMOS OS ELOS PERDIDOS. O FACTOR ETARIO NUNCA POLÍTICA LINGÜÍSTICA CON FUTURO.</i> CARLOS MANUEL CALLÓN TORRES ..	133
<i>BANCOS DE TEMPO E SERVIZOS LINGÜÍSTICOS, NOVAS PERSPECTIVAS DE TRABALLO.</i> DANIEL ROMERO	145
<i>CANDO CHOVE E RAI A O SOL.</i> CELSO FERNÁNDEZ SANMARTÍN	159

<i>OS PRECONCEPTOS LINGÜÍSTICOS SEGUNDO A IDADE.</i> ANA IGLESIAS ÁLVAREZ	165
Anexo. Programa das xornadas	183

Limiar

OS EDITORES

O volume que agora presentamos recolle os textos que nove relatores e relatoras expuxeron durante as III Xornadas Lingua e Usos que, baixo a denominación de Lingua e Idade, tiveron lugar na Sala do Consello de Goberno da Reitoría da Universidade da Coruña durante os días 8, 9 e 10 de novembro de 2006, e que foron organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística desta universidade en colaboración coa Real Academia Galega.

Estas III Xornadas serviron como consolidación dun espazo que serve de reflexión sobre a situación sociolingüística da nosa sociedade e de escaparate sobre o que ollarmos os diferentes traballos que se están a realizar na Galiza actual nun campo de capital importancia para un pobo como é a súa lingua. Conseguirmos unha maior reflexión da sociedade sobre o noso idioma, formármola con toda a información actualizada e concretarmos campos e medidas de actuación son tres dos principais obxectivos que moven as persoas organizadoras a continuarmos cos nosa tarefa de organización destas xornadas. As inscricións e a participación activa de todas as persoas asistentes son unha boa mostra desta parte da nosa sociedade, dinámica e activa, que está a traballar desde diversos ámbitos (concellos, deputacións, administración pública, sectores privados...) a prol da normalización e a que debemos esta canle de difusión das súas inquedanzas e das súas reflexións. A súa demanda recollémola non como unha esixencia, senón co pleno coñecemento da importancia e da relevancia que este tipo de encontros teñen para procurarmos, pouco a pouco, o camiño da normalización da nosa sociedade en xeral e da universidade en particular.

Estas terceiras xornadas tiveron como tema central a idade e a súa relación coa lingua, para o que convidamos 12 persoas de diversa procedencia (universidade, ensino medio, socioloxía, administración local, animación sociocultural...) e a que agradecemos a súa entusiasta participación e implicación nelas. Esta ampla gama de procedencias volve

incidir no que xa comentamos para xornadas anteriores: o compromiso e a reflexión lingüística é unha tarefa de toda a cidadanía e multisectorial.

No seu desenvolvemento, foron nove as intervencións individuais e unha mesa redonda en que se tratou sobre a lingua nos diferentes niveis educativos. Alén das necesarias reflexións sobre o variacionismo lingüístico interxeracional e sobre os usos e mais as actitudes lingüísticas en relación á idade, estas xornadas serviron tamén para informar sobre as actuacións de dinamización que se están a levar a cabo desde a administración pública e dos proxectos en entidades culturais e privadas. Estas actas pretenden ser fieis ao espírito con que naceron estas terceiras xornadas, levaren á reflexión da persoa lectora sobre o relevante tema da Lingua e Idade e procurarmos un futuro para a nosa lingua. Ao final destas actas presentamos un anexo co programa e cos títulos das conferencias, que son o cerne dos textos que presentamos neste volume.

A organización non quere terminar esta presentación sen antes lle agradecermos a súa colaboración á Real Academia Galega, así como á Secretaría Xeral de Política Lingüística e á Deputación da Coruña, cuxo financiamento fixo posible a realización das xornadas e que este volume saia ao lume. Do mesmo xeito, queremos salientar o importantísimo, e ás veces ingrato, labor realizado por Marisol Ríos Noia nas tarefas de administración e de organización, con que se achou nada máis se incorporar da súa feliz maternidade. Igualmente temos que lle agradecer o seu traballo a Ana Isabel Martínez Fernández, que nos acompañou durante uns máis que proveitosos meses e a quen lle debemos case a totalidade do deseño destas xornadas, así como a Goretti Sanmartín Rei, que, desde a súa nova responsabilidade, sempre tivo un intre para nos prestar a súa atención e o seu apoio.

Publicamos estes textos coa intención de contribuírmos, aínda que sexa con este modesto grao de area, na construción colectiva dunha lingua viva, a «maior e máis orixinal creación colectiva dos galegos».

Presentación

ANA DOROTEA TARRÍO TOBAR

Vicerreitora de Organización Académica

Antes de rematar a apertura das III Xornadas sobre Lingua e Usos, Lingua e Idade, quixera trasladarlles o saúdo do reitor, D. José María Barja, que non pode asistir a este acto, como era o seu desexo expreso, por ter que asistir a unha reunión de traballo en Santiago.

Para a Universidade da Coruña é unha satisfacción colaborar un ano máis, e xa van tres, coa Real Academia Galega (a quen queremos felicitar a través do seu presidente polo seu centenario e polo premio Fernández Latorre, que recibiu onte) na organización dunhas xornadas que serven de reflexión e análise, moi ao fío da vida cotiá e desde ópticas diferentes, sobre a situación do uso do galego na sociedade.

Nesta ocasión, o eixe do debate xira arredor do factor idade. A presenza de expertos na materia e de representantes de institucións con responsabilidades políticas directas en ámbitos nos que se entrecruzan grupos sociais de idade e usos do idioma, permitirannos, estou segura, facer unha radiografía do estado da cuestión e enfrontar as liñas de actuación que foren precisas.

O compromiso da Universidade da Coruña co idioma propio de Galicia vai máis alá do artigo dos Estatutos no que se lle outorga valor xurídico e institucional.

Non aceptamos o reduccionismo de reservar o uso do galego para os espazos rituais, para a liturxia académica, por máis que esta sexa simbolicamente importante e significativa.

Aínda que sabemos que o punto de partida é complexo, o equipo de goberno, do que me honro en formar parte como vicerreitora de Organización Académica, non aforrará enerxías para defender, nun traballo de longo alcance, a plena normalización do uso do galego nos ámbitos docente, investigador, laboral e administrativo.

Efectivamente, as enquisas de uso do galego por parte da mocidade universitaria bótannos diante dos ollos unha realidade preocupante perante a que non podemos quedar pasivos. Sen dúbida, a conferencia inaugural do profesor Anxo Lorenzo Suárez, da Universidade de Vigo, encadrará con rigor e precisión as propostas a debate nestes tres días de xornadas.

Seguros como estamos de que serán un éxito, emprazamos xa os organizadores a continuar e a pensar nas cuartas xornadas. Desde o equipo de goberno e a comunidade universitaria, benvidos a todos e a todas e que este encontro sexa frutífero e produtivo.

Moitas grazas.

Presentación

XOSÉ RAMÓN FREIXEIRO MATO

Director do Servizo de Normalización Lingüística

O Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, en colaboración coa Real Academia Galega, organiza estas III Xornadas sobre Lingua e Usos que veñen a dar continuidade a unha xa tradicional e duradeira colaboración entre as dúas institucións, reorientada hai tres anos, coas mudanzas producidas no goberno desta Universidade, cara a obxectivos máis claros vinculados á normalización lingüística. Neste sentido, tamén se debe ter en conta que o financiamento fundamental corresponde á Secretaría Xeral de Política Lingüística, que obviamente ha de orientar os seus esforzos para o aumento de usos do galego na sociedade en xeral e tamén en concreto nas universidades do país.

Nada semella máis natural que o feito de dúas institucións como a UDC e a RAG, que teñen entre os seus obxectivos a promoción da lingua galega, declarada lingua propia de ambas, colaboren en actividades como esta. E máis tendo en conta que teñen a súa sede na mesma cidade, e inclusive a poucos metros de distancia. Tal colaboración, que se debería intensificar no posíbel se considerarmos a existencia da licenciatura de Filoloxía Galega entre as titulacións que oferta a UDC, cobra un significado especial neste ano en que a RAG celebra o seu centenario. Se nesta ocasión as sesións se van desenvolver nas instalacións universitarias por razóns organizativas, en sucesivas edicións, tal como xa aconteceu anteriormente, tamén partillaremos espazo cos locais académicos, na que debe ser, cada vez máis, a casa da nosa lingua.

Estas III Xornadas sobre Lingua e Usos, que se veñen celebrando con este título xenérico desde que o novo goberno da UDC lle deu un impulso ao Servizo de Normalización Lingüística mediante o nomeamento da profesora Goretti Sanmartín Rei como eficaz directora, levan nesta ocasión o subtítulo de Lingua e Idade, após un primeiro de Lingua e Cidade e un segundo sobre Lingua e Investigación. A nosa lingua ten idade. Na realidade, é unha vella lingua milenaria que existe desde o momento mesmo en que a Gallaecia se converteu en comunidade política con personalidade de seu. Ou, con outras palabras, se

callar foi o propio romance hispánico occidental, ou galego, un dos factores esenciais na conformación da Gallaecia histórica como entidade política, na altura hexemónica dentro da Hispania cristiá. A Galiza existe porque existe o galego. E difícil nos resulta imaxinarmos unha Galiza sen o galego.

Porén, tamén as persoas que falan galego teñen idade e esta é un factor que está a incidir de forma moi directa no uso do galego. En contra do que aconteceu naquela Galiza medieval en que todas as persoas, novas e vellas, falaban con naturalidade o idioma propio, hoxe achámonos co feito de o galego estar a sufrir un grave recuamento no uso das persoas novas, entre elas o alumnado universitario. Faise, pois, necesario reflexionarmos sobre este feito e procurarmos novas estratexias que nos permitiren superar os obstáculos existentes.

Por este motivo unha universidade galega, como é a UDC, ten a obriga e a necesidade de prestar atención a este fenómeno, pois tamén por obriga estatutaria debe traballar a prol da conservación do noso patrimonio lingüístico-cultural e de incrementar o uso do galego tanto na vida administrativa como na docencia e na investigación. E por este mesmo motivo a UDC acaba de aprobar en comisión un Plano de normalización lingüística que vai ser sometido, de inmediato, á consideración do Consello de Goberno. Aínda que con algún retraso, pois tanto a Universidade de Santiago de Compostela como a Universidade de Vigo xa dispoñen desde hai máis ou menos tempo deste instrumento, a Universidade da Coruña vai dar máis un paso adiante no proceso de adopción daquelas medidas necesarias para a normalización lingüística que, ao mesmo tempo, contribúen a afortalar a inserción desta institución no sistema universitario galego e, en definitiva, na sociedade galega a que se debe.

O Servizo de Normalización Lingüística, creado precisamente como consecuencia das deficiencias existentes no uso do galego na Universidade, non só ten como obxectivo prestar atención á calidade dos textos escritos mediante o asesoramento e a corrección, mais tamén ten como finalidade dinamizar o uso do galego en todos os ámbitos da vida universitaria, e entre eles debe incluírse especialmente o emprego por parte do estudantando. De aí o sentido destas III Xornadas sobre Lingua e Idade que agora inauguramos. Agardamos tamén que, co apoio económico da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Deputación da Coruña, que agradecemos, e coa colaboración da Real Academia Galega, poidan ter continuidade nos próximos anos, contando igualmente coa importante e imprescindible participación de todas as persoas aquí presentes, cuxa presenza tamén agradecemos encarecidamente, así como agradecemos a colaboración das persoas do Servizo na organización e realización destas xornadas.

Idade e comportamentos (socio)lingüísticos na Galicia actual

ANXO M. LORENZO SUÁREZ

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Universidade de Vigo

INTRODUCIÓN

A idade, mediante as diferentes categorizacións que podemos establecer en forma de construtos teóricos (grupos, cohortes, xeracións etc.), converteuse nunha das variables sociais máis utilizada na investigación sociolingüística para describir —e mesmo tentar explicar— tanto as tendencias como os significados da variación nos comportamentos sociolingüísticos. Na investigación sociolingüística en Galicia esta variable cronolóxica segue sendo, xunto coa variable do hábitat, un dos elementos sociais que máis relevancia achegan á hora de botar luz sobre a evolución de diversos aspectos sociolingüísticos relevantes.

O obxectivo deste traballo é revisar a influencia da idade sobre os comportamentos lingüísticos na Galicia actual a partir dos datos e das reflexións nos seguintes aspectos: lingua inicial, lingua habitual e usos lingüísticos específicos; competencia lingüística; actitudes lingüísticas; e variación e mais cambio lingüístico.

Tendo en conta que a idade é unha variable complexa, é de máxima utilidade para analizar tanto os fenómenos sociolingüísticos producidos en tempo real como en tempo aparente: en tempo real, porque a variación social xerada arredor da lingua galega está suscitando a xeración de novos procesos lingüísticos interxeracionais; e en tempo aparente, porque o cambio sociocultural producido en Galicia nestes últimos 40 anos ten translación nas condutas e nas actitudes lingüísticas das diferentes cohortes de idade.

Dedicaremos o primeiro apartado deste traballo a establecermos as cuestións teóricas máis relevantes da variable idade, así como unha delimitación dos cambios sociopolíticos, económicos e sociolingüísticos vividos na Galicia contemporánea. O segundo apartado estará centrado na análise dos principais indicadores sociolingüísticos: lingua inicial, lingua habitual e usos lingüísticos, competencia e actitudes lingüísticas. Finalmente, no terceiro apartado, analizaremos os fenómenos de variación lingüística

vinculados coa idade e remataremos este texto cun capítulo de conclusións con hipóteses e reflexións suscitadas tras a exposición dos diferentes apartados.

1. A IDADE COMO UNHA VARIABLE SOCIOLINGÜÍSTICA EN GALICIA

A idade é un indicador valioso para observar tanto a situación como a evolución de moitos aspectos sociolingüísticos. Tal como sinala Eckert (1999), referírmonos á idade supón establecer certas categorizacións que nos axuden a conceptualizar a dimensión temporal, ben desde unha perspectiva *ética* ou *émica*. Así, utilizamos por unha banda o concepto de ‘grupo de idade’ porque nos permite agrupar os individuos segundo a súa data de nacemento (perspectiva *ética*), mentres que, por outra banda, usamos o concepto ‘xeración’, que alude a unha categorización social que se caracteriza por constituír unha visión particular e distintiva dentro da sociedade (perspectiva *émica*). Como sinala Eckert (1999: 151), «age ans aging are experienced both individually ans as a part of a cohort who share a life stage and/or a experience of history».

As diferenzas sociolingüísticas detectadas nos diferentes grupos de idade ou de xeración poden ser indicativas en dous niveis diferentes: *a)* as tales diferenzas delimitan unha diferenciación xeracional estable; *b)* reflicten cambios sociolingüísticos en marcha. No tocante ás diferenzas xeracionais *estables*, cada xeración pode exhibir comportamentos lingüísticos disimilares ou repertorios lingüísticos confeccionados con material e con estratexias comunicativas diversas. Por exemplo, mentres que se argúe que as xeracións novas tenden a ser máis innovadoras, as xeracións maiores mostran unha maior tendencia cara ao conservadorismo lingüístico. Ademais, mozos e mozas adoitan ser máis sensibles ás formas socialmente prestixiadas na súa comunidade debido á influencia da escolarización e das pautas sociais propias da idade. Pero, ao mesmo tempo, a mocidade tamén é o momento de desenvolver usos «rebeldes» (usos argóticos etc.), que van desaparecendo a medida que o/a mozo/a medra.

No tocante ás diferenzas que indican cambios en marcha, tanto de tipo lingüístico coma sociolingüístico, hai que ter presente que cada xeración exhibe a norma e os valores sociais adquiridos durante a adolescencia e a primeira xuventude. Por tanto, é previsible que na socialización primaria e secundaria queden interiorizados determinados elementos sociolingüísticos que acompañarán os individuos durante a súa vida social.

Cando consideramos a relevancia da variable da idade na Galicia actual, a súa dimensión e interese resulta incontestable. Estamos ante unha variable clave en múltiples aspectos do comportamento lingüístico e sociolingüístico dos galegos e galegas. É, sen dúbida, nestes momentos a variable social máis decisiva, xunto co hábitat, para describir e explicar diferentes condutas vinculadas coa lingua galega. O porqué desta relevancia hai que buscalo na especial configuración sociocultural da Galicia contemporánea e da súa evolución recente en termos culturais, sociais, políticos e tamén sociolingüísticos.

Nos últimos trinta anos, desde 1970 aproximadamente ata a actualidade, seguen en marcha ou comezan procesos e situacións que van supor unha nova dimensión para a evolución do contacto de linguas galego-castelán e para a vitalidade sociolingüística do galego. Imos concretar algúns deses factores económicos, sociais, culturais, políticos e sociolingüísticos.

Con respecto aos cambios socioeconómicos, prodúcese no período sinalado un cambio de estilo de vida: o modo de vida tradicional deu paso a un modo novo, máis urbano, menos familiar, máis consumista e integrado en redes de comunicación fóra da comunidade local. Ademais, agudizouse o tránsito rural > urbano así como a concentración urbana e, principalmente, na beira atlántica. Aínda así, o rural en Galicia segue tendo moito peso demográfico. Desde comezos do século XX, da man da industrialización progresiva do país, foise producindo un proceso paralelo de urbanización; por iso, determinadas cidades concentraron industrias e servizos e convertéronse en focos de atracción para unha numerosa man de obra. Non obstante, a taxa de urbanización galega segue sendo das máis baixas de España, aproximadamente un 60%, tendo en conta ademais que en Galicia os municipios maiores de 2.000 habitantes xa se consideran urbanos (mentres a cifra estándar admitida para o resto debe chegar aos 10.000). En resumo, a urbanización e modernización de Galicia na segunda parte do século XX supuxo un auténtico cambio cultural¹.

Con respecto aos cambios sociodemográficos e culturais, salientamos como aspectos máis relevantes o aumento da alfabetización dos adultos e a xeneralización da escolarización, así como os cambios suscitados na base demográfica: a evolución natural e os movementos de poboación; o estancamento demográfico; e emigración e mais inmigración recentes. Tamén cómpre sinalar a este respecto o estancamento demográfico que se vén producindo en Galicia, con taxas de crecemento vexetativo negativo. Esta é unha tendencia xeral nas sociedades occidentais, moi agudizada no caso de Galicia. Pola súa banda, a porcentaxe de individuos nados fóra de Galicia segue sendo baixa, por debaixo do 10%.

Con respecto aos cambios políticos, viviuse unha etapa de profundas modificacións no marco político de España e de Galicia, coa transición e consolidación dun sistema democrático a partir de 1975. O proceso de descentralización política e administrativa do Estado supuxo a instauración do estado das autonomías e do poder local. A este respecto é interesante observar que en Galicia a autonomía arrincou con escasa lexitimade social froito dunha abstención enorme no referendo do Estatuto de Autonomía en 1981 (o 71,4% de abstención). A consolidación autonómica produciuse nos anos noventa, tras o aumento de competencias e mais o asentamento e a xestión meirande dos recursos por parte da

¹ Tamén debemos mencionar outros aspectos relevantes, como a crise industrial nos anos oitenta, coa redución dos sectores produtivos nucleares da economía galega ata ese momento (campo e mar), así como a entrada de fondos europeos, unha vez que se produciu a adhesión de España á Unión Europea, que significou un novo desenvolvemento do rural e a superación de vellos sistemas de produción.

Xunta de Galicia. Todo iso contribuíu a que Galicia, como comunidade autónoma, se convertese nun referente de poder para toda a cidadanía.

Finalmente, os cambios sociolingüísticos que caracterizan este período son igualmente relevantes. Continúa o lento proceso de substitución social do galego polo castelán, que principiara no século XIX. O proceso acelérase nos anos sesenta e setenta, coincidindo coa aceleración dos cambios socioeconómicos en España e cos máis de trinta anos de invisibilidade pública do galego debido á represión do franquismo. A irrupción dos medios de comunicación audiovisuais en castelán, con audiencias altas, e a universalización do ensino, en todos os niveis universitarios e non universitarios, supoñen en ambos os casos unha seria ameaza para o futuro da lingua, con consecuencias graves na transmisión e na aprendizaxe do galego como lingua inicial: se co franquismo o galego perdera presenza pública, coa influencia dos medios e da escola o proceso de abandono social e de non transmisión primaria avanza con máis forza.

Paralelamente ao proceso de abandono da lingua, segue en marcha unha xeira de reivindicación da súa revitalización, proceso que tamén comezara no século XIX. No último terzo do século XX intensifícase ese proceso social e comeza unha nova dinámica institucional de recoñecemento, apoio e fomento da lingua galega. Esa dinámica nova, que comeza co Estatuto de Autonomía de 1981, é ben recente e vai ter unha incidencia moi directa nas xeracións máis novas que se socializan a partir das dúas últimas décadas do século pasado.

Finalmente, o proceso de estandarización contemporánea da lingua galega supuxo a fixación dunha nova variedade lingüística que entra en xogo nun escenario complexo de variedades do galego e do castelán. Esta cuestión ten unha relevancia especial na análise da variación dos comportamentos lingüísticos, como veremos posteriormente (cf. sección 3).

2. COMPORTAMENTOS SOCIOLINGÜÍSTICOS E IDADE EN GALICIA

A idade vainos permitir analizar un amplo mosaico de aspectos sociolingüísticos: a lingua inicial e o proceso de transmisión lingüística; a lingua habitual e os usos lingüísticos específicos; a evolución da competencia lingüística, tanto a declarada como a mostrada; e as actitudes lingüísticas².

Examinaremos eses temas por separado, utilizando información cualitativa e cuantitativa. Neste último tipo de información, centrarémonos principalmente nos datos do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* elaborado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (de aquí en adiante, MSG-1992) e da *Enquisa de Condicións de Vida das Familias Galegas* realizada polo Instituto Galego de Estatística (de aquí en adiante,

² Por mor do espazo dispoñible, non trataremos nestas páxinas tres aspectos que tamén son sensibles á idade no momento actual: os usos lingüísticos escolares, a identidade e a vitalidade etnolingüística.

IGE-2003), por seren dúas mostraxes significativas perfectamente comparables e que nos permiten ofrecer tendencias e hipóteses sobre a evolución dos principais indicadores sociolingüísticos.

2.1. PERSPECTIVA XERAL

Para principiar este apartado, será interesante recoller e comentar brevemente algunhas das características principais do discurso sobre a idade na situación sociolingüística do galego. Na análise da situación sociolingüística actual do contacto de linguas en Galicia e da vitalidade social do galego, hai dous aspectos que se destacan cando se trata de detectar os problemas fundamentais polos que transita o galego: as diferenzas de hábitat e de idade. Nos dous casos propónse unha construción discursiva moi semellante, baseada nunha formulación dicotómica simple: a lingua galega non se fala nas cidades nin entre a xente moza; e manteñen o galego os vellos e os individuos residentes ou orixinarios do rural.

Sabendo que estamos ante unha simplificación, que ten un certo baseamento empírico –aínda que con diversos matices–, o que desde todo punto de vista resulta claro é que se trata dunha construción discursiva só parcialmente real e moi perigosa para a lingua e o seu futuro, porque se está convertendo nun estereotipo e, como tal, está axudando a deseñar unha realidade moi negativa para o futuro da lingua galega.

Constatado o dato de que o galego segue sendo a lingua maioritaria dos/as galegos/as, esa fortaleza demográfica susténtase principalmente no mantemento dunha bolsa moi numerosa de galegofalantes situados nos grupos de idade maiores: eses individuos que aprenderon a falar en galego e que o mantiveron con relativo éxito durante o seu ciclo vital. En cambio, á hora de analizar os factores principais que delimitan o proceso sociocultural de contacto en Galicia, consígnanse só elementos negativos vinculados coa idade. Por exemplo, no DAFO do diagnóstico do *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega* (PXNLG), aparecen cinco referencias concretas a cuestións centradas na idade, todas elas son consideradas como ‘puntos febles’ do diagnóstico (cfr. Xunta de Galicia, 2005):

a) Como *realidades constantes*:

1. Os individuos novos falan menos galego cós dos outros grupos de idade.
2. A ‘xente nova’ ten o galego como segunda lingua, sen vencellos emocionais con ela, considéranla pouco útil, e carecen de motivación para falala.
3. Os maiores, que son os transmisores ‘afectivos’ do galego, representan un modelo pouco válido nunha sociedade que tende a privilexiar a cultura xuvenil.

b) Como *innovacións consolidadas*:

4. A desgaleguización dos banzos iniciais do ensino (garderías e escolas infantís) fai que as xeracións máis novas non reciban o galego.
5. Os medios audiovisuais (CRTVG) non dan chegado á audiencia xuvenil e urbana.


Nos seguintes apartados teremos ocasión de comprobar se tales intuicións teñen base empírica. E, complementariamente, grazas ás posibilidades de comparación temporal, poderemos constatar asemade cara a onde evolúen os principais indicadores sociolingüísticos.

2.2. LINGUA INICIAL E TRANSMISIÓN LINGÜÍSTICA PRIMARIA

A lingua inicial establécese nese momento da biografía persoal de cada individuo en que se leva a cabo a socialización primaria: antes de ir á escola e no seo da familia (polo menos isto era así ata agora). Cada grupo de idade foi socializado en épocas históricas diferentes e de acordo co universo normativo e valorativo predominante nese momento.

O MSG-1992 constatará en dúas análises distintas o crecemento do número de bilingües iniciais a medida que baixaba a idade e o descenso de individuos iniciados en galego, acompañado dun aumento dos que tiveron o castelán como primeira lingua. Ademais, obsérvase nidiamente que as xeracións maiores foron aprendidas en galego e as xeracións menores presentan unha maior presenza do castelán e das dúas linguas. E, concretamente, na xeración máis nova –aqueles entre 16-25 anos– predomina por primeira vez a transmisión primaria do castelán (Seminario de Sociolingüística da RAG, 1994: 40-41).


Gráfico 1. Lingua inicial por grupos de idade en Galicia (MSG-1992)



Se pasamos agora a analizar os datos do IGE-2003, observaremos que a lingua inicial dos galegos segue sendo maioritariamente o galego. Non obstante, cando chegamos ás persoas de 26 a 35 anos prodúcese un cambio nesa tendencia pasando o castelán a ser lingua maioritaria. Tamén se produce un aumento gradual e constante dos bilingües iniciais,

salvo no último tramo de idade, onde observamos un recorte pronunciado, en conformidade co aumento dos que teñen o castelán como lingua inicial.

Gráfico 2. En que lingua aprendeu a falar? Resultados comparados por idade (IGE-2003)



En consonancia cos datos que analizamos sobre usos lingüísticos (tal como vemos a continuación, no apartado 2.2), observamos no último tramo deste gráfico unha desaceleración da súa tendencia negativa. O descenso dos falantes iniciais de galego desde os entrevistados de máis de 65 ata os que se atopan entre os 26 e os 35 traza unha liña recta con descensos porcentuais case idénticos entre xeración e xeración, e, despois dunha tendencia perfectamente proporcionada, constátase unha tendencia á estabilización con retrocesos cada vez máis pequenos. Tamén diminúen os bilingües iniciais, nun claro cambio de tendencia respecto do que podíamos comprobar no MSG-1992.

Deste gráfico, e da comparación de tendencias existentes en 1992 e 2003, podemos concluír que cada vez se perden menos falantes iniciais de galego, e que a tendencia vai na dirección de que non se perdan máis. Esta parece, xa que logo, a hipótese máis factible.

Por tanto, cando consideramos a presenza da lingua galega na transmisión lingüística primaria constatamos, como aspectos febles ou negativos, que cada vez é menor o número de mozos/as que reciben o galego como lingua inicial, polo que diminúen os lazos afectivos deste colectivo con esta lingua. Ademais, faise preciso reflexionar sobre a importancia hoxe, na situación sociolingüística actual, de transmitir o galego na casa. Antes, en momentos históricos non moi afastados no tempo, a ambientabilidade social galegófona maioritaria facía da transmisión do galego un factor importante pero secundario: quen non tiña o galego como primeira variedade, acababa aprendéndoo porque a lingua tiña un alto uso social. Hoxe, ao avanzar o proceso de abandono da lingua, esa


ambientalidade galegófona desapareceu e de aí a relevancia de que se garanta un certo nivel de traspaso xeracional³.

2.3. LINGUA HABITUAL E USOS LINGÜÍSTICOS

No MSG-1992 constatábase en diferentes análises a diminución constante no uso do galego segundo a idade. Os resultados indicaban unha tendencia negativa no uso do galego conforme decrecía a idade do/a entrevistado/a. A grandes trazos pódese afirmar que desde os avós dos entrevistados de máis de 65 anos, aos entrevistados de 16 a 25 se produce un descenso constante e proporcionado no uso do galego.

Tocante concretamente á lingua habitual segundo a idade, no MSG-1992 constatábase unha tendencia semellante á que acabamos de considerar en relación coa lingua inicial: maior presenza da lingua galega nos grupos de idade máis vellos e aumento do castelán conforme descendemos na escala de idade (cf. Seminario de Sociolingüística da RAG, 1995: 65).

Gráfico 3. Lingua habitual segundo a idade (MSG-1992)




As diferenzas de lingua habitual segundo a idade tamén son visibles ao compararmos a variedade de uso habitual segundo as tres xeracións: avós, pais e entrevistados, tal como

³ E poderíamos, complementariamente, formular unha interrogante a este respecto: pódese esperar outro resultado da transmisión lingüística primaria tendo en conta a complexidade deste proceso e tendo presente que os esforzos normalizadores desde a sociedade e desde as políticas lingüísticas públicas desatenderon o uso e a reprodución familiar?

recollemos no gráfico 4 (cf. Seminario de Sociolingüística da RAG, 1995: 47-9). A hipótese máis factible é que asistimos ás consecuencias dun cambio que se orixinou na primeira metade do século XX e que queda reflectido moi claramente nos diferentes grupos de idade, mesmo nas tres xeracións, e tal cambio obsérvase na lingua habitual e na lingua inicial.

Gráfico 4. Lingua habitual en tres xeracións en Galicia (MSG-1992)




No gráfico 5 mostramos as medias de lingua habitual segundo a idade no MSG-1992 e no IGE-2003. Ao compararmos as ditas medias, advertimos a mesma tendencia de diminución do galego como lingua habitual a medida que diminúe a idade dos falantes. Ademais, vemos que as medias son sensiblemente máis baixas nos mesmos cortes de idade, de maneira que parece confirmarse a liña tendencial xa descrita polo MSG-1992 once anos despois, os individuos delimitados nos diferentes tramos de idade falan menos galego cós das súas xeracións homólogas precedentes.

Tamén cómpre salientar que nos grupos de menor idade as medias chegan por primeira vez a situarse por debaixo do punto medio da escala (2,5). Deste xeito, pódese afirmar que estamos ante un escenario novo, xa que para unha xeración de galegos e galegas o castelán é lingua maioritaria.

Se observamos a tendencia da liña superior do gráfico 5, comprobaremos que tende a cero (no caso concreto desta escala, tende a 1), e que o descenso da media é practicamente proporcional e constante en todos os tramos de idade⁴. Pola contra, a liña inferior, que é a que se corresponde coa situación de lingua habitual en 2003, observamos que tende a

⁴ Ao no haber no MSG-1992 datos dos menores de 16 anos, non podemos visualizar e comparar os resultados dese grupo de idade que si está presente na enquisa do IGE-2003.

Gráfico 5. Media de uso do galego nos diferentes tramos de idade segundo o MSG-1992 e mais o IGE-2003



estabilizarse, ou sexa, o uso do galego descende cada vez con menos intensidade. Ou dito doutro modo: parece que a perda de falantes de galego se detén. Este dato resulta de especial interese porque, aínda que non significa que esteamos diante dun cambio significativo de tendencia (por exemplo, un proceso consistente de recuperación do uso do galego que inverta o proceso histórico de substitución social polo castelán), si estamos observando como nos últimos dez anos, e entre a poboación máis nova, cada vez son menos os que abandonan o uso do galego.

Na análise por porcentaxes, tal como mostramos no gráfico 6, pódese advertir unha diminución de persoas monolingües en galego a medida que diminúe a idade. Constatamos que esta diminución tende a estabilizarse e que mesmo se recupera no último tramo —o de individuos de menos de 16 anos.

Aínda que o crecemento de monolingües en galego é só do 1%, para o cal cumpriría ter en conta a pequena marxe de erro desta mostra (0,7%), podemos afirmar que por primeira vez desde que se teñen datos sociolingüísticos cuantitativos, hai unha xeración de individuos nos que a incidencia do monolingüismo en galego é maior ca na anterior. Pola contra, observamos que existe unha aceleración no crecemento do monolingüismo en castelán, que entre os máis novos alcanza o 33,1%. Os usos bilingües con predominio do galego decrecen desde a xeración que se atopa entre os 46 e os 55. En contraste, os usos bilingües con predominio do castelán crecen en todos os tramos de idade, agás no último, onde observamos unha caída importante, quizais en relación inversa con esa limitada recuperación dos monolingües en galego.

Se agora pasamos a analizar os usos lingüísticos na familia tendo en conta tamén a idade, atoparemos un descenso nas porcentaxes de presenza da lingua galega en todos os usos familiares analizados, tal como se comproba no gráfico 7.

Gráfico 6. Porcentaxe de uso do galego nos diferentes tramos de idade (IGE-2003)






Gráfico 7. En que lingua falas cos...? Resultados por idades (IGE-2003)



Este descenso tende a estabilizarse na lingua cos avós, excepto no tramo de idade dos menores de 16 anos. Tamén observamos que o descenso se frea na lingua empregada cos fillos e posiblemente tamén, aínda que en menor medida, cos pais e cos/as irmáns/irmás. Por outra banda, na lingua coa parella a tendencia castelanizadora é moi sólida. De feito, se observamos o tramo de idade de 16 a 25 anos atopamos unha suba significativa dos usos monolingües en castelán na parella. Vemos así que, dun 26,1% de individuos situados nese tramo de idade que falan habitualmente só castelán, chegamos a un 44,2% que usa esa mesma lingua cando falan coa súa parella⁵.

Outro aspecto para ter en conta é o dos usos lingüísticos na vida cotiá. No gráfico 8 compáranse os usos na vida cotiá coa variable de lingua habitual por tramos de idade. Vese o cambio de tendencia –ou máis precisamente, a estabilización– que apuntábamos anteriormente, e, por outra banda, observamos a tendencia ao aumento dos usos monolingües. Se analizamos con vagar o gráfico advertimos que as distancias entre a media de lingua habitual e as medias no resto de variables é cada vez menor nos tramos de idade máis novos, ao tempo que constatamos esa desaceleración na que vimos insistindo⁶.

Gráfico 8. Comparación da lingua habitual e os usos na vida cotiá (IGE-2003)



⁵ Convén anotar que estes datos de uso lingüístico coa parella coinciden cos resultados atopados noutros estudos, de orientación cualitativa, onde se sinalaban os efectos castelanizadores de determinados escenarios (cf. Seminario de Sociolingüística da RAG, 2003).

⁶ Un aspecto ao que cumpriría dedicarlle unha atención especial, probablemente a través de estudos específicos, é a lingua utilizada cos comerciantes, xa que é a única variable onde non se percibe este cambio de tendencia e onde os usos mostran usos lingüísticos cada máis castelanizados.

Á hora de facer unha valoración sobre a lingua habitual e mais os usos lingüísticos en relación coa idade, principalmente se se trata da mocidade, a avaliación ten que ser necesariamente complexa e multidimensional. Podemos sinalar primeiramente, como aspectos positivos da situación sociolingüística, que nalgunhas partes de Galicia (as non urbanas, principalmente) o galego é lingua de uso preferente entre os mozos e mozas. Este feito, xuntamente co proceso histórico de institucionalización e de recoñecemento para a lingua galega, fai que se vexa con maior naturalidade entre os mozos/as a súa presenza social. Ademais, a tendencia crecente a valoraren positivamente o bilingüismo social castelán-galego ten igualmente un efecto moi positivo para o galego. Tamén debemos salientar que en moitas familias (urbanas e non urbanas) o contacto coa aldea e, en consecuencia, co galego, é frecuente.

Con respecto especificamente ás áreas urbanas, grazas ás zonas periurbanas e ás familias inmigrantes do rural seguen existindo nas cidades elementos e sectores galegófonos dispoñibles para que os rapaces castelanfalantes urbanos manteñan vínculos co galego. Tamén é sen dúbida positivo un certo rexurdimento e revalorización do mundo rural e o aumento dos contactos entre o rural e mais o urbano.

Tamén debemos salientar que moitas actividades xuvenís que implican produción escrita (revistas, banda deseñada etc.) realízanse total ou maioritariamente en galego, así como o feito de que grande parte das actividades asociativas e reivindicativas favorecen a utilización do galego por parte dos/as mozos/as participantes. É preciso igualmente pór en valor a presenza do galego na TVG e na súa programación infantil e xuvenil, que axudou considerablemente á difusión da lingua entre a mocidade de áreas tanto rurais coma urbanas.

Pero, como aspectos negativos da situación sociolingüística xeral, cómpre volver sinalar que ao ser cada vez menor o número de mozos/as que recibiron o galego como variedade inicial, diminúen os lazos afectivos coa lingua. Atópanse casos de mozos/as urbanos monolingües en castelán, inseridos en redes de relación, de amizade e familiares con moi escasa presenza do galego e onde o castelán prevalece por ser considerada unha variedade máis neutra e menos marcada. Ao existiren poucos espazos para o uso espontáneo do galego nas cidades, dificultase considerablemente o seu uso activo.

Nos ámbitos urbanos, os rapaces que pertencen a familias galegófonas con frecuencia ven reducido o seu uso do galego ás redes sociais familiares. E nas novas xeracións urbanas dáse unha perda de lazos co mundo rural, e a falta de modelos urbanos en galego leva a que isto afecte tamén ao interese pola lingua e pola cultura galegas.

No tocante especificamente a aspectos que teñen unha relación directa coa ampliación dos usos sociais da lingua, a inexistencia de canles para a aparición de «líderes de opinión» galegofalantes, que sirvan como modelos a imitar para a mocidade, é unha grave carencia. Isto agrava, aínda máis, a utilización escasa do galego nos ámbitos e espazos máis relacionados coa mocidade: actividades deportivas, musicais, de lecer etc., e a escasa extensión do galego nos medios audiovisuais e nas TIC (internet, informática, chats etc.), ámbitos e instrumentos de moito prestixio e seguimento entre a xente moza. Ou, por

exemplo, os medios de comunicación espallan modelos cara á mocidade case exclusivamente en inglés ou en castelán, pero non en galego.

Cómpre recoñecer, asemade, que empezan a ser visibles grupos de mozos/as que optan polo uso relacional habitual na lingua galega. Porén, ese uso do galego aínda se interpreta ás veces en clave de ideoloxía política marcada, o que provoca rexeitamento entre certos sectores sociais –a mesma mocidade, por exemplo. O uso militante do galego identifícase maioritariamente co ámbito urbano e cos neofalantes, que son acusados de usaren o galego porque está de moda ou como instrumento político e ideolóxico (véxase 2.5, actitudes lingüísticas). Ademais, conséntase unha gran fenda entre os galegofalantes de sempre –asociados na súa maioría ao ámbito rural– e os neofalantes –vinculados ao ámbito urbano–, acentuada por seren estes maioría nalgúns ámbitos de especial prestixio social –a televisión, por exemplo. O distanciamento entre ambos os grupos de falantes intensifícase polo diferente tipo de galego usado por uns e outros, unha variación interna que empeza a funcionar –xunto coa opción polo galego ou polo castelán– como indicador da procedencia xeográfica e/ou sociocultural. E no tocante ás interaccións bilingües, entre os/as mozos/as, o grupo de iguais tende a presionar a favor do castelán, producíndose adoito unha converxencia cara a este idioma que anula ou reduce a posibilidade da conversa bilingüe. E na propia televisión galega, por exemplo, transmítense modelos nos que se potencia a norma de converxencia cara ao castelán.

Ao mesmo tempo que o galego acadou hoxe en día un uso consolidado en certos ámbitos formalizados (culturais, políticos, de reivindicación social etc.), prodúcese un aumento de usuarios/as en certos sectores da mocidade que fan un uso consciente do galego como froito dunha importante concienciación lingüística, tal como xa sinalamos anteriormente. Ademais, parte da mocidade considera a lingua galega como símbolo dunha identidade específica que permite singularizarse con respecto ao resto de España e Europa.


Porén, a percepción do galego como elemento identitario e diferencial é feble, sobre todo precisamente entre a mocidade urbana. Tamén é certo que o uso do galego en ámbitos formalizados tende a percibirse en certos casos como un feito ritual e baleiro. En consecuencia, o papel simbólico do galego acaba fosilizándose ao mesmo nivel cá bandeira, a música folk, a solidariedade cos pobos celtas ou a revalorización do mundo rural, sen que se materialice nun maior uso práctico e cotián.

2.4. COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

As capacidades lingüísticas e comunicativas en galego foron un dos aspectos máis considerados polos especialistas e polos políticos cando comeza, nos anos oitenta, o proceso de institucionalización da lingua galega. O diagnóstico era claro: o galego apenas se escribía e se lía, e a competencia oral produtiva era mellorable. A inserción do galego no ensino, a maior visibilidade social da lingua tras o franquismo e a existencia de medios de comunicación que foron incorporando en diferente medida contidos en galego supuxeron unha xeira nova na capacitación lingüística da cidadanía.

Tendo en conta a variable da idade, no MSG-1992 comprobábase unha clara tendencia á mellora da capacidade para ler e escribir en galego conforme diminúe a idade do individuo, mentres que a capacidade para falar en galego se reducía ata o 80,3%. Tendo en conta que entre os menores de 25 anos a porcentaxe dos que estudaron galego na escola é case do cento por cento (cf. Seminario de Sociolingüística da RAG, 1993: 224), este gráfico ofrecía unha tendencia ben interesante para a competencia autoavaliada en galego.

Gráfico 9. Dominio efectivo da lingua galega segundo a idade (MSG-1982)



Xa en 2003, a grande maioría da poboación galega non recibiu ensino regrado de galego: o 67% non aprendeu galego na escola, o 30% si, e o 3% figura baixo a categoría de 'non aplicable'. Con ese panorama, no gráfico 10, de novo con datos do IGE-2003, vemos como a lectura aumenta a súa puntuación de forma constante en todos os tramos, agás no último por razóns obvias (os entrevistados máis novos teñen 5 anos de idade!). Dentro deste marco indubidablemente positivo para o galego, cómpre destacar algo preocupante: nos tramos de idade de 26 a 40 anos e de 16 a 25, os suxeitos declaran ter unha maior competencia para ler que para falar, o cal pode significar que se está a propiciar unha preferencia no sistema educativo galego polo cultivo das competencias lingüísticas pasivas.

Cóñecemos poucos traballos que se centren na competencia comprobada e real, non na competencia autoavaliada. En algún traballo recente, como é o caso do de Loredó, Fernández Salgado e Suárez Fernández (2005)⁷, preséntanse os resultados parciais, cen-

⁷ O obxectivo xeral deste traballo é o de ofrecer unha valoración directa, mediante diferentes probas obxectivas, da competencia lingüística dos estudantes que cursan o 4.º curso da Educación Secundaria Obligatoria (ESO), sector da poboación escolar que remata o período de ensino obrigatorio e que levan máis de dez anos de escolarización.

trados da comarca de Santiago de Compostela, dun amplo traballo de ámbito galego dirixido a medir as destrezas lingüísticas, activas e pasivas, na lingua oral e escrita en galego e castelán dos estudantes de 4.º da ESO. No tocante á expresión escrita, avaliáronse catro elementos: a corrección, a ortografía, a fluidez e mais a capacidade de significar. A media xeral foi de 3.26 (nunha escala de 1 a 5) para a competencia escrita en galego e de 3.29 en castelán (Loredo e outros, 2005: 117).

Gráfico 10. Medias de competencia percibida por tramos de idade (IGE-2003)





Gráfico 11. Medias da proba de expresión escrita en galego e castelán



Os autores, á hora de sinalaren algunhas conclusións (ibidem: 117-8), afirman que estes resultados mostran que a competencia escrita nas dúas linguas está moi próxima. Ademais, constátase que a maior diferenza se atopa na ortografía e na puntuación. Finalmente, obsérvase que os estudantes obteñen mellores puntuacións nas destrezas

formais (corrección e ortografía e puntuación) cando escriben en castelán, e mellores puntuacións nas destrezas comunicativas (fluidez e capacidade de comunicar) cando escriben en galego.

E para rematar, ao empregaren técnicas estatísticas multivariadas, conséntase que as máis altas competencias na expresión escrita tanto en galego coma en castelán están máis asociadas cos estudantes que recibiron o ensino maioritariamente en castelán, falan habitualmente máis castelán ca galego, viven en poboacións de máis de 50.000 habitantes e son mulleres. Pola contra, os estudantes con menores competencias escritas en galego e castelán tiveron aulas só ou maioritariamente en galego, habitan en núcleos de poboación de menos de 10.000 habitantes, utilizan maioritariamente o galego e son varóns.

Cando examinamos a competencia lingüística en galego e o factor da idade, debemos constatar que o coñecemento e a capacidade para se desenvolveren en galego por parte da mocidade, especialmente nas destrezas escritas e lectoras, aumentaron considerablemente grazas á súa presenza no sistema educativo e na sociedade galega en xeral. Porén, non está totalmente xeneralizada a competencia escrita e lectora entre a mocidade, e con respecto á capacidade para falar en galego, algúns rapaces castelanófonos presenta eivas importantes: falta de fluidez, inseguridade lingüística etc. Hai rapaces que afirman saber escribir en galego mellor ca falalo. Aínda que en moitos casos a falta de competencia acaba converténdose simplemente nunha estratexia de autoxustificación para non esforzarse en falar galego, moitos rapaces castelanfalantes non dispoñen de contextos de uso nos que poidan interactuar con galegofalantes, o que supón un obstáculo máis para a consolidación ou para a simple mellora da súa competencia oral activa. Tamén cómpre recoñecer que a carencia de modelos lingüísticos de referencia que sirvan para mellorar a competencia en galego e para estimular o seu uso é unha eiva relevante.


2.5. ACTITUDES LINGÜÍSTICAS

No tocante ás actitudes lingüísticas ante a lingua galega, a información cuantitativa do MSG-1992 puxo de manifesto unha realidade valorativa positiva, en xeral, para a lingua galega. Así, no *Mapa* constrúese unha variable nova, denominada «actitude lingüística xeral», formada por 16 preguntas actitudinais, entre as que estaban as seguintes preguntas: necesidade de coñecer ou saber o galego, o medre no uso do galego, o seu uso na publicidade, a existencia de información escrita en galego, os nomes das rúas en galego, o desexo de aprender ou mellora o seu galego etc. A media de valoración desta variable foi claramente positiva: 3,6 de media nunha escala de 1 (valor máis negativo) a 5 (valor máis positivo)⁸.

⁸ Noutros traballos puxéronse de manifesto datos semellantes. Por exemplo, tocante á lingua galega no sector da publicidade, Ramallo e Rei Doval (1997: 59) sinalan que as actitudes ante a utilización do galego na publicidade, con seren en xeral sempre favorables á inserción do galego nesas prácticas audiovisuais, cambia significativamente coa idade, especialmente entre os menores de 36 anos (máis favorables) e os grupos de 36 a 45 anos e de 56 a 65 (menos favorables).

No gráfico seguinte podemos examinar os valores desta variable actitudinal segundo a lingua habitual e a idade (Seminario de Sociolingüística da RAG, 1996: 69). Ademais de constatar que a mesma tendencia valorativa nos falantes en todos os grupos de idade, observamos un notable aumento das actitudes positivas cara ao galego a medida que descendemos nos grupos de idade. Das xeracións maiores ás xeracións máis novas trázase unha liña ascendente da media valorativa, e isto ocorre tanto nos sectores galegófonos coma nos castelanófonos.

Gráfico 12. Medias de actitude lingüística xeral segundo a lingua habitual e a idade (MSG-1992)



Mentres que, en xeral, as actitudes e opinións lingüísticas son aparentemente moi positivas para o galego utilizando información cuantitativa, se atendemos aos datos sobre as actitudes lingüísticas en Galicia que se tiran de deseños de investigación cualitativos ou experimentais, o resultado non é tan alentador e positivo (cf. Iglesias, 2003; Seminario de Sociolingüística da RAG, 2003).

Máis que establecer dúbidas a respecto da utilización de certas técnicas para medir as valoracións e actitudes, vexo máis rendible a axeitado teoricamente diferenciar os *discursos explícitos* (ou manifestos) que os individuos elaboran sobre os obxectos lingüísticos e os *discursos implícitos* (ou latentes). Mentres que no primeiro caso podemos acceder ao universo explícito a través de técnicas de enquisa, no segundo caso será máis apropiado utilizar técnicas cualitativas e experimentais.

As principais conclusións do traballo da Seminario de Sociolingüística da RAG (2003) céntranse en detectar que se manteñen prexuízos tradicionais vinculados co ‘acento’ galego: as persoas que se expresan con acento galego percíbense con referentes negativos de status (= éxito social), mentres que aqueles que se expresan nunha fonética similar ao castelán son considerados un grupo innovador e socialmente competente,

aínda que espertan pouca empatía social —é dicir, alta avaliación de status social, pero pouca solidariedade e afectividade. Con respecto á valoración dos galegofalantes, aparecen dous estereotipos: dunha banda, o estereotipo do ‘pailán’: o dos falantes nativos con acento popular; e doutra, o estereotipo do nacionalista: os falantes (urbanos) de galego normativo.

Con respecto á valoración da utilidade do galego, a utilidade percibida no galego é escasa. O uso da lingua asóciase con profesións de pouco prestixio e máis ocasionalmente se asocia coas esferas da docencia (os «profes» de galego) e da administración. En consecuencia, as motivacións de tipo instrumental de cara á súa aprendizaxe e uso son escasas.

O cambio galego > castelán explícase (e acéptase) polas inercias sociais e recibe unha certa indulxencia na avaliación realizada. Pola contra, os usuarios que efectúan o cambio castelán > galego reciben valoracións moi severas: grupo «politizado», «impermeable», «intolerante», «intransixente».

No tocante á valoración dos modelos de lingua, o galego carece dunha norma de referencia que concite avaliacións uniformes entre os usuarios: a) o galego tradicional recibe avaliacións moi negativas por mor do seu escaso prestixio percibido; b) o galego normativo concita novos prexuízos que o relacionan cunha determinada orientación ideolóxica e unha determinada filiación sociolingüística (ser un neofalante). En resumo, o grupo sociolingüístico tradicional (que transmite e usa a lingua) e o grupo social innovador (exemplo de cambio castelán > galego) son caracterizados moi negativamente.

Outra cuestión para considerar é a percepción da competencia lingüística en galego. Está bastante estendido o que denominamos como *discurso do descoñecemento da lingua*: entre os castelanfalantes, principalmente urbanos, este discurso utilízase como escusa para non usar a lingua galega. Este discurso atopa a súa base principal na inexistencia de interaccións en que estea presente o galego, de maneira que as poucas oportunidades de uso inciden na infravaloración da competencia oral individual.

Con respecto ás actitudes ante o ensino, hai un discurso maioritario favorable á aprendizaxe das distintas linguas (o que damos en denominar o *discurso do plurilingüismo*), centrado en valorar explicitamente os aspectos positivos da adquisición de competencias lingüísticas. As actitudes abertamente negativas ante a presenza elevada do galego no ensino son marxinais (se cadra non é politicamente correcto). As valoracións sobre este ámbito nos mozos galegofalantes son contraditorias: para uns o ensino é desgaleguizador; para outros o paso de primaria a secundaria ou á universidade supón unha nova galeguización. É, precisamente, a mocidade urbana quen opina maioritariamente que a escola debe desempeñar un papel máis destacado na normalización da lingua.

Como debemos interpretar estes datos e estas tendencias actitudinais? Nin tanto nin tampouco: as actitudes explícitas cambiaron moito, e as implícitas algo menos. Seguramente tivemos un espellismo cos datos do MSG: as actitudes non cambiaron tanto (a prol do galego) como parecía; cambiaron moito as actitudes explícitas, pero segue habendo un substrato que resulta difícil de cambiar, e é o que se pon de manifesto ao utilizar técnicas cualitativas.

A modo de conclusión, e centrándonos principalmente na mocidade, nestes anos está a emerxer unha nova percepción da lingua galega que reforza o seu prestixio social. Algunhas actividades, actuacións e procesos favorecen o cambio de certos estereotipos sobre a lingua. A mocidade observa que o coñecemento da lingua galega comeza a ser necesario para acceder a certas actividades laborais. E, entre a mocidade, os prexuízos cara á lingua galega aparecen máis atenuados ca na poboación adulta, e mesmo hai sectores que manifestan actitudes favorables cara á lingua.

Porén, por unha banda, non se visualiza no galego un elemento claro e aberto de utilidade e de prestixio social. O coñecemento e mais o uso do galego non se valoran como un elemento nuclear á hora de acceder ao mercado laboral, fronte ao que si ocorre co castelán ou, en determinados casos, co inglés. No acceso á Administración pública, ser galegofalante non ten un papel relevante, xa que se resolve co simple requisito formal da realización dos cursos de galego.

E, por outra banda, en certos sectores da mocidade aínda persisten prexuízos sólidos sobre o galego e opinións negativas a respecto da súa utilidade, o que contribúe a facelo un idioma con escasa capacidade de atracción para a xente nova. Noutros casos dáse unha valoración social aparentemente neutra ou ambigua da lingua galega que segue sendo favorecedora do castelán. E, como sinalamos no apartado anterior dedicado aos usos lingüísticos, os sectores da mocidade que, tendo o castelán como lingua habitual, ven con simpatía o galego e lles gustaría utilizalo, non atopan as condicións sociais favorables e favorecedoras desa utilización.

En calquera caso, cómpre sinalar a boa receptividade xeral de todas as accións de promoción social da lingua galega entre todos os sectores sociais, tamén no caso da mocidade. Neste liña podemos considerar a mocidade como un sector adaptable a novas situacións e con capacidade de implicación nos novos procesos sociolingüísticos en marcha. As opinións manifestadas van na dirección de que moitos mozos e mozas estarían dispostos a desenvolver actividades culturais e de lecer en galego.

Con todo, dado que as medidas de normalización aplicadas ata o momento foron febles e, ademais, non se vixiaba adecuadamente o seu cumprimento, non sabemos ata que punto a posible intensificación das ditas medidas poderían provocar rexeitamento nalgúns sectores. Tamén é certo que se manifesta un certo temor, claramente infundado, a que a promoción do galego poida supoñer unha perda de competencia en castelán, de xeito que o aumento da presenza do galego se percibe como unha ameaza para esoutra lingua. Ademais, algúns galegofalantes de sempre menosprezan a importancia das medidas de normalización e acusan os responsables de levalas a cabo de moverse unicamente por intereses particulares e de instrumentalizar a lingua.

3. A IDADE COMO INDICADOR NAS CONSECUCENCIAS LINGÜÍSTICAS DE CONTACTO

No ámbito das consecuencias lingüísticas do contacto na lingua galega, o papel da idade pode ser relevante en dous aspectos: por unha banda, na presentación de fenómenos de variación lingüística –principalmente nos eixes da variación diacrónica e da variación social–, e, por outra, na presentación de fenómenos lingüísticos inducidos polo contacto co castelán –situándonos, desta volta, no paradigma da interferencia lingüística. Tanto uns fenómenos lingüísticos coma outros podemos encadralos no escenario da variación que detectamos no galego actual tanto no nivel das variantes/formas coma das variedades⁹.

Se consideramos as fontes directamente responsables da formulación dos fenómenos de variación, podemos concretar tres fontes básicas para o galego actual: a) a dinámica propia da variación lingüística interna no galego, tanto a nivel da variación formal coma funcional; b) a presión continuada da situación de contacto co castelán; c) o proceso de estandarización lingüística contemporánea da lingua galega.

A primeira fonte de fenómenos lingüísticos é a que procede das dinámicas propias da variación lingüística interna no galego, tanto a nivel da variación formal coma funcional¹⁰. Convén sinalar que a extensión da variación social e da variación funcional ou estilística en galego foi moi escasa ata agora debido, precisamente, á redución de funcións e de ámbitos de usos que sufría a lingua. Pódese argumentar, por tanto, que o galego era, ata un certo punto, unha variedade formalmente ‘encollida’. Esta situación foi mudando a medida que se foi desenvolvendo o proceso de recuperación social e institucional contemporáneo da lingua, e ese proceso de expansión formal asentouse unha vez que o galego dispuxo dunha variedade estándar.

A segunda fonte de fenómenos lingüísticos é a que procede da presión exercida pola mesma situación de contacto. A interacción entre galego e castelán foi xerando unha xerarquización tanto no tipo e dirección coma na cantidade de transvasamentos lingüísticos mutuos, resultando que a influencia do castelán sobre o galego foi máis relevante cuantitativa e cualitativamente. Parece evidente que a evolución formal do galego non pode ser nin explicada nin descrita adecuadamente sen recorrer aos avatares da situación de contacto e mais á influencia, directa e indirecta, do castelán en particular. Xa que logo, a presión lingüística do castelán e os avatares propios da situación de contacto influíron poderosamente na evolución estrutural do galego.

⁹ López Morales (1999: 117) sinala que os perfís de distribución sociolingüística vinculados coa idade poden ser o reflexo de tres posibilidades: a) fenómenos de identidade en certos grupos xeracionais; b) fenómenos de autocorrección, principalmente nos grupos intermedios de idade; c) fenómenos que revelan cambios lingüísticos en marcha.

¹⁰ Utilizamos neste punto a terminoloxía de M.A.K. Halliday, quen distingue entre fenómenos lingüísticos relacionados cos *usuarios* e fenómenos relacionados cos *usos* da lingua (cf. Gregory e Carroll, 1978).

Finalmente, a estandarización da lingua galega constitúe a terceira fonte de fenómenos lingüísticos. A consecución dunha variedade estándar, enfocada primeiramente cara á lingua escrita, foi xerando un modelo de referencia, unha especie de marco neutral apto para as funcións típicas e diversas que desenvolve unha variedade desa natureza: as funcións de unificación da diversidade dialectal e a de servir de elemento de cohesión grupal.

A estandarización da lingua galega é un proceso recente no tempo, levado a cabo cando a substitución social do galego polo castelán se atopaba nunha etapa avanzada. Sendo unha «estandarización serodia», en palabras de Ramón Mariño, a difusión social do modelo estándar non se chegou aínda a completar (non chegou, por exemplo, á poboación non escolarizada ou a que si foi escolarizada antes da aprobación da normativa en 1982), nin é socialmente intensa, por mor da complexa situación sociolingüística da lingua, e ademais a propia codificación do estándar foi obxecto de contestación por certos sectores, minoritarios pero activos, da sociedade galega.

Estas tres fontes de fenómenos de variación animan a aparición de formas lingüísticas e de variedades de distinta natureza. Os diferentes grupos de idade presentan tipos de variedades e de variantes diferenciados, que constitúen o que podemos denominar como repertorio lingüístico interxeracional.

Imos examinar, aínda que sexa cunha maior brevidade do que sería preciso para un tema desta envergadura, a configuración dos novos lectos sociais –neste caso, concretamente, o «galego audiovisual»– e do «galego urbano». En ambos os casos, a idade é unha variable omnipresente na configuración sociolingüística de ambos os *lectos*. Porén, convén sinalar que ao referírmonos ao galego audiovisual ou ao galego urbano estamos desenvolvendo un exercicio de abstracción, dado que nin todos os galegofalantes urbanos, coas características sociolingüísticas que despois sinalaremos, nin todos os locutores de radio ou televisión, por exemplo, exhiben unha mesma variedade lingüística cos trazos que agora debullaremos. E no caso concreto do galego audiovisual, certas situacións e procesos levados a cabo nos anos noventa están incidindo en que tal lecto social comece a mostrar outros elementos formais característicos¹¹.

No tocante ao «galego audiovisual», podemos definilo como un sociolecto profesional que se foi desenvolvendo desde os anos oitenta coa aparición da CRTVG. Asíciase con individuos novos, tanto homes coma mulleres, de biografía lingüística castelanófona e que producen un galego oral moi diferente do galego tradicional e moi achegado, pola contra, ao castelán.

Desde unha perspectiva formal, ese lecto audiovisual do galego ten algunhas características definitorias. En primeiro lugar, a súa configuración parte dun modelo lingüístico e estilístico pertencente ao castelán. A este respecto, esta cita de Dobao (1999) é ben elocuente.

¹¹ Entre estes factores debemos sinalar a creación, a principios dos noventa, da Facultade de Xornalismo na USC, ou a preocupación meirande dos medios audiovisuais en xeral pola capacitación lingüística dos traballadores que teñen presenza pública, mediante a organización de actividades formativas lingüísticas.

(...), a calidade lingüística das emisións da radio pública galega é moi catifeira. (...), o discurso oral da radio galega está tan lonxe do galego como próximo a pautas fónicas, prosódicas, sintácticas e estilísticas do castelán. Son poucos os profesionais que diante do micrófono demostran un aceptable dominio de recursos que lles permita emitir mensaxes orais con corrección.

O caso da TVG presenta situacións diferentes porque o seu universo referencial é máis amplo e as condicións de produción permiten intervencións máis directas. Desde o punto de vista fonético, tanto os programas informativos, creadores de modelos de referencia, coma os deportivos presentan un nivel lingüístico paupérrimo. (...). Os modelos expresivos camiñan cada vez máis nun exercicio de mímese, mesmo nos erros, dos modelos dos medios castelanófonos.

En segundo lugar, este lecto constrúese a partir dunha interpretación excesivamente literal e rixida da variedade estándar escrita do galego. Ao ser a versión escrita do estándar o punto de partida e de chegada, a versión oral perde moitas das inflexións do galego tradicional.

En terceiro lugar, na medida en que é unha variedade planificada configúrase cunha importante profusión de cultismos e de neoloxismos, froito dunha intensa depuración léxica. Este trazo afasta aínda máis esta variedade daquelas tradicionais, pero desta volta estamos ante un proceso lóxico e necesario nun proceso de elaboración da lingua.

Finalmente, os modelos estilísticos utilizados para confeccionar esta variedade do galego parecen proceder do castelán, non do galego. Se o castelán é a fonte estilística principal, o resultado será necesariamente unha variedade formal afastada daquelas variedades tradicionais e significativas da oralidade galegófona.

As características formais que acabamos de apuntar supoñen a elaboración dun lecto social con diferentes valoracións sociais, non todas coincidentes. Por unha banda, este modelo lingüístico carece de autenticidade lingüística e por iso é criticado e valorado negativamente por ser excesivamente diverxente a respecto doutras variedades orais do galego. Pero, por outra, moitos falantes, en xeral, tenden a adxudicarlle referentes positivos de status social. E isto vén motivado polo escaso prestixio social que teñen precisamente esas variedades do galego que si posúen autenticidade.

Con respecto ao «galego urbano»¹², Regueira (1999) sinala como características sociolingüísticas as seguintes: a) son variedades desenvolvidas nos contornos urbanos; b) están asociadas a grupos de menor idade e que tiveron unha exposición reducida ao galego

¹² Dubert (1998: 237) constata a existencia de diversos tipos de variedades lingüísticas diverxentes respecto das consideradas populares ou tradicionais: «Con todos estes datos resulta posible asociar series de trazos fonolóxicos, morfolóxicos e sintácticos para caracterizar modelos de fala, de xeito que moitas veces a presenza dun trazo chega a implicar a presenza doutros (...). Desta maneira, os trazos semellan non presentarse illados, senón que maioritariamente se dan en bloques, e uns falantes decántanse por uns conxuntos de trazos e outros por outros».

na familia e na comunidade, ou que tiveron unha historia lingüística familiar sen apenas presenza do galego; c) os seus usuarios teñen coñecemento do galego estándar, a través da escola e/ou dos medios de comunicación; d) o achegamento –ou adopción– da lingua galega prodúcese na adolescencia; e) estes usuarios mostran actitudes neutrais ou positivas ante a lingua e ante os referentes evocados polo galego.

No tocante ás características lingüísticas que conforman as variedades urbanas, debemos constatar a presenza de elementos característicos do castelán (base fónica do castelán; entoación marcadamente castelá; presenza de diversas interferencias fonéticas, morfolóxicas e sintácticas), fenómenos de simplificación como consecuencia da mesma situación de contacto lingüístico (por exemplo, ausencia da regra de transformación /N / > /n / naqueles contextos precisos), e omnipresenza de formas e recomendacións de escolla presentes na variedade estándar, aínda que con algúns problemas (cf. Regueira, 1999).

A configuración formal das variedades urbanas do galego contrastan coa das variedades tradicionais. Mesmo no plano fonético, Vidal Figueiroa (1997) mostraba que no caso por el estudado na cidade de Vigo a diverxencia entre o galego urbano e o galego (vigués) tradicional se convertía en converxencia cando se comparaba o galego urbano co castelán falado en Vigo, tal como se facía notar no cómputo das estruturas fonéticas equivalentes.

Cadro 1. *Porcentaxe de estruturas fonéticas equivalentes*

Galego vigués tradicional / castelán (de Vigo)	46 %
Galego vigués tradicional / galego urbano culto	49 %
Galego urbano culto / castelán (de Vigo)	96 %

A busca dos motivos que subxacen nesa diverxencia entre as variedades populares e as urbanas non debe cingirse só a cuestións competenciais e de praxe lingüística efectiva. Temos, por unha banda, falantes de galego con diferente tipo e cantidade de información dialectal interiorizada durante o proceso de adquisición do galego. Tamén, por outra banda, a influencia dos modelos de lingua estándar e o papel conferido ao castelán como fonte de innovacións é diferente nos distintos casos. E, finalmente, por parte daqueles falantes que se incorporan serodiamante ao galego, como ocorre no caso dos novos falantes urbanos, a falta dunha valoración e de referentes positivos nas falas tradicionais (véxase o que comentamos na sección dedicada ás actitudes lingüísticas, cf. XXX) pode ter como consecuencia a procura dun modelo de lingua cunha fasquía diferente daquelas variedades orais tradicionais fortemente estigmatizadas.

Tanto no caso dos lectos audiovisuais coma dos urbanos, atopámonos cunha construción lingüística moi estigmatizada, que é a do *neofalante*. O neofalante é o individuo que se achega á lingua galega serodiamante, por diferentes motivos persoais, laborais ou simplemente interaccionais, e que despreza un modelo de lingua pouco rigoroso. De

feito, a figura do neofalante aparece no DAFO incluído no diagnóstico do PXNLG (cf. Xunta de Galicia, 1995) mediante tres referencias concretas, vinculadas directamente coa idade, todas elas consideradas como ‘puntos febles’ do diagnóstico: a) os neofalantes deturpan o galego xa que son maioría nos medios de comunicación, no ensino e na administración; b) os neofalantes empobrecen o galego porque menosprezan o galego tradicional/enxebre e porque buscan «a orixinalidade artificial nunha ortografía escurecedora»; c) o galego da CRTVG é de mala calidade pola acción dos neofalantes.

Tendencias que se poden suxerir a partir deste datos: moitas, se cadra a máis relevante é que anotamos profundas diferenzas xeracionais na elección de variantes dunha mesma variable. Isto lévanos a propoñer dúas xeracións ben diferenciadas: falantes novos vs. adultos /vellos.

4. CONCLUSIÓNS: ASPECTOS PARA O DEBATE

A revisión que acabamos de presentar da idade en relación cos comportamentos sociolingüísticos na Galicia actual, centrada nuns aspectos sociolingüísticos seleccionados e breve por mor das limitacións lóxicas de espazo, permítenos formular algunhas hipóteses de traballo, que debidamente xustificadas poden constituír as conclusións deste traballo. En primeiro lugar, a idade é unha variable sociolingüística de alto rendemento para analizar as condutas lingüísticas en Galicia debido á intensidade e profundidade dos cambios socioculturais e socioeconómicos; e en segundo lugar, fóronse construíndo diferentes estereotipos que vinculan a idade coa lingua galega. Malia que hai base empírica, estase construíndo unha imaxe social negativa da idade conforme a un esquema simplificador.

Con respecto á primeira das conclusións, constatamos que a idade é unha variable sociolingüística de alto rendemento para analizar as condutas lingüísticas en Galicia debido á intensidade e profundidade dos cambios socioculturais e socioeconómicos e políticos dos últimos 40 anos. Por tanto, se esta hipótese é correcta detectaremos diferenzas significativas entre os grupos de idade e determinados ítems sociolingüísticos que podemos vincular cos procesos de mantemento e de substitución lingüística.

Tamén se deriva desta hipótese que as xeracións máis novas tenderán a diverxer na súa conduta lingüística e sociolingüística das xeracións maiores, dado que o contexto de socialización e de vivencia social foi moi diferente. Finalmente, tendo en conta os cambios vinculados coa urbanización de Galicia, a idade en conxunción co hábitat de residencia poden establecer unha macrovariable de relevancia por determinar.

Con respecto á segunda das conclusións —a de que se foron construíndo diferentes estereotipos que vinculan a idade e mais a lingua galega—, no ámbito do contacto de linguas en Galicia eses estereotipos vinculados coa idade e coa lingua galega tiveron diferentes extensións. Por unha banda, constrúese unha imaxe social negativa das xeracións máis novas —a mocidade— tanto no plano sociolingüístico —non falan galego— coma no

estritamente lingüístico –fálano mal. Así, considérase que a mocidade é castelanfalante, non utiliza o galego máis que de forma esporádica, a produción galegófona ten pouca calidade e, malia as boas actitudes ante o galego «politicamente correctas», as actitudes reais encubertas son moi negativas.

E, por outra banda, constrúese unha imaxe social ambivalente (contraditoria, máis ben) das xeracións maiores; é ambivalente porque nuns casos esa xeración se presenta en termos positivos (autenticidade, inxenuidade; falan o galego real, son os galegofalantes de verdade) e noutros casos a construción é claramente negativa (conservadores, interesados; falan con castelanismos; presentan actitudes pouco positivas cara ao galego debido seguramente ás condicións sociais que lles tocou vivir etc.).

A teor do visto ata agora, as xeracións maiores e, en parte as adultas, foron a vangarda do mantemento do galego, mesmo nas épocas máis difíciles do final do franquismo. E tamén se pode interpretar que a mocidade foi e segue a ser a vangarda do proceso substitutorio. Neste caso a mocidade urbana considérase a primeira liña da ondata castelanizadora e, por conseguinte, un obxectivo estratéxico para a recuperación lingüística.

Nesta visión un tanto simplista da realidade e dos procesos que a crean, hai elementos que debemos considerar. Por un lado, que a mocidade sexa a vangarda do abandono do galego é responsabilidade, indirecta polo menos, das xeracións anteriores, é dicir, adultos e vellos: eles (non) transmitiron o galego e traspasaron as normas e valores sobre a situación sociolingüística do momento e sobre a súa interpretación. É dicir, os/as mozos/as non deixarían de falar galego se non fose polos usos e polas valoracións que recibiron dos seus maiores. Sabemos, por suposto, que a cuestión familiar e comunitaria non é o único elemento pertinente. Debemos recoñecer que na infancia e na mocidade os valores extrafamiliares e os dos grupos de iguais poden influír tanto ou máis cós estritamente familiares. E que, hoxe máis ca nunca, o papel socializador das familias compártese con outras institucións sociais (por exemplo, a escola) e con outros ámbitos sociais (medios de comunicación, grupos de iguais etc.). Pero vellos e adultos desempeñaron un papel central nese proceso de non reprodución do galego por parte dos máis novos/as que non podemos obviar.

Por outro lado, constátanse dinámicas de recuperación do galego en contextos propicios para o castelán. Contamos con exemplos de procesos de substitución inversos castelán > galego, producidos en determinados ámbitos urbanos (caso de Santiago de Compostela, pero tamén das outras cidades galegas) por parte de falantes mozos e mozas. Ademais, debemos valorar na súa xusta medida o deostado concepto de ‘neofalante’, desde a vertente sociolingüística: falantes novos urbanos que proceden dun contexto familiar castelanófono e que realizan un cambio de lingua, de intensidade e cantidade variable segundo os casos, por motivos ideolóxicos e/ou profesionais.

Finalmente, os datos cuantitativos (na lingua inicial e habitual, por exemplo) parecen indicarnos que a caída da lingua galega nos grupos de idade máis novos está tocando fondo. Se aceptamos esta hipótese e lle engadimos o aumento da competencia lingüística en galego e o cambio actitudinal en marcha, podemos establecer liñas de interpretación

que se encamiñen cara a direccións contrarias ás que ata agora conformaron ese discurso negativo respecto da mocidade e a lingua galega, un discurso que é só unha metáfora da consideración negativa do mesmo futuro do galego. Sen lle negar realidade aos datos preocupantes dispoñibles, é posible enxergar outros escenarios e outras hipótese de traballo máis realistas e, ao tempo, máis optimistas.

REFERENCIAS

- Cheshire, J. (1987): «Age and generation-specific use of language», en Ammon, U., Dittmar, N. e Mattheier, K. J. (eds.): *Sociolinguistics: An international handbook of the science of language and society*, volume I: 760-67 (Berlín: Walter de Gruyter).
- Dobao, X. A. (1999): «Un máster de galego na aldea. Discursos (e silencios) públicos ó redor do galego oral», en Álvarez, R. e Vilavedra, D. (eds.), *Homenaxe a Xesús Alonso Montero*: 349-66 (Santiago: Universidade de Santiago de Compostela).
- Dubert, F. (1998): *Aspectos do galego de Santiago de Compostela* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Dubert, F. (2002): «Os sociolectos galegos», en *Cadernos de Lingua*, 24: 5-27.
- Eckert, P. (1997): «Age as a sociolinguistic variable», en F. Coulmas (ed.): *The handbook of sociolinguistics*: 151-67 (Oxford: Blackwell), 151-67.
- Gregory, M. e Carroll, S. (1978): *Language and situation. Language varieties and their social contexts* (Londres, Routledge) [tradución ao castelán: *Lenguaje y situación* (México: Fondo de Cultura Económica) 1986].
- Iglesias, A. (2002): *Falar galego: 'no veo por qué'. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia* (Vigo: Xerais).
- López Morales, H. (1993) [1988]: *Sociolingüística* (Madrid: Gredos).
- Loredo, X., Fernández Salgado, A. e Suárez Fernández, I. (2005): «Análise da expresión escrita en galego e castelán ao final do ensino obrigatorio. Resultados dun estudo realizado na comarca de Santiago de Compostela», en *Cadernos de Lingua*, 27: 109-25.
- Monteagudo, H. e Lorenzo Suárez, A. M. (coords.) (2005): *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)* (Santiago de Compostela: Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega).
- Ramallo, F. F. e Rei-Doval, G. (1997): *Publicidade e lingua galega* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- Regueira, X. L. (1999): «Estándar oral e variación social da lingua galega», en Álvarez, R. e Vilavedra, D. (eds.): *Homenaxe a Xesús Alonso Montero*: 854-75 (Santiago: Universidade de Santiago de Compostela).

- Seminario de Sociolingüística da RAG (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* (A Coruña: Real Academia Galega).
- Seminario de Sociolingüística da RAG (1995): *Usos lingüísticos en Galicia* (A Coruña: Real Academia Galega).
- Seminario de Sociolingüística da RAG (1996): *Actitudes lingüísticos en Galicia* (A Coruña: Real Academia Galega).
- Seminario de Sociolingüística da RAG (2003): *O galego segundo a mocidade. Unha achega ás actitudes e discursos sociais baseado en técnicas experimentais e cualitativas* (A Coruña: Real Academia Galega).
- Silva Valdivia, B. (2006): *Castelanismos morfolóxicos no galego. Avaliación da competencia do alumnado* (Santiago de Compostela: ICE da Universidade de Santiago de Compostela).
- Vidal Figueiroa, T. (1997): «Estructuras fonéticas de tres dialectos de Vigo», en *Verba*, 24: 313-32.
- Xunta de Galicia (2005), *Plan xeral de normalización da lingua galega* (Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria).

A lingua galega nas etapas de educación infantil e primaria

BIEITO SILVA VALDIVIA

Universidade de Santiago de Compostela

INTRODUCCIÓN

Os estudos sociolingüísticos realizados en Galicia desde a transición política no Estado español prestáronlle unha atención moi especial ao eido educativo, seguramente por un consenso tácito entre os que se ocupaban e preocupaban por estas cuestións de que o ensino debía ser unha panca fundamental na recuperación da lingua galega. Este interese manifestouse en múltiples investigacións centradas nos indicadores de competencia, uso e actitudes de alumnado e profesorado, así como no emprego deste idioma como instrumento vehicular do currículo, unha vez que a lingua galega se incorporou ao sistema educativo e esta presenza comezou a ser regulada en normas específicas¹.

¹ Sen propósito exhaustivo e referíndonos só aos niveis non universitarios, podemos citar entre estes traballos de investigación os seguintes: Rojo, G. (1979): *Aproximación a las actitudes lingüísticas del profesorado de EGB en Galicia* (Santiago de Compostela: ICE da USC); Monteagudo, H. (dir.) (1985): *Aspectos sociolingüísticos do bilingüismo en Galicia segundo os alumnos da 2ª etapa de EXB* (Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Política Lingüística); Rodríguez Neira, M. e Rubal Rodríguez, X. (1987): *O galego no ensino público non universitario*, (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega); Rubal Rodríguez, X. (dir.) (1992): *Aproximación á situación da lingua no ensino non universitario (Preescolar e EXB)*, (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia); Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (1998): *Estudio sobre o uso do idioma galego. Enquisa realizada ós centros de ensino de Galicia* (documento inédito); Freixeiro Mato, X. R. (coord.) (2002): *As linguas minoritarias europeas no ámbito do ensino. Análise da situación en Galiza, País Basco e Bretaña* A Coruña: Asociación Sócio-Pedagóxica Galega); Monteagudo, H. e Bouzada, X. M. (coords.) (2002): *O proceso de normalización do idioma galego, Vol. II Educación*, (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).

Á parte destes estudos máis monográficos, a situación escolar da lingua galega estivo presente tamén noutros moitos traballos de investigación sociolingüística non centrados exclusivamente na situación escolar (como os que deron lugar na década de 1990 ao coñecido como *Mapa Sociolingüístico de Galicia*, ou máis recentemente á publicación do Consello da Cultura Galega co título de *A sociedade galega e o idioma: 1992-2003*) ou que non tiñan un carácter especificamente lingüístico, como sucede, por exemplo, cos Informes periódicos do Consello Escolar de Galicia.

Estas investigacións tiveron case sempre un enfoque cuantitativo e apoiáronse en instrumentos de pescuda que reflectían a autopercepción dos suxeitos investigados no formato de respostas pechadas a un cuestionario. Esta perspectiva metodolóxica ten limitacións obvias, porque ofrece unha visión restrinxida –e ás veces mesmo condicionada–, e porque deixa fóra da análise as dimensións máis cualitativas da realidade investigada, pero permite dispoñer dunha perspectiva xeral e panorámica da evolución do idioma no marco escolar nos últimos vinte e cinco anos e, en certo modo, tamén dos resultados que se están a obter.

Dadas as limitacións temporais que impón este acto, renunciaremos explicitamente nas páxinas que seguen a facer consideracións diacrónicas, para centrármonos nos datos máis relevantes que achegan algúns dos estudos máis recentes sobre as etapas de educación infantil e primaria, e, sobre todo, para facer un balance do camiño andado ata este momento, para identificar as dimensións máis críticas da realidade lingüística nestes niveis educativos e para xustificar e valorar algunhas alternativas posibles desde o actual marco legal.

1. ALGÚNS INDICADORES DA SITUACIÓN

Co propósito de simplificación a que se aludiu no parágrafo anterior, presentaremos de xeito esquemático –e sen atender a estratificacións en función de variables de titularidade de centro, hábitat, nin ningunha outra– algúns datos tirados de tres investigacións relativamente recentes e realizadas cun enfoque metodolóxico e de mostraxe moi diferente, pero que por iso mesmo poden resultar complementarias: o *Estudio sobre o uso do idioma galego* (inédito), feito pola antiga Dirección Xeral de Política Lingüística no curso 1997-98, o volume referido a *Educación* da investigación coordinada por H. Monteagudo e X. Bouzada para o Consello da Cultura Galega co título de *O proceso de normalización do idioma galego 1980-2000*, e finalmente, o estudo dirixido por H. Monteagudo e A. Lorenzo titulado *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística en Galicia (1992-2003)* e realizado tamén desde o Consello da Cultura Galega². Por acoutar aínda máis a

² O *Estudio sobre o uso da lingua galega* da DXPL ten un carácter exhaustivo, por abranguer todos os centros de ensino non universitario de Galicia e non unha simple mostra, e realizouse a través de tres cuestionarios que debían ser respondidos por distintos informantes: un pola Dirección, outro polo Equipo de Normalización Lingüística (nos dous casos referidos ao conxunto do centro) e un terceiro polos titores ou titoras (referidos a cada grupo específico). O *proceso de normalización do idioma galego, Vol. II Educación* do Consello da Cultura Galega combinou unha metodoloxía cuantitativa con outra centrada no estudo de casos. No que se refire á primeira, ofrece datos combinados de tres fontes –Equipos Directivos (ED), Equipos de Normalización Lingüística (ENL) e observación directa– a partir dunha mostra de centros de educación infantil e primaria. Na nosa exposición tomaremos como referencia os datos fornecidos polos ED e polos ENL. Finalmente, *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística en Galicia (1992-2003)* utilizou datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia e da enquisa ás familias de 2003 do Instituto Galego de Estatística, para valorar o proceso seguido pola lingua neses dez anos. Como se deduce das fontes que utiliza, os datos non se cinguen ao ámbito educativo e á poboación escolar, pero dedícaselle un capítulo a este sector, que é ao que nos referimos nesta exposición.

información, referirémonos exclusivamente ao indicador ‘uso lingüístico’, se ben remi-tíndoo a dúas dimensións diferenciadas: unha non curricular (lingua familiar, ambiental e habitual) e outra curricular.


1. 1. DATOS DO *ESTUDIO SOBRE O USO DO IDIOMA* DA DXPL

a) **Lingua ambiental, familiar e habitual do alumnado**

Considerados os datos globalmente e sen estratificar por variables de hábitat, nivel nin tipoloxía de centro, as respostas dadas polos informantes deste *Estudio* indican que tanto a lingua familiar como a ambiental do alumnado no conxunto de Galicia é maioritaria-mente o galego, se ben en porcentaxes máis altas en primaria ca en secundaria.

No que se refire á lingua habitual dos estudantes, ofrécense algúns datos contradi-torios; pero sempre nunha liña de castelanización en todos os niveis educativos: entre o alumnado de primaria as distancias entre a porcentaxe de caída do galego como lingua habitual é de 12 puntos porcentuais en relación coa lingua familiar e chega aos 20 se a comparación a facemos coa lingua do contorno. Esta perda de protagonismo do galego é difícil interpretala a partir duns datos simplemente estatísticos como son os que fornece este *Estudio*, pero indica con clareza que o proceso de escolarización leva asociado unha diminución no uso do galego por parte dos nenos e das nenas.

O detalle sobre o uso habitual do galego por parte do alumnado de infantil e de primaria, distribuído por niveis e en treitos porcentuais de emprego desta lingua, pódese observar na seguinte gráfica³:



³ Esta gráfica está collida dun informe elaborado polo ICE da USC para o Consello Escolar de Galicia co título de «Evolución e estado actual do sistema educativo en Galicia» en 2005 (inédito). A fonte para a súa elaboración foi o *Estudio sobre o uso do idioma galego* da DXPL (páxs. 34, 44 e 65) ao que nos vimos referin-do neste apartado.

b) Lingua vehicular do currículo

Canto ao emprego do galego como lingua vehicular do currículo, o *Estudio* da DXPL presenta a seguinte situación nos niveis educativos aos que nos estamos a referir:

- En educación infantil hai un 40% de aulas nas que o galego ten unha presenza importante ao ser utilizada en máis de 15 horas de clase á semana; pero existe unha porcentaxe case idéntica de aulas nas que o galego ou non está presente ou ocupa menos de 5 horas. No que se refire á aprendizaxe da lectura e da escritura nesta etapa educativa, en máis da metade dos centros realízase en castelán, en algo menos dun terzo en galego e en pouco máis do 10% nas dúas linguas.
- No 1.º ciclo de educación primaria hai varias cuestións que merecen ser subliñadas: o castelán segue sendo claramente dominante no ensino-aprendizaxe da lectura e da escritura, con datos moi semellantes aos de infantil, pero coa agravante de que o uso monolingüe do galego se reduce bastante a favor do bilingüe (as porcentaxes aproxímanse moito e sitúanse nos dous casos pouco por riba do 20%). Por outra banda, o uso do galego noutras áreas do currículo ofrece datos variados, pero sorprende que nun 28% das aulas se escolla a opción ‘Non sabe / Non contesta’ para a pregunta sobre as horas dedicadas a Lingua Galega, ou que o Coñecemento do Medio estea lonxe de desenvolverse plenamente en galego como está fixado legalmente (só o 56% dos centros declara que imparte 4 ou 5 horas desta área neste idioma).
- No 2.º e 3.º ciclo de educación primaria hai case 1 de cada 5 aulas (o 18%) que non imparte ningunha hora semanal de Lingua Galega, e unha porcentaxe moi similar responde o mesmo para Coñecemento do Medio. Nas outras áreas o galego ten unha presenza desigual, pero sempre minoritaria: arredor do 30% en Educación Física, seguida da Educación Artística (28%), das Matemáticas (25%) e da Relixión (20%).

1. 2. DATOS DE O PROCESO DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA 1980-2000 DO CCG

a) Lingua ambiental, familiar e habitual do alumnado

- A apreciación sobre a lingua que máis se fala no contorno dos centros educativos de infantil e primaria que constitúen a mostra da investigación dá os seguintes resultados: ‘só galego’, o 17,5%; ‘máis galego’, o 30,5%; ‘máis castelán’, o 38,5%; ‘só castelán’, o 13%. Estes datos mostran que as prácticas lingüísticas dominantes son as bilingües, en porcentaxes que case dobran e triplican as monolingües en galego e castelán, respectivamente. E, sumados os usos de cada lingua –exclusivos e maioritarios–, comprobamos que os resultados son case idénticos nos dous idiomas (48% en galego e 52% en castelán).

- Canto á lingua predominante nas familias, obsérvase unha situación bastante similar: o 15% correspóndese coa opción de ‘só galego’, o 35% coa de ‘máis galego’, o 37% coa de ‘máis castelán’ e o 13% coa de ‘só castelán’. Neste caso a suma dos monolingües e dos bilingües con predominio dun dos idiomas dá porcentaxes absolutamente idénticas: 50%, tanto para o galego coma para o castelán.
- No que toca ao indicador de lingua habitual nos centros de infantil e primaria, os datos son moi diferentes, segundo que se trate do persoal non docente, do profesorado ou do alumnado: no primeiro caso dominan claramente as prácticas galegófonas (o 80% se sumamos o monolingüismo e o bilingüismo maioritario neste idioma); entre o profesorado os usos bilingües chegan ao 90%, cun lixeiro predominio do ‘máis galego’ sobre o ‘máis castelán’, e, finalmente, o alumnado presenta unha situación moito máis castelanizada (o 63%, entre as opcións ‘máis castelán’ e ‘só castelán’). A seguinte táboa permite ver o detalle da lingua habitual nestes tres colectivos.

Lingua habitual de distintos colectivos escolares

	Só galego	Máis galego	Máis castelán	Só castelán
Persoal non docente	40,7%	39,2%	15,1%	5%
Profesorado	4,5%	48%	41,4%	5,6%
Alumnado	14%	23%	43,5%	19,5%

Fonte: *O Proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)*. Educación, páx. 387

- Finalmente, fixándonos especificamente en educación infantil, o uso lingüístico maioritario do alumnado é o de ‘máis castelán ca galego’ (o 40% e o 46%, segundo que os informantes sexan os ENL ou as direccións), seguido do de ‘só castelán’ (o 29% e o 23% de acordo coas mesmas fontes), do de ‘máis galego ca castelán’ (arredor do 20%) e, finalmente, do ‘só galego’ (un 11%). As diferenzas son moi importantes entre os centros públicos e os privados, e tamén entre os situados en zonas máis rurais ou máis urbanas, sempre na liña sinalada por todos os estudos sociolingüísticos, pero non entraremos nesta análise.

b) Lingua vehicular do currículo

- En educación infantil a información ofrecida polos Equipos Directivos (ED) e polos Equipos de Normalización Lingüística (ENL) sobre a lingua utilizada polo profesorado nas aulas ofrece algunhas discrepancias, se ben coincide en que o galego é minoritario en relación co castelán, pero cun lixeiro incremento consonte se avanza en idade, tal como mostra o seguinte cadro:

Lingua utilizada polo profesorado en educación infantil (segundo os ED e os ENL)

	3 anos		4 anos		5 anos	
	ED	ENL	ED	ENL	ED	ENL
Só galego	16,2	10,9	15,3	11,5	18,4	16,5
Máis galego	18,9	20,3	23,5	24,2	22,7	25,3
Máis castelán	45,3	44,9	45,3	40,8	43,2	38,8
Só castelán	18,9	22,5	15,3	21	14,6	17,6

Fonte: *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)*. Educación, CCG, páx.: 144

Sobre o tempo que se lle dedica a traballar coa lingua galega para mellorar a competencia do alumnado nela, os datos indican que maioritariamente é de menos de 1 hora por día (en máis do 40% dos casos), seguido de arredor dun 30% que lle dedica 1 hora. Neste caso as opinións dos ED e dos ENL son bastante coincidentes.

- Para analizar a presenza curricular do galego no primeiro ciclo de primaria, os responsables deste informe distinguen dous tipos de centros: os que imparten todo en castelán, agás as materias que obrigatoriamente se deben desenvolver en galego, que son a gran maioría (o 83% da mostra segundo os ED e o 85% de acordo cos ENL), e os que utilizan o galego en todas as áreas, coa excepción da de lingua e literatura castelás (o 17% ou o 15%, respectivamente, segundo esas dúas fontes). Cando entran no detalle das materias que se imparten en galego, o máis destacable é que entre o 15% e o 20% dos centros da mostra (segundo que os informantes sexan os ED ou os ENL) non utilizan este idioma en ningunha outra que non sexa a de Lingua e Literatura Galegas.
- No 2.º e 3.º ciclo de primaria os datos, moi simplificados, son os seguintes: a área de Lingua e Literatura Galegas e a de Coñecemento do Medio impártense de xeito moi xeneralizado en galego, tal como está legalmente establecido, se ben cun módulo horario variable e que nunha porcentaxe relativamente importante dos centros está por debaixo de tres horas semanais: nun 20% no que se refire á de Lingua e Literatura Galegas e nun 16% no tocante á de Coñecemento do Medio, segundo a información dos ENL (arredor dun 10% nos dous casos se os informantes son os ED). No tocante á segunda área que se debe impartir en galego, a máis escollida é a de Matemáticas (en máis do 20% dos casos), seguida da Relixión, a Educación Física e a Plástica (en porcentaxes de pouco máis do 10%); pero detéctase que hai preto dun 20% de centros que non ten fixada esta segunda materia en idioma galego, o que os sitúa á marxe da lexislación lingüística vixente.

1.3. DATOS DE *A SOCIEDADE GALEGA E O IDIOMA. A EVOLUCIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA EN GALICIA (1992-2003)*

A información desta investigación non se refire a niveis educativos, senón que se presenta por treitos de idade, o que dificulta unha comparación rigorosa coa dos outros estudos que acabamos de comentar. O grupo de idade ao que nos referiremos é o de ‘menos de 16 anos’, un colectivo que só de xeito aproximado se corresponde coas etapas escolares que estamos analizando, pero que nos pode servir orientativamente para completar, desde outra perspectiva metodolóxica, o cadro sobre uso lingüístico –extraescolar e escolar– que debuxan as outras dúas investigacións.

a) *Lingua habitual*

Da comparación entre os datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia (MSG) de 1992 e do Instituto Galego de Estatística (IGE) de 2003 dedúcese que a tendencia á diminución do galego como lingua habitual continuou; é dicir, que os individuos delimitados nos mesmos tramos de idade falan menos galego en 2003 ca os seus homólogos once anos atrás.

Referíndonos en concreto aos menores de 16 anos (colectivo non considerado no MSG), os datos sobre lingua habitual que ofrece a enquisa do IGE son os seguintes: ‘só galego’, o 28%; ‘máis galego’, o 13,9%; ‘máis castelán’, o 25%; ‘só castelán’, o 33,1%. Obsérvase, xa que logo, que neste grupo de idade o castelán é xa lingua maioritaria, cunha porcentaxe de usuarios, entre monolingües e bilingües con uso preferente deste idioma, que supera o 58%.

b) *Lingua do currículo*

Os indicadores que se tomaron como referencia nesta investigación para detectar o clima lingüístico do ensino foron a ‘lingua das clases’ e a ‘lingua dos exames’, dúas variables incluídas no cuestionario do IGE para o conxunto da poboación. Cinguíndonos especificamente ao colectivo de menos de 16 anos, os datos son os que se recollen na seguinte táboa.

Lingua das clases e dos exames en menores de 16 anos

	Só galego	Máis galego	Máis castelán	Só castelán
L. das clases	11,6	39,5	39,3	9,6
L. dos exames	11,9	32,2	34,1	21,8

Destes datos deduciríase que o galego e o castelán teñen unha presenza moi similar como vehículos da docencia, aínda que o segundo destes idiomas segue sendo bastante maioritario na realización dos exames. E, se os poñemos en relación cos datos sobre lingua habitual desta mesma enquisa teríamos que formular unha conclusión discordante coa de todas as investigacións anteriores: que o uso escolar do galego xa non vai por

detrás do uso habitual que fan desta lingua os individuos deste tramo de idade; unha realidade que, non obstante, cómpre atribuír probablemente á galeguización da escola, pero con maior contundencia aínda á desgaleguización social, sinaladamente a dos máis novos.

2. ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS VALORATIVAS

A partir destes datos e doutros estudos e opinións non reflectidas no apartado anterior, formulamos de seguido algunhas valoracións –necesariamente simples e pouco matizadas– sobre o que deu de si a política lingüística no eido da educación infantil e primaria e sobre a situación na que nos atopamos na actualidade.

- a) As dinámicas lingüísticas que se xeraron no eido escolar, promovidas tanto pola lexislación lingüística como por moitas iniciativas individuais e colectivas, fixeron que a lingua galega se fose asentando con bastante normalidade nas tarefas administrativas (sobre todo escritas) e en boa parte do traballo diario, e tamén que moitos dos prexuízos e resistencias contra o galego se fosen superando.
- b) Ese mesmo clima lingüístico que se xerou no eido escolar e social permitiu ir configurando un espazo curricular para a lingua galega, tanto como área de coñecemento como no seu papel de idioma vehicular doutras áreas. A isto contribuíu a maior concreción do Decreto de 1995 á hora de definir as áreas e materias que necesariamente se deben impartir neste idioma.
- c) A galeguización da vida académica foi, porén, máis cativa do que a propia lexislación permitía, fundamentalmente, por dúas razóns: o escaso estímulo e vixilancia da administración educativa para garantir o seu cumprimento, e un insuficiente compromiso de moitos centros educativos para planificar a utilización da lingua galega máis alá dos mínimos establecidos pola lei.
- d) Esa visión restritiva da lexislación lingüística estendeuse de xeito tácito sobre o sistema educativo, asentándose de maneira moi xeneralizada a idea de que as áreas que non están fixadas obrigatoriamente en galego deben funcionar en castelán. Ao cambio desta mentalidade non ten contribuído practicamente nada a cativa, feble e moitas veces desinteresada estrutura normalizadora da administración educativa.
- e) Aínda que parece que se produciron avances, a maioría de informes sinalan un desaxuste entre a lingua ambiental e familiar (maioritariamente o galego) e a escolar (maioritariamente o castelán), o que confirma unha denuncia sistematicamente repetida de que a escola funciona máis como instrumento castelanizador ca galeguizador. Esta apreciación non se confirma, porén, na enquisa máis recente (a do IGE de 2003), sen que sexa doado saber se este cambio se debe

- máis á galeguización da escola ou á desgaleguización dos individuos en idade escolar.
- f) A presenza da lingua galega foi e segue sendo especialmente insuficiente en educación infantil e na lectoescritura, unha etapa e unha aprendizaxe de especial transcendencia na socialización escolar dos nenos, na súa incorporación á vida académica e na configuración de imaxes sobre o papel das linguas.
 - g) Non é doado falar de resultados pedagóxicos condicionados polo uso vehicular dunha ou doutra lingua no sistema escolar galego, porque, aínda que se realizaron estudos parciais, non dispoñemos de ningunha investigación global e extensiva que permita contrastar aprendizaxes realizadas a través de distintos modelos de ensino bilingüe.
 - h) Os resultados sociolingüísticos son tamén difíciles de avaliar, porque tanto na valoración como na opción por unha ou outra lingua nun contexto bilingüe inflúen moitos máis factores ca os escolares. O que si é un dato constatado en todas as investigacións é que, malia a aparente superación de vellos prexuízos lingüísticos, o uso que fan os xoves do idioma galego é cada vez máis minoritario, e non parece que os contextos escolares favorezan o cambio desta tendencia.
 - i) Finalmente, cómpre sinalar que existen diferenzas importantes na galeguización dos centros, tanto en función da súa localización xeográfica como da súa titularidade. Polos límites que impón este relatorio decidimos prescindir dunha análise diferenciada desta situación, pero non debemos ignorar o risco de que se vaian asentando situacións lingüísticas escolares diversas que reforcen, ademais, a idea de colectivos sociais tamén distintos e, en último termo, de varias Galiciaas que viven de costas entre si.

Como síntese, pódese afirmar que, aínda que o sistema educativo foi o ámbito onde se centrou a maior atención lexislativa e tamén o maior esforzo na promoción do idioma, a escola non conseguiu ser a panca normalizadora que moitos pensaron que podía ser. Obviamente, isto non se debe só a eivas na actuación escolar en relación coa lingua, senón tamén a que nas derivas dos comportamentos sociais –tamén nos lingüísticos– inflúen outras moitas rutinas, tensións e escenarios, de maneira que a actuación exclusiva sobre un deles está necesariamente condenada ao fracaso. Pero a aceptación dos límites da escola para corrixir por si mesma dinámicas adversas de moito peso non quere dicir que o seu papel non sexa crucial na configuración dunha sociedade máis consciente e respectuosa co seu, e mesmo que poida liderar en certo modo sinerxías complementarias noutros ámbitos como a familia ou o lecer. Agora ben, para iso cómpre reforzar o compromiso colectivo coa lingua, revisar deficiencias evidentes nalgunhas actuacións e introducir novas liñas de intervención que sirvan non só para darlle novo pulo ao idioma no eido escolar, senón tamén para conectalo de maneira moito máis eficaz con outras dimensións da vida en sociedade.

3. O PXNLG E AS ÚLTIMAS INICIATIVAS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG), aprobado no Parlamento de Galicia en setembro de 2004, ofrece un diagnóstico detallado da situación do galego no ensino, no formato de puntos fortes e débiles, que profunda en moitos dos aspectos que citamos máis arriba, propoñendo, a partir de aí, unha serie de obxectivos e medidas asociadas a cada un deles. Trátase dun plan de carácter xeral —e este é o seu primeiro valor— que, no que respecta ao sector de «Educación, Familia e Mocidade» conxuga o posibilidade imprescindible para acadar un consenso político e social coa existencia necesaria para que as liñas que se marcan sexan algo máis ca voluntarismo ineficaz ou novas doses de anestesia colectiva. Entendemos, por tanto, que ofrece posibilidades importantes para frear o proceso de desgaleguización na transmisión familiar da lingua e na incorporación dos cativos ao sistema educativo, así como para abrir espazos eficaces de dignificación e de uso do idioma neses etapas cruciais da infancia e da mocidade; pero estas posibilidades teóricas poden verse de novo frustradas se non se converten con urxencia en medidas operativas.

Entre as liñas de intervención con maior virtualidade normalizadora que se formulan no PXNLG en relación coas etapas educativas que estamos a analizar destacaríamos as seguintes:

a) Reforzo da presenza do galego na educación infantil.

Os déficits de galeguización nesta etapa educativa veñen sendo sinalados de xeito reiterado por todos os estudos sociolingüísticos, e a súa transcendencia derivase de dous factores complementarios: por unha banda, o feito de tratarse do primeiro estadio na escolarización dos nenos, o que o converte nun período decisivo na conformación de imaxes sobre as linguas e, en concreto, sobre a relación que se establece entre elas e a institución escolar; e, por outra, porque constitúe un cambio de escenario na socialización dos cativos e unha apertura a novos universos relacionais que poden servir para reforzar unha lingua socialmente minorizada como é o galego, ou máis ben para silenciala e, conseguintemente, negarlle a súa categoría de idioma pleno.

O *continuum* vivencial que se establece entre a familia e a escola pode, por tanto, ter un efecto retroalimentador potencialmente positivo, pero tamén inducir comportamentos e actitudes totalmente negativos para o idioma. Ou o que é o mesmo: unha educación infantil en galego será posiblemente o principal argumento para que as familias galegófonas transmitan primariamente esta lingua aos cativos e para que as castelanófonas mostren unha maior receptividade ante esta; pero a ausencia do galego desa etapa educativa pode servir de estímulo para a desgaleguización das familias e para a renuncia acelerada á transmisión do idioma.

b) Incrementar a aprendizaxe da lectura e da escritura en lingua galega.

Trátase dunha aprendizaxe na que as investigacións sociolingüísticas mostran tamén de forma sistemática que o galego ten unha presenza minoritaria, moi inferior mesmo ao que representa este idioma no uso habitual deses escolares. Pero, ademais, a incorporación á letra impresa por parte dos nenos non se pode considerar unha aprendizaxe máis, porque aprender a ler nunha determinada lingua significa convertela no soporte prioritario das futuras aprendizaxes, marca-la como o instrumento básico de coñecemento no ámbito académico e atribuírle un protagonismo case absoluto nos primeiros estadios educativos; sen esquecer o importante impacto social que suscita nas familias o momento no que os nenos empezan a comportarse como seres alfabetizados.

É, por tanto, urxente intervir neste aspecto da vida escolar, porque a realización desta aprendizaxe en lingua galega ten un evidente valor en si mesmo, pero ademais exercerá un efecto multiplicador de carácter cuantitativo e cualitativo para o idioma.

c) Afianzar o galego nos contextos escolares galegófonos e abrir espazos significativos para este idioma nos máis castelanófonos.

A dinamización da lingua galega no eido educativo, especialmente nos niveis iniciais, pasa por unha actuación simultánea en todos os contextos sociolingüísticos que, aínda renunciando a maximalismos, sexa radical e inflexible no principio de que este idioma é patrimonio de todos os galegos e que non é aceptable –nin desde o punto de vista lingüístico nin desde o social– que se vaian configurando dentro de Galicia territorios ou comunidades lingüística-mente diverxentes.

Para iso, os camiños poden ser diversos, o mesmo que tamén poden ser variados os ritmos e o protagonismo curricular dos idiomas; pero parece claro que unha política lingüística comprometida coa lingua minorizada pasa por convertela en instrumento inicial das interaccións escolares naqueles casos en que xa é código habitual dos nenos no ámbito familiar (para dignificala e reforzala como idioma plenamente capaz) e introducila de xeito temperán naqueles en que a súa presenza familiar e social sexa máis precaria. É dicir, que cómpre afirmar o uso do galego desde o inicio da escolarización en todos os contextos por razóns sociolingüísticas ligadas á súa situación social recesiva, aínda que haxa que aceptar que a súa incorporación nos centros máis castelanófonos se realice de xeito gradual e sexa obxecto de programas singulares.

d) Establecer sinerxías entre a escola, as familias e outras institucións relacionadas coa infancia e a mocidade.

Dado que a escola non é unha illa e que os individuos que funcionan como escolares durante unhas horas se insiren no resto da xornada noutros contextos

de socialización, é necesario establecer actuacións en rede que permitan que as iniciativas de dinamización lingüística que se realicen desde cada un deles se reforcen e sexan máis rendibles.

Esta é unha idea que no PXNLG se viu potenciada por agruparse nun mesmo sector o ensino, a familia e a mocidade, o que favoreceu unha reflexión máis global e a elaboración de propostas integradoras; pero non se pode ignorar que resulta difícil de materializar en programas concretos de intervención, fundamentalmente pola existencia de rutinas pouco proclives á colaboración e mesmo por unha instintiva defensa de espazos considerados como propios. Non obstante, malia as dificultades indiscutibles, entendemos que ese é o camiño que cómpre explorar e que desde esta perspectiva integral ou globalizadora se poden acadar resultados máis eficaces en relación coa competencia e, sobre todo, cos usos e coas actitudes lingüísticas.

e) Reforzar as estruturas administrativas e escolares encargadas da normalización da lingua.

Entre as moitas limitacións da política lingüística realizada ata agora están non só a indefinición de modelos e o escaso compromiso público a prol do idioma, senón tamén a febleza do organigrama administrativo que se veu responsabilizando desta cuestión.

Fixándonos só no eido educativo e, máis en concreto, nos axentes que traballan na base do sistema, no PXNLG demandábase un maior protagonismo, recoñecemento e formación para os Equipos de Normalización Lingüística dos centros, e a creación dunha rede de coordinadores a distintos niveis que se encargase de asesoralos, darlles o soporte técnico requirido, facilitarlles medios, divulgar experiencias etc. Trátase, en suma, de superar voluntarismos case sempre pouco recoñecidos e, en xeral, pouco frutíferos, para pasar a asumir a dinamización da lingua como unha tarefa que esixe compromisos claros e recursos humanos e materiais suficientes, así como unha formación específica, unhas funcións ben definidas e unhas contraprestacións satisfactorias para todos os que entregan o seu tempo e esforzo a este labor.

Diciamos máis arriba que estes son algúns dos aspectos que se consideran no PXNLG que consideramos que poden dar froitos importantes na normalización do idioma; pero tamén indicabamos que ningún deles servirá de nada se non se converte en medidas operativas que se poñan en práctica con urxencia, compromiso e decisión. Algunhas empezan a tomar forma en diversas iniciativas do goberno galego, como é o caso das ‘Galescolas’ ou dos ‘Centros de potenciación do ensino en lingua galega’; pero non é o momento de comentalas, só de desexar que atinen. Tempo haberá para analizar e valorar os seus resultados.

A lingua nos diferentes niveis educativos.

O ensino secundario

XOÁN COSTA CASAS

Para coñecermos cal é o estado da lingua nos diferentes niveis educativos debemos, primeiramente, coñecermos cal é a realidade sociolingüística que se dá neles para, a partir de aí, propor medidas correctoras desas deficiencias. Loxicamente, cada centro ten as súas especificidades e por iso deberemos ter moi en conta o contexto.

Para unha aproximación o máis correcta posíbel debemos establecer tres niveis de análise, que podemos resumir nas epígrafes:

- 1) En que situación estamos
- 2) Que obxectivos nos marcamos
- 3) Que medidas propomos

As tres están interrelacionadas e por iso non será infrecuente que pasemos dunha a outra segundo a conveniencia.

1. EN QUE SITUACIÓN ESTAMOS

Todos e todas somos coñecedores de que nos derradeiros anos se teñen realizado estudos e publicado unha boa cantidade de textos de análise da situación sociolingüística do noso país en practicamente todos os ámbitos, até tal punto que se ten feito co idioma o seguinte símil: «estamos nunha situación que se podería asimilar á dun doente a quen se lle fan todas as probas e de quen se teñen todos os diagnósticos mais que non se lle administran os medicamentos necesarios».

Se isto é así non me deterei moito en lembrar os diagnósticos.

Intentarei, despois dunha breves consideracións previas, comentar algunhas propostas de traballo que poderán servir ou contribuír no camiño cara a lograr a normalidade

lingüística no ensino non universitario; porque ese debería ser o noso obxectivo, ou mellor dito, o obxectivo do sistema educativo no que nós como docentes seremos os instrumentos para lograr a normalidade lingüística, traballando nuns prazos que nos permitan avaliar a consecución duns obxectivos. En calquera caso, lembro, o noso obxectivo sería converter o galego en primeira lingua entre a mocidade.

Aínda que, como dixen, os diagnósticos son suficientes, non está demais lembrar algúns datos. Farémolo dunha dupla perspectiva: lembrando brevemente a regulamentación que se fai do uso da nosa lingua dentro das aulas e abordando a seguir a presenza do galego como idioma de docencia e de relación dentro do centro e as causas que fan que este uso sexa, hoxe en día, moi deficitario.

Despois deste recordatorio, comentaremos algunhas medidas normalizadoras que se poden levar a cabo desde os centros, ao tempo que lembraremos outras que xa se puxeron en marcha por entidades externas. En todo o caso é importante establecermos un diálogo sobre os seus fins e a súa eficacia.

Parece necesario, antes de nada, facer unhas consideracións previas sobre algunhas cousas que, por obvias, ás veces esquecemos.

Seguramente nunca o foi, mais na actualidade o sistema educativo non é o único elemento, e ao mellor non é o máis valorado, dos que interveñen na formación do alumnado.

Sendo isto certo en trazos xerais, se nos cinximos ao apartado lingüístico debemos facer algunhas outras matizacións.

1. Ningún ser humano, concibido como un elemento que forma parte dunha determinada sociedade, ve necesario aprender outro idioma diferente do que adquiriu no seu contorno familiar e esta é a lingua que lle serve para as súas necesidades inmediatas de comunicación. No caso da Galiza, e nos derradeiros anos, o proceso de transmisión da lingua a través do contorno familiar quebrou ou sufriu un forte retroceso, co cal, por primeira vez na historia do país, un importante número de persoas ten o primeiro contacto co idioma desde o sistema educativo (4 de cada 10 segundo os derradeiros estudos. Naturalmente ese contacto refírese a un contacto activo, non ao contacto ambiental).
2. Únase a isto outra característica detectábel non só na sociedade galega, senón no contexto mundial, como é o feito de que a lingua, globalmente considerada é, na sociedade actual, concibida máis como un elemento necesario, útil, nas relacións mercantís do que como un instrumento de relación cultural. Lembremos, a este respecto as declaracións e artigos sobre o chamado milagre económico irlandés. Alí, dicíase, o feito de teren como lingua o inglés foi a chave do seu despegar. Xa sabemos que iso non é certo, non hai máis que lembrar a cantidade de territorios que teñen o inglés como lingua exclusiva ou primeira e non por iso o seu PIB é maior. Mais é certo que isto está na base da crenza de que, en xeral, a única lingua que paga a pena coñecer é a inglesa, que nos permitirá relacionarnos internacionalmente e progresar adecuadamente nas

nosas relacións comerciais, incluídas as xa moi importantes relacións de comercio electrónico.

Nunha palabra, a idea de que as linguas tamén teñen un valor económico está detrás, ou diante, desta ideoloxía e as leis de mercado rexen tamén sobre os valores lingüísticos.

Así pois, se a nivel social predomina a idea de que a lingua non é algo valioso, como as matemáticas, ou máis recentemente a informática, estamos diante dun dos elementos que configuran o aprendizaje, e tamén o prestixio, do galego: a inutilidade, o non servir, a non funcionalidade practica que leva á súa valoración negativa.

A mocidade atopa escasa utilidade ao uso do galego, que se asocia con profesións de baixo nivel e poucas posibilidades de progreso social. Neste caso, paga a pena reflexionarmos sobre os usos lingüísticos daquelas profesións máis valoradas socialmente para comprobarmos a necesidade de contarmos con referentes lingüísticos ben valorados (profesións como a medicina, a docencia, a arquitectura, a informática) son as profesións máis valoradas polos españois (e non sabemos se tamén polos galegos).

Esta non utilidade do galego debe ser un dos primeiros elementos a combater polo sistema educativo e deberemos preguntarnos se o sistema, por si só, está en condicións de o facer ou se deben entrar en xogo outros elementos externos a el mais non alleos.

Concordamos, seguramente, en que o ensino, por si só, non é capaz de facelo, de aí que os centros de ensino han de se converter no modelo lingüístico de que a sociedade carece.

Por outro lado, todos somos conscientes de que a sorte dun idioma non depende de que sexa materia de ensino, nin a súa funcionalidade depende do número de horas que o alumnado reciba en galego dentro do seu currículo escolar. O ensino é, en todo caso, un dos factores que poden contribuír á recuperación idiomática, mais non o único, nin, hoxe por hoxe, o máis valorado.

Dito o anterior, e aceptándoo sen demasiadas reservas, cómpre aínda facer outra observación obvia: non é no ensino, no sistema escolar, onde se aprende a falar e polo tanto onde se aprende o idioma, se ben o sistema escolar é o que marca, ou polo menos marcaba, unha pauta lingüística moi forte debido ao tempo que se pasa no ámbito escolar (desde os tres anos, 6 horas por día). Nun contexto lingüístico normal, o idioma escolar é continuación do idioma ambiental, e o idioma é un vehículo de orientación pedagóxica e é aquí onde cobra sentido pleno; ora, nun contexto diglósico está claro que isto non sucede.

Para terminar de contextualizar o marco en que se desenvolve actualmente a vida académica, debemos facer referencia a outro dato: se observamos a consciencia que os alumnos e as alumnas teñen do idioma constatamos que desapareceu, ou non é tan acusada, a asociación galego = rural, castelán = urbano e foi substituída por outra máis perigosa, por canto supón a non acreditación no futuro do idioma: agora identifícase máis galego = fala de vellos, castelán=fala dos novos.

Diante desta situación confirmada polos máis recentes estudos, e pola simple apreciación persoal, **que obxectivos nos marcamos** para mudala?

2. QUE OBXECTIVOS NOS MARCAMOS?

Comecemos por nos preguntar cal é o papel da Administración e cal a regulamentación que se fai do uso da nosa lingua dentro das aulas e da vida académica?

É ben coñecido que a pretensión oficial en materia lingüística pasa por alcanzarmos o bilingüismo harmónico, ou o trilingüismo coa Administración actual. Nada temos en contra de que os cidadáns da Galiza sexan lingüisticamente multicompetentes. Mais somos conscientes de que esa teoría, plasmada en documentos legais, prestixiada en traballos universitarios e divulgada en debates políticos, procura mudar as tácticas impositivas tradicionais por outras máis permisivas na forma mais igualmente asimilacionistas, porque o feito de saber moitas linguas non leva aparelado que se vaia usar o galego, sendo iso mesmo o que se deduce dos inquéritos.

A comezos da década de 80, e como sustento legal a esta teoría, desenvólvese unha lexislación que ten como finalidade encapsular a presenza do galego no ámbito do ensino. Neste contexto está o Decreto de bilingüismo (1979) e a Lei de normalización lingüística e demais decretos que a desenvolven e que son de todos e todas coñecidos. Non entramos a analizar o seu articulado por ser ben coñecido e porque, ademais, o que interesa é o «espírito» da lei, ao que, loxicamente, se adecúa o articulado, e o espírito é o que acabamos de sinalar.

Feita esta breve contextualización sobre a situación legal do galego, entramos na segunda das perspectivas para analizar: a presenza do galego como idioma de docencia e como idioma de relación académica.

Xa dixemos que hoxe contamos con datos que nos permiten afirmar que, para alén do que poderían ser apreciacións persoais, a presenza do galego como idioma de docencia é un proceso totalmente deficitario. Poderíamos remontarnos nas análises estatísticas algúns anos atrás, mais tal esforzo só serviría para comprobarmos como os resultados non só non melloran de ano en ano, senón que hoxe en día, en certos tramos educativos, os resultados son peores que hai 10 anos. A propia Consellaría de Educación reconece que en primaria o cumprimento da legalidade non supera o 56% e os datos de secundaria non son mellores.

Aínda que sexa brevemente, dos datos de que dispomos podemos concluír:

- a) No conxunto da poboación escolar o idioma galego encóntrase en acusada inferioridade canto a niveis de uso, mentres que se consideramos niveis de comprensión oral, achamos porcentaxes que van do 80% ao 90%.
- b) Canto ao idioma utilizado polo profesorado na aula, hai un predominio absoluto do español, con porcentaxes que se sitúan arredor do 76%, aumentando ao 95% nos centros privados. A presenza do galego como idioma de docencia

- segue sendo menor nos centros urbanos e as cidades, ou o seu contorno, gañaron poboación nos derradeiros anos grazas ao constante fluxo de poboación do interior para a franxa costeira.
- c) En contraste co anterior, unha amplísima maioría de profesorado (90%) está en posesión dalgunha titulación en Lingua Galega e así mesmo, unha maioría do profesorado (70%) é partidaria da incorporación do galego como lingua vehicular de ensino. Como conxugar este desexo, o 70% que o faría fronte ao 76% que non o fai, coa realidade?
 - d) Canto ao cumprimento da lexislación, e a pesar das cifras aportadas pola Administración, todos os estudos lévannos á conclusión de que o 91,5% dos centros que imparten infantil e o 1.º ciclo de primaria e nos que o idioma habitual do alumnado é o galego non cumpren o Decreto, mentres que do 41,5% do alumnado ten como lingua predominante o galego, só recibe as aulas en galego o 17,7%; no 2.º e 3.º ciclos de primaria o 21% dos centros non acatan o Decreto de mínimos (isto era hai 5 anos, hoxe é o 44%); na Educación Secundaria Obrigatoria, o 77,3% dos centros non segue o estipulado na normativa actual, fronte ao 22,7% que si o cumpre. No bacharelato, o 87,5% dos centros non respecta o Decreto 247/95, fronte ao 12,5% que si o fai.

Para contextualizar estes datos debemos considerar que estamos a falar do incumprimento dunha normativa lingüística cuxa observancia total non suporía, no mellor dos casos, nin sequera a impartición de máis dun terzo das aulas en galego.

Para finalizar deberemos preguntarnos cal é o uso actual da lingua no ensino secundario. De novo diferentes estudos coinciden en que non superaría o 30% o alumnado menor de 18 anos que utiliza só ou prioritariamente o galego nas súas relacións académicas. Destes usuarios o 60% aprende a lingua no ámbito familiar e o 37% no sistema escolar. Canto a ámbitos de uso, por exemplo no recreo, cos amigos etc. varía entre o 12 e o 19%, mentres que a cuestión muda radicalmente cando se trata da relación cos profesores: o 88% manifesta falar en galego se o profesor ou a profesora se dirixe a el nesta lingua; e pola contra, o 92% contesta en castelán a un profesor que fale castelán.

Podemos comprobar, e confirmar, que o ensino non se mostra como un elemento dinamizador do proceso de normalización lingüística, e máis ben segue a inercia social. Mais os datos de que dispomos tamén nos indican que se pode saír desta situación. E como?

Por suposto, e en primeiro lugar, o que se precisa é máis vontade política para levar adiante o proceso porque xa está comprobado que a regulamentación por si soa non serve para nada.

A situación actual da nosa lingua obríganos a tomar conciencia e a comprometer-nos na súa normalización. Debemos ser conscientes de que aínda que a lexislación fose moito máis permisiva, o proceso non avanzaría de non existir máis implicación non só dos docentes, senón, dos pais e das nais, dos cidadáns e das cidadás que temos a responsabilidade, por nos tocar vivir neste momento negativo para a nosa lingua, de facer que esta siga viva.

Que facer, entón desde os centros educativos?

Diciamos ao comezo que aos centros non lles corresponde deseñar as medidas normalizadoras; ou dito doutra maneira: non se pode delegar nos centros de ensino a responsabilidade de levar a cabo un proceso para o que o profesorado seguramente non está formado, nin conta con medios, aínda que ten vontade (70%) de dar aulas en galego.

E delegar foi o que se fixo até agora.

Mais está claro que se necesitan medidas que muden a situación.

3. QUE MEDIDAS PROPOMOS?

Primeiramente MODIFICACIÓNS LEGAIS.

Está claro que o Decreto 247/95, con máis de 10 anos de vida, non serve. E non porque se teñan esgotado as medidas propostas, senón porque desde aquela se produciron mudanzas sociais, e tamén legais, que o fan inútil hoxe. Primeiro porque mudou a estrutura do sistema educativo. Segundo, porque se aprobou un PXNL. E terceiro porque o Estado español asinou neste tema tratados internacionais que tampouco cumpre.

Aquí deben estar pois as claves dese novo decreto:

- Adecuación á Lei orgánica de educación.
- Adecuación ao Plan xeral de normalización da lingua galega.
- Adecuación á Carta europea das linguas rexionais e minoritarias.

Isto polo que respecta aos criterios xerais, mais hai outros elementos que a lei debe considerar e potenciar. E o primeiro son os Equipos de Normalización Lingüística (ENL).

No centro educativo o labor normalizador debe irradiar dos ENL. Primeiramente, parécenos crucial outorgar aos ENL un papel predominante no proceso de normalización. Para iso deben contar con medios humanos e con máis recursos legais.

Hoxe en día, os equipos poden definirse do seguinte xeito:

- Carácter formal, sen intervención práctica nos asuntos que lle competen.
- Moi neutralizados polo papel que lles outorga a lexislación e a administración.
- A maioría dos membros non ten formación en planificación/dinamización lingüística, centrando por iso moitas das actividades nunha dimensión máis etnográfica (magosto, a matanza) do que normalizadora.

Non dubidamos que as equipas teñen que ter un papel fundamental no deseño, na posta en práctica e na revisión de programas de planificación lingüística nos centros educativos, tal como se prevé no PXNLG. Polo tanto, corresponde á Consellaría de Educación garantir unha estrutura de apoio ao labor dos ENL dos centros. A dita estrutura terá, cando menos, unha concreción territorial de ámbito galego e outra de ámbito comarcal.

Parece importantísimo que as ENL formen parte, para todos os efectos, do organigrama dos centros escolares incluíndose na figura de «Departamento de Normalización Lingüística». Neste sentido, terán os mesmos deberes e dereitos, tanto colectivos como individuais, que se lle recoñecen na actualidade aos departamentos.

As medidas legais teñen que ir acompañadas de medidas dinamizadoras. A dinamización é unha das tarefas máis importantes que todo servizo lingüístico debe realizar e comprende toda aquela serie de medidas encamiñadas cara á consecución dunha mellora real dunha situación lingüística determinada. Aquí é onde os centros educativos deben xogar o seu verdadeiro papel.

No noso caso parécese que o grande esforzo normalizador debe camiñar cara ao afortalamento da lingua oral. A consecución da competencia comunicativa en todos os contextos debe ser o centro do noso traballo. Porque o alumnado ten pouca confianza na súa competencia oral, sobre todo. Para alén diso, a ausencia de contextos de uso fai que se sintan inseguros. Debemos ter en conta ademais, que, en xeral, o discurso maioritario é favorable á aprendizaxe de linguas diferentes, mais cinxido unicamente ao ámbito competencial. Valórase o aprendizado, cada vez con menos actitudes negativas, mais non se alude á necesidade de o falar.

Chegados a este punto parece oportuno lembrar o que dicía ao comezo: estamos saturados de diagnósticos e é necesario pasar ás accións. Accións que por si soas non van levar a unha mudanza de usos inmediata. Moitas xa se teñen levado a cabo: unhas a nivel de centro e outras a nivel comarcal ou nacional, postas en marcha polas administracións ou por entidades sociais.

Ninguén discute que no momento actual a Administración debe pór en marcha as medidas consideradas no PXNL. Mais parécenos un erro desenvolvelo sectorialmente. Se pensamos, como dixemos, que o sistema educativo non é o único nin o máis valorado dos elementos que hoxe interveñen na formación do alumnado, desenvolver medidas que non teñan isto en conta é voltar a unha política lingüística que xa se constatou fracasada. Por iso deberemos compaxinar aquelas medidas que corresponde desenvolver á Consellaría de Educación (un novo marco legal, por exemplo) con outras que se deben promover desde a Secretaría Xeral e o resto da Administración.

O desenvolvemento do PXNL debe partir do sistema educativo e desde aquí proxectarse á sociedade, pois no ensino están implicados todos os sectores sociais. O sistema educativo ha de se converter no motor desde o que se apliquen as políticas normalizadoras ou, do contrario, non terán eficacia as medidas propostas. Podemos aplicar medidas no sistema que fagan que os nosos alumnos e alumnas sexan, dentro do sistema e en horario escolar, monolingües en galego; que sexan bilingües ou mesmo trilingües, mais iso non terá consecuencias sociais. Só se priorizamos as actuacións no ensino, se as convertemos no punto central desde o que irradien cara ao resto da sociedade poderemos reverter o proceso actual para converter o galego na lingua primeira entre a mocidade. Do contrario continuaremos a ter unha sociedade diglósica e uns usos restrinxidos –aínda que adaptados á lei– para o galego.

A lingua nos diferentes niveis educativos.

O ensino universitario

GORETTI SANMARTÍN REI

Membro da Comisión de Seguimento do PXNLG da SXPL

e profesora da Universidade da Coruña

1. O MARCO LEGAL E A REALIDADE

Como noutros moitos ámbitos, de termos en conta unicamente o marco lexislativo do galego, deducimos que o noso idioma é a lingua propia da Universidade:

A Universidade da Coruña establece que a súa lingua propia é o galego, segundo se recolle no artigo 5.2 dos Estatutos, aprobados en 2004.

Estatutos da Universidade da Coruña (2004)

Artigo 5

2. A lingua propia da Universidade da Coruña é o galego, que será o seu vehículo normal de expresión. Para a súa normalización fomentará o seu uso en todas as súas actividades.

O marco legal que regula o uso da lingua galega na Universidade de Santiago de Compostela é o debuxado polos seus propios Estatutos que, no seu artigo 3 do título preliminar dispoñen:

1. A lingua galega é a lingua propia da Universidade de Santiago de Compostela.
2. A Universidade de Santiago de Compostela promoverá, no marco das súas competencias, accións que contribúan á normalización e ao desenvolvemento da lingua galega.

Os Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados en 2003, establecen no seu artigo 4º un posicionamento explícito sobre a lingua galega e sobre a oficialidade das linguas na institución:

Estatutos da Universidade de Vigo (2003)

Artigo 4

1. A lingua galega é a lingua propia da Universidade de Santiago de Compostela.
2. A Universidade de Santiago de Compostela promoverá, no marco das súas competencias, accións que contribúan á normalización e ao desenvolvemento da lingua galega.

Mais a realidade do ensino superior no noso país é a de constituír o uso do noso idioma unha excepción demasiado ligada a determinadas carreiras ou ámbitos científicos. Abonda dicir que a porcentaxe de emprego do galego máis elevada neste ámbito está situada no 20%. Podemos ver como exemplo a porcentaxe do emprego dos idiomas da docencia na USC, uns datos tirados dos POD dos cursos de referencia, de xeito que ofrecen uns índices altos de fiabilidade:

	2003-2004	2004-2005	2005-2006
Galego	17,6	17,21	20,14
Castelán	82,4	79,78	77,55
Inglés	—	0,3	0,11
Outros	—	2,71	2,2

En todo caso cómpre non esquecer que se trata de datos globais, e que as diferenzas entre uns e outros centros son acusadas. Por ámbitos de coñecemento, a maior presenza do galego sitúase nas transmisións docentes do ámbito xurídico-social, humanístico, científico-técnico, tecnolóxico e de ciencias da saúde, seguindo unha orde decrecente.

E é que o esforzo desenvolvido desde algúns sectores da comunidade universitaria, e nomeadamente, desde os seus servizos de normalización lingüística que, entre outros moitos labores, conseguiron que a universidade se dotase de documentos base con deseños de actuacións a curto e medio prazo, os planos de normalización e de política lingüística xa aprobados tanto na pioneira Universidade de Santiago de Compostela como na de Vigo e pendente de aprobación no caso da Universidade da Coruña¹, non deron o resultado agardado por varios factores, entre os que non é alleo o feito de que nunca a normalización lingüística foi considerada un obxectivo prioritario ou estratéxico das universidades, tal e como enuncia o *Plan xeral de normalización da lingua galega*.

¹ No momento de entregar este texto para a edición das actas a aprobación do Plano de normalización lingüística da Universidade da Coruña xa se produciu.

Neste contexto, hai xa un ano que as persoas que dirixían os servizos ou áreas de normalización lingüística das tres universidades galegas fixeron unha proposta de coordinación que se presentou nos IX Encontros para a Normalización Lingüística, organizados polo Consello da Cultura Galega.

Consideramos completamente vixente aquela proposta que se baseaba na defensa da unidade de acción e de obxectivos a respecto da política lingüística do sistema universitario galego, nas tres áreas en que habitualmente se divide a intervención: a formación, o asesoramento lingüístico e a terminoloxía e a dinamización. Rendibilizar os esforzos, planificar accións comúns, dotarse de obxectivos e medidas xerais, con aplicacións logo concretas e diferenciadas para cada realidade sociolingüística son os eixes básicos desta proposta, cuxas liñas principais seguimos nesta exposición.

A reivindicación fundamental é a de crear estruturas que axuden a vertebrar un proxecto común de accións de extensión da lingua propia nas diferentes universidades e que se integre na comunidade en que os seus membros desenvolven as súas tarefas académicas e investigadoras.

De entre as propostas máis relevantes temos que salientar o compromiso de levar á práctica, para o ano 2007, a creación e o desenvolvemento dunha comisión entre as tres universidades e a Xunta de Galicia para deseñar a política lingüística universitaria, unha comisión que o propio *Plan xeral de normalización da lingua galega* recolle como unha actuación prioritaria e a través da cal poderían encontrar unha canle acaída moitas das propostas que elaboraron as universidades, das que logo falaremos, e que están pendentes de se converteren en realidade que nun futuro próximo teñamos que avaliar.

O outro punto de partido fundamental está no recoñecemento explícito de que, alén dunha vontade clara tanto por parte dos equipos que gobernan as universidades como por parte do poder político galego, a posta en práctica de medidas de dinamización lingüística (e de asesoramento, terminoloxía e formación, pois ao final todas deben dirixirse ao mesmo obxectivo, a recuperación de usos da lingua galega e a súa resituación como idioma propio do país) esixe recursos humanos e económicos. A partir da dotación dos mínimos recursos necesarios será, lóxicamente, máis doado o traballo en equipo e a creación de redes de transmisión da información e de intercambio de ideas.

2. VANTAXES DA COORDINACIÓN DOS SERVIZOS LINGÜÍSTICOS UNIVERSITARIOS

A unión de propostas e o intercambio de experiencia dótanos de maior capacidade de actuación e de posibilidade de encontrar modelos e referentes que sirvan como espello e estímulo. Como estamos nunha carreira a longo prazo, teremos que apostar por conformar un equipo e facer realmente unha carreira de relevos, onde hoxe a USC defenda esta alternativa e mañá a Universidade de Vigo se coloque á vangarda por outra iniciativa e pasadomañá a UDC prepare outra nova estratexia.

Parece difícil que poidamos conseguir, se estamos de acordo previamente, medidas como a redución de carga docente no POD durante un tempo a cambio dunha reciclaxe para dar as clases en galego ou a consideración do uso do galego para os efectos de avaliación docente do profesorado sen mantermos unha postura común.

3. EXPERIENCIAS RELEVANTES NO ÁMBITO UNIVERSITARIO

- Elaboración de PNL na USC e na Universidade de Vigo e final moi recente deste proceso na UDC
- Axudas, en colaboración coa SXPL, para a realización de teses de doutoramento, de licenciatura e de traballos de investigación en lingua galega
- Premios (literarios e de tradución, á calidade lingüística, a iniciativas normalizadoras)
- Campañas de sensibilización xerais («Destapa a túa lingua», «En galego o que ti queiras»...)
- Campañas de sensibilización centradas en sectores concretos: realización de campañas de información e formación ao estudantado dos programas de mobilidade coa intención de conseguir, cando menos, a súa competencia pasiva do noso idioma e frear a perda de aulas impartidas en galego pola súa presenza
- Comisións de normalización nos centros e facultades
- Divulgación da realidade sociolingüística galega e das universidades en particular (folletos dirixidos ao estudantado foráneo, estudos sobre o galego na USC, na Universidade de Vigo e na UDC)
- Realización de xornadas e encontros de debate e intercambio de experiencias (curso de verán na UDC, curso de lingua e relacións laborais)

4. PROPOSTAS

Formación:

1. Realizar unha planificación sobre as necesidades formativas en materia lingüística nas tres universidades.
2. Afrontar de modo común as necesidades de formación en linguaxes de especialidade.

Asesoramento:

1. Homoxeneizar os criterios de estilo e de corrección para a redacción de documentación escrita.
2. Dispoñer de materiais docentes en galego nas materias troncais e obrigatorias (principalmente de primeiro ciclo).

Terminoloxía:

1. Establecer un mecanismo permanente de coordinación entre as universidades e os principais organismos dedicados á fixación terminolóxica: RAG, Termigal, CCG, ILG e Sociedade Galega de Terminoloxía.
2. Xeneralizar nas universidades o acceso e a participación nas bases de datos e nas roldas de correo terminolóxicas existentes.
3. Planificar o desenvolvemento do Corpus Técnico do Galego:
 - a) Planificar os contidos do CTG de acordo coas carencias e coas necesidades actuais.
 - b) Crear unha *neoloteca* de termos científicos e técnicos.

4.1. SENSIBILIZACIÓN

OBXECTIVO: crear un clima favorable ao uso do galego na universidade

MEDIDAS:

- Implicar neste proceso persoas que funcionen como referentes simbólicos nos distintos ámbitos científicos.
- Propiciar o intercambio de experiencias tanto a nivel de centros e facultades como das universidades
- Potenciar o nacemento de revistas interuniversitarias en galego por grandes áreas científicas
- Divulgar os materiais docentes, manuais e vocabularios xa existentes e deseñar a realización doutros
- Intercambiar as experiencias das comisións de normalización entre as universidades
- Difundir os planos de normalización lingüísticas e as principais propostas de dinamización entre a comunidade universitaria galega

OBXECTIVO: visualizar a realidade sociolingüística da Galiza

MEDIDAS:

- Publicar e difundir na rede un boletín conxunto das tres universidades coas novidades e os avances no proceso de normalización
- Realizar folletos conxuntos dirixidos á comunidade universitaria galega e ao profesorado e ao alumnado dos programas de mobilidade
- Realizar xornadas e cursos de formación

OBXECTIVO: combater os preconceitos lingüísticos

MEDIDAS:

- Propiciar unha actitude comprometida cara á lingua por parte dos cargos (reitores, vicerreitores/as, decanos/as, directores/as...) das universidades
- Mellorar a calidade lingüística das persoas con maior proxección pública nas tres universidades
- Fomentar a competencia pasiva en diferentes linguas

4.2. EXTENSIÓN DE USOS DA LINGUA GALEGA

OBXECTIVO: incrementar o uso da lingua galega na docencia (o obxectivo debería ser chegar ao 50%)

MEDIDAS:

- Establecer unha redución no POD para a reciclaxe
- Ofrecer un incentivo económico para a elaboración de materiais
- Realizar cursos de lingua específicos para grupos reducidos de profesorado

OBXECTIVO: incluír o coñecemento e o uso da lingua galega como un factor máis dun ensino de calidade nun mundo (e nun espazo europeo) plurilingüe e pluricultural

MEDIDAS:

- Ligar o galego coas novas tecnoloxías e coa innovación
- Introducir o coñecemento da lingua galega dentro da necesaria competencia en varios idiomas na actualidade
- Dar a coñecer as realidades sociolingüísticas do alumnado de programas de mobilidade estudantil
- Potenciar as posibilidades de coñecemento da realidade lusófona como un valor engadido no caso galego

OBXECTIVO: conseguir que a comunidade universitaria, nomeadamente os cargos altos e intermedios, teña un profundo coñecemento da realidade sociolingüística galega e recoñeza a necesidade de desenvolver unha planificación lingüística

MEDIDAS:

- Evidenciar que o proceso de normalización require un traballo planificado, guiado e sometido a unha constante avaliación
- Dotar as universidades de persoal especializado en dinamización lingüística
- Potenciar encontros e debates sobre dinamización lingüística

5. A MODO DE CONCLUSIÓNS

A Universidade é o lugar de onde saen os ensinantes, de maneira moi especial das facultades de Ciencias da Educación. Consegui, pois, un emprego moito maior da nosa lingua nestes ámbitos é básico para termos despois uns profesionais capacitados e sensibilizados cara á lingua propia da Universidade e do país. Mais tamén é o lugar de onde saen os profesionais da Xustiza, un dos ámbitos onde hai menor presenza do galego, e os da sanidade...

A Universidade debe, pois, completar o feito de ser o chanzo superior do ensino continuando o proceso de introdución do galego na primaria e na secundaria, debe fomentar a investigación sobre o galego e colocar entre as súas prioridades o deseño e o desenvolvemento de medidas de planificación lingüística.

Idade, lingua e desigualdades sociais

BERNARDO MÁIZ BAR

Universidade da Coruña

1. INTRODUCCIÓN

Na miña exposición pretendo deconstruír as categorías sociais creadas arredor da idade, refutar o efecto da idade como causa relevante do noso comportamento social e analizar o efecto da idade no proceso de substitución lingüística. O anterior sinala na dirección de determinadas análises que realizarei ao longo da miña exposición que poñen en cuestión a idade como causa fortemente explicativa do noso comportamento social, como son os usos lingüísticos.

A desigualdade social¹ existe cando hai unha diferenza económica, social e/ou política. Nesta exposición refírome á desigualdade nese sentido; na súa definición que reflicte diferenzas² que amosan un desequilibrio social por razón de idade. As desigualdades sociais e a relación directa coa variación lingüística é evidente³, así o reflicten numerosos estudos de sociolingüística non só na Galiza, na maioría das linguas minorizadas e non minorizadas, e non exclusivamente entre linguas, senón que esta interacción tamén se reflicte dentro dunha mesma lingua por medio de fenómenos, entre outros, como a endodiglosia.

¹ Farei esta reflexión porque considero que moitas veces, estes desequilibrios non se consideran baixo o prisma dos indicadores utilizados para resolver as hipóteses das investigacións e cando se teñen en conta, non sempre se fundamentan as categorizacións realizadas nin as etiquetas de valor.

² As diferenzas non sempre implican desigualdades sociais. Para que exista unha situación de desigualdade social detectábel e recoñecíbel socioloxicamente, anteriormente temos que poder definir a situación igualitaria.

³ Os «clásicos» como os traballos de Geertz (1960) sobre as diferenzas de clase social nos repertorios lingüísticos javaneses, os estudos de Labov (1966) sobre a correlación fonética da estratificación social no inglés de Nova York, ou o condicionamento social da variación sintáctica no francés estudado por Lindenfeld (1969), todos eles recollidos na bibliografía, evidencian este feito social.

Evidentemente, partimos de que desigualdade⁴ implica ausencia de igualdade. Nas sociedades contemporáneas occidentais, a categorización actual das igualdades e desigualdades divídese en dúas categorías principais: igualdade perante a lei (igualdade xurídica, de participación política e legal) e «igualdade social». Calquera das dúas manteñen relacións desigualitarias por razón de idade⁵. O acceso ao saber, ás posicións sociais, ao recoñecemento dun pleno estatuto de cidadán é ordenado baixo escalas de idade. A estratificación por idades dunha sociedade, a organización de atributos e de roles sociais en función da idade, non corresponde a unha escala natural, corresponde a unha escala social⁶.

2. ANÁLISE SOCIOLÓXICA, TEORÍA DA IDADE

Cada sociedade, en cada momento histórico e espacial, impón un determinado marco. Ese marco ten un compoñente cultural que supón un conxunto de normas de comportamento e códigos de conduta, en base aos cales cada individuo vulgará, comparará e manterá referentes para entender o comportamento dos demais individuos. A actividade concreta que o individuo desenvolve en cada ámbito pode entenderse como o desempeño dun papel cargado de «normas» de comportamento. Cada tipo de actividade denomínase rol. Este constitúe un conxunto de comportamentos esperados para cada acción e en cada ámbito de actuación. Mais cada un deses papeis que desempeñamos ten unha imaxe social diferente. Esa imaxe asociada a cada rol recibe o nome de status. O noso modo de ser membros dunha sociedade consiste, pois, en *ocupar un lugar* no enramado de posicións sociais. Identificásemos como muller, vello, estudante, deportista, moza etc. Cada unha destas posicións supón un rol, o cal vai asociado a un determinado status. Toda sociedade está organizada arredor dun enramado complexo de roles que teñen asociados uns diferentes status. Xa que logo os status son o aspecto estático asociado á estrutura e os roles son un aspecto dinámico asociado ao comportamento.

Os rol-status poden ser *adscritos*, se derivan de factores sobre os que o individuo «non ten control» (sexo, filla, lugar de nacemento, renda familiar, título nobiliario etc.), e *adquiridos* que son aqueles nos que o individuo «pode incidir» coa súa acción ou a súa conduta (estudiante, traballador, esposo etc.).

⁴ Unha das contribucións máis importantes no noso país sobre a *socioloxía das desigualdades sociais* témola no traballo de García Docampo (2000: 137-166) que considera unha situación de desigualdade social cando reúne tres requisitos que poderíamos resumir en 1. que poidamos discernir: os suxeitos, a variábel avaliativa e o sistema de comparación, 2. que sexa definíbel ou detectábel a situación de igualdade no que se refire a cualidades e cantidades, 3. que teña carácter social; que sexa posíbel a súa modificación a partir de cambios no sistema de organización social.

⁵ Elboj Saso, C. (2006: 165-167) sinala o «edismo» como un factor de exclusión por idade, unha desigualdade social por razón de idade, colocando este tipo de discriminación como unha desigualdade social de estudo, á beira das provocadas polo sexismo ou racismo.

⁶ Véxase Calhoun, C.; Light, D. e Keller, S. (2000: 278-279).

Non todos os status⁷ son iguais, senón que parten da importancia a eles reservada e derivan nun sistema xerárquico, en base ao cal a sociedade e a estrutura social aparece explicada. Adoitase atribuírlle ao status-rol da idade unhas características adscritas dun xeito natural, biolóxico. Xa que logo, podemos afirmar que, por exemplo, ser novo ou ser vello vén asignado pola sociedade, por determinadas leis e determinadas institucións que determinan coutos que nos fan moza, adulta, nena ou vella.

Na construción social da realidade créanse unhas etiquetas valorativas coas que se identifican e se diferencian uns individuos doutros. Trátase de estereotipos empregados en cada marco histórico-cultural determinado. No que se refire á idade, estes atributos creados provocan preconceitos ocasionados por análises que non afondan nas causas sociais das diferenzas entre determinados grupos e que lle atribúen á idade a característica de variábel causal e explicativa no noso comportamento social.

2.1. DIFERENZA ENTRE VARIÁBEIS BASEADAS EN ATRIBUTOS FISIOLÓXICOS E EN ATRIBUTOS CULTURAIS

Para mantermos unha visión ordenada do estudo da variábel idade, faremos unha pequena categorización das variábeis configuradoras da estrutura social. Agruparemos as variábeis, segundo a súa natureza, en dous grupos: baseadas en atributos fisiolóxicos e en atributos culturais.

As variábeis baseadas en atributos fisiolóxicos son as máis perceptíbeis e supoñen a construción social de estereotipos, son as baseadas no *sexo, na idade biolóxica, nos atributos da cor da pel e noutros atributos fisiolóxicos*. Como construtos sociais darán lugar a falar de *xénero, idade social (ou xeración), raza* e todas aquelas que veñen de construtos culturais. Adoitase cometer erros ao mesturar como iguais as variábeis baseadas en atributos fisiolóxicos coas que proveñen de construtos sociais.

2.2. IDADE BIOLÓXICA FRONTE A IDADE SOCIAL

Respecto ao concepto, cómpre salientar que cando falamos de idade nos referimos ao tempo cronolóxico da vida do individuo; no entanto, a idade biolóxica ou cronolóxica non indica nada se non a poñemos en relación co medio sociocultural onde vive o individuo (García Docampo, M. 2006: 12). Xa que logo, a idade pode ser considerada, desde unha perspectiva biolóxica ou desde unha perspectiva social. Socialmente, o grupo de persoas que nunha determinada sociedade comparte unha mesma idade biolóxica, non necesariamente comparte tamén uns vínculos de interacción socialmente semellantes: unha información, uns valores, unhas experiencias próximas etc. Xa que logo, é relativamente significativo o aspecto cuantitativo dese tempo cronolóxico se o que queremos avaliar son cuestións de comportamento social dun grupo ao que se lle asignan determinados roles.

⁷ O status principal depende do tipo de sociedade. Nalgunhas reservábase ao status familiar, noutras ao relixioso. Nas sociedades contemporáneas, o status dominante parecer ser o profesional. Esta valoración que fai a sociedade das diversas actividades serve de fundamento para falar dunha *xerarquización de status*.

A idade biolóxica é un elemento identificador-diferenciador, susceptible de soportar situacións desigualitarias de lle seren asignados atributos da idade social. Os exemplos máis característicos serían as divisións administrativas: idade para conseguir unha bolsa, idade para votar, para se xubilar etc. Na idade social (ou xeracional), a diferenza da idade biolóxica, a idade funciona coma unha construción social baseada na identidade sociocultural do individuo e no seu comportamento social, non no ciclo cronolóxico vital ou na idade biolóxica do individuo. A súa importancia vén de que supoñen desempeños de roles diferentes⁸. Esas idades sociais teñen asociadas unha serie de roles, ademais dun conxunto de compoñentes propios do cultural (valores, gustos, referencias etc.).

Entendo a idade social como os grupos de persoas que sendo clasificadas en idades biolóxicas heteroxéneas, manteñen semellanzas no ámbito do social e afinidades.

A idade social ou xeracional acolle no seu seo varias idades biolóxicas. Así mesmo, esta idade social créase pola influencia das transformacións económicas e sociais e por teren vivido no mesmo tempo histórico. Actualmente, co aumento da esperanza de vida estanse a poñer en cuestión as fronteiras entre as categorías de idade. Mesmo non hai un consenso sobre os límites entre unha e outra xeración entendida en rangos de idade biolóxica: varían entre 10 e 30 anos segundo o autor⁹.

3. AS DISTINTAS CLASIFICACIÓNS DA IDADE COMO CONSTRUCIÓNS SOCIAIS

A socioloxía realizou esforzos para definir, acoutar e explicar as distintas categorías de idade creadas pola sociedade, mais cómpre sinalar que estas idades sociais créanse moi recentemente e non existían na historia da humanidade até hai ben pouco. Cómpre salientar que até despois da Idade Media non existían máis que dúas etapas¹⁰: a nenez e a idade adulta. Posteriormente inventouse a diferenza entre nenez e mocidade, e máis tarde, a vellez e a adolescencia. Nas sociedades occidentais contemporáneas, as divisións sinálanse entre *infancia*, *adolescencia*, *xuventude*, *madurez* e *terceira idade* (agora mesmo case se podería incluír unha cuarta idade).

Estes grupos de idade, creados principalmente polas institucións públicas e polo acceso (ou non) ao traballo asalariado, son colectivos sociais formados por un segmento

⁸ Karl-Heinz Hillman (1994: 383) afirma que a relación entre xeracións é sempre unha relación de dominación vinculada á división de roles sociais.

⁹ Véxase a voz «generación» no *Diccionario de sociología* de Giner, S.; Lamo de Espinosa, E. e Torres, C. (1998).

¹⁰ Giddens, A. (1997: 68) sinala que nas sociedades tradicionais pasábase de ser considerado un bebé durante un período moi prolongado de tempo a comezar a realizar traballos e xogos de adultos en idades que agora consideramos da infancia.

ou cohorte de idade arbitrariamente acoutado nos seus extremos¹¹. As institucións públicas e o capitalismo foron as creadoras destas categorías que logo perpetuaron as disciplinas académicas como a Psicoloxía e parte da Socioloxía¹² que as asumiu e as fundamentou, con ou sen variacións nas categorías creadas por ditas institucións¹³. Nas sociedades existiron e existen institucións que facilitan a crenza nestas idades construídas¹⁴. Até a Idade Media, non existía a mocidade nin a adolescencia, as categorías eran só dúas: os nenos e os adultos, categorías máis acaídas ás características biolóxicas que as creadas posteriormente polos cambios sociais. Historicamente e socioloxicamente, a creación da mocidade prodúcese como unha situación social construída e ampliada en número de anos nas sociedades capitalistas, no espazo entre a infancia e a idade adulta xa que nos modos de produción non capitalistas, e incluso no primeiro capitalismo, a infancia podía acabar aos 7 anos e solaparse gradualmente coa sociedade adulta. En moitas sociedades non occidentais e non capitalistas a mocidade non existe.

A noción actual de xuventude veu definir esa fase vital froito da prolongación da infancia, dos estudos e do período anterior á incorporación ao mercado de traballo. Unha das causas foi a hexemonía do traballo asalariado fronte aos outros (doméstico, agrícola, artesanal etc.). A idea de mocidade na actualidade acolle do seu fundamento unha categoría social que pouco ten que ver co efecto da idade: a incorporación ao mercado laboral. Esta incorporación, baséase nunha lexislación que se vincula a idade biolóxica, unha idade determinada na que se permite traballar e remata a formación, vencellada tamén a unha idade. Porén, a xuventude e o seu crecemento van parellos á instauración dun mercado de traballo capitalista, onde se merca e se vende unha forza de traballo vinculada a un emprego asalariado (lembramos a Polanyi). Xa que logo, a mocidade créase como unha consecuencia da organización produtiva e escolar das sociedades capitalistas occidentais.

É coa creación dunha institución, o ensino regrado no Antigo Réxime, cando se institucionaliza a diferenza entre *nenez*, *mocidade* e *idade adulta*. Logo, tamén foi o estado unha das institucións que crea a categoría «mocidade» ao cubrir determinadas demandas que anteriormente estaban atribuídas unicamente á familia.

¹¹ Bourdieu, P. (1984: 487) afirma sobre as categorías de idade: «*Las fronteras, incluso las más formales en apariencia, como son las que separan las clases de edad, fijan un estado de las luchas sociales, un estado de la distribución de las ventajas y de las obligaciones, tales como el derecho a unas tarifas especiales, o a la jubilación y la obligación escolar o militar. (...) Los sistemas de encasamiento que las fijan son menos unos instrumentos de conocimiento que unos instrumentos de poder*».

¹² Véxase Calhoun, C.; Light, D. e Keller, S. (2000: 278-279).

¹³ Actualmente os medios de comunicación son un dos principais axentes responsábeis da transmisión e da perpetuación destas categorías susceptibles non só de provocar diferenzas artificiais senón de perpetuar situacións desigualitarias.

¹⁴ Neste mesmo sentido, aínda que máis difícil de analizar e interpretar, poderíase incluír ritos de paso dunhas etapas vitais a outras, a asunción de determinados hábitos que se poden considerar cunha función ritual de paso ou de adquisición doutro status de idade (o matrimonio, a maternidade, a primeira menstruación etc.) sobre os que se constrúen estas categorías.

Moi avanzado o século XX, créase outra categoría nova denominada *adolescencia*. Neste caso, podemos salientar tres elementos históricos que contribuíron á creación desta categoría construída: segundo García Docampo (2006: 14-15) 1) a *lexislación laboral infantil* atrasa a incorporación ao mercado laboral da poboación, 2) a *educación obrigatoria* alóngase e 3) especialmente a creación lexislativa da *minoría de idade*.

Porén, a extensión do capitalismo industrial primeiro, o ensino obrigatorio despois e o corpus lexislativo (especialmente a lexislación laboral) poden sinalarse como tres dos primeiros motores da creación da categoría infancia e da mocidade actualmente¹⁵.

Xa que logo, deberíamos explicar o comportamento social e as características que se lle atribúe á poboación con outras variábeis que non fagan alusión a categorías de idade. Un exemplo que explicaría as causas das diferenzas deste rango de idade habitualmente denominado «mocidade» do resto de categorías de idade témolo en Martínez López (2002: 43): 1) os períodos históricos e os modos de organización laboral e produtiva; 2) as condicións do emprego e o tipo de traballo (grao de sindicación, tipo de contrato etc.); 3) as divisións sociais produto das diferenzas por razón de xénero; 4) a formación que se está a realizar ou a adquirida.

De categorías lexislativas e de bolsas de desemprego asalariado constrúese tamén socialmente a diferenza entre idade adulta e terceira idade. A vellez, evidentemente, fundaméntase nas sociedades contemporáneas como categoría na xubilación. En todas as sociedades a terceira idade, a vellez, comeza cando desaparece a vinculación co rol laboral asalariado. Na nosa sociedade a vellez institucionalízase coa xubilación.

Porén, aínda que a idade sexa un parámetro moi utilizado na investigación sociolóxica e sociolingüística, cómpre introducirmos algúns matices neste particular. As ideas de mocidade, adolescencia, idade adulta etc. son construcións sociais¹⁶. As grandes mudanzas que moitas veces se atribúen á idade, máis ben son froito dun cambio de vida: cando se comeza a traballar, a estudar, cun cambio no centro de estudos, co paso á universidade, se collemos a xubilación etc.; estes cambios non son atribuíbeis directamente á idade. Non podemos esquecer as enormes diferenzas na concepción dos límites entre a «infancia», a «mocidade» e a «idade adulta» dunhas a outras épocas históricas e entre diferentes culturas. Porén, non é a idade o que inflúe nos usos e nas actitudes, no cambio de lingua, senón que son as formas de vida que a sociedade crea para cada grupo de idade.

¹⁵ Hai tres décadas ninguén denominaría como nova unha persoa de 30 anos, idade que hoxe en día si cubre esa categoría; a causa non é a idade, explícase por efecto de que exista moita poboación desempregada con esa idade. Hai 50 anos tampouco consideraríamos «novo» a alguén de 16-18 anos, senón unha persoa plenamente adulta. Nos últimos anos, algunhas administracións públicas ofrecen convocatorias de axudas de vivenda á mocidade que admiten solicitudes de persoas até 35 anos.

¹⁶ A revisión que realiza M. Foucault (1976: 48 e seguintes) tamén nos serve como fundamentación teórica sobre este punto.

Cabería deconstruír estas categorías arredor da idade e cuestionar estas convencións xa que utilizan a idade como variábel causal cando o *período* no que se fixo a observación e a *sociedade na que viviu e vive cada xeración*, son elementos determinantes que inflúen dun xeito decisivo, por riba da propia idade en si.

4. A IDADE EN RELACIÓN COA SUBSTITUCIÓN LINGÜÍSTICA

En boa parte dos estudos sociolóxicos e macrosociolingüísticos analízase a variábel idade, o tratamento que se fai desta variábel tende a igualar ao mesmo plano calquera das variábeis estudadas dando a impresión que son de idéntica natureza. As explicacións por razón de idade moitas veces non afondan na diferenciación entre variábeis sociais e biolóxicas. A idade non é a causa, é onde se manifesta a consecuencia da substitución lingüística xa que esta se reflicte no descenso da transmisión xeracional. As variábeis sociais que máis correlación teñen cos usos lingüísticos, segundo os estudos macrosociolingüísticos galegos aos que teño acceso á base de datos, son por esta orde: 1.º o hábitat de residencia, 2.º os estudos, 3.º a ocupación e en 4.º lugar o xénero. A calquera persoa que estea ao tanto da realidade sociolingüística galega chamaralle a atención que non inclúa a variábel idade. Desde logo teríamos que incluíla, xa que nunha análise de correlacións esta variábel se situaría entre as que reflicten unha interdependencia coa variación lingüística máis elevada, mais non a inclúo porque non é unha variábel causal. En todo caso incluíríamos a xeración ou a idade social mais teríamos que xustificar o rango elixido. Sería máis acertado xustificar un rango que recoller este sen fundamentación ningunha.

Cando se realiza unha categorización dun grupo de idade non sempre se argumenta porque se está a facer ou en que fontes nos baseamos para establecer a dita división: cales son as razóns sociais que levan a elixir ese rango de idade? Por exemplo, o rango de 26 a 35 ou o de 36 a 45. No entanto, adóitase prestar atención á xustificación da categorización dos tipos de hábitat ou as categorías ocupacionais¹⁷. Cando se realiza a división de 16 a 25 anos suponse que estamos a falar dun grupo social do que a característica común causal dos usos lingüísticos é, por exemplo, estar estudando?, logo probabelmente teremos que deducir esta cuestión da división dos rangos de idade. Agora ben, nada se nos di de porqué non se ampliou este rango até os 12 anos ou até os 30. A diferenza entre un individuo de 12 e de 16 anos non adoita vir explicada. Neste sentido, caemos nunhas inercias doutros estudos que realizan categorizacións que pretenden achegarnos informa-

¹⁷ O estudo da estrutura social, as teorías arredor das categorías ocupacionais na socioloxía industrial e do traballo, a existencia de abundante bibliografía de clásicos (Marx, Durkheim, Weber etc.) máis recentemente (E. O. Wright, Goldthorpe etc.), o estudo que realiza a Socioloxía rural e urbana sobre os tipos de hábitats, poden motivar que os investigadores xustifiquen as categorías ocupacionais e de hábitat. Así se recollen, por exemplo, no MSG, as tipoloxías polo tipo de hábitat. O desenvolvemento destas especialidades máis que a Socioloxía da idade é un dos motivos.

ción cando verdadeiramente nos están a afastar da comprensión da situación social ou sociolingüística. Estes rangos repítense e mesmo se realizan outros novos sen ter constancia da fundamentación da fonte ou da categorización orixinal de onde se recolle esta división. Isto convértese nunha dificultade á hora de interpretar os resultados por razón de idade da que coido cabería unha reflexión.

Veño de realizar unha investigación sobre os usos lingüísticos do estudantado en Pontedeume que utilizarei como primeiro exemplo: neste estudo enquisouse a toda a poboación de secundaria do concello de Pontedeume e demostrouse que existe unha relación moito máis forte entre os usos lingüísticos e o tipo hábitat, as ocupacións, o nivel de estudos e o xénero que entre as propias idades dos individuos enquisados¹⁸. Na táboa que recollemos a continuación reflíctense os usos lingüísticos da poboación enquisada segundo o curso:

Táboa 1. Usos lingüísticos segundo o curso

Lingua habitual	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	Total ESO	1º BAC	2º BAC	Total BAC
Só galego	3'9%	3'5%	1'8%	5'5%	3'6%	0%	1'5%	0'7%
Máis galego	10'9%	14'0%	21'1%	17'4%	15'8%	19'2%	9'2%	14'2%
Máis castelán	69'5%	64'0%	62'3%	58'7%	63'6%	67'9%	78'5%	73'2%
Só castelán	15'6%	18'4%	14'0%	17'4%	16'3%	11'5%	10'8%	11'1%

Podemos apreciar que as diferenzas máis notábeis nos usos lingüísticos se dan entre os ciclos ESO e BAC máis que entre cada curso. Podemos apreciar que os usos lingüísticos se vén máis influídos polo ciclo formativo que pola idade media que supoñemos para cada curso. Unha das explicacións pode ser que o bacharelato é a educación secundaria pos-obrigatoria; porén, non recolle todos os perfís sociais como si o fai a educación obrigatoria (ESO), no bacharelato poden crearse novos hábitos nos individuos, a educación secundaria non obrigatoria reduciría os perfís dos enquisados cara a aqueles que decidiron estudar o bacharelato¹⁹.

O anterior sinala na dirección do xa apuntado neste traballo: estes resultados poñen en cuestión a idade como factor de forza explicativa fortemente relevante.

¹⁸ Cómpre sinalar que respecto á «ocupación» e ao «nivel de estudos», evidentemente preguntouse os enquisados polas/os das/os súas/seus nais/pais.

¹⁹ No entanto, hai que ter en conta que hoxe en día está moito menos determinada e influída a procedencia social polo feito de continuar ou non estudando.

4.1. ESTUDO DA DIFERENZA ENTRE O EFECTO DA IDADE, DO COHORTE OU DO PERÍODO

Cando detectamos unha diferenza entre dous rangos de idade, por exemplo entre as persoas de 16 e 25 anos e as persoas maiores de 65 anos, non podemos decidir *a priori* se esta diferenza se explica polo efecto da maior idade; *efecto da idade*, ou polo efecto de que esteamos a falar dunha xeración diferente que se socializou en condicións particulares que contribuíron a formar durante o tempo certas características (como poden ser as competencias, os usos ou actitudes lingüísticas). Polo mesmo, un dos problemas centrais da interpretación dos resultados científicos que tratan a idade é distinguir entre o «efecto da idade» do «efecto dos cohortes».

Xa que logo, un dos problemas principais centrais na interpretación dos estudos que traballaran a cuestión da idade é distinguir os efectos da idade biolóxica dos efectos da estrutura social. As diferenzas entre grupos de idade non poden ser explicadas polo simple feito do avellentamento, o comportamento social dunha xeración co avellentamento, a xeración escollida e o período no que se realizou o traballo de campo manteñen efectos que cómpre explicar. Podemos distinguir entre os fluxos dos cohortes (quero dicir, os grupos de individuos nados ao mesmo tempo) do proceso do avellentamento (se non reservamos este termo ás últimas etapas da vida) que fan «progresar» os individuos dun ou doutro cohorte ao longo das distintas idades. Os fluxos do cohorte producen estratos de idade mentres que o proceso de avellentamento produce a mobilidade ao longo destes estratos.

Nos casos nos que podemos determinar que as diferenzas en principio poderían ser por «efecto da idade», son aqueles nos que os máis novos que teñen por exemplo usos lingüísticos diferentes que os de maior idade, cando teñan a mesma idade que estes últimos tamén terán usos semellantes aos maiores. Á inversa, de atopámonos co efecto dos cohortes, nas mesmas idades, as diferenzas entre os dous rangos de idade deben ficar semellantes.

Podemos apreciar, polo tanto, que as investigacións que traten a cuestión da idade deberán estudar estes dous efectos: comparar os efectos do cohorte nas mesmas idades e os efectos das idades en distintos cohortes. O primeiro permítenos coñecer as diferenzas de «xeración», o segundo permítenos pescudar o «*efecto do avellentamento*»²⁰. Mais cómpre ter en conta tamén a data na que se realizou a observación, na que se realizou o traballo de campo. Logo podemos distinguir tres efectos: «o efecto da idade», o «efecto do período» e o «efecto do cohorte».

Un exemplo permitirá explicar mellor os tres tipos de efectos e as súas interaccións posibles. Nas comparanzas dos estudos sobre os usos lingüísticos do galego, establecemos tres cohortes recodificados: os nacidos entre 1976 e 1965, entre 1966 e 1950, entre

²⁰ Pese a que consideramos que os modos de vida asignados a cada grupo de idade teñen unha influencia decisiva por riba do avellentamento biolóxico (p. ex. os máis novos estarán estudando, os máis vellos xubilados), por rigor e respecto terminolóxico asumiremos utilizar o «*efecto do avellentamento*».

1951 e 1927 e os nacidos antes de 1927, e dúas datas distintas nas que se realizou o traballo de campo: 1992 e 2003. O que queremos apreciar é o «efecto da idade» e do «avellentamento» nunha mesma data de nacemento:

Táboa 2. Porcentaxe de usos do galego na Galiza segundo a data de nacemento

Data de nacemento	Ano do traballo de campo		Diferenza por «efecto do avellentamento»
	1992 (MSG)	2003 (ECVF)	
Entre 1976 e 1965	46,5% (de 16 a 25 anos)	48,7% (de 27 a 36 anos)	+ 2,2%
Entre 1966 e 1950	62,7% (de 26 a 40 anos)	62,5% (de 37 a 51 anos)	- 0,2%
Entre 1951 e 1927	77,3% (de 41 a 65 anos)	76,9% (de 52 a 76 anos)	-0,4%
Nacidos antes de 1927	84,7% (máis de 65 anos)	83,1% (máis de 76 anos)	- 1,6%
Diferenza media por efecto da data de nacemento	12,7%	11,4%	

O máis salientábel é a escasa diferenza polo «*efecto do avellentamento*». Logo «a idade» case non influíu no cambio dos usos lingüísticos. Pese ás escasas diferenzas, podemos apreciar como os falantes nacidos entre 1976 e 1965 aumentaron en 2,2% os seus usos do galego en 11 anos. Foron os enquisados máis novos en 1992, que tiñan entre 16 e 25 anos, os que aumentaron algo os seus usos do galego. Isto entra en contradición coa tese que nos está a dicir que a mocidade «*pasa*» do galego. Ao contrario, probabelmente é no período histórico no que estamos incluso máis favorábel cara á lingua²¹. A substitución maniféstase na transmisión interxeracional máis que na idade, logo a idade constitúe escasamente un valor explicativo, é a xeración a variábel que recolle maiores diferenzas. A transmisión interxeracional reflíctese nos escasos usos das xeracións máis novas.

Agora realizaremos unha táboa para unha lectura centrada no «*efecto do avellentamento*» mais desta vez desagregado por usos monolingües e bilingües:

Táboa 3. Uso do galego segundo a idade

MSG 1992	Só castelán	Máis castelán	Máis galego	Só galego	Total
16 a 25 anos	17,7%	35,7%	23,0%	23,5%	100%
26 a 40	12,9%	24,8%	32,2%	30,2%	100%
41 a 65	7,5%	15,2%	33,8%	43,5%	100%
Máis de 65	5,8%	9,5%	25,8%	58,9%	100%

²¹ A cooficialidade, a inclusión do galego no ensino, a presenza nos medios, entre outros factores, contribuíron a mellorar relativamente o *status* da lingua. Estes elementos, entre outros, poden ser os que influíron positivamente no cambio cara ao galego das xeracións máis novas.

Táboa 4. Seguimento do mesmo grupo de falantes segundo a data de nacemento 11 anos despois

ECVF 2003	Só castelán	Máis castelán	Máis galego	Só galego	Total
27 a 36 anos	25,9%	25,4%	18,9%	29,8%	100%
37 a 51	18,9%	18,7%	21,5%	41,0%	100%
52 a 76	12,2%	11,0%	19,7%	57,2%	100%
Máis de 76	10,8%	6,2%	13,6%	69,5%	100%

Táboa 5. Diferenza nos usos lingüísticos entre 1992 e 2003 no mesmo grupo de falantes segundo a data de nacemento

Datas de nacemento	Só castelán	Máis castelán	Máis galego	Só galego
Entre 1976 e 1965	+ 8,2%	- 10,3%	- 4,1%	+ 6,3%
Entre 1966 e 1950	+ 6,0%	- 6,1%	-10,5%	+ 10,8%
Entre 1951 e 1927	+ 4,7%	- 4,2%	-14,1%	+ 13,7%
Nados antes de 1927	+5,0%	- 3,3%	- 2,2%	+ 10,6%

Como reflecten as táboas, facendo un seguimento por razón de idade ao mesmo grupo de falantes, 11 anos despois, a característica máis salientábel non é directamente de índole demolingüística. O máis característico é a redución dos usos bilingües e un aumento dos usos monolingües. Os factores desencadeantes desta evolución que nos indica un aumento xeral dos usos monolingües non son por razón de idade. Son outros factores, mais a idade non é a causa xa que, como podemos ver na táboa anterior, o aumento produciuse en distintas idades e con poboación con cohortes diferentes. Polo tanto, neste caso podemos intuír cuestións relacionadas coa estrutura social galega, unhas cuestións estruturais que teñen máis a ver con cambios na sociedade dunha data a outra na que se fixo o traballo de campo.

Xa vimos que a influencia do «*avellentamento*» era escasa tanto nos datos recodificados de galegofalantes (diferenza do 2%), como naqueles presentados reflectindo os usos monolingües e bilingües que nos daban as mesmas tendencias en todas as idades; logo evidenciábase o escaso efecto da idade. Tamén vimos que a influencia da data de nacemento era bastante forte (do 12,7% en 1992 e do 11,4% en 2003). Na próxima táboa, realizaremos unha lectura máis centrada nas diferenzas do período no que se realizou o traballo de campo.

Táboa 6. Usos lingüísticos no MSG

MSG 1992	Só castelán	Máis castelán	Máis galego	Só galego	Total
16 a 25 anos	17,7%	35,7%	23,0%	23,5%	100%
26 a 40	12,9%	24,8%	32,2%	30,2%	100%
41 a 65	7,5%	15,2%	33,8%	43,5%	100%
Máis de 65	5,8%	9,5%	25,8%	58,9%	100%

Táboa 7. Usos lingüísticos na ECVF

ECVF 2003	Só castelán	Máis castelán	Máis galego	Só galego	Total
16 a 25 anos	26,1%	30,1%	16,6%	27,2%	100%
26 a 40	25,2%	24,1%	19,1%	31,7%	100%
41 a 65	15,4%	15,3%	21,9%	47,4%	100%
Máis de 65	10,4%	7,7%	15,9%	66,0%	100%

Táboa 8. Diferenza na mesma idade por efectos do período

	Só castelán	Máis castelán	Máis galego	Só galego
16 a 25 anos	+ 8,4	- 5,6	- 6,4	+3,7
26 a 40	+ 12,3	- 0,7	-10,3	+1,5
41 a 65	+ 7,9	+ 0,1	- 11,9	+3,9
Máis de 65	+ 4,3	- 1,8	- 9,9	+7,1
Diferenza media por efecto do período	+ 8,22	- 2	- 9,6	+ 4,0

Apreciamos como o efecto do período histórico é maior que o efecto da idade mais non tan forte como a do cohorte ou a data de nacemento, xa que se sumásemos o efecto nos galegofalantes en conxunto, como fixéramos para coñecer o efecto da data de nacemento, estes anularíanse algo: $8,22 - 2,0 = 6,22\%$ para os castelanfalantes, e $-9,62 + 4,0 = 5,62\%$ para os galegofalantes de efecto do período histórico.


Os grupos de individuos situados na mesma franxa de idade no 1992 (MSG) que en 2003 (ECVF), falan menos galego, non teñen uns usos semellantes. Logo non existen tendencias comúns para as mesmas idades. É dicir, os individuos que tiñan entre 16 e 25 anos en 1992 falan máis galego que os que tiñan eses anos en 2003. Xa que logo, como reflicten as táboas, as mesmas idades, non manteñen uns usos lingüísticos semellantes nunha década de diferenza, logo a influencia do período no que se realizou o traballo de campo é superior á idade dos individuos, e a data de nacemento ou cohorte é superior ao período no que se realizou o traballo de campo e ao efecto da idade.

4.2. COMPARANZA PARA O ANO 2003 ENTRE A INTERRELACIÓN COS USOS LINGÜÍSTICOS²² DO «TAMAÑO DO MUNICIPIO», «NIVEL DE FORMACIÓN», «OCUPACIÓNS», «SEXO» E «IDADE»

4.2.1. Análise de correspondencias entre o «tamaño do municipio» e a lingua habitual

Tamaño do municipio	Lingua habitual			
	Só galego	Máis galego	Máis castelán	Só castelán
Menos de habitantes 19.999	,788	,521	,342	,234
De 20.000 a 49.999	,092	,115	,111	,101
Máis de habitantes 50.000	,120	,363	,548	,665
Marxe activa	1,000	1,000	1,000	1,000

Tamaño do municipio	Lingua habitual				
	Só galego	Máis galego	Máis castelán	Só castelán	Marxe activa
Menos de habitantes 19.999	,657	,167	1,05	,071	1,000
De 20.000 a 49.999	,430	,208	,190	,172	1,000
Máis de habitantes 50.000	,171	,198	,286	,344	1,000




²² Neste apartado, non pretendo máis que facer unha chamada de atención sobre unha serie de variábeis que teñen unha interrelación cos usos lingüísticos en todos cantos estudos macrosociolingüísticos se teñen feito sobre o galego. Este apartado pretende ilustrar graficamente a interrelación entre estas variábeis clásicas e a lingua habitual no últimos datos dispoñíbeis do ano 2003. A fonte de todas as gráficas é de elaboración propia a partir de datos da ECVF (IGE: 2003).

4.2.2. Análise de correspondencia entre a formación e a lingua habitual

Formación recodificada	Lingua habitual			
	Só galego	Máis galego	Máis castelán	Só castelán
Primarios incompletos	,026	,024	,063	,153
Primarios completos	,012	,020	,059	,122
Formación profesional	,391	,402	,582	,580
Bacharelato	,181	,180	,089	,046
Formación profesional media e superior	,161	,164	,111	,059
Universitarios	,228	,210	,096	,040
Marxe activa	1,000	1,000	1,000	1,000

Formación recodificada	Lingua habitual				
	Só castelán	Máis castelán	Máis galego	Só galego	Marxe activa
Primarios incompletos	,056	,050	,138	,752	1,000
Primarios completos	,033	,053	,162	,746	1,000
Formación profesional	,143	,146	,219	,487	1,000
Bacharelato	,323	,317	,163	,188	1,000
Formación profesional media e superior	,280	,282	,199	,234	1,000
Universitarios	,362	,329	,156	,143	1,000




4.2.3. Análise de correspondencia entre a «ocupación» e a lingua habitual


Escala ocupacións	Lingua habitual			
	Só galego	Máis galego	Máis castelán	Só castelán
Forzas Armadas	,002	,002	,007	,020
Dirección das administracións	,001	,002	,001	,002
Empresariado medio-grande	,010	,014	,021	,025
Pequeno empresariado	,048	,051	,046	,041
Técnicos e profesionais superiores	,038	,096	,171	,203
Técnicos e profesionais de apoio	,039	,065	,160	,162
Empregados de tipo administrativo	,029	,060	,108	,116
Traballadores dos servizos	,084	,134	,155	,166
Traballadores da agricultura e pesca	,263	,059	,012	,011
Artesáns, traballadores da industria	,232	,254	,140	,108
Operadores da industria	,141	,139	,087	,059
Traballadores non cualificados	,114	,123	,093	,087
Marxe activa	1,000	1,000	1,000	1,000

Escala ocupacións	Lingua habitual				
	Só galego	Máis galego	Máis castelán	Só castelán	Marxe activa
Forzas Armadas	,125	,075	,225	,575	1,000
Dirección das administracións	,250	,375	,125	,250	1,000
Empresariado medio-grande	,267	,190	,267	,276	1,000
Pequeno empresariado	,437	,226	,189	,149	1,000
Técnicos e profesionais superiores	,156	,191	,318	,311	1,000
Técnicos e profesionais de apoio	1,89	,152	,348	,311	1,000
Empregados de tipo administrativo	,188	,190	,319	,304	1,000
Traballadores dos servizos	,293	,228	,246	,233	1,000
Traballadores da agricultura e pesca	,872	,095	,018	,015	1,000
Artesáns, traballadores da industria	,501	,267	,138	,094	1,000
Operadores da industria	,518	,250	,145	,087	1,000
Traballadores non cualificados	,455	,238	,168	,139	1,000

Puntos de fila para escala ocupacións con etiquetas



Puntos de columna para lingua habitual




4.2.4. Análise de correspondencia entre o «sexo» e a lingua habitual


Sexo	Lingua habitual			
	Só galego	Máis galego	Máis castelán	Só castelán
Varón	,485	,521	,459	,416
Muller	,515	,479	,541	,584
Marxe activa	1,000	1,000	1,000	1,000

Sexo	Lingua habitual				
	Só galego	Máis galego	Máis castelán	Só castelán	Marxe activa
Varón	,483	,199	,168	,151	1,000
Muller	,464	,165	,179	,192	1,000

Dimensión 1 Transformadas lingua habitual categorías



Dimensión 1 Transformadas sexo categorías



4.2.5. Análise de correspondencias entre a «idade» e a lingua habitual


Diferenza «interxeracional»²³ (lectura de arriba cara a abaixo)

Idade recodificada en 5 categorías	Lingua habitual			
	Só galego	Máis galego	Máis castelán	Só castelán
Menores de 16	,57	,070	,130	,153
De 16 a 25	,081	,125	,228	,186
De 26 a 40	,140	,206	,259	,257
De 41 a 65	,359	,393	,281	,274
Máis de 65	,362	,205	,102	,130
Marxe activa	1,000	1,000	1,000	1,000

²³ Recollo entre aspas «interxeracional» e «intraxeracional» xa que as categorías de idade elixidas son susceptibles ou non de ser distintas xeracións.

Diferenza «intraxeracional» (lectura de esquerda a dereita)

Idade recodificada en 5 categorías	lingua habitual				
	Só galego	Máis galego	Máis castelan	Só castelan	Marxe activa
Menores de 16	,305	,143	,255	,297	1,000
De 16 a 25	,289	,171	,298	,242	1,000
De 26 a 40	,344	,194	,233	,229	1,000
De 41 a 65	,504	,212	,145	,140	1,000
Máis de 65	,689	,150	,071	,090	1,000




4.3. CORRELACIÓN ENTRE O «XÉNERO», A «IDADE» E OS USOS LINGÜÍSTICOS

Tratarei o xénero como unha variábel á parte para explicar a postura que estou defendendo sobre a idade, xa que partíamos no apartado máis teórico da exposición, da dicotomía sexo/xénero, idade biolóxica/idade social, e porque é unha variábel algo esquecida nas investigacións sobre a situación do galego.

Por que cando atopamos variacións lingüísticas por razón de xénero se trata de pasada? Así como se realizaron abundantes explicacións por razón de idade, por efecto da idade, as apreciábeis diferenzas nos usos lingüísticos entre xéneros nos datos macrosociolingüísticos non foron moi estudadas na Galiza. Realizouse algunha exposición das diferenzas nos datos mais non se realizou ningunha explicación das causas como se o tema fose algo tabú.

Doutra banda, a raíz da observación de múltiples cuestionarios ao longo dos meus estudos, puiden observar a contradición entre a pregunta «sexo» e a propia cuestión que se quería coñecer. O xénero é o sexo²⁴ construído socialmente, non o que somos bioloxicamente, senón a nosa identidade cultural.


Como podemos ver nas táboas anteriores e nas seguintes, as diferenzas entre xéneros son notábeis. Na seguinte táboa recolleemos as diferenzas entre xéneros nos usos lingüísticos do estudantado de Pontedeume (2006), o número de homes galegofalantes duplica o de mulleres galegofalantes (24'4% de homes galegofalantes fronte a 12'7% de mulleres):




²⁴ López Morales (2004: 122) apunta o seguinte respecto a esta cuestión «*El sexo, en cuanto a conjunto de diferencias anatómicas y biológicas entre hombres y mujeres, carece de interés para la sociolingüística*».

Na seguinte táboa represéntanse as diferenzas a nivel galego para o ano 2003 (IGE) do efecto do xénero nos usos lingüísticos: último dato dispoñíbel até a actualidade:


			Lingua habitual				
			Só castelán	Máis castelán	Máis galego	Só galego	Total
Sexo	Varón	Reconto	214868	225238	252634	546834	1239617
		% de sexo	17,3%	18,2%	20,4%	44,1%	100,0%
		% de lingua habitual	41,8%	46,2%	52,9%	49,3%	47,9%
		% do total	8,3%	8,7%	9,8%	21,1%	47,9%
	Muller	Reconto	298945	261765	225325	561739	1347774
		% de sexo	22,2%	19,4%	16,7%	41,7%	100,0%
		% de lingua habitual	58,2%	53,8%	47,1%	50,7%	52,1%
Total	Reconto		513813	487003	478002	1108573	2587391
	% de sexo		19,9%	18,8%	18,5%	42,8%	100,0%
	% de lingua habitual		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	% do total		19,9%	18,8%	18,5%	42,8%	100,0%



Na análise do efecto do xénero podemos apreciar diferenzas notábeis; o máis característico é o superior uso que os homes fan do galego fronte ás mulleres, unha diferenza que tamén se aprecia no MSG (RAG: 1992). Cómpre tamén salientar as grandes diferenzas nos usos monolingües e bilingües. Así como apreciamos unha «escada» nos usos de «só castelán» a «só galego» nos homes, tendencia clásica nos datos xerais galegos cos que contamos, son as mulleres as que inflúen no sistema ao polarizar os seus usos nos dous extremos monolingües, provocando que os datos xerais sexan tamén polarizados debido, en parte, ao seu maior número²⁵ (52% de mulleres no total de enquisas fronte ao 48% de homes). Deseguida recolleremos conxuntamente o efecto do xénero da «idade» e da lingua habitual conxuntamente:



²⁵ Esta diferenza é real. Sempre hai maior número de mulleres que de homes nos datos macroestatísticos debido á súa maior esperanza de vida.



Nas gráficas anteriores podemos apreciar como ambos os xéneros manteñen tendencias semellantes até o grupo de idade entre 26 e 40 anos, onde claramente atopamos diferenzas. É neste grupo de idade onde supostamente a maioría abandonou os estudos e está a traballar (sexa na casa ou fóra dela) onde as mulleres polarizan os seus usos entre «só galego» e «só castelán» que manteñen até a idade de xubilación, fronte aos homes que manteñen nas mesmas idades unha tendencia graduada de «só castelán» a «só galego».

No que se refire ás diferenzas nos grupos de idade, polo exposto anteriormente na análise comparativa do efecto do cohorte, do período e da idade, non acreditamos que estas diferenzas sexan atribuíbeis ao efecto da idade. No entanto, no caso do xénero, podemos acreditar que estas diferenzas teñan forte relación coa propia variábel en si. Podemos acreditar máis no efecto do xénero que no da idade xa que esta categoría dicotómica (López Morales 1989: 123) se perpetúa historicamente. Non se coñece en ningunha época histórica ningunha sociedade non patriarcal; a división entre os sexos, a discriminación por razón de xénero, sempre existiu e se perpetuou no tempo pese a ser unha construción social baseada nun atributo fisiolóxico. As diferenzas entre os xéneros sempre existiron, no entanto, as diferenzas entre os grupos de idade escollidos son creadas e dependen das clasificacións elixidas no momento. Se cabe, poderemos acreditar nas

diferenzas entre pais e fillos, claramente distintas xeracións tanto biolóxica como socialmente, mais no caso do xénero, non cabe ningunha dúbida que as diferenzas e desigualdades existiron historicamente.

Podemos intuír razóns asociadas ao prestixio da lingua, ao status do galego para explicar as diferenzas, unhas cuestións asociadas ás desigualdades por razón de xénero. Unha forma lingüística prestixiosa²⁶ fomenta nos falantes unha actitude positiva que lles fai favorecer o seu uso en detrimento de outra. Segundo Irene Lozano (2005: 277)²⁷ as mulleres son máis propensas ao cambio lingüístico cara a formas prestixiosas. Supostamente, as mulleres utilizan menos o galego porque xa teñen circunstancias abondo que lles colocan barreiras para a igualdade de oportunidades como para asumir unha lingua minorizada. Xa que logo, que no mercado lingüístico o galego teña un prestixio inferior ao castelán, pode ser un dos motivos que expliquen estas diferenzas. O estudo da variación lingüística por razón de xénero é unha cuestión moi tratada e estudada xa desde comezos do século XX a nivel internacional e sobre todo desde os anos 60; a importancia desta variábel para o cambio lingüístico está máis que fundamentada e na Galiza todos os datos apuntan á relación entre o xénero e o cambio lingüístico.

4.4. BREVE ANÁLISE DAS CARACTERÍSTICAS DA SUBSTITUCIÓN LINGÜÍSTICA²⁸

Xa que logo, estamos a ver que existen factores que afectan máis á variación lingüística, neste caso aos usos lingüísticos, que a propia idade en si. René Appel e Pieter Muysken (1987) na súa obra conxunta *Bilingüismo y contacto de lenguas* analizan os factores que inflúen na substitución e no mantemento lingüístico²⁹. Propoñen unha combinación de tres factores³⁰ principais: *status*, *peso demográfico* e *apoio institucional*.

A lingua asociada ao progreso económico e á vida moderna é aquela que gaña falantes (lemremos a Calvet). Os cambios económicos, a modernización, a industrialización e a urbanización convértense en variábeis relevantes na descrición do mantemento e

²⁶ López Morales (2004: 127) afirma: «Los datos acumulados hasta la fecha demuestran de manera evidente que las mujeres son más conscientes de la valoración que su comunidad hace de los fenómenos del lenguaje, y apoyan aquellos que obtiene más alto estatus».

²⁷ Afirmar Irene Lozano (2005: 277) o seguinte respecto ao xénero e ao cambio de lingua. «Parece existir unas creencias determinadas entre los hablantes sobre lo que es apto para cada género. (...). Si una variante nueva se tiene por prestigiosa se verá socialmente apropiada para el estilo femenino y esto provocará en las mujeres una actitud positiva hacia ella que favorecerá el cambio lingüístico». No mesmo sentido, Bourdieu (1985: 23) sinala que as mulleres adoptan antes a lingua «lexítima». Están predispostas a adoptar xa desde a escola as esixencias do mercado, a linguaxe de prestixio no mercado lingüístico.

²⁸ Lonxe de pretender tratar polo miúdo un tema tan denso e con abondosa bibliografía como é a substitucións lingüística, gustaríame aproveitar este foro para apuntar certas cuestións xerais.

²⁹ Appel, R. e Muysken, P. (1987: 52-69) achegando as visións de Giles, Bourhis e Taylor (1977), construíron un modelo para sistematizar os numerosos factores que interveñen no mantemento.

³⁰ Polas lecturas que podemos sacar para comprender o proceso de substitución lingüística na Galiza, achego un pequeno esquema para facer comprender nesta exposición que o proceso que estamos vivindo é un acontecemento a escala planetaria.

a substitución lingüística. Por outra banda, o contraste urbano-rural é de grande importancia para a análise do modelo de substitución lingüística. En xeral, os grupos rurais tenden a preservar a lingua minorizada durante máis tempo que os grupos urbanos. Probabelmente a distribución xeográfica en si mesma non é o factor causante do mantemento e a substitución lingüística, senón os modelos de comunicación en relación a ela e a ausencia ou presenza dunha continua presión social para usar a lingua de prestixio. É, polo tanto, de gran relevancia a influencia do espazo, do hábitat e concretamente do mantemento e da creación de espazos de uso para frear a substitución. Resultan de especial importancia as redes sociais, é dicir, redes de interacción social informais nas que os falantes se implican por medio das que, por presións e incentivos, os participantes se impoñen mutuamente normas lingüísticas.

A estrutura social galega experimentou numerosos cambios que afectaron directamente á variación lingüística e concretamente ao cambio de lingua da poboación galega. Se a comezos do século XX a porcentaxe de poboación monolingüe en galego se situaba arredor do 90%³¹, as grandes transformacións que aconteceron co capitalismo posindustrial aceleraron a perda de galegofalantes até o punto de que, sumando os galegofalantes monolingües e bilingües, segundo os últimos datos, rondan o 60%.

Podemos afirmar que as características xerais que máis influíron no proceso de substitución lingüística na Galiza ao longo do século XX e até a actualidade son: 1) o proceso de industrialización, 2) o proceso de urbanización e o abandono do rural, 3) a xeneralización do ensino en castelán desde o Antigo Réxime, 4) o desenvolvemento de medios de comunicación en mans de estratos sociais castelanófonos (ou coa empresa matriz fóra de Galiza), 5) a mellora das vías de transporte e de comunicación co resto da península, 6) a emigración masiva a comunidades hispanófonas (do resto da península e sudamericanas), 7) a sociedade patriarcal³², 8) as desigualdades sociais³³, e por último, 9) non se cumpren (nin se cumpriron) a cooficialidade e os planos de normalización lingüística.

A substitución lingüística é a redistribución de variábeis lingüísticas en determinados *ámbitos*, se a substitución se fai a favor da lingua maioritaria, esta lingua parece ir conquistando ámbitos por medio do estado intermedio de uso bilingüe. Cando a lingua minoritaria se usa en menos ámbitos o seu valor decrece. Isto, á súa vez, diminuírá a

³¹ Véxase RAG (1995: 52-55).

³² Cómpre sinalar que toda situación desigualitaria que se perpetúa no tempo é susceptible de provocar diferenciacións na linguaxe. O caso das desigualdades entre xéneros é un exemplo. Pode ser que a muller para evitar máis barreiras das que xa ten pola súa condición de xénero se pase á lingua de maior prestixio. Así sinalan todas as bases de datos que manexei. Este punto tamén está fundamentado por diversos estudos que sinalan que a muller adoita realizar o cambio cara á lingua de prestixio antes que o varón. A muller historicamente é a transmisora da lingua, logo esta desigualdade por razón de xénero afectaría na transmisión interxeracional.

³³ As desigualdades sociais entre os falantes galegófonos e castelanófonos perpetúan o maior status do castelán no mercado lingüístico galego.

motivación dos individuos para aprendela e usala. O espazo é algo decisivo para o mantemento ou a substitución lingüística. O ámbito, moi en relación co hábitat, é das variábeis para analizar que máis inflúen nos usos lingüísticos.

Xa que logo, como vimos de analizar, non é a idade o factor desencadeante da substitución lingüística ou do mantemento, mais cómpre sinalar que a xeración e as súas características se constitúen en consecuencias (non en causas da substitución ou mantemento): en tanto que a lingua perda terreo nunha comunidade, os falantes desa lingua terán cada vez menos competencias nela e menores usos. Como o proceso de substitución lingüística é gradual, a sociedade na que viviu cada xeración ten uns usos determinados, progresivamente cada xeración nova utilizará menos esa lingua e a transmisión será menor, con evidentes consecuencias no estatus desa lingua no mercado lingüístico.

5. CONCLUSIONES

A infancia, a adolescencia, a madurez e a vellez non son categorías biolóxicas senón sociais. Non existen límites fixos para as categorías construídas arredor da idade. As fronteiras nin son temporais nin precisas. Como nos lembra Bourdieu (1984: 487) as fronteiras de idade fixan a distribución das vantaxes e obrigas como un instrumento de poder máis que un instrumento de coñecemento. A mocidade, a vellez ou a idade adulta non son máis que construcións sociais, resultados da atribución de roles sociais cambiantes no tempo e no espazo. No caso de se realizar estas categorías, estes límites de idade deberán definirse con criterios xustificados por algún proceso ou comportamento social especialmente relevante, non por comodidade estatística á hora de facer os cálculos.

Nestas construcións sociais arredor da idade, producíronse cambios decisivos no mundo contemporáneo. Hoxe en día, o acceso ao mundo adulto prodúcese tras unha fase dilatada e difusa. Xa non existen símbolos claros e colectivamente compartidos que identifiquen e definan unha persoa como adulta. A maternidade, o traballo ou o matrimonio, símbolos tradicionais, tampouco hoxe en día contan coa relevancia do pasado. Estas imprecisións nas definicións sociais nas categorías entorno a idade, transformaron a percepción e a conciencia respecto a esta situación. A xuventude xa non é como un momento transitorio e provisional. Hoxe en día é todo o contrario (Iglesias de Ussel, J. 1998: 106). Considérase a xuventude como unha fase duradeira, continuada, con especificidade propia e susceptible de se prolongar case indefinidamente. Nisto teñen influído notabelmente a creación do traballo asalariado e a súa institucionalización, así como os medios de comunicación de masas ao estableceren a xuventude como modelo colectivo.

En poucas décadas invertéronse as posicións dos grupos de idade, e agora xa son os adultos quen imitan á mocidade. Máis ao facelo así quedan desbordados os límites entre mocidade e idade adulta. A presión social oríéntase a que o individuo se instale na mocidade (Iglesias de Ussel. 1998: 107). É agora a mocidade a que goza dun status simbólico forte e se constitúe en moitos aspectos en referente do resto da poboación. Pode ser

que a mocidade se constituía tamén nun referente lingüístico de prestixio xa que é a categoría social construída arredor da idade que está a aumentar o seu valor.

5.1. ALGÚNS APUNTAMENTOS EN CHAVE DE PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA

Cando queremos mellorar a situación dunha lingua en condicións de desigualdade non temos máis que convertela nunha lingua de prestixio no mercado lingüístico. Esta situación pódese mudar en caso de se modificar o status dos seus falantes e/ou o status desa lingua. Para tal fin, é preciso institucionalizar o estudo e seguimento do estado da comunidade lingüística galega cunha periodicidade até hoxe inexistente. Existen estudos xerais como o MSG de 1992, e o parcial³⁴ ECVF do IGE de 2003, mais é necesario realizar periódicos estudos que garantan a publicación de resultados macrosociolingüísticos, incluíndo as zonas galegófonas que se atopan fóra da Comunidade Autónoma galega, que sirvan para coñecer con detalle a evolución da nosa lingua. Tan importantes son tamén os estudos «micro», de maior eficacia para afondar no coñecemento das actitudes lingüísticas.

Algo moi importante que cómpre ter en conta á hora de deseñar unha política de planificación lingüística son os espazos de uso, os ámbitos. Os individuos que teñen unhas redes sociais onde se fala galego, aínda que teñan un contexto xeral hostil para o uso da lingua, véxase o espazo urbano, é máis probábel o mantemento. Xa que logo, é de especial importancia construír estratexias de mantemento de aqueles espazos onde existen as redes de uso do galego tanto como crear novos espazos de uso. Un exemplo serían as redes sociais galegófonas nas vilas e no rural ou nas propias cidades nos barrios nos que se manteñen os usos do galego.

Este aspecto importante que debemos ter en conta está moi en relación cos novos ámbitos e as novas redes sociais que se configuran ao longo da vida dunha persoa. Non hai que esquecer que existe unha porcentaxe importante de individuos que cambian de lingua ao ingresar no ensino regrado, sendo moi probábel que tamén muden de lingua ao deixalo, ao entrar no mundo laboral, ou, como moitos universitarios manifestan³⁵, co acceso á universidade. Este cambio de lingua prodúcese en dúas direccións: cara ao galego e cara ao castelán. É no primeiro ano de contacto e de asentamento de novas redes sociais cando os individuos son máis propensos ao cambio ou ao mantemento do comportamento social. É unha etapa decisiva para recuperar ou perdermos falantes os cambios de ciclo formativo, os primeiros cursos ou o acceso ao mundo laboral. Todas aquelas etapas que signifiquen un cambio de redes sociais³⁶ son unha oportunidade para o galego.

³⁴ Na ECVF do IGE (2003) non se realizan preguntas actitudinais nin competenciais.

³⁵ Kabatek, J. (2000) e Iglesias Álvarez, A. (2002) explicanos como individuos que marchan estudar á universidade cambian de lingua ao mudar de lugar de estudos. Este cambio prodúcese nas dúas direccións: do galego ao castelán e do castelán ao galego.

³⁶ Os estudos sobre a poboación inmigrante inciden nunha cuestión semellante: para a integración, o primeiro ano é decisivo para evitar que as redes sociais se configuren alleas á cultura local.

REFERENCIAS

- Aguinaga Roustán, J. e Comas Arnau, D. (1991): *Infancia y adolescencia: la mirada de los adultos* (Madrid: Ministerio de Asuntos Sociales).
- Anderson, R.; Hair, L.; Tahan, R. e Black, W. (1999): *Análisis multivariante* (Madrid: Prentice Hall).
- Appel, E. e Muysken, P. (1987) [1996]: *Bilingüismo y contacto de lenguas* (Barcelona: Ariel).
- Bourdieu, P. (1984) [1999]: *La distinción. Criterios y bases sociales del gusto* (Madrid: Tauros).
- Bourdieu, P. (1985) [1999]: *¿Que significa hablar?* (Madrid: Akal).
- Cameron, D. (1992): *Feminism and linguistic theory* (Houndmills: McMillan Press).
- Coates, J. (1993): *Women, men and language. A sociolinguistic account of sex differences in language* (London: Longman).
- Calhoun, C.; Light, D. e Keller, S. (2000): *Sociología* (Madrid: McGraw-Hill).
- Crompton, R. (1994): *Clase y estratificación. Una introducción a los debates actuales* (Tecnos: Madrid).
- Elboj Saso, C. (2006): «Desigualdades de clase, género, edad y étnia en la educación», en *Estructura social. La realidad de las sociedades avanzadas*: 163-167 (Madrid: Pearsons Educación SA Prentice Hall).
- Feixa, C. (1998): *De jóvenes, bandas y tribus. Antropología de la juventud* (Barcelona: Ariel).
- Foucault, M. (1976): «La volonté de savoir» en M. Foucault: *Histoire de la Sexualité* (Paris: Gallimard).
- Galland, O. (1991): *Sociologie de la Jeunesse. L'entrée dans la vie* (Paris: Armand Colin).
- García Docampo, M. (2000): *El concepto y la medida de las desigualdades sociales* (A Coruña: Universidade da Coruña).
- García Docampo, M. (2006): *Variables configuradoras da estrutura social* (Inédito).
- Geertz, C. (1960): «Linguistic Etiquette», en *Religion of Java* (New York: Glencoe Press) e también en J. Fishman (1995): *Sociología del lenguaje*: 87 e ss. (Madrid: Cátedra).
- Giddens, A. (1989) [1998]: *Sociología* (Madrid: Alianza Editorial).
- Hillman, K. H. (1994) [2001]: *Diccionario enciclopédico de sociología* (Barcelona: Herder).
- Iglesias de Ussel, J. (1998): «La ambigüedad de la juventud», en *La familia y el cambio político en España*: 104-113 (Madrid: Tecnos).
- Iglesias Álvarez, A. (2002): *Falar galego: «No veo por qué». Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia* (Vigo: Xerais).
- López Morales, H. (1989) [2004]: *Sociolingüística*, (Madrid: Gredos).
- Lozano, I. (2005): *Lenguaje femenino, lenguaje masculino. ¿Condiciona nuestro sexo la forma de hablar?* (Madrid: Minerva Ediciones).

- Lindenfeld, J. (1969): «The social condition of Syntatic variation in French», en *American Antropologist*, LXXI: 890-898.
- Martínez, R. (1999): *Estructura social y estratificación. reflexiones sobre las desigualdades sociales*, (Madrid: Miño y Dávila editores).
- Martínez López, M. (2002): «Relatividad de la idea de Juventud», en *Okupaciones de viviendas y centros sociales*: 42-44 (Bilbao: Virus).
- Monteagudo, H. (1999): *Historia social da lingua galega* (Vigo: Galaxia).
- Moreno Fernández, F. (1998) [2005]: *Principios de sociolingüística y sociología del language* (Barcelona: Ariel).
- Ninyoles, R. (1975): *Estructura social y política lingüística* (Valencia: Fernando Torres)
- Ninyoles, R. (1991): *Estructura social e política lingüística* (Vigo: Laiovento).
- Portas, M. (1991): *Lingua e sociedade na Galiza* (A Coruña: Bahía).
- Seminario de Sociolingüística (1995): *Usos lingüísticos en Galicia* (Santiago de Compostela: RAG).
- Seminario de Sociolingüística (2003): *O galego segundo a mocidade* (Santiago de Compostela: RAG).
- Skutnabb-Kangas, T. (2000): *Linguistic genocide in education – or worldwide diversity and human rights?* (London: Lawrence Erlbaum).
- VV.AA. (2004): *Informe sobre la Juventud 2004* (Madrid: Instituto de la Juventud).

Algunhas reflexións sobre o variacionismo lingüístico xeracional no galego

XOSÉ MANUEL SÁNCHEZ REI

*Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística
Universidade da Coruña*

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN: A LINGUA, ENTIDADE CARACTERIZADA POLA VARIABILIDADE
2. O VARIACIONISMO XERACIONAL
 - 2.1. PERSPECTIVAS DE ESTUDO
 - 2.2. CONSIDERACIÓNS SOCIOLÓXICAS SOBRE O VARIACIONISMO XERACIONAL:
ALGÚNS EXEMPLOS
 - 2.3. LINGUA, SOCIEDADE E IDADE: TRANSFORMACIÓNS E CONSECUCENCIAS MUTUAS NO
CASO GALEGO
3. ALGUNHAS REFLEXIÓNS LINGÜÍSTICAS
 - 3.1. DATOS ESCRITOS E DATOS ORAIS
 - 3.2. ASPECTOS PROSÓDICOS E FÓNICOS DE INTERESE
 - 3.3. A SEMPRE RECORRENTE POSICIÓN DOS CLÍTICOS
 - 3.3.1. A próclise con formas verbais amodotemporais
 - 3.3.2. A interpolación pronominal
 - 3.3.3. O confronto coas gravacións
 - 3.4. REFLEXIVAS DIRECTAS E INDIRECTAS
 - 3.5. ALGUNHAS CUESTIÓNS REFERIDAS AO VERBO
 - 3.5.1. O uso do infinitivo flexionado
 - 3.5.2. O uso da perífrase temporal *ir + infinitivo* / *ir a + infinitivo*
 - 3.6. A INFLUENCIA DO GALEGO ESTÁNDAR NAS XERACIÓNS NOVAS E A VONTADE DE USAREN
UNHA LINGUA ENXEBRE
 - 3.7. IDADE, TABÚS E EUFEMISMOS
4. CABO
5. REFERENCIAS

1. INTRODUCCIÓN: A LINGUA, ENTIDADE CARACTERIZADA POLA VARIABILIDADE

Un dos trazos de calquera lingua é a súa intrínseca variación, como sinala Faraco (2005: 44), que ten de ser necesariamente entendida desde unha perspectiva múltipla: os sistemas lingüísticos resultan alterados a dependeren do territorio, mudan notabelmente co paso do tempo, modifícanse conforme o contexto comunicativo, singularízanse segundo o sexo da persoa, presentan diferenzas a respecto da formación e educación dos eventuais utentes, mudan mesmo de persoa a persoa etc. Embora o fenómeno da variabilidade fose percibido xa desde o mundo clásico e posibelmente antes¹, chegando a finais do século XIX e comezos da centuria seguinte a conformarse a disciplina denominada Xeolingüística, non está de máis aquí lembrarmos que o verdadeiro desenvolvemento dos estudos destinados á análise do variacionismo lingüístico confluíu en diversas claves metodolóxicas, das cales unha delas é a coñecida como Teoría da Variación, cuxo principal precursor é o lingüista William Labov no derradeiro cuartel do século XX. Unha proba da relevancia da variabilidade lingüística está directamente relacionada cos diferentes puntos de partida disciplinares e mesmo teóricos que posibilitan a súa análise, xa que visións máis ou menos clásicas (estritamente dialectais ou pertencentes ao ámbito da gramática histórica) ocorren aquí xunto ás diversas orientacións que se puideren facer desde formulamentos nomeadamente sociolingüísticos²; neste sentido, afirmase en Chambers / Trudgill (1994: 82) que a dimensión social da variación lingüística é tan común e importante como o eixo da variación xeográfica.

O variacionismo, así pois, corresponde a unha situación común a todas as linguas, moito doadamente verificábel, que inspirou unha ampla literatura lingüística dedicada á análise desa variabilidade desde diferentes ángulos e que tivo, entre as súas consecuencias, a proliferación ou a habilitación de certo léxico. Este, aínda que en ocasións conduce á connotación de determinadas valorizacións e de certos preconceptos lingüísticos, é, hoxe por hoxe, xa habitual nese tipo de traballos³: estamos a falar de termos como *dialec-*

¹ Conforme sinalan Chambers / Trudgill (1994: 35-36), unha das primeiras manifestacións referidas ao variacionismo lingüístico, neste caso xeográfico, provén dos textos bíblicos: «Una de las muestras más venerables y quizás la más sangrienta de una diferencia dialectal aparece en el Antiguo Testamento, cuando los galaaditas combatían con los efraimitas en el Jordán. Algunos efraimitas se habían infiltrado en las líneas galaaditas y se hacían pasar por aliados. Un jefe galaadita inventó un medio de detectar a los impostores: llamaba a un sospechoso y le hacía pronunciar el nombre dado a la espiga de trigo, que los galaaditas denominaban *shibboleth*. Según el relato bíblico (Jueces 12, 6), ‘decía *sibboleth*, porque no podía pronunciarlo correctamente. Entonces lo agarraban y lo degollaban’».

² Véxanse, neste sentido, os traballos de Hudson (1981), Wardhaugh (1992), Chambers / Trudgill (1994), Mollica / Braga (2003), Álvarez / Monteagudo (2005) etc., que representan diversas focaxes, unhas máis xerais e outras máis específicas para nos achegarmos ao fenómeno do variacionismo lingüístico.

³ Véxase Garmadi (1983: 29) cando se refire á existencia de todo este léxico especializado e, tamén, ás connotacións que pode implicar: «O termo variedade pretende-se que seja técnico objectivo, liberto de qualquer afectividade, e não pode portanto incluir qualquer juízo de valor. Não designa uma posição linguística especial, mas sim unicamente certas diferenças em relação a outras variedades [...]. Falar de variedade é apenas reconhecer

to, dialectalización, dialectal, mesolecto, mesolectal, patois (ou a súa adaptación portuguesa *patuá*), *alolecto* (Garmadi 1983: 37), *variedade lingüística diatópica, diafásica, diastrática, diacrónica, sincrónica* etc. Na verdade, cómpre termos moito en conta que non resulta ás veces tan doado facermos estas distincións, xa que, conforme sinala Garmadi (1983: 28), tanto os factores sociais como os xeográficos, por exemplo, non son «completamente independentes um do outro», pois poden chegar a determinarse mutuamente.

Dun punto de vista externo, aliás, o fenómeno da variación pode ter a súa orixe no propio sistema, tal como aconteceu durante os séculos XVII e XVIII co portugués setentrional na pasaxe do ditongo [‘ow] a [‘o] ou aínda a [‘oj] (*outro* [‘otru], *ouço* / *oiço* [‘osu] / [‘ojsu]). Para o caso do galego, no estado actual da lingua o uso dos demostrativos compostos tipo *estoutro*, *esoutro* e *aqueloutro* semella ir perdendo vitalidade a favor, en exclusividade, dos seus compañeiros de paradigma simples, como aconteceu na variedade padrón do portugués. Igualmente, o *el* impersonal en casos como *El chove moito* ou *E el que andades a facer?*, aínda que se pode atestar cunha relativa facilidade en autores de primeira liña, como Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor ou Álvaro Cunqueiro, non sobardou a súa adscripción a variedades de lingua dialectais e populares ou a un tipo de linguaxe literaria que propositadamente se sitúa esteticamente moito perto destas. De similar modo, temos de notar o progresivo espallamento do pronome tónico suxeito *ti* sobre o antigo *tu*, que cada vez vai ficando reducido ás rexións orientais da Galiza. E, do mesmo xeito, o galego moderno determinou o recuamento de formas verbais do tipo *cantás*, *cantá*, habituais aínda na actualidade na Costa da Morte, mais que noutrora aparecían en áreas xeograficamente maiores etc.

Mais é tamén posíbel que sexa causado por factores externos, como a influencia dunha outra lingua. Unha mudanza desta índole parece ser a que estivo e está a propagar por todo o norte e oeste da Europa, xa desde o século XVII, a vibrante uvular, /R/, adoptada desde a cidade de París e despois expandida por case toda a parte (Chambers / Trudgill 1994: 234-237). No caso da Galiza, embora existindo diversas teorías ao respecto, parece que a gheada, xurdida na época do Galego Medio, colixe sospeitas máis que razoábeis para pensarmos que ten procedencia externa, como é o español. E, ao fío do que pretendemos desenvolver nestas páxinas, son xeralmente os máis xovens estratos etarios os que adhíren con maior facilidade ás innovacións, quer producidas polo propio sistema lingüístico, quer sexan orixinadas por factores foráneos.

Dando por asente, pois, que todos os idiomas presentan o fenómeno da variación, e, na sempre difícil procura dunha distinción o máis acaída posíbel entre o concepto ‘lingua’

a existencia de um ou de vários conjuntos de diferenças, de uma ou de várias variedades, e recusar estabelecer entre essas variedades dadas uma hierarquia. Qualquer tentativa por parte dos especialistas para empregar termos como *patois, brogue, platt, babble*, etc., sem os redefinir previamente, arrisca-se a ser mal sucedida, porque não passam de designações muito pouco específicas que os não especialistas empregam com laivos de desprezo para falar de uma variedade de língua que não consideram socialmente aceitável».

e ‘variedade’, Chambers / Trudgill (1994: 19-20), a empregaren a palabra ‘dialecto’, sinalan que é útil clasificarmos todas esas casuísticas de variacionismo como subdivisións dunha lingua en particular, sexan aquelas do tipo que foren: xeográficas, contextuais, sociais etc. Así percibidas as cousas, a variedade da rexión das Mariñas, a da Costa da Morte ou a da Limia, ou mesmo a variedade que costuma utilizar o estudantado de Filoloxía, a das persoas que se dedican á avogacía ou a daquelas que se ocupan dos medios audiovisuais non serían senón subdivisións dentro da lingua galega. Por este motivo, avanzando nesta premissa, até é posíbel dicirmos que unha lingua vive nunha serie de variedades (Faraco 2005: 31), sexan da índole que foren, non habendo, subsecuentemente e na liña do indicado máis arriba, lingua ningunha que careza delas⁴.

Con todo, asumirmos ese principio non implica necesariamente que non recoñezamos, antes de continuarmos a nosa exposición, que existen factores que axen no sentido contrario á variabilidade lingüística. E un deles, á marxe da escola, da importancia dos medios de comunicación etc., consiste na proxección social da variedade padrón, xa que, a partir do momento en que a houber, serve de freo á variación diacrónica e á variación xeográfica⁵: como sinala Faraco (2005: 15),

as culturas que operam com a escrita –que é, por suas propriedades, história e funções sociais, uma realidade mais estável e permanente que a língua falada– desenvolvem um padrão de língua que, codificado em gramáticas, cultivado pelos letrados e ensinado pelas escolas, adquire um estatuto de estabilidade e permanência maior do que as outras variedades da língua, funcionando, conseqüentemente, não só refreador temporário de mudanças, mas principalmente como ponto de referência para a imagem que os falantes constroem da língua.

Obsérvese que a noción moderna de *dialecto* ou *variedade lingüística*, en moitos casos, está vinculada (e até confrontada) á de *estándar*, pois sen este a funcionar como codificación da lingua en que se vehicula o ensino, se escriben os libros, se len as conferencias etc., moito probabelmente non existiría a dicotomía entre ambos os termos. O padrón pode, inclusive, ser unha variedade xeográfica que, por diversos motivos (políticos, culturais etc.), emerxe en referencia como modelo: non é casualmente que o toscano, en que escribiron autores como Dante, Petrarca ou Boccaccio, servise de base para a moderna lingua estándar italiana; tamén non é casualidade que a variedade de Lisboa,

⁴ Obsérvese que, dunha óptica maximalista, tamén é posíbel pensarmos, conforme Hudson (1981: 34), que a linguaxe articulada, en tanto que propia do ser humano, posúe innúmeras formas de variedades, que corresponderían cada unha delas ao galego, sardo, portugués, gaélico, inglés, éuscaro etc., isto é, a cada unha das linguas que existen no mundo.

⁵ Véxase Hudson (1981: 42-44) para as condicións necesarias en que costuman xurdir as variedades estándares e para os requisitos precisos que facilitan o seu aparecemento.

capital política e económica do Estado portugués, se convertese no modelo imitado pola maior parte da populación⁶, de modo similar ao que aconteceu co francés de París e o resto dos falares locais gauleses (normando, picardo etc.) ou co dialecto londiniense a respecto doutros falares rexionais ingleses etc. En ocasións, con todo, a norma modelar é produto dunha deliberada acción por parte dos gramáticos e dos organismos gobernamentais, de forma que, cando se sente a necesidade de codificar a lingua, comezan a elaborarse os materiais precisos: na Finlandia, no século XIX, desenvolveuse unha lingua para cubrir todas as funcións que lle corresponderían servindo de mecanismo identificador face aos sistemas veciños, como os eslavos e os xermánicos; procesos similares máis recentes apareceron na Galiza, na India, na Indonesia etc.

Unha consecuencia nada irrelevante creada a partir de aquí é o aparecemento da noción de «norma», do que for correcto e do que ten de ser evitado, do que for trazo dunha fala rexional, dunha utilización popular da lingua e do que for característico do padrón. Do punto de vista das persoas usuarias, o estándar proporciona prestixio á lingua, pois, quer polos contextos en que é usado, quer polo tipo de individuos que o utilizan, facilita ter unha visión da lingua considerada, en termos de apreciación popular, «máis alta» ou «máis elevada»⁷. De aquí o feito de os procesos de estandarización, as veces, poderen implicar inherentemente certa dose de reprobación por parte dalgúns sectores, que non conciben que se erixa en norma padrón o que anteriormente ficaba desposuído dese prestixio.

⁶ Véxase Vázquez Corredoira (1998: 57): «É o ponto assente que a norma-padrão portuguesa se constitui sobre a base dos falares da região centro-sul. É nesse território que se situa a Universidade, o mosteiro de Alcobaça, a Corte e 'centro político da Nação'. Desde cedo, Lisboa torna-se o principal pólo económico e capital política do Reino. A expansão ultramarina acentua ainda a sua posição dominante no conjunto do país», de forma que «não há dúvidas quanto ao seu poder referencial e nivelador tanto na escrita como no discurso metalinguístico».

⁷ De onde parte o preconceito lingüístico asente na idea de que o dominio da variedade culta posibilita a ascensión social e económica. Para unha contestación a este prexuízo e aínda a outros relativamente á lingua, véxase Bagno (2006: 69-70), quen, a centrarse na situación do Brasil, expón cunha certa ironía que isto non é totalmente verdadeiro. Eis un excerto: «Ora, se o domínio da norma culta fosse realmente um instrumento de ascenso na sociedade, os professores de português ocupariam o topo da pirâmide social, econômica e política do país [...]. O que estou tentando dizer é que o domínio da norma culta de nada vai adiantar a uma pessoa que não tenha todos os dentes, que não tenha casa decente para morar, água encanada, luz elétrica e rede de esgoto. O domínio da norma culta de nada vai servir a uma pessoa que não tenha acesso às tecnologias modernas, aos avanços da medicina, aos empregos bem remunerados, à participação ativa e consciente nas decisões políticas que afetam sua vida e a dos seus concidadãos. O domínio da norma culta de nada vai adiantar a uma pessoa que não tenha os seus direitos de cidadão reconhecidos plenamente, a uma pessoa que viva numa zona rural onde um punhado de senhores feudais controlam extensões gigantescas de terra fértil, enquanto milhões de famílias de lavradores sem-terra não têm o que comer».

2. O VARIACIONISMO XERACIONAL

2.1. PERSPECTIVAS DE ESTUDO

O estudo desas variedades pode partir non das diferentes rexións, contextos ou situacións comunicativas, mais das franxas etarias das persoas en tanto que utentes da lingua. Deste xeito, un dos tipos de variacionismo que se constata nas linguas é aquel que se basea na mudanza lingüística xeracional, isto é, aquel que ten moito en conta, poñamos por caso, as diferenzas dos falares da xente nova a respecto dos de xente de certa idade. No caso do sistema lingüístico galego-portugués, por exemplo, e en particular no caso do portugués usado no Río de Janeiro, son asaz coñecidas as preferencias detectadas na xente nova para esta empregar rexencias preposicionais do tipo *ir em* en vez de *ir a* e *ir para* ou até para utilizar *a gente* por *nós* (véxase Naro 2003: 44; Paiva / Duarte 2003: 179). Máis adiante voltaremos sobre esta cuestión a expormos algúns casos de casuísticas que se detectan hodiernamente na Galiza.

Así pois, dando por asentes e estudados os «esquemas de diferenciación xeracional», conforme aparecen, por exemplo, en Chambers / Trudgill (1994: 126-129), estes poden implicar a realización de traballos de importancia para sabermos por que camiños vai a deriva da lingua desde diversas hipóteses de achegamento. En primeiro lugar, corresponde a unha análise de carácter descritivo podermos medir até que punto a fala de distintas franxas etarias é susceptible de nos favorecer a elaboración de distincións ou de clasificacións partindo da idade como referencia fundamental. Debendo a lingüística tender, en condicións normais, a desenvolver análises descritivas, achamos aquí un magnífico campo de traballo para a aplicar esa máxima. Así as cousas, tal como hai clasificacións de carácter rexional ou dialectal, adstrático, contextual etc., tamén se poden elaborar diferenciacións determinadas pola idade.

O feito de seren atestadas diferenzas notábeis conduciríanos sen grandes dificultades a falarmos de sociolectos demarcados pola idade, de forma que se constatarían diversas variábeis lingüísticas cunhas realizacións nin sempre coincidentes. Pensemos, por exemplo, na tendencia que se dá modernamente no galego, sobre todo entre a xente nova, consistente na pronuncia habitual do arquifonema /N/ en casos como *quen o fixo*, *non o sei*, *ben a coñeces* etc., como unha nasal velar [K] en vez da alveolar [n], habitual en galegofalantes de certa idade nestas encontros de fonética sintáctica.

Ou reparemos, igualmente, na documentación da soante lateral palatal /ɛ/, conservada unicamente polas xeracións máis vellas e por algúns individuos isolados (véxase Freixeiro Mato 1998: 180; Regueira 2005: 87).

Outrosí, asumindo o principio de que os *continua* lingüísticos serven adoito para corroboraren que a lingua non costuma mudar subitamente, mais que se producen certas transicións asumidas en xeral polos estudosos da (socio)lingüística (Hudson 1981: 46; Chambers / Trudgill 1994: 23-28 etc.), podería chegarse a identificar tamén diversos mesolectos entre, poñamos por caso, un grupo de persoas de idades comprendidas entre os 10-15 anos e un outro que estivese enformado por mulleres e homes de idades de 80-85

anos. Nunha comunidade lingüística en que é empregada unha lingua interaxen diferentes factores que fan que unha división rixida en grupos estancos non sexa asumíbel do punto de vista lingüístico; resulta moito máis asumíbel, por tanto, a existencia de determinadas variedades mesolectais no seo desa comunidade, por que xa o propio concepto de *comunidade* é asaz conflituoso⁸.

Por outro lado, cuns datos fiábeis de procedencias diversas, a análise da variación lingüística xeracional corresponde tamén a un estudo de carácter diacrónico, no sentido de a comparación da lingua de varios grupos etarios poder determinar algunhas tendencias evolutivas. Isto, en termos de gramática descritiva ou prescritiva, equivalería, non sen un certo alargamento semántico, ao que Tusón (1985: 15-24), a se basear nas escolas xenerativistas, denomina como «gramática predictiva», quere dicir, o estudo daquilo que presumibelmente vai desenvolverse no seo da lingua, daquilo que, estando aflorado no mínimo, pode coñecer un uso maior, do que, en definitiva, protagoniza a mudanza lingüística de carácter diacrónico no ástrago da gramática. Neste sentido, Wardhaugh (1992: 223) salienta que a maioría dos lingüistas mantén que non resulta factíbel observar verdadeiramente a mudanza lingüística, mais si as súas consecuencias, sendo as máis importantes «aquelas que introducen algún tipo de diferenza na estrutura dunha lingua»⁹. Faraco (2005: 27), por súa vez, acrecenta que é habitual que a primeira reacción das persoas utentes dunha lingua perante o fenómeno das innovacións sexa o rexeitamento, xa que, ao seu modo de ver, os grupos socioeconómicos máis altos costuman interpretalas como «erradas», «incorretas», «impróprias» ou até «feias», ao que adiciona que resulta interesante

observar, neste punto, que os grupos implementadores de mudanzas têm geralmente baixo prestígio social e sua fala –inclusive aquilo que nela é inovação– costuma ser valorada de forma negativa pelos grupos mais privilegiados econômica, social e culturalmente (Faraco 2005: 28).

Repárese, aliás, noutra das perspectivas que facilita analizarmos o variacionismo xeracional, e en especial naquela que ten que ver coa coñecida como «mudanza en tempo aparente», que, a pesar das dificultades que implica¹⁰, pode servir para nos aproximarmos

⁸ Para unha perspectiva de diferentes definicións de «comunidade lingüística», véxase Wardhaugh (1992: 141-155), autor que recolle, entre outros, os puntos de vista de estudosos cal Bloomfield, Lyons, Labov, Gumperz etc.

⁹ Véxase, para este particular, o clásico contributo de Labov (1972: 178-180), quen propón unha explicación do mecanismo da mudanza lingüística en trece fases, as oito primeiras identificadas coa «mudanza desde abaixo», adoito inconsciente, e as cinco restantes correspondentes á «mudanza desde arriba», comunmente consciente.

¹⁰ Sinala Naro (2003: 46-47) que o «primeiro estudo aproveitando a técnica do tempo aparente foi feito no inicio do século por un jovem pesquisador (Gauchat, 1905) que visitou uma aldeia na Suíça e notou que nas palavras em que as pessoas mais velhas usavam a lateral palatal [ɛ̃] (escrito *lh* em português), os mais jovens preferiam [y], enquanto os de meia idade usavam ambos os sons». A esta possibilidade de traballo costuma

cunha relativa dose de veracidade de estadios da lingua pretéritos. Segundo a formulación clásica desta hipótese, seguindo aquí o exposto en Naro (2003: 44-48), unha persoa de x anos utiliza a lingua conforme a aprendeu hai x anos, de acordo coa seguinte tabela:

Idade actual (en anos)	Estado da lingua (anos atrás)
70	55
60	45
50	35
40	25
30	15
20	5

De acordo con este punto de vista, «em uma gravação feita em 1990, a fala de uma pessoa então com 70 anos de idade representaria o estado da língua adquirida em 1935» (Naro 2003: 45). Así as cousas, podemos achegarnos ás características da fala da mocidade de hai algúns anos entrevistándonos persoas que na actualidade non son consideradas adolescentes ou xovens, o que, máis unha vez, abre interesantes camiños para seren percorridos en termos da deriva da lingua. Con todo, e como antes sinalabamos que existen varios factores que interaxen na mudanza lingüística, o fenómeno do variacionismo etario debe ser tamén estudado tendo moito en conta outras hipóteses que din respecto á mudanza lingüística, como é o caso do xénero¹¹, a procedencia xeográfica, o grao de formación ou educación etc.

2.2. CONSIDERACIÓNS SOCIOLÓXICAS SOBRE O VARIACIONISMO XERACIONAL: ALGÚNS EXEMPLOS
Imos expor a seguir algunhas exemplificacións de casuísticas que denotan os linguaxares dalgúns sectores da mocidade na Galiza. Neste sentido, e como acontece con outros colectivos humanos, entre os rapaces e as raparigas o desexo de pertenza a un grupo e de se sentiren parte integrante del é moito forte, de aí que a fala empregada neses grupos vai

pórselle como eivas, por un lado, que nin todas as variacións na fala representan necesariamente mudanza lingüística en progreso, o que nos leva á coñecida como «variación estábel»; e, por outro lado, adóitase ver na mudanza en tempo aparente unha certa contradición co feito de que os falantes e as falantes mudan a súa lingua constantemente co percurso dos anos, sen que haxa por tanto unha rixida división estática entre a infancia / puberdade e a vellez.

¹¹ Entre outros contributos, no de Leite / Callou (2004: 38) salientase que existen diversos factores que están interrelacionados no eixo da mudanza lingüística, partindo das variedades empregadas por homes e por mulleres: a «generalización que se pode fazer sobre as diferenzas existentes entre a linguagem masculina e feminina é de que a identidade homem/mulher interage com outras identidades culturais, não podendo ser vista isoladamente, e sim em conjunto com outros fatores. A interação gênero faixa etária desempenha papel de importância na análise do processo de mudança lingüística» (Leite / Callou 2004: 38).

ofrecer tamén, non raro, características que a identifiquen a respecto da usada por outros grupos etarios, profesionais etc. A reflexión lingüística centrada na existencia deste dialectos sociais ou sociolectos adscritos á xuventude permite identificarmos formas como os vocativos *Meu* ou *Chacho*, as despedidas *Deica!* (en vez de *Deica logo!* ou *Até logo!*) ou *Chau!*, determinado léxico como *molar* [‘gostar’] *mogollón* [‘grande cantidade’]), *guai* [‘moito ben’] etc., como dun uso especialmente frecuente entre as mozas e os mozos.

En ocasións, certos colectivos de xovens poden presentar unha especie de xiria, sobre todo nas variedades urbanas. Abondosos termos dese calón, que en moitos casos pertence a ambientes que rozan ou protagonizan contextos de marxinalización e exclusión sociais, parece proviren da lingua dos ciganos, a teor do confronto con algúns dicionarios. Así as cousas, e con independencia da lingua que puideren falar as mozas e os mozos, galego ou español, algunhas persoas empregan palabras como *bul* [‘anus’], *chindar* [‘foder’], *chinorro* [‘menino’], *chorar* [‘roubar’], *curda* / *curdá* [‘bébedo’ ou ‘bébeda’], *gachó* [‘home’, ‘rapaz’], *jalar* [‘comer’], *pureta* [‘anción’ ou ‘ancia’] etc., as cales achan idénticos ou parecidos equivalentes na lingua cigana. Notemos, a este respecto, que estas e outras palabras aparecen atribuídas a ese pobo en traballos mesmo do século XIX, como son as obras de Jiménez (1997) e de Campuzano (2004), vocabularios que recollen, no ecuador do século XIX, os antecitados exemplos.

Falarmos de variedade lingüísticas determinadas pola idade lévanos a ponderarmos, por outra parte, que entre os pais e as nais e as crianzas se detectan algúns puntos de diferenciación lingüística. Isto, que na verdade non chega a comprometer a comunicación, como apunta Naro (2003: 44), deixa sobre a mesa o feito de que as persoas adultas costuman preferir formas que se consideran adoito antigas, ao paso que a xente nova costuma tender ao uso das formas cronoloxicamente máis recentes. Obviamente, o colectivo do profesorado face ao alumnado tamén se acha nunha situación semellante, aínda que neste caso en particular entra en xogo un outro factor de diferenciación lingüística, como a escolaridade; segundo indica Votre (2003), a escola axe poderosamente no sentido de uniformizar distintos falares do alumnado, que se orientarían cara ao do profesorado, en canto tamén desempeña un papel nada irrelevante na adquisición da variedade considerada estándar¹².

En xeral, o estudo das variedades lingüísticas de carácter xeracional fica perto do que Hudson (1981: 26) ou Wardhaugh (1992: 227) denominan como *age-grading*, que se define como a existencia de formas lingüísticas empregadas unicamente por crianzas e que se transmite dunha xeración de nenos e de nenas á seguinte, sen que nunca (ou rara

¹² Repárese, igualmente, en que a importancia da escolaridade no proceso de freamento do variacionismo inspirou o aparecemento do traballo de Bagno / Stubbs / Gagné (2005), en que, mesmo se partindo de situacións particularmente distintas, como é o caso do portugués brasileiro, do inglés británico ou do francés quebequense, se percibe por parte dos tres autores que a escola non debe virar as costas ao fenómeno da heteroxeneidade lingüística, como antes ten de asumir e de mudar algunhas rutinas pedagóxicas e conceptuais.

vez) sexan empregadas por persoas adultas. Se, poñamos por caso, un grupo de escolinos empregar **dici*, **sabo*, **pono* ou **traeches* cando estiver a aprehender a lingua, conforme xa temos ouvido nalgunha ocasión, en vez de *dixen*, *sei*, *poño* ou *trouxen*, que son as que normalmente emprega a xente adulta, existe a posibilidade de podermos extraer interesantes impresións sobre como son inicialmente interiorizados os paradigmas morfolóxicos dos verbos irregulares e sobre como, co paso do tempo, van sendo esquecidos en favor dos modelos considerados válidos ou aceptados pola comunidade de falantes. A este respecto, convén notarmos que, dentro da crioulística, tal caste de variabilidade é asaz considerada, pois con frecuencia os hábitos orais das crianzas, coas súas reducións, simplificacións e equivalencias, costuman achar varios correlatos nas fases de pidginización dunha lingua, en que tamén se observan homólogas tendencias para a simplificación ou para a analoxía (véxase Hudson 1981: 26, 71-80; Wardhaugh 1992: 92-98; Posner 1998: 277-278 etc.).

Por outra parte, paga a pena citarmos o concepto de *redes sociais* conforme aparece en Milroy (1987) ou en Wardhaugh (1992: 152) e aplicármolo ás pesquisas lingüísticas. Este factor posibilita vermos como unha persoa se relaciona ou interaxe na sociedade a que pertence mediante a lingua e a través das *redes* de que fixer parte, que poden ser *simples* ou *múltiplas*: aquelas son as formadas por individuos que se relacionan entre si dunha única forma, isto é, poden traballar xuntos ou xogaren ou mesmo viviren cerca uns dos outros, mais apenas unha destas circunstancias (o traballo, o xogo ou a vivenda) é que pode establecer un vínculo entre si. Polo contrario, as *redes múltiples* son aquelas en que unha persoa está ligada a outras, mais de diverso xeito, quere dicir, por traballaren, viviren e xogaren xuntas, establecéndose, en consecuencia, unha proximidade moito máis intensa, aliás identificábel pola linguaxe: parece lóxico acreditarmos, para este tipo de relacionamentos, nunha lingua substancialmente distinta canto á forma e á intencionalidade do que a empregada na anterior tipoloxía, que tamén posuía trazos propios. Na realidade, dentro dos esquemas de diferenciación xeracional, baseándonos no exposto en Chambers / Trudgill (1994: 126-129), os sistemas de redes cumpren un papel verdadeiramente cerneiro no recoñecemento e clasificación das variedades lingüísticas delimitadas polas varias adscripcións a grupos etarios. Os dous investigadores distinguen tres grupos pola idade canto ao funcionamento das redes sociais: (i) o primeiro sería o das crianzas, caracterizado por as influencias máis evidentes de tipo lingüístico proviren da súa camaradaxe e por ter, o conxunto de nenos e de nenas, un relativamente escaso influxo do estándar; (ii) o segundo abranxe a xente en idade laboral: á medida que as persoas se foren facendo maiores e comezaren a traballar, móvense cara a redes sociais máis amplas e menos cohesivas, sofren a influencia dos valores sociais da maioría (tales como a procura do suceso, progreso social, benestar económico etc.) e revelan, consecuentemente, un maior influxo da variedade estándar; (iii) o terceiro dos grupos asenta nas persoas reformadas, para que as presións sociais «son outra vez menores, el éxito ya se ha conseguido (o también puede ser que no), y las redes sociales son cada vez menos reducidas». Esta tripla distin-

ción é, fundamentalmente, a que nós adoptamos para traballarmos cos textos orais, que serán utilizados máis abaixo¹³.

2.3. LINGUA, SOCIEDADE E IDADE: TRANSFORMACIÓNS E CONSECUCIAS MUTUAS NO CASO GALEGO

Así pois, é certo que se pode comprobar dalgún xeito a existencia de diferenzas entre a xente nova e a xente vella canto ao uso da lingua. O país é habitado por case tres millóns de persoas e neles sobrancea un conxunto da terceira idade certamente numeroso. Eses grupos de xentes puideron ver como nos últimos anos se produciu unha serie de acontecementos que transformou ou alterou, en certa medida, a súa existencia, nuns casos para os idosos viviren máis comodamente e noutros, en confronto, para esas xentes sobreviviren aparentemente perdendo en calidade de vida. As grandes transformacións que sufriu a Galiza na segunda metade do século XX tiveron, como era case esperábel, as súas consecuencias na lingua¹⁴: o ocaso practicamente consumado das economías e dos medios de produción agrícolas seculares, o desaparecemento de certas profesións e oficios tradicionais (cesteiros, tixoleiros, zoqueiros, teitadores etc.), a emerxencia cidadina concentrada comunmente á volta das urbes atlánticas e o esmorecemento do mundo rural, o propositado desmantelamento estatal da frota galega, a irrupción dos medios de comunicación e da internet en practicamente todas as casas etc., fan que unha grande parte do potencial lingüístico de carácter lexical que se empregaba adoito neses ámbitos corra o grave risco de desaparecer ou, no mellor dos casos, de ficar obsoleto, conforme sinalou Graña Núñez (1990); mesmo provindo de ambientes máis ou menos tradicionais, cantas nenas ou cantos nenos saberían dicir, hoxe en día, o que é un *chedeiro*, unha *estornela*, unha *fochanca*, unha *gramalleira*, un *pasadoiro*, unha *pixota*, unha *regueifa*, un *unllar* etc.¹⁵

¹³ Segundo se pode supor, tres faixas etarias non constitúen a única posibilidade para o confronto e a análise de datos. Véxase, neste sentido, Silva (2003: 129), autora que traballou sobre catro grupos: persoas de 7-14 anos, xente de 15-25 anos, individuos de 26-49 anos e persoas de máis de 50 anos.

¹⁴ Neste sentido, é moito coñecida a hipótese dos lingüistas norteamericanos Sapir e Whorf, desenvolvida a partir da década de 30, segundo a cal sería ilusorio imaxinarmos unha lingua como un simple sistema de comunicación ou de transmisión de ideas, pois é aquela a responsábel de as configurar; do mesmo modo, o mundo sensíbel e o pensamento fican subordinados á lingua de maneira que esta é capaz de se comportar como un filtro que os enforma. Con todo, unha certa antítese deste punto de vista corresponde ao punto de vista que defende que a cultura e o pensamento dun pobo transparecen na lingua que emprega, de aí as necesidades culturais non determinaren a súa estrutura; en consonancia con este parecer, Hudson (1981: 115) afirma que son as ideas as que perfilan a linguaxe máis que á inversa.

¹⁵ Véxase González Seoane (1994: 90-1), quen se manifesta en parecidos termos: «Hai trinta anos, por exemplo, poucos nenos galegos ignorarían o que son as *estornelas*, ou, se o preferides, a *billarda*. Hoxe, non me atrevería a face-la pregunta en ningún colexio [...], sen o temor de que alguén me contestase que as *estornelas* son uns paxaros de cor escura con fama de voraces e a *billarda* é un xogo que se practica enriba dunha mesa con tres bólas e un taco».

Por outra parte, aínda que o léxico permite formularmos estas preguntas, outras disciplinas da descrición gramatical tamén nos deixan intuirmos que certas modificacións lingüísticas no ámbito da morfosintaxe xa se produciron ou, cando menos, xa están nun estadio notábel de avanza. Vexamos algúns exemplos: ao fio do que falabamos no parágrafo anterior sobre a mudanza das bases produtivas e económicas, hoxe vai perdendo uso unha expresión como *casar para* (*A Ana casou para Betanzos*), en que se pode ver a importancia que tiña o destino no marco dese casamento: que esa muller fose para a antecitada vila implicaba, para alén doutras consecuencias, que os medios de produción da casa receptora, a do noivo, acrecentaban máis unha presumíbel persoa como man de obra, o que tiña, como é obvio, consecuencias tanto na economía da casa emisora canto da recipiente.

Un outro caso de similar adscrición á economía camponesa tradicional témolo no seguinte suposto: xa que as colleitas dependían en grande parte dos fenómenos meteorolóxicos, e se tivermos en conta que a Galiza é país cun alto nivel de pluviosidade, non se torna estraño pensarmos que, nalgúns medios de vida rurais, existise unha notábel variedade de verbos referidos á acción de a choiva caer, denotando a súa cantidade e a súa calidade, tales como *chover*, *brecar*, *bretimar*, *bornazar*, *caer unhas pingueiras*, *gorgozar*, *orballar* etc.; destes, por as transformacións producidas na sociedade galega na segunda metade deste século reduciren considerabelmente a poboación que vivía do campo, pasaran a ser maioritariamente empregues na actualidade en ambientes citadinos quer *chover*, para a choiva mais ou menos intensa, quer *orballar*, para esa choiva constante e miúda. Isto parece manifestarse nomeadamente nas novas xeracións, que, ao non faceren esas distincións semántico-lexicais, contribúen para o seu propio empobrecemento vocabular e tamén para o do galego canto a posibilidades expresivas.

Repárese nun outro exemplo: notemos, aínda, como o verbo *falar* en construcións como *O Luís fala coa Uxía* servía para dar a entender, igualmente en contextos tradicionais ou populares, que ambas as persoas mantiñan algún tipo de relación sentimental; e obsérvese como, na actualidade, o uso entre a xente nova preferiu decantarse por *saír con* (*O Luís sae coa Uxía*). Citemos, por último, a palabra *lei* e expoñamos uns versos do cancionero tradicional, en que o tal substantivo, a funcionar habitualmente como CD dos verbos *perder*, *ter* e aínda outros, coñece unha rendabilísima utilización; isto dáse, sobre todo, nos cantares en que os protagonistas son unha parella e en que a temática costuma ser amorosa, en cuxos casos *lei*, argumento de *perder* e *ter*, costuma significar ‘afecto’, ‘cariño’, ‘respecto’, ‘querenza’, ‘amor’ etc., segundo se atesta nos versos de (1):

1. (a) *se me ti tuveras lei*
eu che sería leal
(CPG II, 8)

(b) *téñoa na faltriqueira*
*por non che **perder a lei***
 (CPG II, 9)

(c) *Déchem'unha pera podre*
nin-a dei nin a comín:
*¡por lle non **perder a lei***
*á quen no m'a **ten** á min!*
 (CPG II, 9)

(d) *¡si ti me **tuveras lei***
*eu che **tería** pasión*
 (CPG II, 10)

(e) *lêvoa n-á faltriqueira*
*por non che **perder á ley***
 (CO, 85)

(f) *si tí o souveras bèn*
*non me **tiñas tanta ley***
 (CO, 87)

(g) *non-me perdas ó cariño*
*que non che perdon'a **ley***
 (CO, 177)

Podemos ir procurar máis un outro exemplo significativo de transformación social con evidentes repercusións na lingua nas mudanzas detectadas nos sistemas de tratamento, dentro do complexo ámbito pragmático da solidariedade e da cortesía. Wardhaugh (1992: 295-301) expón algúns casos de idiomas, non só europeos, en que a existencia de diversos sistemas, como o caso do galego *ti / vostede* indica, serve para sinalar relacións de poder, de cortesía, de educación, de distanciamento afectivo etc. Estamos perante un dos tipos da coñecida como «deixe social», moito próxima da «deixe persoal», concepto aquel debido a autores como Lyons e Fillmore e consagrado durante a década de 60 e de 70 do pasado século. Investigadores actuais, cal Fonseca (1996: 443), Vilela (1999: 409) ou Ramallo (2000: 475) teñen ponderado a súa relevancia para unha correcta comprensión do funcionamento pragmático das linguas. De acordo con este último autor, as linguas non organizan unicamente as «pautas espacio-temporais ou a posición física dos interlocutores nunha situación» determinada, mais tamén son quen de chegaren a gramaticalizar certos aspectos que teñen a ver cos roles sociais asignados aos participantes que interviñeren nos actos de fala. En tales casos, achámonos coa antecitada *deixe social*, a cal marca efectiva-

mente diferentes graos de hierarquía, distancias e proximidades entre as persoas que fan parte do discurso, mais unha tipoloxía de distancias de natureza sociolóxica e non mostrativa.

Mais as relacións sociais e o tipo de educación, como é obvio, poden modificar, e de feito alteraron, esta chamada *deíxe social* e os elementos con que se manifesta. Obsérvese como o tratamento de vós utilizado para un só interlocutor xa non é tan frecuente na actualidade como o era hai certo tempo, por exemplo no século XIX, de que a lingua de Rosalía é unha boa mostra. Para Fernández Rei (1991: 76) atéstase «*esporadicamente no occidente coruñés*», aínda que talvez debería ser ampliada esta rexión a incluír máis áreas do país, polo simple feito de a termos ouvido, en reiteradas ocasións e a persoas diferentes, noutras comarcas, como por exemplo a zona de Sobrado dos Monxes¹⁶.

Do mesmo modo, a diferenciación entre ti e vostede está suxeita aos condicionantes que a propia sociedade marca. Ramallo (2000: 477) sinala que, durante moito tempo no noso país, «un fillo dirixíase a seus pais utilizando o pronome de respecto, en especial no mundo rural [...]. Na actualidade este uso está practicamente desaparecido», de xeito que no mundo citadino ti está a desprazar gradualmente o correspondente pronome de respecto, feito que «pode verse como unha transformación sintomática das relacións sociais cara á igualdade». Transportado isto ao variacionismo xeracional, permite extraermos algunhas conclusións: i) a fala da mocidade dá mostras de tender con firmeza cara a un sistema en que as formas consideradas de cortesía ou respecto, tipo vós ou vostede, son cada vez menos empregadas, de forma que non sería raro pensarmos que nun futuro a medio ou longo prazo chegasen verdadeiramente a desaparecer; ii) en contrapartida, as variedades lingüísticas da xente de certa idade son tendentes, na maior parte dos casos, a conservaren tales usos, diferenciando entre un ti e un vostede ou, ás veces, tamén mesmo a distinguiren a utilización tradicional do vós de respecto conforme as diferentes zonas dialectais¹⁷.

Outrosí, xa fixemos referencia con anterioridade (véxase 1) que as causas da mudanza lingüística poden estar na propia lingua ou proviren dunha outra. Neste sentido, ao falarmos das transformacións ocorridas na Galiza moderna e das súas consecuencias lingüísticas, non podemos deixar de comentar un deses factores externos ao idioma propio do país que o leva condicionado desde hai tempo, como é o español, e sobre o cal habemos voltar máis adiante. Esta lingua, en canto se non demostrar o contrario, parece

¹⁶ Nótase que a súa documentación remonta á lingua medieval, en que axe como forma equivalente de *tu*. A pesar de a súa utilización ser modernamente ben pouco representativa e de estar en continuo retroceso, a súa regresión non debe de ser demasiado antiga a xulgarmos polo testemuño de García de Diego (1984: 109), quen nos informa da súa existencia na oralidade de comezos do século XX.

¹⁷ Para Fernández Rei (1991: 76), *vós* empregado como pronome de respecto atéstase «*esporadicamente no occidente coruñés*», aínda que talvez debería ampliarse esta rexión a máis áreas do país polo feito de a termos ouvido, en reiteradas ocasións e a persoas diferentes, noutras comarcas, como por exemplo a zona de Sobrado dos Monxes.

ser a causante de determinadas evolucións desenvolvidas no galego durante os séculos XV-XX ou, cando menos, semella ser o árbitro que orientou ou que acompañou algunhas tendencias evolutivas: pensemos, por exemplo, no recuamento do seseo explosivo, no case consumado ocase do futuro do subxuntivo na lingua oral, na pouca rendibilidade actual do infinitivo flexionado, no empobrecemento do léxico etc. Deste modo, até do punto de vista fonético, Regueira (2005: 87) sinala como algúns sectores da mocidade neofalante e urbana non «se senten motivados para aprender e adoptar» pronunciacións consideradas tradicionais ou libres de interferencia, como a manutención das sete vogais tónicas e pretónicas, a existencia do fonema consonántico fricativo prepalatal xordo /ʃ/ etc.; dito dun outro modo, eses colectivos de xente nova non senten a vontade de manteren estes trazos fónicos do galego e si, en contrapartida, de empregaren unicamente as cinco vogais do español ou /s/ en vez de /ʃ/ etc.

3. ALGUNHAS REFLEXIÓNS LINGÜÍSTICAS

3.1. DATOS ESCRITOS E DATOS ORAIS

Á marxe dos casos que xa foron sendo expostos nas seccións precedentes, e séndomos sabedores de que outros aspectos serían tamén merecentes dun tratamento específico, nos apartados que restan do presente traballo imos centrarnos fundamentalmente na compoñente morfosintáctica da lingua, aínda que dediquemos algunhas palabras mínimas a outros ámbitos. A nosa pretensión é podermos facer algún tipo de comparación entre os falares da mocidade e os da xente idosa, labor para que acudimos a dous tipos de fontes: dun lado, fontes escritas e, dentro destas, en especial, as constituídas polos cancioneros tradicionais compilados na época contemporánea, pois os cantares que neles se colixiron foron coleccionados presumiblemente a persoas procedentes franxas etarias altas, o que parece redundar, normalmente, na súa autenticidade lingüística. José Pérez Ballesteros, por exemplo, responsábel da edición do *Cancionero popular gallego* nos anos 1885-1886, manifesta con clareza que non alterou as particularidades lingüísticas dos textos compilados nesa obra: «El colector no pretende corregir ciertas palabras y rarezas gramaticales, sino copiar con la fidelidad posible los cantos populares» (CPG, II, 195, n. 1).

Por outro lado, tivemos tamén en consideración fontes orais actuais, procedentes de diversos traballos de campo, en que, estando recollidos en soporte magnético cortes orais tanto de mocidade como de xente de idade, se poden constatar algunhas diferenzas canto á lingua empregada por ambos os grupos. As gravacións foron efectuadas por nós propios nos anos finais da década de 90 e, no desexo de que poidan ser esquemática e doadamente identificábeis, ofrecemos a seguir os datos mínimos sobre elas:

C1 = Soporte proveniente da zona vella da vila de Cedeira, en que fala unha muller que tiña na altura, en 1996, oitenta e sete anos.

- C2 = Gravación procedente do lugar da Ribeira, a tres quilómetros de Cedeira, en que participa un home que nese tempo andaba polos cincuenta anos e que tiña estudos superiores.
- C3 = Gravación de dúas rapazas cuxas idades respectivas rondaban os quince e vinte anos naquela época.
- C4 = Soporte gravado en 1995 a unha señora de setenta e oito anos no lugar de Labexo, pertencente ao termo municipal de Muxía.
- C5 = Gravación feita a un rapaz de aproximadamente vinte e cinco anos nese mesmo tempo, tamén natural de Muxía.
- C6 = Gravación feita a dúas persoas de sesenta anos en Brántoas (Ponteceso), tamén nese ano.
- C7 = Soporte en que se recolle un corte de voz dunha persoa de máis ou menos trinta anos, tamén en Brántoas e igualmente gravado en 1995.

Obsérvese que, se máis arriba faciamos referencia ao español como elemento capaz de alterar ou interferir na lingua, debemos agora acrescentar un outro factor que é a utilización que del fan. Nin todas as persoas ofrecen os mesmos datos, pois hai informantes practicamente monolingües en galego (C1, C4 e C6) ao lado doutras persoas que usan máis o noso idioma na súa vida diaria (C2), sen que falten falantes que empregan case máis a lingua española que a galega (C3). Sexa como for, o que é evidente que as persoas novas están nunhas condicións máis favorábeis para se expresaren en castelán, pois estudárono na súa vida escolar e posibelmente unha parte da súa camaradaxe se exprese nese idioma. As persoas de idade con que traballamos, polo contrario (C1, C4 etc.), costuman moverse nuns ambientes en que o español non se utiliza e non tiveron (en ocasións) a oportunidade de o estudaren coa mesma profundidade con que o fixeron os seus descendentes.

3.2. ASPECTOS PROSÓDICOS E FÓNICOS DE INTERESE

Máis arriba indicabamos que a cerna destas páxinas decidiu dirixirse cara aos aspectos morfosintácticos, o cal non é óbice para, no entanto, que non fagamos algún tipo de reflexión breve sobre as características prosódicas e fónicas das variedades lingüísticas xeracionais. Dunha maneira xeral, pode afirmarse que cada rexión do país presenta uns determinados trazos prosódicos, nomeadamente no que di respecto á entoación e de forma especial no caso das interrogativas. Deste modo, as características entoativas da comarca de Vigo, por exemplo, non coinciden exactamente coas da Costa da Morte ou Bergantiños, e tamén non van ter unha equivalencia exacta coas das zonas de Melide, As Mariñas ou O Berzo. Aínda que as particularidades prosódicas de cada unha desas áreas é distinta das demais rexións, son identificadas todas elas como sotaques galegos, en certo paralelismo coas variedades dialectais.

Este sotaque galego está presente nos textos orais de que dispomos. Mais o que resulta evidente, unha vez comparados, é que se aprecia moito mellor nas gravacións de

xente de idade, isto é, C1, C4 e C6, ao paso que as persoas que falan en C2, C3 ou C7, poñamos por caso, revelan unha melodía lingüística identificábel como galega menos acusada. Ás veces resulta difícil clarexarmos con exactitude até onde son admisíbeis determinados comportamentos canto ás curvas entoativas e, neste sentido, Fernández Rei (2005: 122-123), na procura dun estándar prosódico que se identifique como supradialectal, sinala atinadamente que non debe cinxirse á lingua popular ou coloquial, que é a representada nos nosos etnotextos. Ora, o que se verifica na xente nova das gravacións (á excepción de C5) é que ese sotaque, aínda a pertencer tamén a rexistros coloquiais e populares, se caracteriza precisamente por non ser tan marcado e por se parecer máis a algúns modelos entoativos do español. Na realidade, unha entoación máis próxima do castelán supón máis un tipo de interferencia, que non é exclusiva da fala da xente nova, mais tamén doutras esferas comunicativas, sobre todo cando a persoa é neofalante ou cando se acha en proceso de aprender a lingua. Nos medios de comunicación, por exemplo, é moito habitual a crítica de que o galego que alí se utiliza non é ‘auténtico’, situación para que contribúe de modo decisivo a prosodia (véxase Kabatek 1991: 42; 2000: 112-116), que fai moitas persoas galegofalantes espontáneas non se sentiren identificadas coa variedade que é utilizada neses ámbitos.

As cuestións fonéticas piden, igualmente, un breve comentario á parte. Xa sinalamos con anterioridade como Regueira (2005: 87) salientaba que entre algúns sectores da mocidade determinados trazos idiosincráticos do galego son mal asumidos ou mal reproducidos. O sistema de sete vogais en posición silábica tónica e pretónica, a existencia da consoante nasal velar ou a da consoante fricativa prepalatal xorda parecen ser trazos da lingua que non contan, sobre todo nas modalidades de galego das persoas neofalantes dos ambientes urbanos, cun firme correlato cando á súa documentación en galegofalantes de nacemento ou de ámbitos non estritamente citadinos. As gravacións que manexamos parecen confirmar esta situación: en canto a fala recollida en C1, C4 ou C6 permite diferenciarmos con total clareza os sete fonemas vocálicos, as variedades gravadas en C3, contrastivamente, acusan unha diferenciación escasa entre as unidades vocálicas de grao medio, chegando mesmo a atestarse claramente nesta gravación unha P4 do pretérito do indicativo do verbo *estar*, *estivemos*, con [‘e]

Doutra parte, a documentación de certas casuísticas fonéticas dialectais incide tamén na distinción das variedades lingüísticas xeracionais. O seseo predorsodental e unha certa palatalización de /s/ en posición implosiva, poñamos por caso, están presentes en C4; en confronto, a persoa gravada en C5, que pertence á mesma localidade que a informante de C4 mais que ten moitos anos menos, xa presenta unicamente seseo apicoalveolar (confirmando a tendencia á marxinalidade da modalidade con seseo predorsodental, dentro do xa pouco rendíbel que resulta o fenómeno do seseo explosivo no seu conxunto) e a súa lingua non dá mostras de se caracterizar pola palatalización de /s/ final. Por súa vez, a *gheada*, fenómeno dialectal de presumíbel orixe española, está presente en C1 (que representa a primeira xeración), documéntase en menor medida en C2 (a segunda xeración) e non se rexistra en absoluto en C3 (a terceira xeración), aínda provindo as tres gravacións da mesma área (Cedeira).

3.3. A SEMPRE RECORRENTE POSICIÓN DOS CLÍTICOS

3.3.1. A próclise con formas verbais amodotemporais

Agora nos centrando en cuestións morfosintáctica, non cabe dúbida de que un dos temas que máis estudos ten xerado na lingüística galego-portuguesa é o referente á colocación dos pronomes átonos no interior da cláusula, xa que inciden na súa disposición tanto causas morfosintáticas como procesos de topicalización ou de focalización. Non é o noso interese abordarmos aquí tan complexo tema, mais facermos unha chamada de atención sobre un tipo de colocación, como é aquela que protagoniza o clítico con formas verbais amodotemporais ou infinitas, comunmente rexidas por preposición, conxunción ou outro elemento que posibilite a próclise:

2. (a) **Para nos falar** escolleu o mellor momento
- (b) O xantar? Hai **que o facer** antes das dúas
- (c) **Non o ler** suporalle un grande pesar
- (d) Foime mellor ir a andar **que lle pedir** que me levase

A carón dos exemplos de (2), vigora no galego contemporáneo unha outra colocación, que se vai facendo cada vez máis habitual entre diversos sectores de galegofalantes, mesmo chegando a ser a única en determinadas franxas etáreas¹⁸:

3. (a) **Para falarnos** escolleu un momento tranquilo
- (b) O xantar? Hai **que facelo** antes das dúas
- (c) **Non lelo** suporalle un grande pesar
- (d) Foime mellor ir a andar **que pedirlle** que me levase

De entre os casos de (2) e de (3), a linearidade máis tradicional, como se indica en Freixeiro Mato (2000: 175) ou Álvarez / Xove (2002: 567), corresponde aos exemplos de (2), disposición moito ben documentada en niveis de lingua populares ou coloquiais, como o atesta o cancionero tradicional:

4. (a) *Miña nai por **me** casar
prometeume canto tiña
(CPG I, 39)*

¹⁸ Afirmar Álvarez (2005: 362) sobre construcións equivalentes: «Ningún falante adulto e ben istalado no sistema rexeita á énclice como alternativa válida na súa gramática, mais cabe que informantes novos [...] rexeiten a próclise como non normal, ben por pertenceren a un tramo de idade que aínda está en proceso de adquisición da lingua, ben por representaren un novo estadio evolutivo».

(b) *Eu paséi o mar á nado,
queridiña, por **te** ver;
eu pasei o mar á nado
á pique de **me** perder*
(CPG II, 11)

(c) *Unha vèlla fixo o caldo
antes de **s**'ir par'a feira*
(CPG II, 182)

(d) *tamén o teu Antoniño
¡paseóu e sen **te** ver!*
(CPG III, 17)

3.3.2. A interpolación pronominal

Ao falarse da colocación do pronome átono na cláusula convén determos o noso ollar na interpolación. No caso de o clítico se dispor antes do núcleo verbal, é posíbel ocorrer algún tipo de frase a afastalo do verbo a que for ligado. Este fenómeno, coñecido polo nome de interpolación pronominal, posúe un trazo definitorio en todas as súas modalidades, cuxa principal característica vén dada pola tonicidade das palabras dispostas entre o clítico e o predicado verbal:

5. (a) Como te **non** ha de perdoar?
- (b) Tamén o **el** dicía
- (c) Nunca lle **eu** dixera tal

É, pois, a interpolación unha estrutura morfosintáctica marcada en galego por dous motivos, pois, en primeiro lugar, vai aparecer cando o clítico non estea vinculado ao verbo por unha relación enclítica; e, en segundo lugar, o «plus» de distinción a respecto das ordes modernamente máis comúns permitirá diferenciarmos a próclise producida entre a forma pronominal átona e o verbo da documentada entre esa mesma partícula clítica e unha palabra que non se trate dun elemento verbal. A interpolación atesta unha orde de elementos que, desde a época medieval, en que estaba moito documentada, até aos nosos tempos, en que coñece unha utilización sensibelmente menor, se aprecia como foi mingando. E corrobora, igualmente, unha disposición tradicional, totalmente facultativa, que vigora xunto a outras linearidades en que se rexistra a adxacencia do pronome proclítico ao verbo.

Cómpre repararmos en que o que representan as cláusulas de (5), do noso punto de vista, se erixe nun magnífico expoñente dunha linearidade marcada estilisticamente moito en positivo, coa precisa vontade de non incorrermos, como resulta obvio, nunha utilización desmesurada ou exaxerada. E non está de máis aquí facermos notar que xa na época

do Rexurdimento a aguda percepción lingüística do noso primeiro gramático, Saco Arce (1868: 162), ponderou estas ordes morfosintácticas por as considerar «elegantes»: «Cuando se anteponen estas formas pronominales [os pronomes clíticos] al verbo, es muy elegante colocar entre aquellas y éste alguna que otra palabra». A este respecto, tamén non teñen perda as impresións de Lugrís Freire (1931: 87-88), o homenaxeado no ano de 2006 polas Letras Galegas, cando, nunha época en que procuraba por parte dos escritores e das escritoras a maior autoctonicidade lingüística e o maior grao de pureza idiomática, afirmaba que a interpolación facía a frase gañar «en enxebreza», resultando así máis «conforme» co «verdadeiro xeito galego que as formas que adoita empregar as xentes das vilas e moitos escritores» [= estruturas sen interpolación].

Actualmente, falándonos de unidades frásicas, podemos achar os seguintes tipos nas estruturas con interpolación, nin todas coa mesma frecuencia de aparecemento na lingua oral ou escrita:

1. Unha FAd a desenvolver a función de CC. Dentro deste primeiro grupo, sobrancea pola súa frecuencia o adverbio *non* que é, con moito, a palabra máis documentada interposta entre o pronome átono e o verbo, como xa o era na época medieval:

6.
 - (a) Canto lle **non** falei e de nada serviu!
 - (b) Se mo **aquí** trouxeres serás recompensada
 - (c) Mao raio te **nunca** fenda!
 - (d) A que nos **agora** olla é a presidenta do país

2. Unha FN, habitualmente representada a través dun pronome tónico con función de SUX ou mediante un pronome tónico oblicuo rexido por preposición e con función de CD ou CI; no entanto, é tamén documentábel unha FN cun núcleo nominal a desempeñar funcións de SUX, CD, CI ou ATR:

7.
 - (a) Tamén che **el** viu no concerto
 - (b) Para me **a min** amolar débese ter paciencia
 - (c) Quen che **andoriña** fose!
 - (d) Se lle **o fillo** sandares serás a súa doutora preferida

3. Unha FPrep:

8.
 - (a) Como me **por outro** deixares ensandecerei
 - (b) Non repares en quen che **no camiño** falar
 - (c) Se te **desde aquí** non vexo é por causa da carballeira
 - (d) Quen me **na casiña** dera!

4. Máis de unha frase inserida, o que actualmente resulta escasamente produtivo, dentro do proceso de esmorecemento xeral que caracteriza a interpolación:

9. (a) Xamais che **eu aló** referín como acontecera todo
 (b) Xa se **nunca unha** fía do que le na prensa
 (c) Se che **ela non** di nada ti non lle preguntes
 (d) Canto darías a quen che **agora aquí** regalase aquel disco de Milladoiro?

Este recurso sintáctico, embora esporadicamente, áchase aínda hoxe ao longo e largo de todo o territorio lingüisticamente galego e, en menor medida, tamén no portugués. Documentábase en ocasións tanto en textos literarios, segundo expuxemos noutro lugar (Sánchez Rei 1999), canto en rexistros orais, conforme pode verse en ILG (1995, II: 218-219), ao paso que permanece máis ou menos fixado en certa tipoloxía de construcións clausais. Por este motivo, parece moito discutíbel o exposto en Feixó (2001: 191) cando afirma que se trata dunha linearidade «frecuente no galego medieval pero sen vixencia no galego actual», sobre todo a termos moito en conta a súa documentación en textos de literatura tradicional contemporáneos:

10. (a) *cando ti me olvidache*
xa ch'eu tiña amores novos
 (CPG I, 73)
- (b) *veu un galán e enganóume*
¡nunca ch'outras penas teña!
 (CPG III, 160)
- (c) *¡Se che no camiño morre*
conta d'ela m'has de dar!
 (CPG III, 266)
- (d) *¿Cómo queres que che dea*
o que che non podo dar
 (CPG II, 243)
- (e) *se m'o raposo non come*
hei d'ir cantar ô poleiro
 (CPG III, 151)

3.3.3. O confronto coas gravacións

Deixando de lado o cancionero tradicional galego, que fornece abondosos exemplos de clíticos antecedendo o infinitivo, a constatación dos soportes dialectais de que dispomos ofrece datos que resultan harmónicos co expresado por algunhas gramáticas modernas a que xa fixemos referencia: as persoas novas que interveñen nos textos presentan unha notoria tendencia para preferiren, no caso da colocación dos pronomes átonos con infinitivos, a posposición á forma verbal. As informantes que se recollen en C3, poñamos por caso, non proporcionan ningún caso de clíticos preverbaais diante do infinitivo, situación que non é idéntica á doutras persoas das gravacións: en C2 e en C6 documéntase algún caso de próclise en construcións equivalentes (cal *pa lle dar rabia*, C2). A este respecto, Kabatek (2000: 183-185), deixando constancia de que estruturas análogas a esta se detectan nomeadamente en «variedades máis ben conservadoras», sinala as diferentes reaccións que tiveron as persoas informantes con que traballou: i) para algunhas era a mellor disposición, a máis galega, a considerada máis enxebre; ii) para outras resultaba bastante imposíbel e non soaba ben, de forma que identificaban tales colocacións de clíticos con empregos ridículos na oralidade; iii) un terceiro tipo de informantes afirmaba que empregaban dentro da normalidade as diferentes posibilidades de disposición do clítico; iv) noutros casos facíase corresponder unicamente a estruturas posíbeis; v) e, aínda se non recoñecendo o seu uso, para algunhas persoas era unha colocación de moda.

Doutro lado, as mostras de lingua oral colixidas en C3 dan mostras de colocacións de pronomes inacaiadas de acordo coa tendencia lingüística do galego-portugués na Galiza e en Portugal, o cal debe ser entendido, neses casos, como unha influencia do español. Estamos a nos referir a pronomes átonos a iniciaren un período sintáctico como os casos de *Che fala*, que posúen certa documentación nalgunhas cidade e vilas do país¹⁹. Igualmente, é a gravación C3 a que nos permite contarmos con exemplos de clíticos que, aínda existindo un elemento morfosintáctico que atrae para si o pronome, aparecen dispostos após o verbo, segundo se atesta en *porque botábaio de menos*, en *que por certo tiñana feita unha corte* ou mesmo na secuencia *porque pasáramolo*.

¹⁹ Así, poñamos por caso, en Cedeira dise que a xente da comarca de Ferrol coloca os clíticos especialmente desesa maneira, ao paso que non resulta raro ouvir por diversas parte de Lugo que os habitantes da cidade da Coruña teñen tendencia para disporen os clíticos en posición inicial absoluta. Véxase, a este respecto, Álvarez (2005: 371); tamén García Negro (2000: 83), autora de que provén o seguinte excerto dotado de certa ironía: «Como non cabe pensar en influéncia do portugués do Brasil, a deformación é filla directa do español e dunha ‘tradución’ ou transposición mal feita deste idioma [...]. Non coñezo un só falante ou unha soa falante do galego como primeira lingua que coloque mal os pronomes: poderá conter a súa fala moitos castelanismos léxicos e mesmo recursos expresivos e enfáticos en español, mais non este defeito profundo que está inzando na oralidade do idioma alarmantemente. Si é certo que en zonas do país, como A Coruña e Ferrol, na fala popular, xa se rexista (por maior exposición ao español e maior efecto invasivo) desde hai tempo».

Por último, no referente á interpolación, cómpre salientarmos a súa nula atestación nos etnotextos, o que debe ser interpretado en termos inseridos dentro do progresivo esmorecemento que leva protagonizando desde a época medieval²⁰.

3.4. REFLEXIVAS DIRECTAS E INDIRECTAS

Relacionado cos clíticos, embora nos centrando máis nas súas funcións do que na súa disposición dentro da cláusula, está o que se atesta nas gravacións para o caso das reflexivas, tanto directas como indirectas, e que constituirán o motivo deste novo apartado. Así pois, contando co exposto en Cidrás Escáneo (1991), pode falarse en galego de tres posíbeis estruturacións pronominais²¹:

1. A primeira, en que a partícula *se* é un morfema flexional obxectivo a respecto do núcleo verbal, caracterízase por o pronome átono *se* comportar de idéntico modo do que o resto dos clíticos, distinguindo neste sentido: (i) as construcións reflexivas directas (*Brais lavouse, María penteouse hoxe*); (ii) as reflexivas indirectas, producidas en contextos moito marcados (*Propuxéronse facer o inquérito, Luís non se pode permitir ir a Escocia*) e cuxa entidade dentro da gramática galega é cuestionada por Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988: 94); (iii) e as recíprocas, tamén subdivididas en directas e en indirectas (*Os dous colegas déronse a man e logo abrazáronse*)²².
2. A segunda modalidade, en que o pronome recibe a denominación de morfema flexional subxectivo, corresponde ás coñecidas cláusulas de «*se* impersonal» da gramática tradicional (*Véndese terreos a bo prezo e faise arrendamentos*).
3. E o terceiro tipo de construcións pronominais ten como particularidade ser o clítico un formante lexemático do verbo que, caso de non aparecer con el, pode modificar o seu significado (*Riu moito con nós / Riuse moito do asunto*).

²⁰ No entanto, o feito de non poderen ser documentados exemplos de interpolación nos soportes magnéticos non implica que, ás veces, o fenómeno non se atestase na fala das persoas de idade que se recollen nos etnotextos. O exemplo máis particular responde ao momento en que, unha vez acabada a gravación, puidemos ouvir algún caso en C6, procedente de Brántoas.

²¹ Véxase tamén Vilela (1992: 77-80), quen distingue: (a) reflexividade inherente «en que o reflexivo faz parte do próprio verbo» (cal *arrependerse de, atreverse a* etc.); (b) reflexividade inherente en que predicados verbais «são apenas variantes de outras realizações não reflexivas» (do tipo *alegrarse por / alegrar, interesarse por / interesar* etc.); (c) construcións análogas á pasiva; e (d) reflexividade xenérica, que se encontra en linearidades cal *Os libros véndense aquí* ou *Os topónimos escribense con maiúscula*.

²² Dentro dos dominios da reciprocidade, cumpriría tamén salientar o que determinados autores, a baseárense en principios fundamentalmente semánticos de identificación entre A_1 e A_2 e entre A_2 e A_3 , denominan como verbos simétricos (Fonseca 1993), algúns con posibilidade de índice pronominal (*O Brais parece o teu irmán / O Brais e o teu irmán parécense / *O Brais e o teu irmán parecen*) e outros construídos sen a forma clítica (*A María discutiú co compañeiro / A María e o compañeiro discutiron; O Luís concorda co Xoán / O Xoán e o Luís concordan*).

A situación que se verifica nos etnotextos con que traballamos proporciona extraermos un conclusión fundamental. Así, temos que nas gravacións da xente de idade non se documentan con tanta frecuencia construcións de reflexividade indirecta de orixe española, como se ilustra cos casos a seguir: *levouse a botella* (C3); *tomábame o café coas compañeiras* (C7); etc. Atéstase, igualmente, algún caso de verbos utilizados con construcións pronominais nas gravacións da xente máis nova en que a sospeita da influencia do español está tamén presente; é o caso que se verifica para *quedar*, empregado como *quedarse* en C3.

3.5. ALGUNHAS CUESTIÓNIS REFERIDAS AO VERBO

3.5.1. O uso do infinitivo flexionado

Embora se tamén poida documentar no húngaro e no napolitano tardomedieval, dun lado, e no mirandés (aquí por influxo do portugués), o infinitivo flexionado constitúe unha das principais características morfosintácticas do sistema lingüístico galego-portugués. Non pretendendo nestas liñas ofrecermos unha análise da súa utilización na lingua moderna e das posibilidades de aparecemento, nin tampouco dos casos en que resulta de obrigatoria utilización²³, non renunciamos a notar, aínda que sexa moito rapidamente, a súa diferente utilización tendo en conta as gravacións de que dispomos. Na fala da xente nova (C3, C5 e C7) non se atesta ningún caso, ao paso que no galego rexistrado nas outras gravacións, correspondendo o seu emprego a unha utilización moito restrita (*despois de coméremos*, C1), posúe, con todo, algúns exemplos que ilustran o seu emprego.

Convén notarmos que o aparecemento do infinitivo flexionado, que xa se documenta nos primeiros textos en galego-portugués medieval, como a *Noticia de Torto*, supón un dos aspectos máis representativos para mantermos unha verdadeira morfosintaxe galego-portuguesa, autóctone, idionsincrática e característica da nosa lingua. O feito de que se ateste cunha frecuencia esmorecente e o feito tamén de que se rexistre nomeadamente na xente de certa idade parece estar moito relacionado coa influencia do español, idioma que se non caracteriza por esta peculiaridade verbal. Relativamente a esta circunstancia, Freixeiro Mato (2000: 391) di que a «tendencia actual da lingua» é a diminución de usos do infinitivo flexionado, o que atribúe á «presión do español», ao paso que Kabatek (2000: 175), por súa vez, apunta tamén para esta lingua como principal causa de o uso do infinitivo flexionando se achar na situación actual e engade que de todos os informantes con que traballou «ningún empregou espontaneamente un infinitivo conxugado».

²³ Véxase, neste sentido, o exposto en Freixeiro Mato (2000: 387-404), traballo en que, xunto a outros datos de interese (ámbitos de uso, relación co futuro do subxuntivo, rendibilidade estilística etc.), se ofrecen unhas pautas para regraren a súa utilización.

3.5.2. O uso da perífrase temporal *ir + infinitivo* / *ir a + infinitivo*

No galego contemporáneo existe a construción perifrástica temporal de futuridade *ir a + infinitivo* e corresponde, en xeral, a unha perífrase que ten un grande uso na lingua moderna, chegando mesmo a superar a frecuencia de utilización do futuro do indicativo. Mais a interferencia do español fixo posíbel tamén a aparición dun *a* como elemento de relación, tanto na lingua escrita anterior ao actual período de estandarización do idioma como na lingua falada; convén notarmos que tal españolismo estaba plenamente instalado na lingua decimonónica, onde alterna coa construción autóctona, conforme se pode ler en Freixeiro Mato / Sanmartín Rei / Sánchez Rei (2005: 518-519).

As gravacións recollen este estado da lingua no tocante á construción perifrástica nos seguintes termos: a forma galega aparece en xeral na xente de idade e a influenciada pola española se documenta frecuentemente na fala da mocidade, sen faltaren algunhas persoas que, tendo unha idade intermediaria, documentan as dúas construcións, cal acontece con C2. C1, por súa vez, utiliza nalgunha ocasión a perífrase española (*vas a querer*). Eis algúns casos:

- a) *ir + infinitivo*: *vai ser auga* (C1), *como iba ser* (C1), *non quería ir dormir* (C1), *vouche facer un cantar* (C1), *ibamolas comer* (C1), *ibamos levar as maletas* (C2), *iban mallar* (C2), *vamos botar unha casola* (C4) etc.
- b) *ir a + infinitivo*: *ibamos a buscar serrín* (C2), *funa a buscar* (C3), *deulle por ir a pescar* (C3), *iba cada día a pescar* (C3), *iba el a sacar moitas fotos* (C3), *a mai iba a traballar a Suecia* (C3) etc.

3.6. A INFLUENCIA DO GALEGO ESTÁNDAR NAS XERACIÓNS NOVAS E A VONTADE DE USAREN UNHA LINGUA ENXEBRE

Até o de agora, puidemos constatar como a lingua das persoas de pouca idade reflectida nas gravacións con que traballamos proporciona informacións á volta dun maior grao de españolización, en xeral, se comparada co galego das persoas idosas. No entanto, sendo isto unha realidade doada e mesmo desesperanzadoramente constatable, é igualmente certo que nin todos os datos que extraemos dese confronto de gravacións teñen de ser forzosamente negativos. Entre a xente nova pode detectarse tamén o influxo da variedade padrón, que, se ben que timidamente, transparece nalgunha ocasión. Cursaren estudos de/ en galego fixo as raparigas e os rapaces teren unha oportunidade no ensino para aprenderen a lingua estándar que non tiveron os seus maiores, en moitos casos analfabetos no seu propio idioma e en non menos casos cunha notábel cantidade de prexuízos. A este respecto, a incorporación da materia de lingua galega ao curso 1979-1980 vai supor, conforme Monteagudo / Bouzada Fernández (2002: 163), un verdadeiro «punto de inflexión» ao abrir a posibilidade de a xente cursar estudos de galego e a mudar unha situación que proscibía o idioma do ensino.

Así, dado que a lingua estivo ausente dos liceos, escolas e centros de ensino, nin en C1 nin en C4 nin en C6 se advirten influencias lingüísticas que sexan identificábeis coa norma estándar, até o extremo de afirmar, como fixo a informante da primeira gravación, que ela non sabía falar galego. Polo contrario, a gravación que nós identificamos como C2 ofrece algúns datos dignos de nota; nela, en que fala un mestre, aparecen formas como *nai* (aínda que o normal na zona de Cedeira é *mai*), *avó* (cando un pouco máis abaixo imos escoitalle o españolismo **abuelo*), *por exemplo* (embora o habitual en rexistros populares ou coloquiais sexa a expresión tirada directamente do español), *coello* (cando o propio informante afirma que en Cedeira só se utiliza **conexo*) etc. Nesta mesma gravación insinúase indirectamente a vontade de empregar unha modalidade de lingua culta o máis auténtica posíbel, pois o informante emprega, nalgunha ocasión, o pseudogaleguismo de grande uso literario **brilar*; a isto habería que adicionar que esta persoa posúe unha forte consciencia lingüística do que é admisíbel en galego e daquilo que non o é, cando menos no referente á variedade utilizada na área cedeiresa.

Por súa vez, en C3, soporte magnético en que falan dúas raparigas, aparece igualmente datos que apuntan cara á influencia do estándar: formas como *galego*, *castelán*, a raíz *estiv-* (cando as outras gravacións que temos procedentes de Cedeira recollen unicamente *estuv-*, *saír* (aínda que se documente tamén en C3 o españolismo **salir*) ou *coñecer* (xunto a **conocer*, verbo asemade rexistrado) atestan esas beliscadelas da variedade padrón. Tamén C7 permite acharmos formas como *galego* ou *castelán* xunto a españolismos como **lógico*, **legionario* etc. As autocorreccións tamén están presentes, de xeito que unha expresión como a **A noite de San Juan* é modificada para *A noite de San Xoán*, o pronome **nadie* é substituído a seguir por *ninguén*, o verbo **pelizcar* é mudado por *beliscar* etc. As autocorreccións lingüísticas corresponden a unha situación común a máis persoas que foron entrevistadas para posteriormente ser elaborado algún tipo de estudo lingüístico, como é o caso de Kabatek (2000: 116), autor que pondera que no conflito «entre dúas linguas, os fenómenos de corrección ofrecen unha imaxe da lingua-fonte de interferencia e da lingua-meta do texto», logo sinalando que a «forma de corrección máis frecuente nas entrevistas é a substitución de formas castelás por formas galegas».

Modernamente, tense constancia da existencia de máis casos desta índole na Galiza e así poden detectarse outros exemplos que din respecto a como a norma padrón vai chegando ás xeracións máis novas ou máis comprometidas coa lingua. Unha desas fenomenoloxías vénnos dada a través dos pronomes demostrativos e do galego falado na comarca de Santiago de Compostela. Durante as recentes décadas de 70, 80 e 90 do pasado século foron desbotándose progresivamente na lingua escrita as formas dialectais lucuaurienses *iste*, *ise*, *aquil* etc., que, por resultaren marcadas cun plus de diferencialismo, gozaron dunha rendíbel utilización literaria, conforme apuntou Carballo Calero (1979: 197) e segundo xa expuxemos noutro lugar (Sánchez Rei 2002: 111-165); ao mesmo tempo, foi concedéndose unha especial prioridade ao modelo que identifica no radical a forma invariábel *este*, *esta* e *isto*. Neste sentido, paga a pena citarmos o seguinte excerto, proveniente de Dubert García (1999: 116), en que se deixa constancia do uso das formas estándares na lingua oral compostelá:

Pero o galego estándar comeza xa a sobreporse como variedade teito e a pasar formas ó galego popular de Santiago a través de fenómenos de variación lingüística. Esta penetración do galego estándar é posible seguíla na morfoloxía dos demostrativos, pois no masculino indeterminado observamos que algúns informantes alternan a propiedade INDET simplemente a través da terminación /o/ (a vía que lles corresponde dada a situación xeográfica de Santiago [...]) coas hipercaracterizadas, que expresan a propiedade INDET ademais de coa terminación /o/ coa elevación da vocal radical a /i/.

Convén subliñarmos, con todo, que a influencia da lingua padrón, polo menos nos demostrativos da fala coloquial de Santiago de Compostela, non é significativamente notábel, pois o propio autor (Dubert García 1999: 118), describindo os índices de aparecemento, declara que «son moi baixos» en relación ás propias persoas informantes (en sete ocasións) e tamén a respecto doutras persoas informantes (unicamente se documentan en dous e ambas as persoas teñen pouca idade).

3.7. IDADE, TABÚS E EUFEMISMOS

É moito coñecida a hipótese dos lingüistas norteamericanos Sapir e Whorf, desenvolvida a partir da década de 30, segundo a cal sería ilusorio imaxinarmos unha lingua como un simple sistema de comunicación ou de transmisión de ideas, pois é con frecuencia atribuído ao idioma a responsabilidade de as configurar. Do mesmo modo, o mundo sensíbel e o pensamento fican subordinados á lingua de maneira que esta é capaz de se comportar como un filtro que os enforma; en harmonía con tal postulado, falantes con códigos lingüísticos diferentes terían as súas respectivas interpretacións daquilo que os rodease ou que estivese presente, dun ou doutro modo, na súa vida diaria normal. A antítese deste punto de vista sería aquela que defende que a cultura e o pensamento dun pobo transparecen na lingua empregada por este, de aí as necesidades culturais non determinaren a estrutura do idioma; en consonancia con este parecer, Hudson (1981: 115) afirma que son as ideas as que perfilan a linguaxe máis do que no suposto caso inverso, en canto que se delimita o universo conforme as liñas tracexadas pola natureza e polas nosas necesidades comunicativas e cognoscitivas antes do que pola lingua.

Sexa como for, unha estreita relación entre a sociedade, a cultura, a linguaxe e, tamén, a idade pode inferirse a confrontarmos algúns exemplos, como é a existencia de *tabús*, que se definen por seren aquelas palabras que se evitan conscientemente porque as normas da comunidade así o exigen ou recomendan. En consecuencia, dado que algúns termos se non poden mencionar, recórrese a un *eufemismo* para solucionar o conflito entre as regras tácitas ou explícitas do colectivo humano e a lingua e as necesidades comunicativas; o emprego de formas e paráfrases eufemísticas é capaz de se acrecentar non unicamente ao que ficar interdito nunha sociedade, mais tamén a outros ámbitos e campos en que a utilización das palabras orixinais pode ferir algún tipo de sensibilidade ou resultar agresiva dun modo ou doutro. A partir de aquí aparecen interesantes perspectivas de análise do punto de vista lingüístico, porque os recursos que se poñen en práctica

para evitar empregar esas palabras repercuten, directamente, no propio idioma. Como sinala Ullman (1987: 426), o tabú

é de importancia vital para o lingüista porque impoñe uma prohibición non só sobre certas persoas, animais ou cousas, mas tamén sobre os seus nomes. Na maioría dos casos, embora non en todos, a palabra *tabu* será abandonada e introducir-se-á un substituto inofensivo, um *eufemismo* para preencher a fenda. Isto acarretará moitas veces un ajustamento no significado do substituto, e, deste modo, o tabu é una causa importante de mudanzas semánticas.

Un exemplo de tabú e eufemismo témolo no linguaxar dos mariñeiros da Europa occidental, en que parece estar moito estendido evitaren falar do *raposo*, e é así que os traballadores do mar da Galiza, por exemplo, prefiren utilizar, unha vez dentro da embarcación, voces como *fillo do demo*, *trasgo*, *señor*, *Pedro das galiñas*, *ladrón das pitas* etc. (Montero 1981: 150-153). Outros elementos lingüísticos que as diversas comunidades costuman reprobar canto ao uso fan referencia ao mundo relixioso ou supersticioso (hai sociedades que non poden, por exemplo, nomear as súas deidades), ás relacións sexuais ou a algunhas actividades e doenzas que xiran ao seu redor (referirse á sífile como *o mal dos mariñeiros*, *o mal frances*, *o mal español*, *o mal da vida* etc.), a certos animais que son considerados malignos ou presaxios negativos (o *sapo*, a *serpente*, o *lobo* ou o xa citado *raposo* etc.), aos efectos do álcool (*ter un copo*, *estar alegre* etc.), ás partes do corpo (o feito de falar de órganos sexuais usando formas como *as partes*, *as súas partes*, *as partes baixas* etc.), ás necesidades escatolóxicas (*ir á casa* / *ao cuarto de baño*, *ir ver un amigo* etc.) etc.

Un dos recursos máis empregados para evitar a utilización das palabras que se consideran inapropiadas é o xogo eufemístico en que se usan os pronomes, isto é, elementos gramaticais. En harmonía con Montero (1981: 80), as unidades lexicais que denotan directamente necesidades fisiolóxicas e relacións sexuais, poñamos por caso, son, non raro, substituídas por pronomes persoais, demostrativos e indefinidos, e pensamos que tal proceso de substitución ten a ver coa propia natureza semántica das formas pronominais. O realmente interesante, con todo, radica non tanto nos contextos en que poden ser empregados os pronomes como na frecuencia con que aparecen con tales responsabilidades semánticas, circunstancia que os converte en recorrentes e expresivas axudas para desbotaren a mención directa das palabras rexeitadas.

A xente de idade, presumiblemente representada nos exemplos que imos expor a seguir polas cantadeiras anónimas tradicionais, soubo tirar rendemento aos elementos pronominais para omitir, nun propositado xogo de reprobamento, a utilización das unidades lexicais ‘politicamente incorrectas’. Así se observa nestes versos, en que no clítico de acusativo transparece o desexo de unión sexual:

11. (a) *Eu pidinllo a unha nena,
qu' é do val de Viveiro
(PGA II, 391)*

(b) *si queres, ben pode ser,
eu botarcho unha noite
e teu pai non o saber
(PGA II, 402)*

Esta mesma modalidade lírica fornécenos máis mostras en que outra vez o pronome átono de acusativo se emprega para se non ter de utilizar un termo considerado inapropiado, como o hime, infeliz símbolo, noutroa, das virtudes humanas da muller; os exemplos que seguen, así como os anteriores, están tirados de Sánchez Rei (2006: 89):

12. (a) *Eu pidinllo a unha nena,
ela díxome que si;
pregunteill' onde o tiña
(PGA II, 398)*

(b) *¿Para que mo prometiche,
si non mo habías de dar?
(PGA II, 398-399)*

(c) *Eu pidinllo a unha nena
entr' os pés do tear; eu pidinllo, ela diumo:
nunca outro chegue a dar
(PGA II, 404)*

En ocasións, bótase man doutro substantivo distinto, mais pronomes, neste caso demostrativos, continúan a rexistrarse na FN, tal como se aprecia na seguinte cantiga tradicional, en que, na boca dun presunto galán, se emprega a secuencia *ese mal* para facer referencia a algo que ten que ver co mundo das relacións erótico-amorosas:

13. *Marica, teu pai querendo
e tua nai non ch'o privando
eu seréi teu ceruxano
d'ese mal que estás pasando
(CPG, I 168-169)*

A metáfora volta a estar igualmente en uso para evitar as palabras socialmente non recomendábeis, como tamén voltan a estar presentes os pronomes demostrativos nas FFNN

respectivas. Así se encontra nos versos populares que se expoñen a seguir, en que *ese valado* é equivalente ao órgano sexual masculino:

14. *Si me tiras e me dás
co-as pedras dese valado,
si me tiras e me dás
tes que pagar o derramo
(CPG II, 261)*

Chegados a esta altura, non parece inacaído formularmos a pregunta de se a xente nova continúa a servir como exemplo da vixencia de determinados tabús e dos seus correspondentes eufemismos. A resposta, inicialmente, non resulta fácil de a procurarmos, xa que temos que as transformacións sociais a que xa fixemos referencia con anterioridade mudaron notabelmente a cultura tradicional, os medios de produción, as relacións entre os membros das comunidades rurais etc. Subsecuentemente, é lóxico presupormos que unha vez esmorecente ou definitivamente morta esa realidade sociocultural, que foi a que xerou eses tabús, a nova situación implique unha redución drástica da existencia de determinadas prohibicións vocabulares. Na Galiza actual, máis urbana, afastada da cultura xeracional tradicional, pódese falar das relacións eróticas, das necesidades fisiolóxicas ou das crenzas e supersticións sen necesidade de seren utilizados vocábulos ‘politicamente correctos’ ou ‘aceptados socialmente’. Wardhaugh (1992: 273), a falar acerca dos tabús e eufemismos, cuestiona se, na actualidade, son verdadeiramente útiles ou se, polo contrario, son vestixios de épocas e referentes socioculturais do pasado.

4. CABO

Partindo da base de que todos os sistemas lingüísticos presentan o fenómeno da variación, o que os fai mudaren do punto de vista rexional, dunha perspectiva, cronolóxica, dun punto de vista contextual etc., existe un tipo de variacionismo que se centra na diferenciación detectada entre a fala das persoas de certa idade e a fala da mocidade, sempre se podendo, como resulta obvio, establecer varios grupos con que se facer o confronto. O caso do galego non resulta unha excepción a esta tipoloxía de variabilidade lingüística, pois, con certeza, tanto os estudos especializados canto as gravacións manexadas por nós que pretenderon ilustrar o antecitado variacionismo exemplifican con clareza tipoloxía de mudanza gramatical: a fala das mozas e dos mozos non é totalmente coincidente coa correspondente da xente idosa, e isto pode verificarse no aspecto fónico, morfosintáctico, semántico-lexical ou pragmático do idioma.

Unha vez constatado este fenómeno, común, como dixemos, a outras linguas, xorden algunhas cuestións a que non podemos deixar de facer referencia e que se relacionan moito estreitamente con tal circunstancia. En primeiro lugar, que a mocidade e a xente

vella presenten trazos lingüísticos nin sempre idénticos debe ser perspectivado, polo menos en certa medida, desde as grandes transformacións que sufriu a sociedade galega nos últimos tempos, que influíron ou que se deixaron notar, segundo era de esperar, tamén na lingua; o desaparecemento de certas profesións ou oficios, a mudanza nos medios seculares de produción, o ocaso do mundo rural-tradicional e a maior relevancia das cidades etc. tiveron como consecuencia que o galego das vellas e dos vellos pertencentes a ese mundo esmorecente se perciba como distinto ao empregado polas xeracións da mocidade cidadina. A documentación de tabús e de eufemismos, un aspecto estreitamente vinculado á interrelación entre a cultura e a linguaxe, serve aquí como máis un acaído exemplo, pois, en tanto que fenómenos culturais en continua mudanza, os tabús e as súas substitucións, lexicais ou gramaticais, exprimen adecuadamente esas transformacións sociais desenvolvidas na Galiza.

En segundo lugar, sabermos como é a lingua utilizada pola xente nova permite intuírmolos, certamente con todas as cautelas necesarias, por onde se orienta a evolución lingüística do galego no sentido de sermos capaces de comprobarmos como determinadas características lingüísticas parecen posuír escasas hipóteses de sobrevivencia a termos en conta que son pouco ou nada empregadas pola mocidade. Eses mesmos trazos, contrastivamente, poden documentarse nas variedades da xente idosa, e é moito probábel que desaparezan con esta se non foren recuperados ou potenciados para a lingua estándar moderna: estamos a falar de casuísticas como o infinitivo flexionado, a próclise con formas verbas amodotemporais, a correcta distinción entre reflexivas directas ou indirectas etc.

E finalmente, en relación directa con isto último, non podemos deixar de lado como terceira cuestión que unha grande cantidade de exemplos de variacionismo que se constata hodiernamente no galego apunta como orixe o español, lingua que parece ter sido determinante no ocaso de certas fenomenoloxías gramaticais ou incluso no avance doutras: pensemos, dentro daquelas, no que aconteceu coa interpolación pronominal, co infinitivo flexionado, co futuro do subxuntivo etc., e reparemos tamén, dentro das outras, no grande uso que ten hoxe en día a preposición *a* como introdutora do CD, na proliferación nas capas de neofalantes de reflexivas indirectas etc. Obviamente, non foi o español o motor que norteou todos os fenómenos de evolución verificados no galego e sería rebeirada de máis a opción de lle atribuírmolos esas casuísticas evolutivas, mais resistímonos a pensar, para os casos comentados nestas páxinas, que o triunfo de certas solucións no galego moderno ficou á marxe dese influxo.

Quixemos, por tanto, facer unha chamada de atención sobre a deriva da lingua e sobre os camiños que está a percorrer, tendo en conta para isto as características da fala da mocidade. A través desta puidemos constatar como a perda de trazos lingüísticamente xenuínos é notábel e como, ao mesmo tempo, esas mesmas características son suplantadas por influencia alleas, que, nalgúns casos, acabaron por se converteren nas construcións preferidas polo uso actual. Preguntémonos nós e preguntemos tamén ao ástrago en que vive o galego se non pagaría a pena recuperarmos ou potenciarmos ese conxunto de

fenomenoloxías gramaticais, capaces de dotaren a lingua dunha maior riqueza expresiva e de a caracterizaren mediante os seus trazos xenuínos. A resposta a esta cuestión vai incidir, como resulta evidente, ou ben nunha maior autoctonía lingüística, enlazando o galego coa súa tradición e coa súa deriva histórica chamada portugués, ou ben, contrastivamente, nunha aproximación totalmente gratuíta ao idioma que orientou esas mudanzas, correndo o risco de se confundir consigo e de perder autonomía idiomática.

REFERENCIAS

- Álvarez, R. (2005): «A definición dun estándar sintáctico: problemas, cautelas, límites», en Álvarez, R. / Monteagudo, H. (eds.), *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o idioma galego*: 359-376 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega).
- Álvarez, R. / Monteagudo, H. (eds.) (2005): *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o idioma galego* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega).
- Álvarez, R. / Xove, X. (2002): *Gramática da lingua galega* (Vigo: Galaxia).
- Bagno, M. (2006) [1999]: *Preconceito Lingüístico. O que é, como se faz* (São Paulo: Loyola).
- Bagno, M. / Sttubs, M. / Gagné, G. (2005) [2002]: *Língua Materna. Letramento, variação e ensino* (São Paulo: Parábola).
- Campuzano, R. (2004) [reproducción facsimilada da edición de 1851]: *Orijen, usos y costumbres de los jitanos, y diccionario de su dialecto. Con las voces equivalentes del castellano y sus definiciones* (Valencia: Librerías París-Valencia).
- Carballo Calero, C. (1979) [1966]: *Gramática elemental del gallego común* (Vigo: Galaxia).
- Chambers, J. K. / Trudgill, P. (1994): *La dialectología* (Barcelona: Visor Libros).
- Cidrás Escáneo, F. A. (1991): «As construcións pronominais en galego. Proposta de clasificación e caracterización», en Brea, M. / Fernández Rei, F. (eds.), *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Vol. I: 101-125 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- CO = Blanco, D. (ed.) (2001): José Casal Lois, *Colección de Cantares Gallegos* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- Costa Casas, X. X. / González Refoxo, M. A. / Morán Fraga, C. C / Rábade Castiñeira, X. (1988): *Nova gramática para a aprendizaxe da lingua* (A Coruña: Vía Láctea).
- CPG = Pérez Ballesteros, J. (ed.) (1979) [reproducción facsimilada da edición de 1885-1986]: *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de la Coruña por José Pérez Ballesteros. Con un prólogo del ilustre mitógrafo portugués Theóphilo Braga*. 3 vols. (Madrid: Akal).

- Dubert García, F. (1999): *Aspectos do galego de Santiago de Compostela*. Anexo 44 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Faraco, C. A. (2005): *Lingüística Histórica. Uma Introdução ao Estudo da História das Línguas* (São Paulo: Parábola).
- Feixó, X. (2001): *As normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega* (Vigo: Edicións Do Cumio).
- Fernández Rei, E. (2005): «O estándar prosódico», en Álvarez, R. / Monteagudo, H. (eds.): *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o idioma galego*: 97-125 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega).
- Fernández Rei, F. (1991) [1990]: *Dialectoloxía da lingua galega* (Vigo: Xerais).
- Fonseca, F. I. (1996): «Deixis e pragmática lingüística», en Faria, I. Hub / Pedro, E. Ribeiro / Duarte, I. / Gouveia, C. A. M. (orgs.), *Introdução à Linguística Geral e Portuguesa*: 429-445 (Lisboa: Caminho).
- Freixeiro Mato, X. R. (1998): *Gramática da lingua galega*. Vol. I. *Fonética e Fonoloxía* (Vigo: A Nosa Terra).
- Freixeiro Mato, X. R. (2000): *Gramática da lingua galega*. Vol. II. *Morfosintaxe* (Vigo: A Nosa Terra).
- Freixeiro Mato, X. R. / Sánchez Rei, X. M. / Sanmartín Rei, G. (2005): *A lingua literaria galega no século XIX* (A Coruña: Universidade da Coruña).
- García de Diego, V. (1984) [reprodución facsimilada da edición de 1909]: *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología)*. Anexo 23 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- García Negro, M. P. (2000): *Direitos lingüísticos e control político* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Garmadi, J. (1983): *Introdução à Sociolingüística* (Lisboa: Publicações Dom Quixote).
- González Seoane, E. (1994): «Variedade e empobrecemento do léxico», *Cadernos de Lingua*, 10: 89-102.
- Graña Núñez (1990): «O léxico patrimonial galego: algúns aspectos do seu empobrecemento», *Cadernos de Lingua*, 2: 47-58.
- Hudson, R. A. (1981): *La sociolingüística* (Barcelona: Anagrama).
- ILG [Instituto da Lingua Galega] (1995): *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. II. *Morfoloxía non verbal* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).
- Jiménez, A. (1997) [reprodución facsimilada da edición de 1851]: *Vocabulario del dialecto gitano, con cerca de 3000 palabras y una relación exacta del carácter, procedencia, usos, costumbre, modo de vivir de esta jente en la mayor parte de las provincias de España, celebridad en las fiestas, nombres y apellidos más usuales, fisionomía y cuantos antecedentes se pueden tener de ellos, con varios rezos, cuentos, fábulas, versos, brindis, parte de la doctrina cristiana y ordenanza militar* (Valencia: Librerías París-Valencia).
- Kabatek, J. (1991): «Interferencias entre galego e castelán, problemas do galego estándar», *Cadernos de Lingua*, 4: 39-48.

- Kabatek, J. (2000): *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencia no galego actual* (Vigo: Xerais).
- Labov, W. (1972): *Sociolinguistics Patterns* (Filadelfia: University of Pennsylvania Press).
- Leite, Y. / Callou, D. (2004) [2002]: *Como Falam os Brasileiros* (Rio de Janeiro: Jorge Zahar).
- Lugrís Freire, M. (1931) [1922]: *Gramática do idioma galego* (A Cruña: Imprenta Moret).
- Milroy, L. (1987): *Language and Social Networks* (Oxford: Basil Blackwell).
- Mollica, M. C. / Braga, M. L. (orgs.): *Introdução à Sociolingüística. O tratamento da Variação* (São Paulo: Contexto).
- Monteagudo, H. / Bouzada Fernández, X. M. (2002): *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)*. Vol. I. *Política lingüística: análise e perspectivas* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- Montero, E. (1981): *El eufemismo en Galicia (Su comparación con otras áreas romances)*. Anexo 17 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Naro, A. Julius (2003): «O dinamismo das línguas», en Mollica, M. C. / Braga, M. L. (orgs.), *Introdução à Sociolingüística. O tratamento da Variação*: 43-50 (São Paulo: Contexto).
- Paiva, M. da C. de / Duarte, M. E. Lamoglia (2003): «Mudança linguística: observações em tempo real», en Mollica, M. C. / Braga, M. L. (orgs.), *Introdução à Sociolingüística. O tratamento da Variação*: 179-191 (São Paulo: Contexto).
- PGA = Blanco, D. (ed.) (1992): *A poesía popular en Galicia. 1745-1885. Recopilación, estudio e edición crítica*. 2 vols. (Vigo: Xerais).
- Posner, R. (1998): *Las lenguas romances* (Madrid: Cátedra).
- Ramallo, F. (2000): «Pragmática», en Ramallo, F. / Rei-Doval, G. / Rodríguez Yáñez, X. P. (eds.), *Manual de Ciencias da Linguaxe*: 443-512 (Vigo: Xerais).
- Regueira, X. L. (2005): «Estándar oral», en Álvarez, R. / Monteagudo, H. (eds.): *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o idioma galego*: 69-95 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega).
- Saco Arce, J. A. (1868): *Gramática gallega* (Lugo: Imprenta de Soto Freire).
- Sánchez Rei, X. M. (1999): *Se o vós por ben teverdes. A interpolación pronominal en galego* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Sánchez Rei, X. M. (2002): *Os pronomes demostrativos: do latín ao galego contemporáneo*. Monografía 1 da *Revista Galega de Filoloxía* (A Coruña: Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña).
- Sánchez Rei, X. M. (2006): *A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Silva, G. Machline de Oliveira e (2003): «Coleta de dados», en Mollica, M. C. / Braga, M. L. (orgs.), *Introdução à Sociolingüística. O tratamento da Variação*: 117-133 (São Paulo: Contexto).
- Tusón, J. (1985) [1980]: *Teorías gramaticales y análisis sintáctico* (Barcelona: Teide).

- Ullmann, S. (1987) [s.d.]: *Semântica. Uma Introdução à Ciência do Significado* (Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian).
- Vázquez Corredoira, F. (1998): *A Construção da Língua Portuguesa frente ao Castelhana. O Galego como Exemplo a Contrario* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Vilela, M. (1992): *Gramática de Valências. Teoria e Aplicação* (Coimbra: Livraria Almedina).
- Vilela, M. (1999) [1995]: *Gramática da Língua Portuguesa* (Coimbra: Livraria Almedina).
- Votre, S. Josué (2003): «Relevância da variável escolaridade», en Mollica, M. C. / Braga, M. L. (orgs.), *Introdução à Sociolingüística. O tratamento da Variação*: 51-57 (São Paulo: Contexto).
- Wardhaugh, R. (1992): *Introducción á sociolingüística* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Para recuperarmos os elos perdidos. O factor etario nunha política lingüística con futuro¹

CARLOS MANUEL CALLÓN TORRES

Presidente da Mesa pola Normalización Lingüística

1. VERDADES SINXELAS

Dicía José Martí que as verdades elementais collen nas ás dese minúsculo paxariño que na súa terra chaman *colibrí* e no Brasil denominan lindamente como *beijaflor*. As verdades sinxelas son as que se fan evidentes cando detectamos e desvendamos os prexuízos e tentamos, simplemente, actuar racionalmente. Porque o autoengano, tanto en positivo como en negativo, é un mal conselleiro.

As análises deben servir para intervir e mellorar a sociedade, na liña do que afirmaba Pierre Bourdieu (2000: 95) de que o papel do sociólogo debe consistir máis en dar armas que leccións. Isto non é converter as pesquisas en traballos subxectivos, nin desnovelar un texto até chegar a unhas conclusións apriorísticas, senón atreverse a unha análise o máis obxectivada posíbel para así coñecer mellor e, por tanto, saber actuar mellor. Deixar de analizar algo porque pode desagradar ou mesmo doer a súa constatación é tanto como non querer ver a realidade, o punto de partida necesario para transformala.

A seguir sinalo unha serie de premisas elementais que considero importante ter en conta sobre a situación lingüística en Galiza, sen pretensión de reiterar en exceso ideas xa coñecidas por todas as persoas interesadas nesta cuestión.

Ruptura interxeracional: síntomas positivos?

É ben sabido que un dos principais problemas que ten o galego é a súa ruptura na transmisión interxeracional. Este proceso en crecemento está aí, podémolo ver na nosa experien-

¹ Antes de máis, quero manifestar o meu agradecemento ao Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, dirixido por Xosé Ramón Freixeiro Mato, e en especial a Amelia Sánchez Pérez e Marisol Ríos Noia, pola súa paciencia.

cia biográfica e constatárono varios estudos (Seminario de Sociolingüística, 1994, 1995; Instituto Galego de Estatística, 1992 e 2004²).

Non é unha boa noticia para a diversidade cultural do planeta que esta situación aconteza, mais non vexo cal sería o beneficio de negalo. Henrique Monteagudo (2005: 65-66) consideraba noutra edición destas Xornadas sobre Lingua e Usos organizadas pola Universidade da Coruña que a difusión dos últimos datos do Instituto Galego de Estatística sobre o noso idioma provocou unha situación de alarmismo desde algúns medios de comunicación, que podería ser unha sorte de profecía autocumprida sobre o porvir da lingua. Concorro totalmente coa idea de que hai grupos mediáticos que apostan polo discurso da morte da lingua con esa intención, non tratando de advertir dun perigo senón de afirmar algo supostamente irremediábel. Tal cuestión foi, de facto, a que deu orixe aos estudos de sociolingüística en Galiza, coa resposta ofrecida por Francisco Rodríguez (1998 [1976]) en *Conflicto lingüístico e ideoloxía na Galiza*, ás teses da morte da lingua defendidas daquela por Xesús Alonso Montero (1973) no *Informe (dramático) sobre la lengua gallega*.

Como modular estas mensaxes dá para un bo debate desde unha perspectiva planificadora, mais agora quereda determe a reflexionar sobre a idea que a continuación sinalaba o profesor da USC:

Tanto os datos que temos ata agora como os que imos coñecendo son, sen dúbida, preocupantes en certos aspectos, pero tamén ofrecen outros aspectos que non digo que sexan tranquilizadores, pero si que convidan a relativizar a nosa ansiedade sobre o porvir. En definitiva, coido que debemos facer o esforzo de obxectivar as nosas percepcións sobre a cuestión, e esforzarnos en axustar as nosas expectativas á realidade, procurando antes de nada informarnos para saber e entender o que realmente está a acontecer (Monteagudo, 2005: 66).

Teño para min que o desaxuste entre expectativas e realidade se dá máis ben en conclusións como as tiradas polo Consello da Cultura Galega tras estudar os datos sobre lingua ofrecidos polo Instituto Galego de Estatística:

Tendo en conta a variable da idade, o galego como lingua habitual segue descendendo conforme diminúe a idade dos individuos, nunha tendencia que xa se puña claramente de manifesto no MSG-92 [Mapa Sociolingüístico de Galicia]. Aínda así, e malia as reservas necesarias, a tendencia é a que ese descenso se estabilice. *Podemos estar ante unha situación en que a perda de falantes estea a tocar fondo*. Estes datos, que son esperanzadores,

² Estes datos xa se deron a coñecer en 2003, mais sinalo 2004 por ser o 10 de maio dese ano a última vez en que foron revisados. Así e todo, as estatísticas sobre lingua continúan a ser «provisionais», segundo se sinala na web do IGE.

deberían corroborarse no futuro con outros estudos posteriores. O grupo que máis claramente marca esta tendencia é o dos monolingües en galego, que xa non perde falantes, senón que mesmo recupera algúns, aínda que moi levemente, na xeración máis nova de individuos (Sección de Lingua, 2005: 94. A *itálica* é acrecentada).

Talvez estas visións sexan máis tranquilizadoras, porén non son máis obxectivábeis. Acho un exceso de optimismo ver un síntoma positivo en que a caída do galego xa non sexa tan abrupta como hai uns anos. Xa non digo que desde unha perspectiva planificadora poida considerarse narcotizante a negación do problema, porque, como antes indiquei, unha cousa ten de ser a análise e outra o que se fai a partir desa análise.

Contrariamente ao aí concluído, os datos que temos na actualidade non fan máis que evidenciar algo que coloquialmente poderíamos resumir nunha sinxela sentenza: «Por debaixo do chan non se cae».

Se os diagramas da perda do idioma galego na década de 90 ían en picado e agora non, considero que non se debe interpretar como un sinal de recuperación, senón como a preocupante entrada nunha nova fase da perda da lingua, na cal o proceso de cambio de código será máis paulatino.

Non todo é branco ou preto. Non é só que o galego estea vivo ou morto. O camiño que parecemos levar é o da residualización do idioma e a súa erradicación da espontaneidade por parte das maiorías sociais do país. Tal proceso non ten por que estar en contradición, por exemplo, coa súa ritualización para ámbitos puramente formais.

A hibridización

De calquera xeito, hai aspectos que talvez non se estean a medir convenientemente, por un xuízo de valor levado polo sentimentalismo das persoas que amamos a lingua galega. O caso é que coido que moitas veces non nos decatamos de que, por exemplo, a transmisión espontánea actual do galego é tamén, como normal xeral, a transmisión de prexuízos sobre a propia fala, moitas veces non considerada nin como lingua, senón como un chapurreado. A falta de consciencia lingüística continúa a ser predominante e, supostamente, é un dos problemas que debe tentar resolver un proceso de normalización³.

Ademais, cómpre termos presente que o cambio lingüístico en Galiza non é simplemente un cambio de código completo por outro. En determinadas disciplinas como a dialectoloxía, onde moitas e moitos continúan a estudar mapas con datos recollidos na década de 70, parécese esquecer este aspecto, como se na Galiza fose posíbel referenciarse en falantes ideais sen ter presente:

³ O censo de poboación de 2001 afirma que, por exemplo, na Coruña falan galego «sempre» 38.172 persoas. Cando lemos «sempre», sabemos que non estamos a ler «sempre», senón que a maioría utiliza galego a través de hábitos diglósicos. De lermos ao pé da letra e entendermos que hai tal cantidade de unilingües conscientes, a situación na Coruña sería moi outra. O mesmo podemos dicir a respecto das outras cidades galegas.

- a) A influencia do español nas escollas ou innovacións lingüísticas dentro do galego.
- b) Como a difusión do español desde os centros de poder administrativo, militar, xudicial ou relixioso puido radiar innovacións lingüísticas que poden incidir de xeito relevante na distribución de determinadas isoglosas, posto que tampouco estas innovacións se adoptan de forma uniforme e simultánea.

Tampouco aquí é todo branco ou preto. A perda do galego é un *continuum*, que non se dá só a través do cambio directo polo castelán, senón tamén de diferentes escollas que se aproximan a esa lingua: *enero*, *lunes*, *siempre*, *costilleta*, *desayuno*, *a leite* etc.

Non me refiro con isto a un proceso de fixación normativa onde é fundamental o papel da escola, algo que só se podería dar no último cuarto de século. Falo máis ben de que moitos individuos que non cambian para o castelán si introducen na súa fala unha serie de correccións, que son tamén as que transmiten aos seus posíbeis fillos ou fillas.

Se se me permitir a observación da miña experiencia persoal, que non impresión subxectiva, teño detectado casos de familiares aos que lles escoitei dicir *xaneiro* e ao cabo dos meses falaban xa do mes de *enero*, persoas que polas mañás *almorzaban* e, desde hai menos dun ano, *desaiunan* etc⁴.

Esta hibridización do galego continúa a producirse, difuminando cada vez máis as balizas a respecto do español.

Mellor na alfabetización, peor na espontaneidade

Malia a residualización progresiva do galego nas xeracións mozas, nos últimos lustros si se produciu unha mellora nas destrezas vinculadas á escolarización, froito da introdución desta lingua no currículo académico.

Porén, os datos do últimos censo de poboación e vivendas (Instituto Galego de Estatística, 2004) sinalan un dato preocupante, do que ten advertido publicamente a Mesa pola Normalización Lingüística (2003)⁵, mais que aínda non foi froito do debate necesario: no conxunto da Galiza, entre os 15 e os 19 anos, 20.030 persoas din non saber ler en galego e 24.350 non saber escribir neste idioma, estatisticamente un de cada cinco individuos deste tramo de idade.

⁴ Contábame un amigo que, cando el comezou a falar galego cos pais e lle pediu á nai á hora do xantar que lle pasase o *coitelo*, esta ficou coas lágrimas nos ollos. Había anos, ela fora servir a unha casa e reprendéranla por chamarlle así a este utensilio. Desde aquela, era un *cuchillo*, até que o fillo lle devolveu, sen sabelo, unha palabra e un anaco de orgullo.

⁵ Este relatorio da Mesa pola Normalización Lingüística foi o primeiro en contrastar e tirar conclusións dos censos de 1991 e 2001. Na súa redacción colaboraron o profesor da USC Carlos Valcárcel e quen isto subscibe, con achegas de Rafa Villar. Os mapas coa evolución do monolingüismo en galego ou castelán son autoría de Carlos Valcárcel.

Vemos, pois, como mesmo a capacitación para a lecto-escritura en galego temos que relativizala en relación ao coñecemento que si se ten da lecto-escritura en castelán. Así, no caso dun número non pequeno de rapaces e rapazas que tiveron xa no seu currículo a materia de lingua e literatura galega, temos que falar dunha capacitación insuficiente ou, como mínimo, insegura en galego, mesmo en contextos formais.

Nos informais, para o caso de individuos educados en castelán en zonas onde o proceso de ruptura na transmisión está xa moi avanzado, a situación é aínda peor, como ben reflectiu Ana Iglesias:

Pero a competencia que se adquiere a través do sistema educativo non resulta suficiente, debido a que supón unha comunicación institucionalizada, que, por conseguinte, non proporciona nin a fluidez nin a variedade de rexistros necesarios para desenvolverse en calquera contexto. (...) Ademais, o rexistro utilizado adoita situarse nun nivel medio-alto de formalidade (2003: 151).

Nin urbanización nin proceso natural

Cómpre non confundirmos as causas coas consecuencias. Un prexuízo social que en ocasións chega até o campo académico é que o proceso urbanizador, a chamada morte da Galiza rural, é o motivo da perda acelerada da lingua nos últimos anos. Loxicamente, as mudanzas nas estruturas sociais teñen repercusión nas estruturas lingüísticas. Por exemplo, o lixeiro aumento de monolingües en galego nas cidades entre 1991 e 2001 podería ser resultado da perda de poboación das zonas periurbanas.

Mais non é o proceso urbanizador o que fai desaparecer o galego, como se irremediabelmente a desruralización significase o cambio de código lingüístico. En todo o caso, será que a urbanización en Galiza fai parte dun proceso político e económico non auto-centrado.

O habitual é que haxa unha *área focal* nun núcleo urbano de relevo, no que se adopta a innovación lingüística, para despois difundila ás áreas veciñas e aos centros urbanos de igual ou menor rango (Hernández-Campoy, 1999: 263-264). Como apuntou Carlos Valcárcel (2001: 12) seguindo a Calvet, «a difusión acelérase e xeneralízase no seu foco de partida e espállase logo polo territorio a través das xerarquías urbanas». Estas áreas focais en Galiza son onde se concentran os tentáculos do poder administrativo, militar, económico e relixioso do Estado.

Tamén non é o relevo xeracional, con certeza natural, o que provoca que se perda a lingua. O que xa non é «natural» nin «espontáneo» (aínda que se poida interiorizar como tal) é que uns pais lle deixen de transmitir o seu propio idioma aos seus fillos/as. Menos «natural» é que se faga masivamente nun pobo, pois como mínimo denota un grave problema de autoestima colectiva.

2. PARA QUE UNHA POLÍTICA LINGÜÍSTICA?

«Nin para un lado, nin para o outro»

No día en que se celebrou o relatorio que deu orixe a este texto, nove de novembro de 2006, o presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, realizou unhas declaracións nas cales se pretendía manter equidistante perante as que consideraba presións para que desenvolvese unha política lingüística diferente, xa que o día anterior se celebrara unha masiva folga estudantil en secundaria demandando o cumprimento do Plan Xeral de Normalización, no camiño da plena galeguización do ensino. Tales declaracións producíronse como resposta aos xornalistas na conferencia de prensa posterior ao Consello da Xunta.

«Nin nun ámbito nin noutro nos van a facer cambiar de criterio democrático, que é a aplicación do Plan e da Lei», afirmou o xefe do Executivo galego, segundo recolleu *La Voz de Galicia* na súa edición electrónica. Non quero entrar en se se estaba a aplicar ou non o Plan ou a Lei, pois sería fariña para outra muiñada. O que me parece de relevo é que o presidente do Goberno galego quere comunicar que non se debe tirar para un lado nin para o outro, senón continuar como se está.

Continuar como se está. Ese é o obxectivo da política lingüística? Deixar todo como está, manter o *statu quo*? Para iso se «invisten» anualmente 20 millóns de euros nunha Secretaría Xeral de Política Lingüística? Non sería necesaria unha reflexión profunda sobre por que hai este departamento no Goberno galego?

Aparencias, sucedáneos e homenaxes

Tras o final da Ditadura, no Estado español iniciouse un proceso de democratización que se trasladou tamén parcialmente ao recoñecemento da pluralidade de nacións («nacionalidades») e linguas. O galego entrou nese proceso, tanto pola presión dun segmento da poboación que colocou a dignificación da lingua como unha marca de novos tempos, como polo feito incontestábel de que Galiza era a comunidade do Estado español onde se daba un uso menos habitual do castelán na oralidade.

No entanto, no Estado español, e máis especificamente para Galiza, recoñécense dereitos lingüísticos a condición de que non se poidan exercer. Exemplos temos abondo. O Parlamento galego aproba en 1983 unha Lei de normalización lingüística por unanimidade, mais ningún Goberno a fixo cumprir aínda totalmente. Este mesmo Parlamento vota en 2004 por unanimidade, o Plan xeral de normalización da lingua galega, que meses despois continúa a durmir o sono dos xustos. No ano 2001, todos os deputados e deputadas do Congreso aproban tamén a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias, segundo a cal todo o ensino non universitario na Galiza se debería desenvolver a través de modelos en galego, os xuízos deberían ser nesta lingua a petición dunha das partes etc.

En todo isto hai un problema político de fondo, pois fálase de «normalización lingüística» (que significaría no noso caso converter o galego en lingua NORMAL para todos os efectos), mais non hai interese desde os lugares onde se concentra o poder en que tal proceso vaia adiante. Recordemos: nin para un lado, nin para o outro. Así, «normaliza-

ción lingüística» non pasa dunha declaración retórica, un lugar común do politicamente correcto.

Esta situación contraditoria provoca que, aínda que non haxa bases legais realmente igualitarias e que desde a Administración autonómica non haxa unha aposta global dirixida á normalización do galego, si se conte cunha importante partida orzamentaria. Tal institucionalización da política lingüística facilita o camiño para a denominada *política de homenaxe* á lingua, que consiste en dar voltas arredor do obxectivo mais sen chegar a entrar en materia, sen incorporar o idioma. Unha política aparental e, como ben a describiu Pilar García Negro (1999: 88), unha «política de sucedáneos».

Construtivamente, deberíamos pensar se, por exemplo, xornadas como esta non son outra mostra da política de homenaxe. Unha vez que somos conscientes das importantes dificultades para entrar no cerne da normalización da universidade, que é a lingua da docencia, desenvolvemos actividades de sensibilización, análise e reflexión que só tocan tanxencialmente o problema. Isto non quita que con tales actividades se procuren conseguir pequenas vitorias a través do debate público (a repercusión mediática) ou da aproximación, por moi pequena que for cuantitativamente, de novas persoas á «causa».

Unha política lingüística con futuro

Unha política lingüística na verdade normalizadora ten de ter claro que obxectivos perseque e ter vontade de levalos á práctica. Consecuentemente, unha política lingüística con futuro ten de ser unha política lingüística sen futuro.

Isto é, unha política lingüística que garanta o futuro para unha lingua é aquela que se aplica até o punto de non se facer necesaria, que non se eterniza porque ten vontade de transformación. Noutras palabras, para que a lingua prospere e se restaure ou se instaure plenamente en todos os ámbitos e grupos sociais é necesario que as políticas lingüísticas morran de éxito.

Con tal afirmación non quero soste que se deba deixar de actuar cun posibilismo que permita ir sumando esforzos e conseguindo vitorias parciais. O caso é que eses pequenos adiantos vaian nun camiño, que se marquen un horizonte e uns obxectivos, para trazar o método acertado. Diso se fala cando se fala de planificación⁶.

A política lingüística como unha política social

En situacións de conflito lingüístico e de diglosia, o uso dunha lingua ou doutra pasa a verse afectado por unha serie de valores que mesmo afectan á estima propia, individual, e á colectiva, como comunidade. Nese sentido, a política lingüística podemos considerala

⁶ O Plan xeral de normalización da lingua galega continúa a carecer aínda a día de hoxe de planificación. Pode soar contraditorio, mais é que o documento que leva tal nome finalmente é unha suma de medidas que están mesmo sen un rango de prioridade. Nin desde a Dirección Xeral de Política Lingüística de antes nin desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística de agora hai nada que poida considerarse unha *folla de ruta* propiamente dita que sinala prazos, vías orzamentarias, órganos responsábeis etc.

unha política social avanzada que, aínda non involucrándose nas denominadas necesidades primarias, entra na esfera da felicidade ou da autoestima. En todo isto hai unha dimensión psíquica importante, con moitas autopercepcións negativas vinculadas á lingua⁷.

No caso de se chegar a ser consciente de tales contradicións, de ter unha lingua propia na cal se ve impedido o dereito de utilización en moitos ámbitos, ficará a sensación de infelicidade por anormalidade, por inadaptación.

Eduard Punset (2005: 125), citando varios estudos científicos sobre a felicidade e o medo sinala o seguinte:

(...) las técnicas modernas para auscultar el sentimiento de la opinión pública han permitido extraer una conclusión irrefutable: una reducción de dos tercios de los ingresos provoca un declive del índice de felicidad de sólo dos puntos en una escala de diez a cien; pero la degradación de las libertades políticas acarrea un cataclismo en los niveles de felicidad individual idéntico al de un divorcio, el paro o el deterioro de la salud.

Alguén podería replicar que o problema da normalización non é un problema de libertades políticas, mais na práctica diaria vemos como non hai liberdade de expresión plena se non hai o dereito ao uso da lingua propia, e tal dereito continúa sen garantirse no máis mínimo en ámbitos como a xustiza, o acceso a un posto de traballo, a atención médica, as relacións cos corpos de seguranza pública etc. O Estado español mantén déficits democráticos importantes nesta cuestión.

3. PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA E GRUPOS DE IDADE NA GALIZA

Dentro do proceso de planificación lingüística, sería positivo diferenciar grupos sociais, tendo en conta factores xeográficos, de xénero, etarios etc, posto que non se achan as mesmas carencias, realidades e potencialidades en diferentes grupos. Como é obvio, ningún grupo social por razón de idade (o que, desde unha perspectiva émica, se podería considerar un estadio vivencial) é un grupo fechado, estanco.

De xeito especial, as políticas de normalización lingüística para a infancia e a mocidade non repercuten só no grupo que parece o destino máis visíbel, senón tamén no contorno familiar.

Voume deter un bocadiño nas dúas idades «marcadas», por oposición á vida adulta: a infancia e a mocidade (que traen consigo o peso do futuro) e a terceira idade.

⁷ A respecto disto, é moi pertinente o concepto de *violencia simbólica* acuñado por Pierre Bourdieu.

Infancia e mocidade

Parece que cae de caixón que un dos obxectivos prioritarios dunha política lingüística eficiente e eficaz no noso país debería ser recuperar a vitalidade do galego, invertendo o proceso de ruptura interxeracional. Con certeza, non é tarefa fácil, posto que non é posíbel (nin desexábel) intervir directamente no ámbito familiar para potenciar tal transmisión.

Porén a Administración galega ten campos de abondo que sementar para conseguilo, de querer na verdade pórse mans á obra. Por exemplo, tomando as medidas necesarias de galeguización do ensino para lograr que todos os alumnos e todas as alumnas finalicen a escolarización con plenas competencias comunicativas en galego, non só en ámbitos formais. Isto, na teoría, é xa un mandato legal na actualidade, mais non se está a cumprir, como ben evidencian os datos do IGE a que antes fixemos referencia.

Mais non só no ensino pode actuar o Goberno galego. Os exemplos que se poden dar sobre espazos de uso a crear cunha repercusión directa nas xeracións máis novas son múltiples: edición e difusión dun manual en galego para as autoescolas, sinatura dun acordo sobre uso da lingua coas empresas de telefonía móbil análogo ao promovido pola Generalitat para o catalán, conseguir que as emisoras de TV portuguesas poidan verse na Galiza etc. etc. Iso por falar de accións claramente mensurábeis e impactantes, para alén das promocións xenéricas, tamén necesarias.

Desde a Mesa pola Normalización Lingüística⁸ activáronse dúas seccións de traballo para darlle máis pulo a este obxectivo da recuperación nas xeracións máis mozas: Mocidade pola Normalización Lingüística e Nais e Pais polo Ensino en Galego, ambas as dúas constituídas en 1996, aínda que longamente proxectadas. Ambas as seccións teñen desenvolvido un importante traballo como grupos de presión para gañar espazos de uso para o noso idioma, tanto no referido ao ensino como nos ámbitos de lecer.

As Mocidades da Mesa implementaron campañas en favor dun maior uso do galego nas radio fórmulas, da tradución de máis banda deseñada ao galego (a máis recente, por non se traducir a última aventura de Astérix) etc. Un dos seus maiores éxitos nese campo foi lograr, tras unha intensa campaña de varios meses, que a distribuidora Filmax e a CRTVG asinasen en 1997 un acordo plurianual para estrear cinema dobrado nas salas de exhibición e pór no mercado varias fitas VHS.

No campo do ensino, esta organización xuvenil tamén puxo en marcha varias campañas, como «Na tua língua, mellor aínda. Fai os teus exames en galego», e impulsou durante varios anos unha Plataforma do Alunado pola Galeguización do Ensino Médio. Con todo, as accións máis visíbeis e máis exitosas foron as mobilizacións estudantís, ben a través de manifestacións ou de paros. O máis recente foi o do pasado 8 de novembro de 2006, un importante éxito, mesmo segundo os datos oficiais, e ao cal temos que vincular directamente o proceso de elaboración dun novo decreto de galeguización para o ensino.

⁸ A Mesa pola Normalización Lingüística é unha agrupación cidadá formada tres anos despois de que se aprobase a Lei de normalización lingüística no Parlamento. A ausencia de políticas normalizadoras desde a Administración autonómica é chave na creación desta organización, que nace cun perfil de grupo de presión,

Aínda que corro o perigo de parecer xuíz e parte, teño que afirmar que o traballo desenvolto desde Mocidade pola Normalización Lingüística me parece moi positivo, como dinamizador dunha postura activa en defensa do idioma nos segmentos xuvenís. O reto é conseguir que esta sección xuvenil se consolide, poida superar as súas limitacións e logre os medios suficientes para chegar a máis ámbitos e incidir aínda máis e mellor no proceso de recuperación e extensión do galego.

Terceira idade

O feito de que as xeracións maiores teñan un uso máis habitual e espontáneo do galego, aínda que con menor consciencia e menor compromiso, ten unha serie de potencialidades que cómpre aproveitar para unha boa planificación lingüística:

- Potencial de galeguización de ámbitos que afectan ao conxunto da sociedade. É evidente que non só a xente maior fai uso dos servizos sanitarios, mais un argumento repetido en favor da galeguización deste ámbito é o seu uso por un público maioritariamente galego-falante. Así o fai, por exemplo, o Plan xeral de normalización da lingua galega.
- Potencial na transmisión. Segundo as estatísticas, a inmensa maioría dos nenos e das nenas educados en castelán teñen avós e avoas que falan galego. Este aspecto, por exemplo, quere ser aproveitado no desenvolvemento do programa de Voluntariado de Activación Lingüística (VAL), posto en marcha pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade en colaboración coa Mesa pola Normalización Lingüística. A primeira fase do VAL centrarase no intercambio, tal e como se aplicou noutras comunidades como Catalunya ou València, mais nunha segunda fase tense o proxecto de que o intercambio sexa interxeracional, entre unha persoa maior que use o galego (será a voluntaria) e unha persoa nova que queira compartir o seu tempo aprendendo tamén máis cousas da nosa lingua e cultura.

4. PARA RECUPERARMOS OS ELOS PERDIDOS

Coa análise obxectivada do estado social do galego, afirmar que estamos nunha encrucillada histórica non é caer nun tópico fácil. O proceso de substitución lingüística parece entrar nun novo ciclo, mais tamén hai grandes potencialidades que se poden aproveitar para frear o proceso de residualización.

Para iso, é necesario que haxa políticas institucionais realmente involucradas en recuperar os elos perdidos na transmisión do idioma e conseguirmos que as organizacións comprometidas neste camiño teñan máis capacidade para incidir.

O futuro ten presente. Nós podemos contribuír a transformalo.

REFERENCIAS

- Alonso Montero, X. (1973): *Informe (dramático) sobre la lengua gallega* (Madrid: Akal).
- Bourdieu, P. (2000): *Cuestiones de sociología* (Madrid: Istmo) [Tradución de Enrique Martín Criado].
- García Negro, P. (1999): *Sempre en galego* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Hernández-Campoy, J. M. (1999): *Geolingüística. Modelos de interpretación geográfica para lingüistas* (Murcia: Universidad de Murcia).
- Iglesias Álvarez, A. (2003): *Falar galego: «No veo por qué»* (Vigo: Xerais).
- Instituto Galego de Estatística (1992): *Censo de poboación e vivendas 1991. Poboación en vivendas familiares. Coñecemento e uso do idioma galego*, 4 vols. («Coruña», «Lugo», «Ourense» e «Pontevedra») (Santiago de Compostela: Consellería de Economía e Facenda – Xunta de Galicia).
- Instituto Galego de Estatística (2004), *Censos de poboación e vivendas 2001*. [<http://www.ige.eu/ga/demograficas/censos/poboacion/index2001.htm>]
- La Voz de Galicia* (2006): «Tourinho apunta que a Xunta non cambiará o seu plan de normalización lingüística», <<http://www.lavozdeg Galicia.es/inicio/noticia.jsp?CAT=126&TEXTO=100000110226&idioma=galego>>.
- Mesa pola Normalización Lingüística (2003): «Relatório sobre os dados de coñecemento e uso do galego no censo de 2001» en <http://www.amesanl.org/biblioteca/200308_informecenso.html>.
- Punset, E. (2005): *El viaje a la felicidad. Las nuevas claves científicas* (Barcelona: Destino).
- Rodríguez, F. (1998 [1976]): *Conflicto lingüístico e ideoloxía na Galiza* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Sección de Lingua (2005): *A sociedade galega e o idioma: Evolución sociolingüística de Galicia (1992 – 2003)* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- Seminario de Sociolingüística (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* (A Coruña: Real Academia Galega).
- Seminario de Sociolingüística (1995): *Usos lingüísticos en Galicia* (A Coruña: Real Academia Galega).
- Valcárcel Riveiro, C. (2001): *Desenvolvemento urbano e difusión xeolingüística: Algúns apuntamentos sobre o caso galego* (Santiago de Compostela: Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia – Universidade de Santiago de Compostela).

Bancos de tempo e servizos lingüísticos novas perspectivas de traballo

DANIEL ROMERO

Servizo de Normalización Lingüística

Concello de Fene

1. PRESENTACIÓN

Cando os responsábeis do Servizo de Normalización Lingüística me convidaron a participar nestas xornadas expliqueilles que o meu relatorio se centraba nun tema moi pouco abordado en Galiza e sobre o que aínda estaba traballando para ver a posibilidade de levalo á práctica. Malia á miña advertencia, correron o risco de incluílo –non é a primeira vez porque algo semellante xa sucedeu nas I Xornadas coa relación lingua-RSE–, extremo que lles teño que agradecer.

O caso é que meses despois destas primeiras conversas, xusto na véspera das Xornadas, os «bancos de tempo» comezaron a ocupar grandes espazos nos xornais porque, de súpeto, Galiza ía ser a primeira comunidade en regular por Lei a súa constitución e funcionamento e a Vicepresidencia da Xunta anunciaba a posta en marcha, en plan experimental, de «bancos de tempo» nos concellos de Foz e Allariz.

Feitas estas consideracións preliminares, quixera sinalar que o meu interese polos «bancos de tempo» non deixa de ser unha deriva de algo que principiei a perfilar na «I Xornada de Verán 2005» cun relatorio titulado «Espazos, produtos e servizos» e que ten moito que ver coa procura de oportunidades para o uso normal do galego nos *servizos persoais á comunidade* e no espazo local.

Servizos persoais concibidos non dun xeito sectorial, senón como servizos integrais e transversais (educativos, culturais, sociais, lingüísticos, deportivos, de desenvolvemento comunitario...) inseridos en novas formas de xestión que promovan a participación e a autoorganización da comunidade.

Servizos para posibilitar a conciliación da vida laboral e familiar, educar para a transición do tempo libre ao tempo de lecer, fomentar a solidariedade e a cooperación...

Antes de entrar en fariña, cómpre sinalar que escribo dende o autodidactismo e a intuición, coa única pretensión de transmitir, con todas as eivas do mundo, as reflexións

que me levaron a tentar abrir unha nova liña de traballo de dinamización lingüística.

Para rematar con esta breve introdución e na medida en que os «bancos de tempo» son unha experiencia tan recente como pouco desenvolvida, para mellor comprender a intervención vou estruturala en tres grandes apartados:

- a) O primeiro, dedicado ás orixes dos «bancos de tempo».
- b) No segundo, xa entrarei a explicar en que consisten os «bancos de tempo» e as súas diferentes formulacións.
- c) O terceiro, en que xustificarei o meu interese por estes proxectos.
- d) O cuarto, e último, centrado en apuntar algunhas das posíbeis liñas de traballo para desenvolver dende os servizos lingüísticos.

2. 'BANCOS DE TEMPO'. AS ORIXES

2.1. Os «LETS» COMO ANTECEDENTE

2.1.1. Nacen os «LETS»

A partir de 1970 xorde nas principais cidades do Canadá un movemento de «volta á terra», protagonizado por xente nova e maiormente sen recursos, que desenvolven diferentes experiencias de xestión baseadas no cooperativismo e, entre delas, o primeiro sistema de troco sen diñeiro (Vancouver 1976), o «Community Exchange» (intercambio comunitario).

Seis anos despois, Michael Linton promove na mesma provincia canadiana da Columbia Británica un sistema de troco con moeda propia, o «dólar verde», con valor equivalente á moeda estatal –neste caso, ao dólar canadiano–, e con vontade de expansión territorial (crea tamén un programa informático para xestionalo e unha empresa para difundilo). Este sistema de troco recibe o nome de «LETS»¹, acrónimo de «Local Exchange Trading System» (Sistema de Intercambio Local).

Con momentos de crise e mesmo de desaparición, reformulacións, variantes de diversa índole..., o sistema dos «LETS» non só se estende por todo Canadá, senón que dá o salto a Nova Celandia, Australia (onde acadan un grande desenvolvemento a partir do ano 1992), a propia Grande Bretaña na época de Margaret Thatcher, aos EUA ou á Arxentina.

Por razóns obvias, non nos imos deter a analizar a evolución dos «LETS» nestes países. Non obstante, na medida en que a emigración galega na Arxentina viviu moi de preto esta experiencia, cómpre sinalar que a primeira referencia a estes sistemas de troco data de 1995, localízase na provincia de Bernal, involucra un número reducido de persoas (23) e baséase no intercambio de produtos. A iniciativa evoluciona e esténdese polo país

¹ <http://www.gmlets.u-net.com/>

adiante de xeito que, un ano despois, xorde a «Rel Global de Trueque Solidario», en adiante RGTS, que une os diferentes nodos. A crise económica de «el corralito» provoca a eclosión da RGTS até o punto de, no 2002, chegar a aglutinar a 5000 nodos e máis de 6.000.000 de persoas. A picaresca, en forma de falsificacións, e o interese dos poderes políticos e económicos por controlar a RGTS acaba botando por terra esta iniciativa de economía social alternativa.

2.1.2. O troco como fundamento

Falabamos como xorden os «LETS» pero, que son e como funcionan? Os sistemas de intercambio local son iniciativas non lucrativas que provén á comunidade de información dos produtos e os servizos que os seus membros poden trocar ou intercambiar entre si para o que establecen un valor consensuado entre eles, en moeda propia con características singulares ou non, e que rexistra todas as transaccións que se realizan entre os seus membros.

Baséanse, xa que logo, nunha versión moderna do troco que non se limita ao intercambio de bens de consumo e que se fundamenta nos principios de reciprocidade, confianza e axuda mutua.

O seu nacemento e consolidación adoita estar vinculado a situacións de recesión dos dereitos cidadáns (a Gran Bretaña tacheriana) ou a conxunturas de crise económica (Australia despois da integración de Gran Bretaña na UE, os EUA de Reagan...).

Perfilanse como formas de autoorganización cooperativa da comunidade para afrontar estes momentos de crise ou para promover outras formas de acción-intervención social que procura a optimización dos recursos, a participación e a interrelación social.

2.1.3. Diferentes tipos de «LETS»

Tal e como sinalabamos anteriormente, o sistema «LETS», de intercambio no ámbito local, foi evolucionando e adaptándose ás diferentes circunstancias en que se desenvolve de xeito que podemos distinguir distintos tipos de «LETS» con base nos seguintes criterios:

- O grupo xestor. É o que se responsabiliza de rexistrar a información de produtos e servizos ofertados, espallala, anotar os intercambios, abrir contas e demais actividades propias do «LET». Pode ser unha asociación, un colectivo...
- O valor do troco e a súa equiparación. Aínda que o valor se determina por consenso entre as partes, pode equipararse á «moeda nacional», tratarse de moeda propia coa equiparación que se determine ou facer que esta equiparación se traduza nunha porcentaxe de tempo. Cómpre sinalar que a estandarización do valor do troco facilita a interconexión en rede de diferentes nodos de «LETS».
- A fórmula escollida para materializar o troco. Isto é, produto por produto, cheque/moeda propia, moeda de curso legal...

- As vías de promoción do «LET», que por regra xeral son «proporcionais» aos niveis de interconexión con outros «LETS»
- O endebedamento permitido. Tanto á hora de soportalo por parte do propio «LET» como cando é o «LET» quen o promove, en forma de saldo inicial, co obxectivo de captar novos usuarios.
- O grao de interrelación con outros axentes sociais e institucionais. Referímonos tanto á empresa privada como ás propias administracións locais.

2.2. DOS «LETS» AOS «BANCOS DE TEMPO»

A lóxica evolución das redes «LETS» cara a modelos de moeda-tempo dá orixe ao que hoxe por hoxe coñecemos como «bancos de tempo».

Trátase dunha iniciativa cun ideario social semellante ao dos «LETS» pero coas características propias que analizaremos posteriormente.

As primeiras referencias aos modelos de «moeda-tempo» asóciense ao concepto de «time dollar» desenvolvido por Edgar Cahn nos USA na década dos oitenta.

Non obstante, hai que agardar até case doce anos despois, até 1992, para que o modelo chegue a Europa, vía Italia, da man do sindicato de pensionistas da Parma da CGIL (Confederazione General Italiane del Lavoro) de Parma.

É este sindicato quen, na liña de resolver problemas da vida cotiá, facilitar a incorporación da muller ao traballo e a compatibilización coa vida familiar, promove o primeiro «banco de tempo».

Táboa 1. Diferenzas entre «lets» e «bancos de tempo»

«LETS»	«BANCOS DE TEMPO»
A unidade de valor é arbitraria. Fíxase por consenso.	A unidade de valor é o tempo (a hora) e vale o mesmo para cada transacción.
Formulan unha economía alternativa, por regra xeral allea á Administración.	Traballan os ámbitos do benestar social e o desenvolvemento comunitario. Colaboran e complementan á Administración.
Informan de ofertas e demandas.	Contactan as ofertas e as demandas.
Baséanse só no voluntariado. Non hai cabida para o persoal retribuído.	Poden contar con persoal remunerado.
Normalmente non teñen sede física.	Teñen sede física ou virtual a que se dirixen os asociados.
Non teñen beneficios fiscais.	Poden (mesmo adoitan) ter beneficios fiscais recoñecidos.

Tres anos despois da experiencia de Parma os «bancos de tempo» estendéronse por toda Italia e xurdiron os primeiros centros de coordinación tanto a nivel rexional como estatal.

O salto a outros países comeza pola Gran Bretaña («time bank»), Holanda e Portugal (Graal) para, posteriormente, chegar a case toda Europa, Estado español incluído.

Antes de adentrarnos en que consisten e como funcionan os «bancos de tempo», considero conveniente salientar, de xeito gráfico, cales son as principais características que os diferencian dos seus precedentes, as redes «lets».

3. «BANCOS DE TEMPO». DEFINICIÓN, FUNCIONAMENTO, SERVIZOS, CONSTITUCIÓN E XESTIÓN

3.1. DEFINICIÓN E FUNCIONAMENTO

Os «bancos de tempo» son grupos de persoas dispostas a intercambiar tempo para dedicalo a prestar servizos, a realizar tarefas puntuais (facer determinado tipo de xestións, intercambiar coñecementos, atender a persoas maiores...) que nos permiten resolver problemas ou atender necesidades da vida cotiá dun xeito cooperativo, solidario, participativo e autoorganizado.

Desenvólvense no marco dunha comunidade local (barrio, parroquia...) ou dunha organización (centro de ensino, universidade...) sen prexuízo de establecer formas de coordinación en rede entre os diferentes «nodos».

Funcionan ao igual que a «banca convencional» pero cunha importante diferenza: nos «bancos de tempo», como o seu nome indica, o tempo é o capital, e a hora a unidade de valor independentemente do servizo que se ofrezca ou que se reciba. Dito doutro xeito, todos os servizos teñen o mesmo valor e ese valor non é outro que o tempo que se inviste en prestar o servizo.

Cada persoa interesada en participar no «banco de tempo» diríxese á entidade responsábel da súa xestión (administración pública, asociación cultural, ONG, centro de ensino, ANPA...) para expoñer que pode ofrecer, durante cantas horas e que quere recibir a cambio. Asemade, nese primeiro contacto adoita recibir información sobre as normas que rexen o funcionamento do banco, nomeadamente sobre as regras para realizar os trocos.

Unha vez admitida no «banco de tempo», a persoa en cuestión recibe un «talonario de cheques de tempo», cheques que utiliza cada vez que solicita tempo doutra persoa para algún servizo en concreto. Por poñer un exemplo, solicito a alta no «banco do tempo» do meu barrio e poño á disposición do banco 20 horas ao mes para ensinar galego. A cambio, pido recibir 20 horas en traballos de bricolaxe (colgar cadros, montar uns andeis modulares...). Eu presto o meu servizo a dúas persoas e recibo doutros membros do banco (que non teñen por que ser esas dúas persoas ás que lles ensino galego) os servizos de bricolaxe. Cómpre facer fincapé neste extremo: nun «banco de tempo» o intercambio non é unipersoal e recíproco senón multipersoal e multirecíproco.

Dito isto, cómpre sinalar que destas transaccións a entidade xestora do «banco do tempo» recibe, coa periodicidade que determine, información puntual para contabilizalas nas respectivas «contas correntes».

Asemade, a entidade xestora do «banco» é quen se encarga de informar as persoas asociadas non só dos servizos que poden intercambiar, senón tamén do estado da súa conta corrente, dos desequilibrios que se produzan (normalmente limitados a un máximo de horas de diferenza entre o que dá e o que recibe) e mesmo da posibilidade de traspasar o seu crédito a outro membro do «banco».

3.2. OS SERVIZOS QUE SE PODEN INTERCAMBIAR

Os servizos que se poden intercambiar son moitos e adoitan estar relacionados con aqueles que contribúen a resolver problemas cotiáns e mellorar a calidade de vida. No fondo, non difiren moito dos intercambios solidarios que se producían de forma espontánea nas aldeas e asociadas a labores agrícolas (botar as patacas, esfolia, malla...), en concellos periféricos das grandes cidades (botar unha placa) ou en barrios das vilas e cidades (levar os nenos á escola ou á praia). En calquera caso, e a xeito orientativo, imos enumerar algúns dos máis comúns nos «bancos de tempo»

Atención ás persoas

- Coidado de bebés en domicilio
- Atención a persoas dependentes
- Coidado de persoas maiores
- Apoio a persoas maiores e dependentes (compaña, recados, cociña, pequenos traballos domésticos...)
- Levar/buscar nenos/as ao colexio

Formación

- Apoio para a realización de tarefas escolares
- Técnicas básicas de estudo
- Aprendizaxe de linguas (conversa, voluntariado lingüístico)
- Alfabetización TIC
- Alfabetización xeral (lingua, artes plásticas, música...)

Bricolaxe

- Tarefas de bricolaxe en xeral (colgar cadros, pequenas reparacións eléctricas, montaxe de mobles modulares...)
- Aprendizaxe de bricolaxe e manualidades

Asesoramento

- Seguros
- Dereitos e deberes de inquilinos e comunidades

- Xestións ante administracións
- Asesoramento sobre dereitos do consumidor
- Asesoramento sobre dereitos lingüísticos

Benestar

- Compañía para asistir a determinadas actividades
- Coidado de nenos/as para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar
- Acompañamento á realización de determinadas xestións

Como sinalabamos anteriormente, trátase dunha enumeración orientativa coa que queremos poñer de manifesto tanto as potencialidades do intercambio como chamar a atención sobre outro extremo non menos importante: «os bancos de tempo» baséanse no voluntariado, na solidariedade e na cooperación, non son, baixo ningún concepto, un xeito de encubrir «economías somerxidas» ou «precarización do traballo». Aínda que sobre este tema volveremos máis adiante, facer fincapé en que son os propios «bancos de tempo» quen adoitan establecer límites claros naqueles servizos susceptibles de «entrar en competencia» con actividades empresariais.

3.3. CREACIÓN E XESTIÓN DUN «BANCO DE TEMPO»

Cinguíndonos ao ámbito local, e máis concretamente a un concello, imos desagregar aquelas cuestións que, ao noso entender, cómpre ter en conta para a creación e xestión dun «banco de tempo».

- a) Definir o modelo de xestión; isto é, se vai ser unha xestión directa pola propia administración ou imos optar por algunha das fórmulas de xestión indirecta como, por exemplo, subscribir un convenio de colaboración con algún tipo de entidade.
- b) Fixar a sede física ou virtual do «banco de tempo», definir as ferramentas de xestión (software) e formar as persoas que se van responsabilizar do «banco de tempo».
- c) Identificar os axentes sociais que nos poden botar unha man para poñer en marcha o proxecto.
- d) Presentar o proxecto en «sociedade» con especial atención aos diferentes colectivos organizados.
- e) Configurar a estrutura do noso «banco de tempo» en función das perspectivas que se nos abriron na fase de presentación do proxecto.
- f) Difusión xeneralizada do proxecto e campaña de captación de socios.
- g) Fidelización dos socios mediante reunións de traballo e xuntanzas lúdicas.
- h) Dinamización do «banco de tempo» a través de campañas puntuais de captación de socios e ampliación de servizos.

4. OS «BANCOS DE TEMPO» COMO OBXECTO DE INTERESE

4.1. O MARCO XERAL

Vivimos nunha sociedade que, nomeadamente nos últimos dez anos, experimentou unha importante transformación nos hábitos da poboación motivada, entre outras cuestións, por:

- O aumento do tempo de libre que non sempre se traduce no emprego deste tempo en actividades relacionadas co lecer, a cultura, o deporte...
- As transformacións do sistema educativo («xornada única») co que a realización de actividades extraescolares como complemento da formación regrada adquire cada día unha maior importancia.
- A incorporación da muller ao mercado laboral coa conseguinte necesidade de buscar alternativas ao traballo que viñan desenvolvendo.
- O aumento da capacidade adquisitiva e as políticas sociais das diferentes administracións que se traduciron tanto nunha maior demanda de bens de consumo relacionados co lecer coma no incremento das facilidades para acceder a eles.

Para visualizar a magnitude deste cambio imos reparar nun par de datos estatísticos:

- No período 1995-2002 produciuse un incremento de 1,88 puntos porcentuais no gasto das familias en actividades de lecer.
- O 66% da poboación galega emprega aproximadamente dúas horas diarias do seu tempo libre en actividades relacionadas cos servizos persoais.

Asemade as proxeccións demográficas do Instituto Galego de Estatística² a doce anos vista apuntan en dúas direccións:

- A agudización da fenda costa-interior.
- A concentración de poboación en concellos urbanos do eixe A Coruña-Vigo onde se prevé que no 2017 resida máis da metade da poboación galega.

Atendendo a esta proxección, mentres na Galiza interior se incrementa a tendencia ao avellentamento e á perda de poboación, as comarcas de Santiago, Vigo, A Coruña e Pontevedra convértese no relativo motor demográfico. «Resisten» ou incrementan lixeiramente a súa poboación as de Fisterra, Xallas, A Barcala, O Sar, Barbanza, O Morra-

² Véxase o resumo na páxina 12 de *La Voz de Galicia* do 01/07/2005

zo, O Condado, O Carballiño, Quiroga, Valdeorras, Verín, A Mariña Central, A Mariña Occidental, Ordes, Caldas ou O Salnés e perden poboación as 40 restantes.

Debullando aínda máis os datos do IGE, vemos que o crecemento nas comarcas de Vigo-A Coruña-Pontevedra-Santiago non se vai producir tanto nas propias cidades coma si nos concellos limítrofes (na comarca da Coruña nos de Arteixo, Oleiros, Cambre, Culleredo; na de Santiago, nos de Ames ou Teo, Oroso...), concellos estes onde o prezo do solo segue sendo máis barato que nas cidades cabeceiras de comarca e que nun prazo relativamente moi curto de tempo se viron sometidos a procesos de urbanización acelerados (con todo o que isto implica tamén a nivel de hábitos), uns procesos que, nas máis das veces, se desenvolveron sen un planeamento urbanístico acaído.

Estes procesos de «urbanización acelerada» tradúcense, entre outras moitas cuestións e dun xeito esquemático, en:

- Illamento, desarraigo, individualismo e falta de sentido de pertenza á comunidade.
- Incremento dos colectivos de:
 - Inmigrantes (problemas de integración social).
 - Xubilados e prexubilados (tempo libre pero non sempre tempo de lecer).
 - Familias monoparentais ou nas que traballan os dous cónxuxes (conciliación da vida laboral e familiar).
- Posta en valor do benestar social e do tempo de lecer que se traduce en:
 - Maior demanda de servizos persoais á comunidade (conciliación, servizos educativos, deportivos, culturais...).
 - Dificultades nas administracións locais para atender esta demanda e o seu incremento (recursos limitados).
 - Fenda social no goce do tempo de lecer de determinados graos de benestar por recursos e posibilidades económicas.

A converxencia de todos eses factores provoca que as administracións públicas locais, os concellos, teñan que comezar a cuestionarse tanto a prestación de servizos persoais á comunidade coma a xestión desta prestación.

Na xestión, na procura do salto do modelo compartimentalizado ao de xestión integral e transversal.

Na prestación de servizos de atención á cidadanía porque, nin por razóns económicas nin sociais, a administración pode atender todas as demandas e anegar todos os campos. Cómprelle, xa que logo, promover a rexeneración do tecido social favorecendo os procesos de asociación, comunicación e cooperación entre a poboación.

4.2. OS «BANCOS DE TEMPO» COMO OBXECTO DE INTERESE

Con esta perspectiva, entendemos que, dunha banda, a xestión dos «bancos de tempo» debe rexerse polos criterios de transversalidade aos que aludiamos anteriormente e, pola

outra, son proxectos que pola súa definición e obxectivos se perfilan como unha alternativa de asociación, comunicación e cooperación que reúnen, entre outras, as seguintes características:

- Procuran rachar o illamento derivado do proceso de urbanización e fomentan actitudes positivas entre a poboación.
- Constitúen espazos de comunicación, cooperación e solidariedade interpersoal, interxeracional e grupal.
- Promoven o intercambio multipersoal, multirrecíproco e paritario cunha ‘moeda’ da que todos, en maior ou menor medida, dispoñemos: o tempo.
- Facilitan a integración social daqueles sectores que están relegados por cuestións socioeconómicas ou doutra índole.
- Son unha vía para que persoas «excluídas» (xubiladas, discapacitadas...) se sintan útiles socialmente.
- Crean comunidade e contribúen á súa vertebración e organización.
- Proporcionan un medio para o intercambio de produtos e servizos ao que todo o mundo pode acceder.
- Facilitan a conciliación da vida familiar e laboral.
- Supoñen un nova vía de voluntariado baseado no troco.

Son, en resumo, unha alternativa complementaria á prestación dos servizos persoais por parte da administración de grande interese para os concellos galegos, nomeadamente naqueles con altas taxas de poboación recentemente xubilada e prexubilada (caso do concello de Fene ou doutros concellos de Ferrolterra afectados pola reconversión naval), con grandes coñecementos e habelencias e que non teñen en que encher o seu tempo e sentirse útiles cos conseguíntes problemas sociais (dende o que se coñece popularmente co nome de «síndrome da IBM» até outros como alcoholismo, ludopatías...) e nos concellos das periferias das cidades que adoitan concentrar a parellas novas, familias monoparentais e colectivos de inmigrantes.

Unha boa proba do interese destas experiencias de economía solidaria atopámola no anteproxecto da «Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia» que vén de aprobar a Xunta de Galicia, texto que inclúe entre as súas disposicións a creación de «bancos de tempo» e a súa xestión polos concellos cos obxectivos de:

- Poñer en valor un ben como é o tempo e, sobre todo, o até agora infravalorado tempo das mulleres.
- Fomentar na comunidade os servizos de cooperación entre mulleres e homes, e entre persoas de todas as idades, para intercambiar o seu tempo e as súas habelencias.

5. OS «BANCOS DE TEMPO», UN NOVO CAMPO DE TRABALLO PARA OS SERVIZOS LINGÜÍSTICOS

5.1. COMO XEITO DE CONTRIBUÍR Á REFORMULACIÓN DOS MODELOS DE XESTIÓN DOS SERVIZOS Á COMUNIDADE

Estamos tan afeitos a unha xestión sectorial ou compartamentalizada dos servizos persoais á comunidade (isto é, a estrutura e organización da xestión está determinada polo obxecto e natureza dos servizos lingüísticos, culturais, deportivos, educativos, de benestar...) adoitamos pensar que é a única fórmula ou a máis conveniente.

Non obstante, a necesidade de incidir na vida cotiá, nos ámbitos privados de relación (e quen traballamos en servizos lingüísticos somos moi conscientes da importancia e dificultade de traballar neste ámbito), de situar a persoa no eixe das nosas actuacións, xunto coa cada día maior complexidade dos servizos persoais á comunidade convida a cuestionarse este modelo sectorial e demanda traballar por proxectos e programas transversais nos que converxan profesionais procedentes das áreas (da lingua, a cultura, o ensino, os servizos sociais, a muller, a formación-emprego...).

Esta transversalidade e converxencia é fundamental á hora de optimizar e racionalizar recursos pero, sobre todo, á hora de sermos socialmente efectivos.

Pensar en estratexias de dinamización lingüística e facelo á marxe de políticas e estratexias cívicas educadoras é limitar moito a capacidade e a efectividade das nosas actuacións.

Os conflitos sociais xéranse na vida cotiá e é aí onde temos que actuar a través de actividades (educativas e culturais, deporte, promoción de emprego, música, recuperación e promoción do patrimonio histórico, turismo, educación ambiental, igualdade, integración e solidariedade...) e servizos que leven asociadas a lingua como valor de marca.

Os «bancos de tempo» supoñen unha alternativa complementaria, cooperativa e participativa de prestación e intercambio de servizos que demanda a comunidade. Se non garantimos a posibilidade de acceder a estes servizos, ou a unha parte significativa deles, en galego estamos restrinxindo, minorizando, o uso da nosa lingua nun abano máis que considerábel das relacións sociais. Velaí outra das razóns polas que facemos fincapé nos «bancos de tempo» como campo de traballo dos servizos lingüísticos.

Que a nosa lingua sexa ou non ferramenta de comunicación e de intercambio vai depender de se son ou non obxecto da nosa actuación como técnicos á fronte dun servizo lingüístico.

Neste sentido, é importante que o «proxecto» veña asociado ao Servizo Lingüístico, co galego como imaxe de marca e lingua normal do «banco» aos seguintes niveis:

- a) Na formación do persoal especializado que se vai encargar de desenvolvelo e xestionalo, formación que debe prestar especial atención á dinamización lingüística.
- b) No proceso de interrelación e presentación do proxecto a colectivos e asociacións.

- c) Nos labores de xestión tanto nos aspectos internos (aplicacións informáticas, papelería...) coma nos máis visíbeis para os usuarios (talonarios, fichas, boletíns de información, web, aplicación en liña...).
- d) Nas campañas de promoción e dinamización do «banco».
- e) Na posta en valor da lingua como código de intercambio do noso tempo.

5.2. COMO XEITO DE INTEGRACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO VOLUNTARIADO LINGÜÍSTICO

O incremento da poboación procedente doutros países e de estudantes que acoden aos centros e universidades galegas en programas de intercambio fai que os programas de voluntariado lingüístico, as iniciativas para achegar esa poboación á lingua e cultura do noso país, comecen a ser un dos eixes de actuación das diferentes administracións.

Eis, a Vicepresidencia anunciaba³ na presentación dos orzamentos deste departamento para o 2007 a «creación da figura do voluntariado lingüístico para promover o coñecemento e uso da lingua galega» e mesmo asociaba o seu labor ás *galescolas*; as tres universidades galegas están a traballar en cursos de formación de voluntariado e programas de acollemento lingüístico; a Dirección Xeral de Xuventude informaba⁴ da próxima posta en marcha, en colaboración coa Mesa, do «Programa de Voluntariado de Acción Lingüística» e cada vez son máis os concellos que programan cursos de lingua galega e outro tipo de iniciativas específicas dirixidas a colectivos de inmigrantes.

No ámbito local, se atendemos aos servizos que se poden e adoitan intercambiar⁵ (alfabetización xeral, alfabetización lingüística e incluída) e ás características⁶ que os definen (espazos de: comunicación, cooperación e solidariedade interpersoal, interxeracional e grupal; intercambio multipersoal, multirecíproco e paritario dunha ‘moeda’ da que todos, en maior ou menor medida, dispoñemos: o tempo; integración social daqueles sectores que están relegados por cuestións socioeconómicas ou doutra índole; desenvolvemento de novas formas de voluntariado baseadas no troco), os «bancos de tempo» configúranse como un marco moi interesante para organizar e canalizar o voluntariado lingüístico nunha dobre dirección:

- De cara ás bolsas de poboación inmigrante, como medio para contribuír á súa integración e participación na comunidade.
- Entre a propia poboación do concello. A súa lingua propia é un valor que pode intercambiar.
- De cara a promover marcos de educación informal que consoliden a aprendizaxe formal en forma de ensino regrado ou cursos específicos de lingua.

³ <http://vicepresidencia.xunta.es/index.php?id=25&lista=1&canal=0¬icia=731>

⁴ <http://www.vieiros.com/nova.php?Ed=1&id=53633>

⁵ Véxase o apartado 3.2

⁶ Véxase o apartado 4.2

5.3. COMO XEITO DE INTERRELACIÓN E EDUCACIÓN INFORMAL

Unha das características dos «bancos de tempo» é o seu compoñente interxeracional. Se somos quen de neutralizar determinados prexuizos lingüísticos e poñer en valor o galego como lingua normal de relación no intercambio de servizos, pola propia natureza dos servizos que se prestan, estaremos consolidando marcos de educación informal dunha grande importancia.

Noutras palabras, estaremos gañando espazos, algúns ámbitos da vida cotiá, nas que o galego é, ou volve a ser, lingua normal de relación.

6. CODA

Sei que non podo durmir porque sempre estou soñando
en inverno co sol
...coas nubes en verán

Pode que o meu problema sexa que non podo durmir e que sempre estou soñando. En calquera caso, tal e como lles anticipaba na introdución, non pretendía concluír, senón xustamente o contrario: formular as dúbidas e as intuicións que nos levan a tentar abrir unha liña de traballo (os «bancos de tempo») que implica unha nova concepción da xestión dos servizos e unha estreita relación entre servizos lingüísticos e servizos de benestar incluíndo neste concepto todos aqueles servizos persoais á comunidade.

Non teño nada que dicir.
Todo o que teño que dicir
é que non teño MÁIS NADA que dicir

REFERENCIAS

- Molina, A. e González, R. (2006): *Banco del Tiempo Escolar como un ejemplo de cómo iniciar y mantener un banco del tiempo* (Ayuntamiento de San Javier).
- Ariño, A. (2004): «Asociacionismo, ciudadanía y bienestar social», en *Papers*, núm. 74.

CIBERBIBLIOGRAFÍA

<http://trueque.org.ar/>
<http://www.gmlets.u-net.com/>
<http://habitat.aq.upm.es/boletin/n22/ahpri.html>
<http://www.eumed.net/cursecon/libreria/sh-trueque/index.htm>
<http://www.ucm.es/info/ec/jec9/pdf/A09%20-%20Garc%EDa,%20Jos%E9%20Tomas,%20Franc%E9s,%20Francisco%20y%20Lucas,%20Aris.pdf>
<http://www.timedollar.org>
<http://www.londontimebank.org.uk>
<http://www.tempomat.it>
<http://www6.gencat.net/llengcat/voluntaris/docs/aval2004.pdf>
http://www.edicionessimbioticas.info/imprimir.php?ide_article=732
<http://www.terra.org/diario/art00776.html>
<http://www.lamujerconstruye.org/actividades/es/otrosarticulos/bancosdeltiempo.htm>
http://www.hacesfalta.org/noticias/print_noticia.asp?id_noticia=1682
<http://bancodeltiempo.sanjavier.es/>
<http://www.bancodeltiempo.org/index.php>
http://www.adimac.pt/b_tempo.htm
http://www.consumer.es/web/es/solidaridad/economia_solidaria/2005/11/18/147091.php
<http://www6.gencat.net/llengcat/voluntaris/index.htm>
<http://www.cacabelos.org/index.php?elementoID=414>
http://www.provincia.torino.it/pari_opportunita/banche_tempo/traduzioni/spagnolo/tiempo.htm
<http://www.eleconomista.es/gestion-empresarial/noticias/16911/10/06/Yo-te-coso-y-tu-me-pintas-asi-son-los-bancos-de-tiempo.html>

Cando chove e raia o sol...

CELSE FERNÁNDEZ SANMARTÍN

Animador na resistencia de iniciativa social para persoas maiores «Nosa Señora das Dores» de Lalín

Contador de contos e historias de tradición oral

Tese n.º 1: «o mundo xa era en imaxes, historias, series, programas, contos etc., antes do cine e a tv».

Unha leoa con fame, parada diante nosa, podía ser un encontro ben doce se o comparamos coa maraña de situacións vitais perigosas, asombrosas, incríbles etc. que lle acontecían a calquera persoa de hai oitenta (é por coller unha referencia temporal, orientativa e, por tanto, cunha exactitude relativa) anos para atrás, no seo da Galicia rural.

A bastantes lles teño escoitado dicir que a vida era *moi exposta*.

Neste contexto, **a forza**, por exemplo, mostrada activa (como *forza* propiamente dita) ou pasivamente (como *aguante*), era a medida de relación coa Natureza e coas persoas; e podía ser fundamental para a vida, aínda que non suficiente se non se entretecía coa *pillaría* (cualidade da intelixencia) e a axuda (tanto humana como divina, animal, de seres fantásticos, ou dunha *natureza consciente*), que a fai socialmente máis valorable (*forza* cun fin ou sentido, que non *forza bruta*, que fai ás persoas fanfarronas no ámbito moral-lingüístico e abusonas no práctico-moral, e por tanto, modelos pouco apreciábles (por non dicir, desprezables) que antes ou despois caen no descrédito social).

Os contos da tradición oral, reflexo e destilación deste tipo de mundo, así o confirman.

A cultura que ordenaba e facía previsible o día a día, (que nin por iso deixaba de ser sorpresivo, ou imprevisible), *solidificaba o que estaba en continuo movemento*, nun modo de conciencia que domina o mundo.

E retomando o concepto *forza* para as grandes clasificacións sociais, atopamos doadamente un mundo dicotomicamente interpretado: había individuos *medosos* e individuos *destemidos*, ou o que sería o mesmo, aínda que marcando máis os seus efectos prácticos: *quedados e atrevidos*, ou *covardes* e *valentes* (lembrándonos de que no xogo social non son categorías puras senón mordidas polo *interese* e, por tanto, que utilizan o *engano*;

así é que podemos dar con individuos *encoraxados*, que serían uns *acovardados* que se activan grazas a un engano, unha moeda dun material por fóra e de outro por dentro).

O pobo adoitaba ser *humillado* polos abusos dos poderosos, e *humildado* polas forzas da Natureza. Arranxar para unha maioría estes dous amplos ámbitos de paciente trato desigual, era unha ilusión que tivo e ten as súas respostas teórico-prácticas en cada momento da historia, e as súas finas e grosas ferramentas.

Tese n.º 2: Toda cultura se recrea comunicativa e imaxinativamente. Por tanto é pasto das intencións e da intelixencia. Nas sociedades onde prima a oralidade, case toda persoa é autora e directora de cultura. Na medida que a sociedade se sae do seu vencello oral, cámbiase a figura da autoría e dirección pola do/a espectador/a.

Remate: «...Non vai frío nin calor»

Desculpas, non quería estenderme, porque do que aquí se trata é de falar de **lingua e idade**, e interésanme moito as capacidades que desenvolven os falantes dunha lingua para facer dela un verdadeiro campo de riqueza e complexidade na comunicación. Algunhas reflexións para a práctica que me gustaría presentarvos van nestas preguntas:

Que podemos ofrecer as persoas que non somos lingüistas, pero traballamos conscientemente a diario con preocupación e mimo, e valoramos unha expresión oral de calidade nas xeracións máis novas e as vinculacións comunicativas destas coas máis lonxevas?

En que contextos formais e non formais e con que escusas ou propostas que conleven a normalización do galego, podemos chegar a mesturar xeracións diversas?

Son os contos e as historias un modo sinxelo e eficaz de se facer preguntas, unir mundos e recrear unha lingua coma se fose *sen querer*?

Que será máis recoñecido coma un ben, a biodiversidade ou a homoxeneidade?

A lingua galega salta coma unha ra ou témola pinchada nun pau?

Sabes que me gustas moito, e sabes por que me gustas tanto? Polo sempiterno gozo e a capacidade que me das.

Poderannos chegar a *desimportar* os paxaros? Ou sexa, que paixón e achegamento ás herdanzas naturais terán as novas xeracións?

Proposta-tese n.º 3: «Troco televisión de 60'' a toda cor, por...».

Tese n.º 4: «Non podemos deixar que a lingua se nos vaia volvendo de trapo».

Tese n.º 5: «Moitas persoas maiores, moitas delas sen estudos, teñen aberta unha cátedra informal de xoiería e horticultura lingüística».

Tese n.º 6: «Coñecedes a acción de *enriar*?»

Tese n.º 7: «Sempre hai algún exemplo»

Apéndice á tese n.º 7: Un exemplo de encontro interxeracional nunha residencia de persoas maiores, entre residentes e nenas e nenos de 4 e 5 anos (o primeiro dos tres anos que durou); explicado e validado por **Sechu Sende do colectivo Bambán de sociolingüística**.

Tese n.º 8: «Se saboreas coa lingua, entón e só entón, floreará esa lingua».

Tese n.º 9: «Copla tradicional metalingüística: A saia da Carolina / ten o meu idioma pintado / cando Carolina baila / o idioma fala en por si».

Tese n.º 10: «O noso idioma é dunha finura que nin diola! É dunha finura absoluta e moi preciosa!».

Tese n.º 11: «Fai o amor en galego, e a guerra a bicos».

Tese n.º 12: «*Cando chove e raia o sol, non vai frío nin calor*». Definamos o galego *quentándoo*.

Tese n.º 13: «Unha lingua ten que suar».

PÁSOVOS CO Apéndice á tese n.º 7, FOI UN PRACER, FALÁMONOS, ABUR:

EXPERIENCIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO PRIMEIRO CAMPAMENTO INTERXERACIONAL DE CONVIVENCIA E ACTIVIDADES NA RESIDENCIA NOSA SRA. DAS DORES DE LALÍN

(Certificación de idoneidade na orientación deste campamento cara á normalización lingüística do idioma galego, feita por Sechu Sende)

1. Introducción

A situación actual da lingua galega vén sendo analizada por diferentes asociacións, institucións e colectivos como preocupante. No último informe do Consello da Cultura Galega (*O proceso de normalización do idioma galego*, 1980-2000, Consellaría de Educación, Santiago, 2002) dedicado á educación, recoñécese ademais que o principal problema da vida social da lingua é o proceso de perda da súa transmisión entre xeracións.

Se até hai uns anos o galego viña sendo lingua maioritaria en todas as franxas de idade, actualmente, por vez primeira na historia de Galiza, atopámonos coas primeiras xeracións infantís e adolescentes onde o galego pasou a ser lingua minoritaria nuns índices que aumentan, seguindo a inercia de desgaleguización e de substitución lingüística.

Se ben este proceso foi activado nos núcleos urbanos, todas as análises mostran a súa extensión uniformemente acelerada a outras zonas do país. O proceso de perda de valor e de prestixio da lingua propia maniféstase así no aumento da deserción lingüística, especialmente á hora da transmisión interxeracional.

Máis, como se sinala no informe do Consello da Cultura Galega, os datos da situación social da lingua móstranse como síntomas dunha crise «que non se presenta inmutable e categórica, senón que máis ben representan bases desde as cales debater e actuar».

E de aí a necesidade da elaboración de intervencións eficaces de cara á normalización lingüística.

Múltiples organizacións, colectivos e asociacións veñen conformando desde hai ben de anos, espazos e metodoloxías para a creación social da lingua, na procura da mellora da súa consideración social e do aumento do seu uso.

A maioría dos movementos sociais de normalización denuncian unha manifesta pasividade e falta de preocupación na planificación política da lingua por parte do goberno galego, que non dá articulado as medidas necesarias para que a cidadanía estea informada e sensibilizada sobre a crise do idioma e se sume ao proceso creativo da normalización participando na construción social da lingua.

É precisamente no marco dese tipo de iniciativas experimentais –sen apoio institucional– a favor da normalización lingüística onde localizamos a experiencia de comunicación interxeracional na residencia de maiores Nosa Sra. das Dores de Lalín con nenos e nenas da vila.

2. A experiencia, observada desde o punto de vista social da lingua e da comunicación, desenvolve varios focos de interese arredor do proceso de normalización lingüística do galego:

- a. Ten como protagonistas cinco axentes sociais de interese para o desenvolvemento do idioma, que participan e se ven afectados, de diferente maneira, pola onda de galeguización da experiencia:
 - os nenos e nenas participantes
 - os/as maiores

- os/as programadores/monitores do proxecto
 - a dirección da residencia
 - as nais, principalmente, dos nenos e das nenas.
- b.** A experiencia ofrecese como un proceso planificado, un programa de animación sociocultural e innovación educativa, e a preocupación pola lingua encardínase así como un dos valores protagonistas do convivio, ao carón doutros valores prosociais como poden ser a propia convivencia interxeracional, a educación para a saúde, a expresión artística, o coñecemento do medio, a relación coa comunidade etc.
- c.** A experiencia é innovadora porque se desenvolve nun espazo e cuns protagonistas/participantes novidosos en relación ás actividades de normalización lingüística coñecidas: aborda o problema da transmisión interxeracional (anciáns/ás - nenos/as) no propio espazo dos/as maiores, a residencia.
- d.** A importancia do compromiso de galeguización das dúas monitoras e o monitor semella transcendental de cara á prestixiación social da lingua, pois son estas tres persoas quen dirixen, orientan e, de xeitos concretos, imprimen unha metodoloxía consciente de preocupación pola lingua –a dirección da experiencia–, a ollos dos nenos e das nenas e dos vellos e das vellas.
- e.** O proxecto ten varios focos temáticos de interese:
- Ten como principal obxectivo desenvolver a educación en valores.
 - Prioriza a comunicación como forma de humanización e achegamento interxeracional.
 - Desenvolve as capacidades de expresión –coloquial, artística, explicativa, literaria etc.– dos/as participantes.
 - Contémplase como unha experiencia socio-afectiva que valora as relacións humanas (colaboración, amizade, altruísmo, amor, respecto, comprensión, comunicación...).
 - A lingua galega vólvese un dos principais focos de identidade da experiencia.
 - Propicia un espazo simbólico onde a lingua galega se converte na de uso normal dunha forma natural, non marcada.
 - Prestixia o uso do galego, relacionándoo con valores afectivos e de familiaridade, de uso cotián, de relación informal e formal.

Preséntalles aos nenos e ás nenas castelanfalantes a posibilidade de innovar nos seus comportamentos lingüísticos introducindo o galego como lingua necesaria, polo que tamén se converte nun reto de modernización e creación persoal da lingua e extensión a un novo contexto marcado pola alegría, a participación e o xogo.

Ofrece un espazo para a mellora das competencias comunicativas en galego dos nenos e das nenas, algúns deles/as con déficits importantes á hora da expresión (mala calidade de lingua) e da comprensión (descoñecemento da lingua).

3. O proxecto favorece o cambio lingüístico a favor do galego. Esta sería a conclusión máis importante do proceso observado. Se ben se dan situacións de permanencia de prexuízos –algún maior galegofalante falándolles en castelán aos nenos/as–, e inercias –algún neno/a a quen lle custa máis empregar o galego por falta de competencia– o certo é que tamén se deron transformacións destacables, especialmente nos/as participantes infantís, verdadeiros/as protagonistas da innovación.

Cómpre destacar que mesmo algún dos/as maiores que empregaron por complexo o castelán volveron á fidelidade pola súa lingua ao comprobar os usos galegófonos innovadores dos pequenos e das pequenas.

Ficou desarticulada a máxima tradicional –explicitada concretamente por algún vello da residencia– de que «aos meniños hai que falarlles castelán».

A experiencia abordou un dos principais problemas da sociedade galega actual, a comunicación interxeracional, facendo protagonistas do proceso os dous extremos máis afastados nas franxas de idade, e colocando como un dos focos de aprendizaxe dos participantes a **transmisión da lingua galega**.

Poderíase dicir que o uso sen prexuízos do galego por parte dos nenos e das nenas serviu tamén como exemplo de normalidade –e en certa maneira símbolo de garantía de futuro simbólico-cultural– para os/as maiores, innovación interesante e que se debería ter en conta de cara á extensión do contacto interxeracional en proxectos de normalización lingüística futuros.

Segundo a antropóloga Margaret Mead na súa obra *Cultura e compromiso*, centrada nas relacións interxeracionais, as xeracións máis novas exercen, cara ao mundo dos adultos, como focos de innovación e prestixiación de novos comportamentos sociais e culturais. Para os vellos e as vellas, os novos/as representan o futuro e ao aceptar o cambio de status da lingua, prestixiado polo uso dos nenos e das nenas, a súa autoestima vese reforzada e a súa capacidade de adaptación, optimizada.

Ficaría por analizar outros factores determinantes, como o peso do xénero no cambio lingüístico, pois a maioría dos/as participantes eran nenas e intuimos unha maior presión social cara ao castelán no seu caso.

Séchu Sende
do Colectivo Bambán de Sociolingüística
Santiago de Compostela, setembro 2003

*Este escrito aparece no libro: *34 burros e 343 pedras para James Sacré*, que recolle o primeiro ano de traballo desta experiencia interxeracional.

Os preconceptos lingüísticos segundo a idade

ANA IGLESIAS ÁLVAREZ

Licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa e en Filoloxía Hispánica

Autora de estudos sobre as actitudes lingüísticas desde unha perspectiva cualitativa

1. PERSPECTIVA HISTÓRICA

A idade é unha das variables explicativas máis recorrentes dos estudos sociolingüísticos, ademais do sexo e a clase social. Así, en Galicia, actualmente a idade xunto co tipo de hábitat son as variables que explican a maior parte da distribución lingüística. Non obstante, isto non foi sempre así, senón que en épocas pasadas o reparto das linguas dependía sobre todo da clase social. Mentres que o castelán se ía introducindo progresivamente nas clases altas da sociedade –nobreza e burguesía–, o campesiñado mantiña o monolingüismo en galego a través dos séculos. Todos os campesiños falaban galego, independentemente doutras variables, como a idade. Cómpre aclarar que este mantemento na lingua propia non se debe a cuestións de fidelidade lingüística, senón que responde a razóns de tipo práctico (García Turnes, 2004: 164). Debido á escasa ou nula mobilidade social non existían motivacións tampouco para a mobilidade lingüística e, aínda que as houbera, os campesiños tiñan vedado o acceso á aprendizaxe do castelán. Precisamente, esta distribución lingüística tan estanca en función das clases sociais foi a que provocou a aparición dos primeiros preconceptos cara ao galego, preconceptos que se estenderon ao longo de toda a sociedade. A pesar de que o sistema educativo non era suficiente para que os campesiños aprendesen o castelán, si conseguía, en cambio, transmitir os preconceptos cara ao galego. Ademais, como ocorre case sempre cos preconceptos lingüísticos, acaban fusionándose os preconceptos cara aos falantes cos preconceptos cara ás linguas. A asociación das clases altas co castelán e as baixas co galego levou a situar o castelán nunha posición superior, unindo a esta lingua todo tipo de cualificacións positivas (culto, fina, elegante etc.), mentres ocorría o contrario coa lingua galega. Esta pasou a considerarse inferior e a cubrirse de connotacións negativas (inculto, tosca, pobre etc.). Como vemos, todos os cualificativos que se asociaban coas clases altas, vanse aplicar tamén aos castelanfalantes e, por extensión, á lingua castelá e á inversa no caso do galego. O

preconceito radica en considerar que estas características son inherentes a cada unha das linguas e non froito dunhas circunstancias históricas, económicas e políticas determinadas.

Distribución lingüística	Connotacións	Preconceitos lingüísticos
Castelanfalantes → Clases altas (primeiro nobreza e despois burguesía)	Riqueza, cultura, poder, elegancia etc.	Castelán → lingua superior (culto e elevada)
Galegofalantes → Clases baixas (campesíños, obreiros)	Pobreza, incultura, atraso, ignorancia etc.	Galego → lingua inferior (inculto e paleta)

Estes preconceitos non só abrangueron todo o conxunto da sociedade, senón que se estenderon tamén moito no tempo, chegando, como veremos, ata os nosos días. Aínda así, ao longo da historia asistimos a varios intentos de romper con eles, intentos de sobra coñecidos, cuxo inicio podemos situar na Ilustración e Rexurdimento. Véxase, como exemplo, o prólogo de *Cantares Gallegos*. Paradoxalmente, estas reivindicacións lingüísticas procedían de clases xa castelanizadas, da elite intelectual, e non chegaron a callar de forma ampla na sociedade.

En definitiva, desde unha perspectiva histórica, os preconceitos non dependen da idade, pero tampouco os usos lingüísticos. No que se refire aos preconceitos, estes afectan a toda a sociedade. Canto aos usos, a sociedade divídese en clases estancas, cada unha delas monolingüe, sen posibilidade de mobilidade social e tampouco lingüística. Foi precisamente o inicio da mobilidade social o que provocou que a idade adquirise un papel predominante, xa que ao existir posibilidade de ascensión social e ao asociarse as clases altas co castelán, os pais comezaron a falarlles aos seus fillos nesta lingua, especialmente nos ámbitos urbanos, onde as diferenzas de clases semellan máis borrosas e fáciles de romper.

Neste proceso que estamos a describir atopamos un punto de inflexión na fin da ditadura e o comezo da democracia, da man de todos os valores que esta trae consigo: reivindicacións de igualdade, liberdade etc. Non obstante, este cambio afecta de maneira distinta aos usos e aos preconceitos. Así, ao suavizarse as diferenzas entre clases, a mobilidade social aumenta e con ela a mobilidade lingüística en favor do castelán. En contraste, no ámbito actitudinal, xorde un cambio importante, pero de signo contrario ao que ocorre cos usos, pois os preconceitos cara ao galego, arraigados durante séculos, comezan a cuestionarse e, aparentemente, a superarse. Como consecuencia destas transformacións, o reparto das linguas en Galicia pasou a depender da idade e mais do tipo de hábitat. Como sabemos, a presenza do galego diminúe a medida que o fai a idade e canto máis urbano é o hábitat, de xeito que o perfil máis desfavorable para o uso do galego é o dos mozos que viven nas cidades. No ámbito actitudinal a situación é máis complexa. Os primeiros estudos que se centraron neste aspecto, a partir da transición

democrática e o inicio do proceso de normalización, puxeron de relevo a redución dos preconceptos cara ao galego entre a mocidade, pero isto, como acabamos de sinalar, non se traduciu nun aumento do uso desta lingua nas novas xeracións (Rojo 1979, Monteagudo e outros 1986, Seminario de Sociolingüística 1995 e 1996, entre outros). Atopámonos, polo tanto, cunha situación en principio contraditoria, na que o uso do galego evoluciona negativamente no paso dunhas xeracións a outras (diminúe), mentres que os preconceptos o fan favorablemente (xorden os primeiros síntomas da súa superación).

Fronte aos resultados destes estudos, todos eles de tipo cuantitativo (enquisa), investigacións posteriores, que recorren a outro tipo de ferramentas metodolóxicas (entrevistas en profundidade, *matched guise* ou grupos de discusión), sinalaron a presenza aínda acentuada de preconceptos entre os sectores máis novos de poboación (Iglesias 2002, Seminario de Sociolingüística 2003). Segundo isto, así como a idade se converteu nunha das principais variables explicativas canto ao uso das linguas na nosa sociedade, non semella xogar un papel tan relevante cando falamos de preconceptos. Estes non son innatos, senón aprendidos, e unha das súas principais vías de transmisión é o discurso dos denominados axentes de socialización (pais, profesores, *mass media* e grupo de iguais). De acordo con isto, comprobaremos como os mesmos preconceptos aparecen ao longo de varias xeracións, formulados e expresados, ademais, de xeito moi semellante. Polo tanto, neste caso, a xuventude límitase a reproducir os preconceptos aprendidos dos seus maiores. O feito de que nas enquisas sexan os máis novos os que manifestan menos preconceptos é debido a que eles saben situarse mellor no politicamente correcto. Neste punto cómpre distinguir entre o nivel explícito do discurso e o nivel implícito ou latente. Como xa dixemos, a democracia trouxo consigo unha serie de valores que se aceptaron como incuestionables, como a liberdade, a igualdade ou o respecto polas diferenzas. Estes estenderon a norma social da igualdade, non só de sexos ou razas, senón tamén lingüística. En consecuencia, non estaría ben visto seguir mantendo que o galego é unha lingua inferior ao castelán. Pero isto non quere dicir que os preconceptos desaparecesen totalmente, senón que, como veremos, se manteñen no nivel latente. De aí que se detecten mellor mediante técnicas cualitativas de investigación, que analizan o discurso máis ou menos espontáneo dos actores sociais, que mediante cuestionarios. Ante un cuestionario, o informante responde como se se tratase dun exame, intentando contestar o que considera «correcto» socialmente.

A pesar de todo o dito ata agora, a xuventude tamén se caracteriza por rebelarse e cuestionar os modelos ideolóxicos establecidos, e, de feito, detectamos como está a xurdir un discurso distinto, que pretende afastarse dos preconceptos tradicionais tan ferreamente establecidos. Este discurso, fronte ao anterior, si depende da idade, xa que só empeza a apuntar en determinados sectores da xuventude. Nas seguintes epígrafes analizaremos ambos discursos.

2. METODOLOXÍA

Dado que pretendemos achegarnos ao discurso espontáneo dos actores sociais, co fin de descubrir os preconceptos que se agochan no nivel latente ou implícito, recorreremos a unha técnica metodolóxica cualitativa, en concreto ao grupo de discusión (Ibáñez 1979, Ortí 1989 e Alonso 1996). Este consiste en reunir un grupo de persoas, entre cinco e oito aproximadamente, e propoñerlles un tema para que debatan durante unha hora ou hora e media. Para que o investigador poida acceder á produción do discurso no transcurso do debate, deben cumprirse dous requisitos: que os participantes non se coñezan entre si nin ao moderador, e que descoñezan tamén o tema sobre o que van debater. Estes dous requisitos provocan que a formación de cada grupo sexa custosa, pero a cambio, unha vez que se lles cede a palabra aos participantes, a técnica adoita funcionar moi ben e ofrece resultados moi ricos, o que demostra que os actores sociais, que integran a denominada maioría silenciosa, ou silenciada, están desexosos de tomar a palabra.

No deseño dos grupos tivemos en conta as dúas variables que introducen diferenzas significativas nos usos lingüísticos en Galicia, xa comentadas: o tipo de hábitat e a idade. Ademais, manexamos tamén como variable o nivel de estudos, xa que convén non mesturar nun mesmo grupo persoas de distinta formación (o sector con menor formación podería quedar silenciado polo outro). Canto á idade, a variable que máis nos interesa neste caso, distinguimos entre tres xeracións, entendendo por xeración «conxunto de persoas que teñen máis ou menos a mesma idade» (Real Academia Galega 1997). De todos os xeitos, o número de grupos realizados en cada unha delas foi distinto, pois o noso obxectivo era centrarnos especialmente na mocidade. En definitiva, da combinación destas tres variables, obtivemos os seguintes grupos:

1ª Xeración (de 40 a 51 anos). Dous grupos con estudos primarios ou medios:
GD4: hábitat urbano / GD9: hábitat rural

2ª Xeración (de 27 a 42 anos). Tres grupos:
Hábitat rural, con estudos primarios ou medios: GD8
Hábitat urbano: GD5: estudos superiores / GD3: estudos primarios ou medios

3ª Xeración (de 18 a 28 anos). Catro grupos:
Hábitat rural: GD6: estudos superiores / GD7: estudos primarios ou medios
Hábitat urbano: GD1: estudos superiores / GD2: estudos primarios ou medios

3. PRECONCEPTOS INTERXERACIONAIS

Imos analizar nesta epígrafe algúns preconceptos cara ao galego presentes aínda hoxe na nosa sociedade, tras máis de vinte e cinco anos de democracia e vinte da existencia dunha

lei de normalización para a nosa lingua. En cada caso, comprobaremos como a idade non introduce a penas diferenzas, senón que se manteñen ao longo das tres xeracións estudadas.

3.1. TODAS AS LINGUAS SON IGUAIS?

Que respondería o lector ante esta pregunta? Si ou non.

Atopar unha resposta adecuada resulta máis complexo do que pode parecer nun principio. En efecto, se respondemos negativamente enseguida xorde a obxección: como non van ser iguais todas as linguas, se non hai linguas mellores nin peores e todas serven para satisfacer as necesidades dos seus falantes. Por outra parte, se a resposta é afirmativa, tamén poderíamos rebatela co argumento de que, por exemplo, non todas as linguas teñen os mesmos dereitos ou o mesmo nivel de protección por parte dos seus estados. Polo tanto, desde estoutro punto de vista, non podemos afirmar que todas as linguas sexan iguais. En definitiva, trátase dunha pregunta de dobre fío debido a que ten dúas lecturas posibles segundo o significado que lle deamos ao termo «igual». En esencia, todas as linguas son iguais e, de feito, deberían selo, pero na práctica esta situación ideal dista moito da realidade, pois non todas as linguas son igualmente tratadas nin valoradas. Imos ver a continuación como os actores sociais teñen moi clara a súa «xerarquía lingüística», a pesar de que no nivel explícito todos afirmen a igualdade de todas as linguas.

Durante séculos o galego considerouse unha lingua inferior ao castelán e chegou a negárselle incluso o status de lingua, reducíndose a súa condición á de simple «dialecto». Como xa explicamos na introdución, esta inferioridade baseábase en cualificativos como «inculta», «pobre» etc., aplicados aos seus falantes e, por extensión, á propia lingua. Aínda os nosos informantes de máis idade (GD4, GD8 e GD9) viviron estes preconceptos e os galegofalantes sufriron a correspondente discriminación. Debido á súa idade, viviron os tempos da ditadura e a transición democrática e nos seus discursos aparecen constantemente referencias ao pasado, cando «hablar gallego era muy FEO, de poca educación, de poca cultura», e a que o falaba era unha «paleta» ou unha «cateta», síntoma de que non era da cidade, senón que viña da aldea. No caso dos emigrantes do rural, o traslado á cidade resulta especialmente traumático: «cuando vine a vivir a la ciudad ya nos obligaban a hablar castellano y que no nos oyeran habla:r gallego», «sentínme mui acoñecida moitas veces (...) e CHOREI moitas veces». Ademais, relatan malas experiencias, que viviron persoalmente ou como testemuñas, nas que se sentiron ou os fixeron sentirse inferiores, por exemplo, á hora de ir mercar á cidade ou fronte a familiares castelanfalantes. Unha informante cita o caso dunha cuñada dela á que a «señora» chamaba «cateta» por falar galego. Atopamos, polo tanto, un forte sentimento de pertenza a unha clase social baixa. Mesmo chegan a falar explicitamente da oposición «señores»/«pueblo», e a principal característica que marca a diferenza intergrupal —á parte, por suposto, do status socioeconómico—, é precisamente a lingua (galego/castelán). De todos os xeitos, coinciden en que hoxe en día este tipo de preconceptos xa non perdura e, de feito, todas as vivencias neste sentido remiten ao pasado.

«os gallegos sintense inferiores / eso vén de moitos anos atrás non de hoxe», «eu sentínme (...) inferior ás miñas primas (...) hoxe non me sinto pero daquela si me sentía era unha nena e claro (elas eran as) señoritas de ciuda máis finolis (...) eran as señoritas da ciuda e eu era a paleta da aldea» (GD8).

«se identifica unha:: unha un... unha forma de falar con alguen que:: que se supón que é apocao que:: que é parviño» (GD9).

Na actualidade, en cambio, atopamos totalmente xeneralizado o discurso que establece que todas as linguas «son iguais», no sentido de que todas son igual de importantes e todas supoñen unha riqueza, sen menosprezo de ningunha delas.

1ª Xeración: «é como si:: estudias outro idioma pois o francés ou o italiano é un idioma máis entónces eso sempre sempre *enriquece* un pouco a *cultura* penso eu vamos» (GD4).

2ª Xeración: «tódalas linguas son importantes (...) o francés o inglés (...) o galego... (...) todo todo enrique- *enriquece*» (GD8).

3ª Xeración: «yo creo que te *enriqueces* máis con dos linguas (...) tienes más *cultura*» (GD2).

Pero isto é no nivel explícito, pois no implícito o preconceito que establecía a superioridade do castelán sobre o galego mantense, pero agora baseado noutros valores e expresado noutros termos, é dicir, adaptado aos novos tempos. Se profundamos un pouco máis na cuestión da valoración das linguas por parte dos actores sociais, enseguida xorden as diferenzas entre elas. Así, as denominadas linguas minoritarias considéranse de menor importancia porque no mundo globalizado no que nos movemos elas quedan reducidas a espazos moi limitados e, en consecuencia, non permiten a mobilidade xeográfica.

1ª Xeración: «saes aquí e que? a onde vas? a onde vas co gallego fóra aquí?» (GD9).

2ª Xeración: «vamos a algún sitio co galego? si aquí pero fóra non», «tes que pensar que co gallego tampouco non vas a ningún lado» (GD8).

3ª Xeración: «te vas a madrid y el gallego para qué lo quieres?» (GD1).

Obsérvase que a propia denominación que se aplica a estas linguas —«minoritarias»— leva implícito este preconceito (minoritarias/maioritarias). Trátase, ademais, dunha denominación cuestionable aínda que só sexa pola súa relatividade, xa que o galego, por exemplo, é unha lingua minoritaria se nos situamos no contexto do Estado español, pero é maioritaria se o que tomamos como marco de referencia é Galicia. En definitiva, o castelán era tradicionalmente a lingua preferida porque a ela se asociaba a mobilidade social. Agora séguese sendo porque se vincula á mobilidade xeográfica. Ademais, tras esta agóchase, de novo, un criterio económico. A lectura implícita que se desprende da mobilidade xeográfica é que cunha lingua máis «internacional» podemos

non só viaxar por motivos de lecer, senón tamén profesionais, é dicir, podemos ampliar o noso horizonte laboral. Todo isto resúmese nun valor prioritario e en alza na sociedade actual, o da «utilidade», entendida esta no seu significado máis pragmático e mercantilista: considérase útil o que produce un beneficio. Así, xa non se tacha o galego de lingua de incultos ou paletos, pero si de lingua pouco «útil». Atopamos esta visión en todas as xeracións:

- 1ª Xeración:* «a partir de (aí) é cando se valora un idioma, cando (...) ten uso e tal:: e sabes que é *necesario*:: (xx) que é *útil*» (GD9).
- 2ª Xeración* «en el momento en que *no lo necesitas* para qué vas a aprender algo nuevo» (GD5).
- 3ª Xeración:* «yo *nunca tuve necesidad de hablarlo* [o galego] o sea que» (GD1)
«y no hace falta para nada saber gallego» (GD1).

Esta escasa ou nula utilidade que se lle outorga ao idioma galego desde esta perspectiva provoca que non se conceda importancia ao seu estudo. Ou polo menos tanta importancia como ao doutras linguas consideradas máis «útiles», como o castelán e, sobre todo, o inglés. Aínda que esta afirmación, formulada explicitamente, só aparece na primeira e segunda xeracións estudadas.

- 1ª Xeración:* «eu o que digo que está moi ben no... por exemplo nas escolas que lle enseñen:: a:: lelo i a escribilo [o galego] pero non poñer como lle poñen todas as materias que lle están poñendo galego que *s::alen de eiquí... a outro sitio* por exemplo» (GD9).
- 2ª Xeración:* «está bien que le enseñen desde pequeños como están ahora pero ser una asignatura así:: tan dura como está siendo me parece puff! MUCHO» (GD3).
«ó meu fillo gustárame que lle meteran un bo profesor nativo de inglés e francés e a asignatura de galego que lla deran é dicir que é algo máis algo que se enriquece o rapaz pero que non llo implanten aí de dicir:: tes que:: aprobala a narices» (GD8).
«o castelán é un idioma máis *internacional* (...) é máis:: o que decías antes igual que o inglés pois (é) muito millor o grupo que aprendan o o máis *internacional* non? pero... que eso non quita que aprendan o outro» (GD8).

Como vemos, os maiores cuestionan incluso a situación actual do galego no ensino. En contraste, os máis novos aceptan sen problema a presenza do galego no ensino tal e como eles a recibiron, é dicir, a materia de lingua galega e o uso desta lingua como vehicular nun par de materias máis. Segundo o Decreto 247/1995, unicamente se establece a obrigatoriedade de impartir en galego dúas materias, pero, como os propios informantes recoñecen, en ocasións nin sequera se cumpre esta lei de mínimos e, ás veces, cúmprese de maneira irregular, pois por exemplo emprégase o libro de texto en galego, pero o

profesor imparte a clase en español. Por suposto, tamén hai casos nos que se reciben máis de dúas materias en galego. Non obstante, como veremos na seguinte epígrafe, a terceira xeración si amosa os mesmos preconceptos cás outras dúas cando se propón introducir algún cambio neste estado de cousas, no sentido de aumentar a presenza da lingua galega e reducir a da castelá. Como conclusión, atopamos unha clara xerarquía lingüística, na que o castelán e o inglés se sitúan por riba do galego.

3.2. DEBEMOS CONSERVAR O GALEGO?

Ante unha pregunta deste tipo, podemos asegurar que todos os informantes contestarán sen dubidalo de xeito afirmativo, independentemente dos preconceptos que despois manifesten cara ao galego. En efecto, como ocorre cos preconceptos que acabamos de analizar, neste caso tamén se agochan tras unha actitude positiva xeneralizada cara á diversidade lingüística, actitude que se expresa no nivel explícito e que todos os informantes se preocupan de deixar clara antes de expresar calquera outro xuízo, co fin de salvar a súa imaxe social. Estamos de novo ante a estratexia de autopresentarse como unha persoa libre de prexuízos para a continuación elaborar un discurso no que estes van aparecendo de maneira máis ou menos implícita. Incluso unha das informantes que manifesta actitudes máis contrarias ao galego e ás linguas «minoritarias» en xeral, con manifestacións do tipo: «que lo triste a mí eso me parece muy triste que dentro de españa que haya gente en cataluña que no sepa hablar el castellano a mí eso me parece un poco denigrante la verdad» (GD2), afirma, non obstante, que «sería interesante conservarlo [o galego] porque siempre es mayor cultura» (GD2). Na formulación destouta norma social cómpre destacar o uso do termo «conservar», e non «potenciar» ou «manter», e á referencia ao ámbito cultural. En efecto, «conservar» un idioma non representa maior perigo para o *statu quo* e menos se a súa conservación se reduce ao ámbito da cultura-folclore. No caso que nos ocupa, isto non implica ningún esforzo para os castelanfalantes, nin unha ameaza para os seus privilexios como falantes da lingua considerada superior durante séculos, desde o momento en que non supón a perda de ningún espazo para a súa lingua. Polo contrario, a reacción é moi diferente cando se trata de valorar medidas de normalización –xa aplicadas ou posibles cara ao futuro–, que impliquen gañar espazos para o galego en detrimento do castelán. O feito de que o galego «roube» espazos tradicionalmente reservados ao castelán dota o galego de capital simbólico e, mesmo, económico. Polo tanto, os castelanfalantes veríanse ante a necesidade de aprender e empregar o galego, se queren competir en igualdade de oportunidades cós galegofalantes, cando sempre foron estes os que se viron obrigados a aprender o castelán. Así, todos os preconceptos que imos analizar teñen como finalidade manter a situación tradicional, na que os castelanfalantes ocupan unha posición privilexiada. O *statu quo* está tan asumido e interiorizado na sociedade que os galegofalantes van participar tamén destes mesmos preconceptos, que perseguen manter un estado de cousas no que eles resultan prexudicados. Trátase, agora, de preconceptos novos, xurdidos a raíz da transición democrática e o inicio do proceso de normalización.

Baixo o argumento de que os intentos de normalizar o galego supoñen a «imposición» desta lingua, rexéitase calquera medida destinada a aumentar a súa presenza. Curiosamente, para defender este discurso recórrase de novo ao valor da liberdade, que, xunto co da igualdade, a democracia situou nun lugar incuestionable. Hai acordo en que se debe conservar o galego, pero ao mesmo tempo insístese en que o camiño non é a imposición, nin a obrigación. A «imposición» considérase negativa porque atenta contra a liberdade individual.

1ª Xeración: «todo lo que sea como *obligación* (...) se ve siempre *mal* entiendes?» (GD4).

2ª Xeración: «B: tener un idioma más pues es una riqueza (...) / A: es una riqueza pero tampoco no puede ser de *imposición obligatorio*» (GD3).

3ª Xeración: «si te lo ponen *obligatoriamente* no lo vas a hacer porque ya le coges (...) le coges manía es decir por narices» (GD1).

«é que a sociedade de agora evolucionou hacia o castelán é que non... é que non podes *impoñer* falar galego porque non» (GD6).

Todos os verbos con significado obrigativo convértense nas palabras clave deste discurso. Os seus defensores preséntanse como vítimas da imposición pois a obriga de coñecer a lingua propia da comunidade, por exemplo para acceder ao mercado laboral, interprétase como un instrumento de discriminación. Por suposto, nestes casos esquécese que tamén existe a obriga de saber o castelán e, cada vez máis, o inglés, pero isto non se percibe, en cambio, como discriminante. É a estratexia coñecida como «inversión discriminado-discriminador» (Wodak e Matouschk, 1998: 80). Os que tradicionalmente foron os discriminados, neste caso os galegofalantes, preséntanse agora como discriminadores. Este discurso é claramente maioritario e atopámolo en todos os grupos etarios, formulado, ademais, non só por castelanfalantes, senón tamén por galegofalantes. A inversión discriminado-discriminador é unha estratexia moi común e podemos vela tamén, por exemplo, no discurso daqueles que se presentan como «vítimas» ante os recén conseguidos avances da muller no ámbito laboral. Obsérvese que estes nunca negarían a igualdade dos dous sexos no nivel explícito e que moitas mulleres (obxecto de discriminación durante séculos) tamén se suman a este discurso.

No intento de presentar as medidas a favor do galego como ferramentas de discriminación, o discurso céntrase nos castelanfalantes das comunidades monolingües de España, recorrendo ao tópico que denominamos «o respecto á xente de fóra». Por suposto, neste afán por defender os de fóra, esquécese de reivindicar a igualdade de oportunidades para os de dentro.

1ª Xeración: «a mí me parece muy bien que cada un fale como queira:: o galego ou o castellano a min o que non me parece ben é que un profeSOR e::h dé clases solamente en galego cando na misma clase ó millor hai un rapaz que é de murcia:: ou de:: jaen ou de:: onde sea» (GD4).

2ª Xeración: «con que haya uno ya solamente uno [niño de fuera] tú no puedes *discriminar*» (GD5).

«que ti perdas un traballo por ter unha puntuación baixa no galego eu eso tampoco véxoo moi ben (...) *por culpa do galego*» (GD8).

3ª Xeración: «*son de extremadura* y no pueden acceder a un empleo público en galicia porque no saben gallego (...) eso no es *discriminación*?» (GD1).

«*xente de fóra* que vén estudar aquí ten que ter unha *oportunidade* igual que nós» (GD6).

O tópic do «respecto á xente de fóra» está moi estendido e, ademais, a súa difusión vén corroborada por outros estudos, xa de corte cuantitativo. Por exemplo, López Muñoz (1989) atopou que o prexuízo cara ó galego máis aceptado entre os párrocos e seminaristas era o seguinte: «Sería egoísta pola nosa parte realizar a liturxia en galego dado o gran número de *xentes de fóra* que pasan por Galicia ó longo do ano» (pregunta 22 do seu cuestionario). Así mesmo, nunha investigación sobre as actitudes do alumnado (Iglesias Álvarez 1998), o único ítem que deu como resultado unha media inferior ao tres –nunha escala do un ao cinco, na que a puntuación máis baixa representa a menor favorabilidade cara ao galego– foi: «A *xente de fóra* de Galicia que vén vivir aquí debe aprender galego». Este tópic resulta difícil de rebater, debido a que existe nas sociedades actuais un tabú que impide manifestar opinións de «discriminación» contra calquera diferenza (tabú derivado do ‘respecto á diversidade’). Como nos recorda Marina:

Todas las minorías reivindicativas –mujeres, afroamericanos, gays, etc.– acogieron con fervor el pensamiento posmoderno porque revelaba las ocultas maquinaciones del poder y de la dominación y reivindicaba los derechos de la diferencia. Pero, pasado el momento de la fascinación, algunas intelectuales comprendieron que la defensa de la diferencia consagraba el valor de cualquier diferencia, incluido el machismo (Marina, 2000: 59).

Como consecuencia deste discurso, os galegos identificanse coas comunidades monolingües de España, en oposición ás dúas comunidades bilingües que se sitúan á cabeza dos procesos de normalización das linguas propias, Cataluña e Euskadi, comunidades que se presentan como modelos rexeitados. As referencias a elas, en sentido negativo, son continuas, especialmente a Cataluña, ata o punto de que podemos falar dun sentimento anticatalanista.

1ª Xeración: «entonces chegas a *ataluña* e que fa::s cos estudos? porque te están *obligando* a estudar todo en (...) catalán! entonces que fas cos teus fillos?» (GD9).

2ª Xeración: «hay personas que incluso le estás hablando en castellano y por educación que mínimo que te contesten en castellano (...) eso en *ataluña* es un problema que multiplican por cinco» (GD3).

3ª Xeración: «en *cataluña* se pasan porque no es normal que tú tienes derecho a irte a estudiar donde... (...) por ejemplo bueno una chica *que vino de inglaterra* ahora se podía ir a barcelona o a vigo y no se fue a barcelona porque era inglesa y aparte de español le *obligaban* a aprender el catalán y eso no eso me parece una exageración o sea *alguien que viene de fuera*» (GD1).
 «si son todos gallegos a mí me parece bien el problema es que aparezca otro niño de otra provincia porque tú imagínate que te vas a estudiar a *cataluña* como surgió el tema y se te pongan todos en los libros en catalán que no tienes ni idea porque vas de galicia» (GD2).

En Galicia, como todos sabemos, as medidas normalizadoras aplicadas ata o momento foron máis ben débiles. De feito, ata hai pouco nin sequera contabamos cun plan xeral de normalización que intentase levar á práctica a lexislación existente arredor da lingua galega. Ademais, as escasas medidas que xa estaban funcionando non eran obxecto dun seguimento por parte da Administración, polo que o seu incumprimento podía chegar a ser moi frecuente. Tendo en conta todo isto, resulta cando menos estraño atopar un discurso como o que acabamos de analizar, un discurso no que se presentan problemas coa xente de fóra que, na realidade, a penas se deron en Galicia, pois a galeguización do ensino, por exemplo, aínda é reducida e, ademais, na nosa comunidade os inmigrantes non constitúen polo momento un grupo numeroso. En definitiva, estanse criticando medidas que a penas foron aplicadas aquí. Vemos, polo tanto, que os informantes manifiestan rexeitamento ante este tipo de actuacións a favor da lingua propia, porque se ven no espello de Cataluña e temen caer na mesma «esaxeración» ca eles. En definitiva, manifiestan medo de que o proceso normalizador de Galicia se asemelle ao de Cataluña. Por suposto, moitos dos defensores deste discurso nunca estiveron en Cataluña e o seu coñecemento da situación «real» nesta comunidade é moi reducido. O que fan é reproducir a ideoloxía dominante difundida desde o poder.

O anticatalanismo baséase ademais na consideración dos cataláns como «nacionalistas», cualificativo que aparece cargado de connotacións negativas. Así, atopamos dous grupos en conflito, o endogrupo (nós) estaría formado polas comunidades monolingües e as bilingües non nacionalistas, entre elas Galicia, e o exogrupo (eles) polas bilingües «nacionalistas», das que o máximo expoñente sería Cataluña. Neste sentido preséntase de forma insistente ao longo do discurso unha diferenciación entre o «puramente cultural» («tradicional») e o «nacionalista» («político», «patriótico»):

Ma: <[el problema] de *cataluña* es lo que decías tú un poco es un poco problema *político* [el catalán::]>

H: <[totalmente]

Ma: *aquí* pues: yo pienso que se está planteando de la forma que dices *cultural* simple[mente]>

H: <[cultural]

Ma: simplemente allí:: es lo que dices tú es: eh [*pura política allí el catalán*]>
(GD3)

Nesta distinción o aspecto cultural está cargado de connotacións positivas e o nacionalista, polo contrario, de negativas, relacionándose este último directamente coa «imposición», termo marcado tamén negativamente, como xa sabemos. As comunidades consideradas «nacionalistas» son cualificadas de «extremas» e «radicais», en contraste coas outras, que serían menos «contundentes». Vemos como a valoración se volve máis negativa a medida que aumenta o grao de extremismo que se lle adxudica a cada unha delas, de acordo coa seguinte equivalencia:

radicalismo, extremismo = nacionalismo = imposición lingüística

2ª Xeración: «yo creo que va todo bien (...) y progresa *sin fanatismos* que:: (yo creo que es) lo importante y: cada vez ves más señales en castellano y en gallego y cosas por el estilo no? no como el país vasco (que están) todas en:: en euskera» (GD3).

«non somos xente *acérrima* como fan os cataláns ou os do país vasco» (GD8).

3ª Xeración: «son más *radicales* [en cataluña] (...) no lo vas a poner como ejemplo» (GD1).
«o de cataluña é un caso *extremo* non queiramos chegar tamén aquí a eso» (GD6).

En relación con isto, xorde un novo preconcepto no que se asocia a defensa do galego co nacionalismo, unindo sempre este ao radicalismo e extremismo. Este preconcepto, ademais, aplícase aos galegofalantes que non se adaptan ao perfil social tradicional, sobre todo aos galegofalantes urbanos, que son acusados de falar galego ou ben por moda, ou ben por ideoloxía política (nacionalismo-independentismo). Coa instauración da democracia e a extensión do galego a ámbitos dos que estivera afastado durante séculos, este converteuse tamén en lingua de cultura, papel ata entón reservado en exclusiva ao castelán. Pero, como acabamos de comprobar, estes cambios non foron acompañados dunha normalización do galego nas cidades, situación que provocou que o seu uso neste hábitat se acabase asociando a dous contextos moi concretos, o universitario e o político (nacionalista), contextos especialmente concienciados na potenciación e recuperación da lingua propia, pero tamén moi marcados desde un punto de vista ideolóxico:

2ª Xeración: «hay mucha gente ahora también que habla por e::h gallego por *temas políticos* / sí:: los *RADICALES* que no...» (GD3)

E: pero es que... la gente... la gente que también te habla gallego de nuestra edad y que fue a la universidad... básicamente hay mucha gente que sí que entró en la universidad hablando gallego y hay mucha otra gente que empezó a hablar gallego en la *universidad* =

Me: = sí eso sí que es cierto =

- E: = básicamente porque e: te empiezas a juntar con gente que habla gallego =
 Me: = en santiago también es frecuente eso =
 E: = o a partir de una serie de *ideas* te vas acercando más a una serie de *ideas* = (GD5).

3ª Xeración: «conozco mucha gente de los comités que los conocía ya de antes y hablaban castellano y fue entrar en la *a:universidad* y meterse en los *comités* y empezar a *hablar gallego*» (GD1).

«entre nosotros igual hablamos castellano y él *habla gallego* y le da igual dice ‘yo soy *nacionalista* y yo hablo gallego porque sí’» (GD2).

Como consecuencia, decidir levar a cabo un cambio lingüístico cara ao galego pode interpretarse como unha provocación, marcándose con toda unha serie de connotacións, do tipo «nacionalista», «radical» etc., en especial na xente nova e nos neofalantes. Este preconceito é moi perigoso, pois en lugar de animar e premiar a incorporación de novos falantes ao uso do galego, este comportamento castígase.

En definitiva, no imaxinario colectivo dos urbanitas, o galego ou ben aparece unido a unha determinada ideoloxía (nacionalista), ou ben representa o mundo rural. Tanto nun sentido coma no outro falar galego na cidade constitúe un *comportamento marcado* e minoritario, mentres que o non marcado –e, polo tanto, normalizado– é o uso do castelán. Actualmente, falar galego non se considera xa propio de «paletos» ou «pueblerinos», pero no hábitat urbano a *norma de uso lingüístico* maioritaria segue a ser o castelán. Ademais, tanto no hábitat urbano como no rural seguen funcionando con forza os prexuízos, tanto os tradicionais, adaptados aos novos tempos, como outros novos, xurdidos xa na democracia. Como acabamos de comprobar, o discurso que integra todo estes preconceitos é maioritario e abrangue todos os grupos de idade, pero non é o único.

4. A FORMACIÓN DUNHA IDEOLOXÍA DE RESISTENCIA?

Xunto ao discurso anterior, xorde outro que intenta rebatelo, aínda que neste caso se trata dun discurso aínda incipiente, ademais de minoritario. En case todos os grupos xorde algunha voz disonante, total ou parcialmente, cos preconceitos descritos, pero nun dos grupos aparece de xeito máis claro este discurso de resistencia, o GD7, isto é, un grupo formado por mozos do rural con estudos primarios ou medios. Polo tanto, vemos que en gran parte a xuventude límitase a reproducir os preconceitos aprendidos dos seus maiores, pero é tamén a xuventude a que empeza a elaborar un discurso novo e distinto que persegue acabar con aqueles.

O primeiro que se critica neste novo discurso é o valor da utilidade aplicado ás linguas, pois, como os mesmos informante manifestan, se só temos en conta este criterio, a única lingua válida sería o inglés:

«e pa que van a haber en europa tantas linguas coma hai? unha sola en *utilidade*» (GD7).
 «hoxe en día pa traballar na terra máis que o castelán aínda tes que saber o inglés (...) que o que compras tráechete tódalas instrucións en inglés (...) e dis ti joder! vamos empesar! [risas] hostia isto que é? sabe dios empesar a (andar no tractor) pero non polo que pon o papel senón polo que vas facendo» (GD7).

De todos os xeitos, a pesar de que se intenta anular este criterio, os que elaboran este discurso maniféstanse dalgún xeito dependentes del, pois, co fin de equiparar a mobilidade xeográfica do galego coa do castelán, recorren ao argumento de que a lingua propia de Galicia facilita a comprensión do portugués e esta é tamén unha lingua con grande extensión no espazo, pois abrangue todo o mundo lusófono. Desde esta perspectiva os galegofalantes teñen vantaxe sobre os castelanfalantes:

«te viene un portugués y tú no sabes gallego y te vas a... con él pues hablas gallego ya tienes por donde entrarle hablas en gallego y más o menos te vas entendiendo» (GD2).
 «si me vou a portugal pois teño un pouco máis de facilidade que un castelán para entenderme con eles», «ti si sabes o castellano sólo o portugués non o entendes», «é como si vas a brasil o mismo» (GD7).

O que resulta máis relevante neste discurso é que se buscan outros valores nas linguas. Fronte aos valores da utilidade e a mobilidade xeográfica, de tipo instrumental, priorízanse outros, de tipo expresivo ou integrativo. Esta dualidade á hora de valorar as linguas xa se ten detectado en numerosos traballos (Gardner 1982 e Baker 1992). No caso dos valores expresivos ou integrativos (a lingua como indicador da pertenza a un grupo ou como referente identitario), o galego xoga un papel moi importante:

«tamén é *necesario* falar o galego, ti imáinate que agora vas a xunto a túa nai e lle pos:: a te pos a falar en castelán (...) coa xente que conoces non lle vas falar (...) o castellano» (GD7).
 «eu por exemplo vivo na aldea e vénme un falando castellano eu si falarlle castellano pero tampouco non teño por que lle falar o castellano a el (...) e se a el lle interesa estar comigo tamén que aprenda o gallego!» (GD7).

Obsérvase como neste discurso a *necesidade* de falar unha lingua asóciase coas consecuencias que denominamos integrativas ou expresivas e non coas instrumentais. Falar galego preséntase como un dos requisitos para entrar a formar parte do grupo, para integrarse na «vida da aldea».

«aquí toda a xente:: *das aldeas* daqui e aquí se fala galego» (GD7).
 «que queres ser *galegofalante* i que non sepas a realidade (...) básica do galego no? que é unha realidade:: *rural* xente que está na cidade» (GD7).

«na aldea como todo o mundo fala o galego bueno pues:: xa sólo por:: un pouco de cortesía ou de:: meterte no::» (GD7).

«SI EU vivo na aldea traballo na carpintería que hai alí arriba na miña (...) casa eu non necesito saber castelán pa nada (en toda a miña vida)» (GD7).

Neste sentido, podemos distinguir un subgrupo de ruralitas que sinalan o galego como a lingua máis importante, xa que na súa vida cotiá resulta sen dúbida a máis necesaria.

«falo as dúas i:: estou perfectamente i:: cando estou aquí falo en galego cando me vou a:: madrid pois falarei castelán e si me vou a inglaterra intento falar o inglés» (GD7)

F: no:: de feito eh ti no traballo en que falades? en castelan? (...)

R: en gallego!

F: e:: a ti che faría falta:: AHORA normalmente che faría falta o castelán? pa a túa vida normal? no! poderíamos vivir... oe que é bo que o sepas (GD7).

Isto conduce a que estes suxeitos antepoñan o galego na xerarquía lingüística, en función da súa maior importancia para acadar as consecuencias expresivas ou integrativas. Desde esta perspectiva, vemos como se pode inverter a orde na xerarquización das linguas, establecendo a prioridade do máis local ao máis internacional: galego, castelán e inglés. Mantense unha ideoloxía lingüística xerárquica, pero modifícanse os criterios utilizados na priorización, de xeito que se antepoñen as consecuencias expresivas e integrativas sobre as instrumentais.

En contraste coa importancia que os urbanitas lle outorgan á Administración no proceso de normalización do galego, os ruralitas senten que a supervivencia da *súa lingua* está totalmente asegurada coa súa propia lealdade lingüística: «o gallego nunca morre» (GD7). Estes informantes comparten ademais unha gran desconfianza nos políticos e, en consecuencia, nas medidas de normalización que procedan da Administración. Na súa opinión, ata agora as autoridades non fixeron nada por potenciar a lingua propia e o que fixeron fixérono mal:

«o intento da xunta de:: de meter o galego que non o mete porque non saben non saben por donde vai a realida? por donde van os tiros?» (GD7).

Isto lévaos a centrar o proceso de recuperación do galego neles mesmos. Eles foron os que mantiveron a lingua durante séculos e nas súas mans está tamén o seu futuro. Xa que o galego non se está potenciando activamente desde as autoridades, o seu uso está aumentando exclusivamente grazas á concienciación da xente –os ruralitas–, «porque a xente está tirando a máis», «í o vamos facendo nós» (GD7).

Vemos, polo tanto, como teñen en común determinadas crenzas ideolóxicas –factor moi importante na formación grupal–, como centrar en si mesmos o proceso de mantemento

e recuperación do galego, ou a desconfianza nos políticos para conseguir este fin. Neste aspecto, todo o seu discurso está marcado en xeral por un ton moi escéptico:

«a política é sempre eu creo que sempre vai a a:: remolque da: da vida (...) eles se apuntan as medallas entendes? nada máis pero non fan nada» (GD7).

«[os políticos] como:: fan todo porque:: si falar galego dá votos pois falan galego» (GD7).

«os políticos falan galego porque ven que estás collendo votos» (GD7), «paréceme que ós políticos tanto lle dá o idioma que vaias falar ou que deixes de falar (...) con tal de que lle déa-lo voto» (GD7), «é que si o miras ben que están facendo?» (GD7).

O único que valoran positivamente por parte do goberno é a non prohibición do galego, o que permite a perda do medo a falalo. En efecto, destacan a «perda do medo» a falar galego como o maior paso neste sentido. Con isto é suficiente, pois o resto xa o fan eles.

eu creo que a única medida que favorece un pouco ó galego é non prohibilo porque:: o que o demais eu non vexo que esté facendo nada (...) real práctico» (GD7).

«por eso che digo non? eu non creo que fale máis xente que antes senón que a xente ten *menos medo a falar que antes* <3> porque: falar quen fala? seguen falando os nosos pais nós e a mesma xente que (o) falaba hai dez anos penso eh?» (GD7).

«tamén son libre de decirlle schh! que a min me fala en galego (...) i canto máis fagamos eso máis se vai falar (...) galego (...) porque ti vas a un sitio e *non te cortas*» (GD7).

«antes era chegar á cafetería e pa servir habíase que dirigir ó público en castellano agora non agora mesmo eles diríxenseche a ti en gallego diríxeste ti a eles tamén» (GD7).

Este argumento resulta perigoso na medida en que os leva a menosprezar as medidas —a favor ou en contra do galego—, procedentes do goberno e as autoridades, infravalorando os seus posibles efectos. Amosan non ser conscientes do poderosos que son hoxe en día os medios para difundir as linguas e as ideoloxías a elas asociadas

«hai moitos que estudian caste— ou dan clase en castelán e iso non:: non implica que os alumnos falen en castelán... non sei eu creo que non ten que ver moito» (GD7: 47).

As consecuencias deste discurso poden resultar prexudiciais para o proceso de normalización lingüística, xa que a desconfianza conduce á non reivindicación. Por citar un exemplo, os ruralitas non senten como unha necesidade básica que o galego se converta na lingua vehicular do ensino, posto que xa a adquiren a través doutros axentes como a familia ou a comunidade. Para aprender a lela e escribila correctamente chega con estudala como unha materia máis, o que supón, por outra parte, un avance enorme para aqueles que viviron a represión durante a ditadura (GD8 e GD9), cando os castigaban por falar galego mesmo no recreo. Así, a comparación con épocas pasadas, nas que o

galego si estaba prohibido, conduce a unha sobrevaloración da situación de *liberdade* actual.

Por último, cómpre aclarar que os defensores deste discurso distinguen o seu galego, «o gallego que se fala na aldea», do «galego da tele» e o «galego de libro». Así, o galego que serve como marca de identificación grupal é un tipo determinado, o galego da «xente que o falou toda a vida» (GD7), independentemente da variedade dialectal. En consecuencia, opóñense tanto ós castelanfalantes como ós galegofalantes que utilizan estoutro tipo de galego (neofalantes sobre todo).

En definitiva, para eles a esencia do galego e de Galicia reside no mundo rural:

«a comunidade de galicia sigue sendo que somos un:: un pobo rural i:: agrícola» (GD7).

«a realidade galega non é o que hai en santiago nin o que hai en coruña esa é a realidade castelán de galicia (...) a *realidade galega* é a que hai en calquera aldea que te vaías por aí» (GD7) «a realidade (...) básica do galego no? que é unha realidade:: rural» (GD7).

Como conclusión, por unha parte temos que ser pesimistas, pois non só se manteñen vellos preconceptos, senón que xorden outros novos e, ademais, son preconceptos bastante xeneralizados. Por por outra, temos tamén motivos para pensar nunha posible recuperación e, sobre todo, o que é máis importante, temos fíos polos que tirar para levala a cabo e para potenciar e aumentar a presenza da nosa lingua, fíos ademais que xorden da xuventude, que ao fin é onde reside o futuro da lingua.

REFERENCIAS

- Alonso, L. E. (1996), «El grupo de discusión en su práctica, memoria social, intertextualidad y acción comunicativa», *Revista Internacional de Sociología* 13, 5-36.
- Baker, C. (1992), *Attitudes and Language*, Clevedon, Multilingual Matters.
- García Turnes, B. (2004), *A lingua galega entre 1875 e 1996. Situación social e consciencia idiomática*, Pontevedra, Servizo de Publicacións da Excm. Deputación de Pontevedra.
- Gardner, R. C. (1982), «Language attitudes and language learning», en E. B. Ryan, e H. Giles, (eds.), *Attitudes towards Language Variation*, London, Edward Arnold, páxs. 132-141.
- Ibáñez, J. (1979), *Más allá de la sociología. El grupo de discusión, Técnica y crítica*, Madrid, Siglo XXI.

- Iglesias Álvarez, A. (1998), Actitudes lingüísticas dos inmigrantes do rural no medio urbano (unha primeira aproximación a partir dos alumnos de COU do Concello de Vigo), Universidade de Santiago de Compostela, memoria de licenciatura inédita.
- (2002), *Falar galego: «no veo por qué»*, Vigo, Eds. Xerais.
- López Muñoz, D.o: (1989), *O idioma da Igrexa en Galicia*, Santiago, Consello da Cultura Galega.
- Marina, J. A. (2000), *Crónicas de la ultramodernidad*, Barcelona, Anagrama.
- Monteagudo, H. e outros (1986), Aspectos sociolingüísticos do bilingüismo en Galicia segundo os alumnos da 2º etapa de EXB, Santiago, Xunta de Galicia.
- Ortí, A. (1989), «La apertura y el enfoque cualitativo o estructural, la entrevista abierta o estructural y la discusión de grupo», en M. García Ferrando e outros (comps.), *El análisis de la realidad social. Métodos y técnica de investigación*, Madrid, Alianza Universidad, 171-203. Primeira edición de 1986.
- Rojo, G. (1979), Aproximación a las actitudes lingüísticas del profesorado de E.G.B. en Galicia, Santiago, ICE-Universidad.
- Seminario de Sociolingüística (1995), *Usos lingüísticos en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega.
- (1996), *Actitudes lingüísticas en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega.
- (2003), *O galego segundo a mocidade*, A Coruña, Real Academia Galega.
- VV. AA. (1997), *Diccionario da Real Academia Galega*.
- Wodak, R. e Matouschek, B. (1998), «‘Se trata de gente que con sólo mirarla se adivina su origen’: análisis crítico del discurso y el estudio del neo-racismo en la Austria contemporánea», en L. Martín Rojo e R. Whittaker (eds.), *Poder-Decir o El poder de los discursos*, Madrid, Arrecife, 55-92.

Anexo.

Programa das xornadas

III XORNADAS SOBRE LINGUA E USOS.
LINGUA E IDADE

Organización: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, en colaboración coa Real Academia Galega

Financiamento: Secretaría Xeral de Política Lingüística

Lugar: Sala de Xuntas do Consello de Goberno da UDC (A Reitoría da Maestranza)

PROGRAMA

Mércores, 8 de novembro

16,00 Recepción e entrega de documentación

17,00 Inauguración das xornadas

17,30 Conferencia inaugural:

D. Anxo Lorenzo Suárez, profesor da Universidade de Vigo e sociolingüista: «Idade e comportamentos lingüísticos na Galicia actual»

19,00 «A lingua nos diferentes niveis educativos»

D. Bieito Silva Valdivia, coordinador da área de lingua do ICE: ensino preescolar e primario

D. Xoán Costa Casas, presidente da AS-PG: ensino medio

D.^a Goretti Sanmartín Rei, membro da Comisión de Seguimento do PNLG da SXPL e profesora da UDC: ensino universitario

Moderador: D. Elisardo López Varela, inspector de ensino

Xoves, 9 de novembro

16,30 D. Bernardo Máiz Bar, sociólogo: «Idade, lingua e desigualdades sociais»

17,30 D. X. M. Sánchez Rei, profesor da UDC: «Algunhas reflexións sobre o variacionismo lingüístico xeracional no galego»

19,00 D. Carlos Callón, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística: «Para recuperarmos os elos perdidos. O factor etario nunha política lingüística con futuro»

Venres, 10 de novembro

9,30 D. Rubén Cela Díaz, director xeral de Xuventude e Solidariedade: «A mocidade e a lingua: novas políticas»

11,00 D. Daniel Romero, responsable de normalización lingüística do Concello de Fene: «Bancos de tempo e servizos lingüísticos, novas perspectivas de traballo»

12,30 D. Celso Fernández Sanmartín, animador na residencia de iniciativa social para persoas maiores «Nosa Señora das Dores» de Lalín e contador de contos e historias de tradición oral: «Cando chove e raia o sol»

16,30 D.^a Ana Iglesias, licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa e en Filoloxía Hispánica, autora de estudos sobre as actitudes lingüísticas desde unha perspectiva cualitativa: «Os preconceptos lingüísticos segundo a idade»

18,00 D.^a Carme Adán, secretaria xeral de Igualdade da Vicepresidencia da Xunta de Galicia: «Lingua, xénero e idade»